

Lingua e Tradución
IX Xornadas sobre Lingua e Usos

Edición a cargo de Xesús M. Mosquera Carregal

A Coruña 2013

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Lingua e Tradución. IX Xornadas sobre Lingua e Usos
Edición a cargo de Xesús M. Mosquera Carregal
A Coruña, 2013
Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
Entidade colaboradora: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Cursos_Congresos_Simposios, núm. 134

292 páxinas
17 x 24 cm.
Índice: páxinas

ISBN: 978-84-9749-557-8
Depósito legal: C 1326 - 2013

Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua galega

Edición:

Xesús M. Mosquera Carregal

Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
<http://www.udc.es/snl>
<http://www.udc.es/publicaciones>

Universidade da Coruña

Distribución:

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,
36818 A Portela, Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.
Fax: 986 404 935. Correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREOGÁN. C/ Lanuza 11, 28022 Madrid. Tel. 917 259 072.
Fax: 917 130 631. Correo electrónico: webmaster@breogan.org
<http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Julia Núñez Calo
Imprime: Lugami Artes Gráficas



Este volume está ao teu dispor baixo os termos dunha licenza Creative Commons de recoñecemento, non-comercial, sen obras derivadas 3.0 sen adaptar.

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/deed.pt>

Índice

Limiar	7
Presentación do reitor	9
Presentación do secretario xeral de Política Lingüística	13
Presentación da directora do Servizo de Normalización Lingüística	15
Dora Sales Salvador Traducir literaturas transculturais	17
Xosé Luís Méndez Ferrín A internacionalización da cultura galega	35
Silvia Montero Küpper As políticas de tradución no caso galego	41
María Jesús Lorenzo Modia Políticas de tradución inglés-galego-inglés desde os anos noventa: diálogos de ida e volta	63
Gonzalo Constenla Bergueiro Evolución das traducións ao galego: das orixes ao século XXI	83
Ana Luna Alonso Análise da tradución literaria cara ao galego. Fitos e tendencias nos primeiros anos do século XXI	101
Patricia Buján Otero e Lara Santos Suárez A Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación	127
Pere Comellas Tradución e culturas minorizadas: un punto de vista desde o espazo catalán	141

Bego Montorio Uribarren	
Que achega unha asociación de profesionais da tradución?	153
María Reimóndez	
Faros na escuridade. Ideoloxía e tradución: os enfoques feministas e poscoloniais	163
Áurea Fernández	
A tradución do galego-portugués-galego a debate. O intercambio cultural, unha fonte de riqueza necesaria	183
Carlos Paulo Martínez Pereiro	
Da <i>demanda</i> da difícil semellanza e da imposíbel identidade tradutora (a tradución do galego ao portugués e do portugués ao galego a debate)	197
Carlos Quiroga	
Tradução e Jogo de Tronos –entre Culturas de Falares polissimétricos	203
Moisés Barcia	
Tradución e literatura galega (I)	217
Manuel Bragado	
Tradución e literatura galega (II)	221
Eva Mejuto	
OQO editora: un camiño de ida e volta	227
Robert Neal Baxter	
A interpretación de conferencias e a planificación de linguas en situacións de diglosia	233
Iolanda Galanes Santos	
A tradución exterior de obra galega. Normalización dunha cultura emerxente?	265

Limiar

Este volume recolle os textos que as persoas participantes nas IX Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Tradución tiveron a ben expor no seu desenvolvemento aló polo mes de novembro de 2012 no salón de actos da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, e que contaron, máis unha vez, coa colaboración da Real Academia Galega e co patrocinio económico da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Logo de realizarmos as máis das edicións anteriores no acubillo que supón o edificio da Reitoría (fóra dunha única incursión no campus de Oza cando as xornadas do ano 2010 de temática sanitaria), o Servizo de Normalización Lingüística decidiu saír novamente á procura do que se entendía sería o público máis directamente interesado na temática proposta e coa peculiaridade de ser esta unha ocasión en que se abordaba un ámbito de traballo e estudo cosubstancial a todas as linguas como é a tradución.

Quen se aproximar a este cento longo de páxinas atopará nelas unha completa e actual radiografía sobre o panorama tradutivo galego e non só: para alén das políticas levadas a cabo e a evolución ao longo do tempo das traducións feitas ao galego e desde o galego, hai espazo nelas para lles dar voz ao mundo editorial, aos e ás profesionais da tradución e interpretación de Galicia e de fóra de Galicia, ben como a temas xa recorrentes (caso das traducións ao/do portugués) xunto a outros que, pola contra, non sempre adoitan estar presentes nas monografías ao uso. Cremos, pois, que a pluralidade da obra que agora presentamos, tanto pola orixe das voces como tamén pola súa adscripción profesional, é outro valor para destacar deste volume de actas. Agardemos que así sexa valorado e que poida ser base e xerme de futuros traballos.

XESÚS M. MOSQUERA CARREGAL

Presentación

XOSÉ LUÍS ARMESTO BARBEITO

Reitor

Como reitor da Universidade da Coruña quero comprometer, de maneira expresa, o apoio do meu equipo de goberno a estas xornadas e a todas cantas iniciativas se poidan afrontar a prol da normalización do uso do galego, o idioma propio de Galicia. Entre esas iniciativas salienta, desde hai xa nove anos, a convocatoria das Xornadas sobre Lingua e Usos, da man da profesora Goretti Sanmartín, a quen cómpre felicitar. Estou certo de que sen o seu traballo xeneroso e sen a súa contaxiosa paixón pola lingua galega esta iniciativa non tería callado (ou cando menos non o faría coa mesma altura e rigor).

Os temarios e o propio desenvolvemento das xornadas en todas as súas convocatorias demostra que, desde un punto de partida realista e achegado ao tempo e ás circunstancias en que nos movemos, pódense formular propostas audaces, viables e eficaces para estenderen o uso do galego en calquera ámbito social, profesional ou científico.

Calquera persoa que coñeza minimamente o porqué da minorización do galego entenderá a superación de atrancos e estereotipos como unha carreira de fondo, un obxectivo de longo percorrido que require sortear moitos obstáculos. Saberá tamén que para dar pasos adiante cómpre un traballo sostido no tempo e alentado por un compromiso veraz con Galicia e coa súa lingua. Compromiso individual e compromiso colectivo de institucións e entidades públicas e privadas.

Ese compromiso co país e co idioma propio forma parte dos sinais de identidade da Universidade da Coruña desde o seu nacemento. Os nosos Estatutos establéceno con clareza desde os seus primeiros artigos: prestarase especial atención ao estudo e desenvolvemento da identidade cultural de Galicia e uso do galego como vehículo

normal de expresión. Por se non abondaba a obriga ética e cívica de todo galego para co seu país, temos a obriga legal de fomentar o uso do galego en todas as nosas actividades, algo en que, podo aseguralo, este reitor ten un especial empeño.

As tres universidades do país conforman o sistema universitario galego. En nós está depositada a responsabilidade do servizo público do ensino superior e, daquela, a esixencia de atender o dereito dos galegos e das galegas a cursaren estudos universitarios en condicións de igualdade, e penso que esa igualdade de oportunidades alcanza tamén, por suposto, os dereitos lingüísticos.

Temos a obriga de potenciar o uso do galego, de lles reclamar ás administracións públicas a aplicación e o desenvolvemento, sen complexos, do Plan xeral de normalización lingüística. Non só que non se dean pasos atrás, senón que se collan novos impulsos e novos folgos con valentía, mais tamén precisamos procurar o aprecio dos propios galegos polo seu idioma, dignificándoo e adaptándoo para o seu uso con normalidade en todos os ámbitos da vida da Galicia do século XXI. O galego como lingua moderna, práctica e evolucionada ao compás da propia sociedade, coas súas novas configuracións urbanas, profesionais ou tecnolóxicas. Un idioma capaz de se manter como o principal signo da nosa identidade cultural neste océano, por veces incerto e con frecuencia esmagador, que rotulamos baixo o termo *globalización* (que non só é económica, senón tamén cultural).

Hai unhas semanas, Agustín Fernández Paz, que anda a recibir xustos recoñecementos pola súa fecunda traxectoria literaria, pedía para o libro galego o apoio imprescindible para competir cos do resto do mundo en pé de igualdade. Temos materia prima dabondo e calidade contrastada. Semella que a crise tamén pode cortocircuitar os avances conseguidos nestes últimos anos e que se visualizaba cunha crecente presenza en feiras e foros especializados e un notable incremento das traducións.

Ao longo das sesións destes tres días de xuntanza o debate vaise centrar arredor da tradución nas dúas direccións. Tradución do galego a outras linguas e tradución de textos doutras linguas ao galego, así como dos problemas específicos ocasionados pola aínda moi escasa introdución da figura do e da intérprete. Agardo que os relatorios e as mesas redondas programadas respondan ao interese das persoas asistentes. Confío en que as conclusións que se vaian tirando sirvan non só para dispoñermos dunha boa radiografía da situación actual da tradución, senón tamén para impulsarmos novas ideas e novas iniciativas.

Remato xa co meu agradecemento para a Real Academia Galega pola súa colaboración e para a Secretaría Xeral de Política Lingüística polo seu apoio a estas xornadas desde a súa primeira convocatoria.

Máis nada. Bo día e moitas grazas.

A Coruña, 28 de novembro de 2012

Presentación

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Secretario xeral de Política Lingüística

Na actualidade estamos a vivir momentos de grandes mudanzas que nos esixen un esforzo de innovación constante. Se trasladamos isto ao campo da lingua, supón aceptar que calquera variedade lingüística que quede á marxe dos ditos cambios perderá todo valor instrumental. É por isto que cómpre adecuarmos a lingua aos novos usos e necesidades, para o que temos que dedicar grandes esforzos, moita sabedoría e tamén non poucos recursos.

En Galicia sabemos moi ben que este é o camiño que hai que seguir, razón pola que, desde hai xa tempo, se traballa en proxectos, algúns pioneiros, destinados a que a nosa lingua non volva estar ausente, coma no pasado, en citas importantes da Historia. Parte importante deste traballo consiste en ofrecer ferramentas e instrumentos modernos e útiles a unha sociedade que sente, case por primeira vez na súa historia, que o seu idioma é válido tamén para os usos formais da lingua.

Hoxe o galego ocupa, segundo datos do Euromosaic, o terceiro posto entre as 48 minorías lingüísticas da Unión Europea nel estudadas. Porén, sen un traballo serio e decidido o galego poderá verse abocado a desaparecer de ámbitos da sociedade custosamente conquistados e a perder valor funcional. De aí que non sexa un esforzo menor o encamiñado tanto a situar a lingua, a cultura e a ciencia de Galicia no mundo, como a permitirnos acceder ás principais correntes culturais e científicas do mundo na lingua de noso. Desde o meu punto de vista, esa é, nin máis nin moito menos, a transcendencia da tradución, labor que debe proxectarnos e á vez incluírnos no mapa das grandes correntes culturais e científicas do noso tempo.

Dado o novo marco globalizado en que nos movemos, a conquista da normalidade para o galego ou para calquera outra lingua minoritaria pasa tamén pola conxunción

de esforzos, recursos e coñecementos entre institucións, organismos e empresas con sensibilidades e obxectivos similares.

Agradézoles, por tanto, á Universidade da Coruña e, nomeadamente, ao equipo que organiza a IX edición das Xornadas Lingua e Usos, que puxeran a súa mirada neste ámbito tan importante. Vaia tamén o noso agradecemento para todas aquelas persoas que participarán como relatoras, pois van traer a estas aulas un saber e uns modelos de traballo que servirán para marcar o camiño que se ha seguir en diante nunha cultura, a nosa, que necesariamente terá que ser unha cultura emerxente, como nos afirmará, na derradeira das intervencións, Iolanda Galanes.

Moitas grazas.

Presentación

GORETTI SANMARTÍN REI

Directora do Servizo de Normalización Lingüística

Benvidas e benvidos, máis unha vez, ás IX Xornadas sobre Lingua e Usos que organiza o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña co financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Quero trasladarvos que nesta ocasión tivemos moitas dúbidas á hora de decidirmos a temática destas xornadas sobre lingua e usos, para responder ás expectativas creadas e introducir novidades que fosen de interese para unha intervención nunha actualidade dramática para a lingua galega. Había, por exemplo, unha temática pendente de ocasións anteriores, e con base nas suxestións recibidas polo seu público máis fiel, consistente en abordar o binomio lingua e intervención oral, por considerármolo de interese e importancia para o ámbito universitario e da administración, na medida en que se mantén o esquema de lingua-escrita como un ámbito maiormente normalizado, mais non así no que ten a ver coa oralidade.

Porén, finalmente, optamos por estoutra suxestiva cita de *Lingua e Tradución* atendendo a unha cuestión que xulgamos fundamental: por a tradución ser un dos elementos ou sinais relevantes do grao de normalización dunha lingua, pola súa capacidade para incorporar culturas diversas e permitir o acceso á ciencia e á literatura universal en lingua galega ben como, á inversa, no outro sentido que supón traducir a nosa cultura e ciencia desde a lingua galega cara a outros dominios lingüísticos. Coincide, alén disto, o feito de existiren relevantes proxectos de investigación que están a traballar neste ámbito, nomeadamente desde a Universidade de Vigo, tanto desde un punto de vista cuantitativo como cualitativo a respecto desta temática. É por iso que ofrecemos un programa en que abordamos a situación da lingua galega neste momento, a problemática específica dalgúns ámbitos como poden ser a interpretación, sen descoidar o feito de como, en definitiva, o que se traduce non é exclusivamente linguas, senón culturas e como estas levan aparelladas todo un conxunto de crenzas, ideoloxía... e

como isto debe ser abordado desde unha perspectiva ética e honesta que reforce un verdadeiro plurilingüismo e que non aposte unicamente polas linguas dominantes no mercado.

Reitero desde este foro o agradecemento á presenza e colaboración do secretario xeral de Política Lingüística con estas xornadas, así como a do secretario da Academia Galega e as do reitor e secretario xeral da nosa universidade, que sempre acollen con entusiasmo as nosas iniciativas. Desexo, finalmente, que, logo do debate e expectación que as Xornadas despertaron no seu día, o presente volume de actas estea á altura da sociedade galega e constitúa máis unha achega a un mundo diverso e vizoso, un feito que só se promoverá desde o noso espazo particular se o galego ocupa un lugar digno entre o resto das linguas.

Traducir literaturas transculturais

DORA SALES

Departamento de Tradución e Comunicación

Universidade Jaume I

O mundo ensina humildade

Ryszard Kapuscinski (2004: 51)

En primeiro lugar, quero darlles as grazas á Universidade da Coruña e ao seu Servizo de Normalización Lingüística pola oportunidade que me brindaron para estar aquí e poder compartir con todos eles e elas esta charla. As reflexións que vou expor a continuación parten da miña experiencia profesional como tradutora literaria, na combinación inglés-castelán, sobre todo de literatura transcultural-poscolonial. E non me parece desatinado comezar cunha cuestión tan aparentemente esencial como complexa: «Que é traducir»?

É unha pregunta relevante, pois abunda a nivel cotián o descoñecemento ao redor da nosa profesión, aínda hoxe, a pesar de que é, sen dúbida, unha das máis antigas do mundo. Son moitas as persoas que cren que traducen os que coñecen outras linguas. E non é que iso sexa incerto, senón que non é todo. Hai moito máis. Ao tempo, esta pregunta non só é importante para quen descoñece a profesión, senón tamén, especialmente, para quen a exerce. Preguntárnolo e reflexionar sobre iso é un exercicio responsable.

Traducir é intervir, actuar, comprender que toda narración é unha narrativa socialmente elaborada, porque a linguaxe constrúe a realidade, en moitos sentidos, e sempre exhibe ideoloxía, está preñada de valores, crenzas e puntos de vista que a tradución pretende pór en común, comunicar, debater ou compartir na medida do posible.

En suma, definir que é traducir é complicado, porque en todo caso só cabe unha definición aberta, tendo en conta que a nosa é unha tarefa viva, en marcha constante, intimamente vinculada co seu contexto histórico, político, social e cultural. Como explica África Vidal (2010), a tradución é filla do seu tempo, aínda que en ocasións tamén foi pioneira e vangardista.

Desde os estudos de tradución, sabemos que non se traduce entre linguas, senón entre culturas, polo que a información que require e manexa quen traduce vai sempre máis alá do lingüístico. De feito, ao fío dos traballos xurdidos nos estudos de tradución desde o «xiro cultural» dos anos oitenta (do xa pasado século), faise patente a conveniencia de reflexionar sobre a responsabilidade de quen traduce, quen ten o poder para construír a imaxe dunha literatura, e unha cultura, para que esta sexa observada-consumida por lectores doutra. Como destaca África Vidal (1995), nesta apertura crítica que levaba aos estudos de tradución alén de (pero non de costas a) as aproximacións lingüísticas, tivo moito que ver a teoría dos polisistemas (Even-Zohar 1990) e a chamada «escola da manipulación».¹ Ambos os focos críticos impulsan esta reconsideración e outórganlle á tradución o papel de forza moldeadora esencial na historia literaria e a dinámica cultural, pois, en definitiva, enténdena como parte dun contexto socio-cultural. A tradución sempre implica unha relación inestable entre o poder que unha cultura pode chegar a exercer sobre outra, pois non esquezamos que traducir é unha operación discursiva de orde ideolóxica e política. Ante todo, esta liña de pensamento en tradución lémbra-nos que quen traduce nunca é neutral, non está libre de posicionarse. De feito, todo tradutor ten que facelo de xeito constante. O importante é que o faga con coñecemento de causa, consciente de que toda decisión leva consigo consecuencias, máis ou menos directas.

Considero oportuno introducir unha breve pincelada sobre a narrativa transcultural a que vou aludir, que se refire ás producións artísticas xurdidas das antigas colonias europeas e presenta un gran número de especificidades no plano lingüístico e referencial. Deste modo, boa parte da tradución de literatura transcultural, poscolonial, altamente híbrida, implica o transvasamento de elementos lingüísticos e culturais específicos dunha cultura que se expresa literariamente noutra lingua.

¹ Sobre esta corrente tradutolóxica, tan relevante para comprendermos o desenvolvemento dos estudos de tradución desde os anos oitenta, véxase a compilación fundacional a cargo de Hermans (1985) e a panorámica de Vidal (1995).

A linguaxe, materia prima dos que traducimos, é porosa, dúctil, maleable. Marabillosa, aínda que para moitos autores e autoras transculturais a lingua de escritura tamén pode ser dolorosa, xa que, conscientes da posición minorizada que ocupan en termos de forza no contexto global, eminentemente eurocéntrico, moitos autores optan por escribiren na lingua europea que chegou aos seus países pola vía do imperialismo, e que rematou por se converter na lingua oficial, global, *lingua franca*, vehículo de comunicación, dado que esta opción translingüística pode permitirlles o acceso ao repertorio e ao mercado transnacional, ao mundo, en definitiva. É unha opción necesaria para ir, dunha vez, máis alá dos estereotipos, para dar a coñecer as visións e versións que doutro modo permanecerían silenciadas, mais é unha opción que doe e que, ante todo, non é sinxela. Seguramente neste contexto bilingüe moitos e moitas sábeno e comprenden.

O autor indio Salman Rushdie (1982: 17) falaba dunha fundamental autotradución nestes casos, polo que chegou a dicir, de si mesmo e doutros autores poscoloniais que optan pola opción translingüística: «we are translated men». As formas de expresión transculturais resultantes son, daquela, textos *orixinais* que en si xa levan a carga da tradución, xa constitúen unha tradución, xurdiron como resultado dun proceso tradutor no ámbito da creación.

Non obstante, dito isto tampouco podemos esquecer que a casuística narrativa desde o contexto transcultural-poscolonial é moi ampla, e que tamén hai autores e autoras que optan, con enerxía, por escribir nas súas linguas maternas. Un caso interesante neste sentido é o do kenyano Ngugi wa Thiong'o, quen comezou a súa carreira literaria escribindo en inglés, co nome de James Ngugi. Anos despois, cando xa lograra facerse un oco no sistema internacional, decidiu escribir na súa lingua materna, o kikuyu, en primeira instancia, e desde aí ser traducido ao inglés.

A etiqueta de «poscolonial» é descritiva, aínda que persoalmente síntome máis cómoda falando de «literatura transcultural»,² para resaltar o encontro entre culturas, do que xorden posibilidades articuladas precisamente grazas ao encontro, e que supón un terreo constante de negociacións, mediacións. Un terreo de tradución.

² Remitindo ao concepto de *transculturación* (Ortiz, 1940; Rama 1982), que resalta a supervivencia do autóctono ou do propio, que logra abrirse paso e persistir nas canles da modernización, sen negala. A transculturación alude ao proceso mediante o cal o contacto entre culturas produce modificacións nunha ou ambas as sociedades ou identidades postas en contacto, e elabora unha resposta creadora, unha forza creativa na transitividade entre culturas, aínda cando estas se atoparen en posicións disímiles de poder.

É innegable que, na evidente asimetría de poder que impón a occidentalización das cousas, o inglés gañou a partida en moitos contextos. Movémonos, que dúbida cabe, nunha órbita eurocéntrica que devén da posición hexemónica da cultura occidental. Ora ben, gozosamente, e a pesar das complexidades, moitos autores lograron desde linguas maioritarias, como o inglés, dar conta daquilo que desexan compartir. Neste sentido, paga a pena recordar as palabras de Pascale Casanova (1999: 70), cando di que:

(...) o país da literatura non é a illa encantada da mestizaxe e do multiculturalismo, do acceso ilusorio de todas as culturas ao recoñecemento universal: é un territorio desigual en que os máis desfavorecidos literariamente son sometidos a unha violencia invisible. A literatura universal é hoxe asunto de rebeldes e de revolucionarios que conseguen subverter a lei literaria e conquistar, a través da invención de formas novas, a súa liberdade de escritores.

Aquí referireime, en concreto, á tradución de literatura india contemporánea escrita en inglés, en que a elección da lingua en que se escribe ten unhas implicacións políticas moi marcadas, que sempre existen, pero que neste caso son motrices desde a opción translingüística e transcultural que comentei.

Esta literatura asume que se trata de apostar pola utilización dunha lingua occidental e maioritaria para transmitir nela un imaxinario procedente doutra cultura, enriquecendo todos os factores da ecuación. Despois de todo, como resume o escritor keniano Ngũgĩ wa Thiong'o (1993: 30-41), as linguas son vehículos de cultura, mais tamén son axentes de comunicación. Optar por crear nunha lingua global, entendida como intermediaria comunicativa, para inserir nela trazos culturais da tradición, lingua e cultura propias, para facer que a lingua global sexa o vehículo híbrido desoutra lingua e cultura, pode ser un xeito de preservala, de non permitir que sexa aniquilada por completo, xa que, ante todo, en lingua materna ou en lingua global, as narrativas transculturais mostran, en carne viva, a persistencia dunha memoria cultural resistente, integradora, que loita pola súa preservación.

Por iso, desde unha aposta convencida pola convivencia intercultural, coido que nas nosas sociedades occidentais, cada vez máis multiculturais, é importante aprendermos a repensar as políticas de tradución que constrúen unha imaxe a miúdo simplificada ou estereotipada doutras culturas. Así, desde a conciencia da importancia de respectar e fomentar a pluralidade cultural, vou compartir algunhas ideas sobre a responsabilidade que comporta a tradución de literatura poscolonial, transcultural, entendida en tanto labor de mediación intercultural. Para iso, como dicía, falarei desde a miña propia

experiencia, e porei algúns exemplos relativos á tradución inglés-castelán de literatura da India contemporánea.

En primeiro lugar, ao encarar estas traducións fun máis consciente que nunca de algo que xa se sabe e se analizou desde un ámbito máis especificamente lingüístico e discursivo: existe toda unha ideoloxía e unha posición política que subxacen ao emprego que moitos autores indios fan da lingua inglesa. Unha lingua que chegou ao subcontinente indio por imposición durante o *Raj*, a época da colonización británica, mais que co tempo se chegou a converter nunha lingua india máis, non exenta de certa problemática no ámbito nacional indio. O inglés converteuse nun idioma «ponte» que, na era global, serve aos creadores como axente de comunicación, aínda que eles o utilizan, elaboran e modelan *desde* India para se faceren eco da raiceira multilingüística que impregna o país.

Deste modo, o primeiro que chama a atención ao lermos unha obra literaria india contemporánea escrita en inglés, e certamente é así nas obras que traducín, é como, espaxeadas polo texto, aparecen palabras escritas nalgunha das máis de 1600 linguas da India, aínda que unicamente están censadas por volta dunhas 200, 18 das cales están recollidas na súa Constitución. Non esquezamos que desde o punto de vista lingüístico, a India é unha das nacións máis heteroxéneas do mundo. En cidades como Bombai, Calcuta ou Nova Delhi, a xente alterna sen se inmutar catro ou cinco idiomas nunha mesma conversa.

Con todo, o relevante é que non son só palabras, senón marcas culturais que levan consigo matices connotativos moi relevantes do contexto de que proceden. Neste sentido, apunta Salman Rushdie: «To unlock a society, look at its untranslatable words» [«Para desentrañar unha sociedade, observa as súas palabras intraducibles», tradución propia] (Rushdie 1983: 104).

No ámbito dos estudos de tradución, algúns autores chámamos a estes termos *realia*,³ referentes culturais, elementos intimamente vinculados ao universo de referencia da cultura orixinal e que, en principio, non teñen equivalencia na cultura de chegada. Estes casos en que a traducibilidade é desafiada poden ter un efecto poderosamente subversivo, ao mostraren, en definitiva, que a translación non se limita á linguaxe, e que o texto traducido é sempre unha reescritura, unha reelaboración discursiva e cul-

³ Do ruso *realii*, este termo foi definido por Vlahov e Florin en 1970. Véxase Florin (1993) e Shuttleworth e Cowie (1997: 139-40).

tural. Asemade, no caso de narrativas como as que nos ocupan, a presenza destes termos culturalmente marcados, no corpo de textos escritos nunha lingua maioritaria, recordan, en opinión de Theo Hermans (1996), que estamos a ler unha tradución.

Estes elementos son, en definitiva, o que Rabadán chama «áreas de inequivalencia interlingüística» (Rabadán 1991: 109-173), como acontece tamén co humor, as metáforas ou os xogos de palabras. Por concretar máis, falo do que Rabadán (1991: 164-168) denomina baleiros referenciais ou «lagoas de tipo ontolóxico» (Rabadán 1991: 111), é dicir, unidades non comúns a dúas linguas que se inclúen dentro da vivencia dunha cultura determinada.

Evidentemente, á hora de traducirmos un texto que conteña «lagoas de tipo ontolóxico», o debate formúlase en termos claros: ou ben mantense o elemento culturalmente marcado, aínda que isto dificulte unha inmediata accesibilidade para os lectores meta, ou ben substitúese por outro termo que preserve o valor funcional do orixinal e si asegure a comprensión directa, a cambio de perder como presenza textual o sabor propio da cultura orixe.

Neste sentido, no ámbito da tradutoloxía retomáronse e potenciaron os coñecidos conceptos de *domesticación* e *estranxeirización*, ou *familiarización* e *exotización*, que xa suxeriu Friedrich Schleiermacher (1813: 231), para quen hai dous camiños para traducir: «Ou ben o tradutor deixa o escritor o máis tranquilo posible e fai que o lector vaia ao seu encontro, ou ben deixa o lector o máis tranquilo posible e fai que vaia ao seu encontro o escritor», é dicir, que o tradutor leve o lector cara ao autor ou viceversa. Schleiermacher inclinouse pola exotización, por tratar de manter, a través da tradución dun texto, «a forza que o caracteriza» (Schleiermacher 1813: 224).

Falando non en termos de conceptualización teórica, senón de resolución práctica, son diversas as solucións e estratexias que poden adoptarse para a tradución das referencias culturais. Neste sentido, seguindo o sucinto resumo formulado por Samaniego (1995: 57), poderíanse apuntar:

1. *conservación*: a) mantendo o termo orixe tal cal, sen modificalo, ou adaptándoo graficamente; b) cando ademais de conservar o termo se engaden comentarios, notas ou glosas, sexan intratextuais (a explicación forma parte do texto, como parte indiferenciada deste ou mediante cursiva, corchetes, parénteses etc.), sexan extratextuais (notas a pé de páxina, ao final do capítulo ou en forma de glosario).

2. *substitución*, traducíndoo lingüisticamente. Caso de non haber equivalente, utilízase un elemento semanticamente relacionado. Caben aquí dúas posibilidades: a) universalización: parcial, en que se conserva algo foráneo mais identificable polos lectores meta (ex.: cen dólares); absoluta, co cal a identificación da cultura orixe do termo é nula na tradución (seguindo o exemplo anterior, «bastante diñeiro»); ou neutra, a través dunha tradución literal con referencia a algún elemento cultural dificilmente identificable cunha cultura concreta (ex.: *National Health Service* como *Servizo Nacional da Saúde*, que recoñecemos como algo alleo á nosa cultura, mais non identificamos con ningunha cultura en particular), e b) adaptación á cultura meta (ex.: dez mil pesetas).
3. *supresión* ou omisión do termo ou a expresión.
4. *creación* dun elemento non existente no texto orixe, a miúdo en forma de sobretradución de elementos implícitos no orixinal.

Ao traducir escollín, sempre, a primeira solución. Optei, xa que logo, como diría Schleiermacher, por facer que o lector se achegue ao escritor, por manter a estranxeiridade do texto orixinal, por respecto cara á diversidade e á particularidade diferencial do proxecto literario do orixinal. Non obstante, sendo consciente tamén da miña responsabilidade mediadora para cos lectores no sistema meta, as miñas traducións van acompañadas por un glosario final de termos e expresións culturalmente definidas que poden consultarse alfabeticamente.

Por exemplo, nos relatos de *Love and Longing in Bombay*, o seu autor, Vikram Chandra (1997), utiliza moi conscientemente termos e expresións do argot local de Bombai, en hindí ou marathi, asumindo mesmo que algunhas desas palabras son tan específicas da fala de Bombai que nin sequera serían comprendidas noutras zonas da India. Esta representación da pluralidade lingüística da cidade de Bombai era parte esencial do seu proxecto narrativo, que pretendía salientar a natureza aberta, dialogante e hospitalaria dunha metrópole que nos últimos anos se viu sacudida e rebautizada (como *Mumbai*) por unha ondada nacionalista de ideoloxía conservadora, falante de marathi, da man do goberno estatal de Shiv Sena, que se formou a mediados dos sesenta como partido anti-inmigración e se manifesta explicitamente en contra do cosmopolitismo da cidade e a multiculturalidade que a impregna, e a prol da defensa de comunidades homoxéneas e independentes unhas das outras. Os relatos de Chandra están articulados en defensa da pluralidade do Bombai que el tanto estima e tan ben coñece.

En todo caso, aínda que, ao conservalos, estes termos culturalmente específicos non poidan ser apreendidos de forma directa, o sentido xeral do que se está a dicir non se perde en ningún momento, pois moitos deles se comprenden con facilidade polo contexto semántico en que aparecen. Chandra tamén desprega unha hibridez sintáctica que a tradución procurou respectar, conservando de xeito estratéxico algunhas referencias ao inglés co fin de representar en castelán a situación diglósica que se dá no orixinal entre o inglés e diversas linguas indias.

Ante todo, neste punto teño que destacar, como aspecto esencial, que no caso da tradución de literatura transcultural, os recursos documentais ao noso dispor resultan moitas veces insuficientes. O gran tema é como solucionar as necesidades documentais que presenta esta tradución, que formula retos motivados nomeadamente por diversos aspectos culturais. Que facer cando nos textos que imos traducir batemos con termos e expresións en linguas non occidentais para as que non achamos dicionarios preparados? Que facer se cando, finalmente, accedemos a un dicionario, descubrimos que os termos que buscamos non veñen alí recollidos porque son coloquiais/específicos dun lugar/dunha época pasada/dun colectivo concreto? Isto complicase especialmente no caso da tradución de literaturas híbridas, como a literatura india de que estou a falar.

De feito, estas dificultades na busca documental son cotiás na miña experiencia: non achar dicionarios preparados, conseguir algún tras buscas arduas e labirínticas, e levar a tremenda desilusión de que só podían resolver parte das dúbidas; daquela, acudir a recursos na internet e realizar pescudas laboriosas para contrastar a fiabilidade de cada dato, habitualmente con fontes persoais.

En todo momento, resultoume máis que fundamental o contacto cos autores que, por sorte, sempre me axudaron con enorme xenerosidade. É máis, á tradución cheguei precisamente polo meu contacto con Vikram Chandra, en cuxa obra centrei en parte a miña tese de doutoramento. Neste sentido coincido plenamente con Miguel Sáenz (1999: 177-178), cando di:

Persoalmente, creo moito na especialización, no irmandamento tradutor-autor. Cando se fala cun escritor ou escritora, cando se coñece a súa traxectoria e a súa obra, acábase por comprender moi ben o seu pensamento e pode traducirse non só o que dixo, senón —como dicía Borges ao seu tradutor francés— o que quería ter dito...

De feito, na práctica da tradución de literatura poscolonial son moitos os tradutores que recoñecemos que a nosa mellor referencia, alén doutras fontes persoais, é o propio autor da obra traducida. Así, Miguel Sáenz, tradutor de Salman Rushdie, no ámbi-

to indio ao que estou a aludir, reconece que o seu mellor recurso sempre foi contactar co autor (comunicación persoal, 19 de agosto de 2003). Tamén Damián Alou (comunicación persoal, 29 de setembro de 2003), que no ámbito da literatura india escrita en inglés traduciu a Vikram Seth, David Davidar e Amit Chaudhuri, me dicía que recorrer ao autor foi, en ocasións, a súa única solución.

Consciente de que a experiencia traducindo a Vikram Chandra fora especial, pola miña amizade co autor, cando encarei a tradución de *Difficult Daughters*, de Manju Kapur (1998), cheguei ao convencemento de que era importante tratar de contactar cun especialista en linguas indias. Por fortuna, entrei en contacto co indólogo Enrique Gallud Jardiel quen en diversas ocasións me axudou de forma xenerosa e desinteresada para anotar os significados dos termos e expresións en hindi, panjabi e sánscrito, e quen ademais me fixo comprender aspectos relevantes como a conveniencia de recorrer a unha transliteración que resulte máis próxima á pronuncia en castelán e elimine as particularidades inglesas que son lóxicas ao transliterar estes termos desde as súas linguas orixinais ao inglés, mais que non teñen sentido e distorsionan os sons ao aproximaren estes termos ao castelán. Así, por exemplo, decidimos transliterar *chutney*, que se refire a unha salsa picante especial feita con froita, especias, azucre e vinagre, como *chatni*, que é como se pronunciaría en castelán se o transliterásemos directamente do hindi.

Tamén por fortuna logrei contactar con Manju Kapur e a miña relación con ela é tan fluída como a que manteño con Vikram Chandra. A tradución da súa primeira novela, *Difficult Daughters*, somerxeunos nun diálogo constante en que a autora me aclarou non só termos para a preparación do glosario, senón matices e entreliñas de importancia para a comprensión do texto, que Manju me explicou con enorme xenerosidade.

Difficult Daughters é unha novela localizada no Panjab (norte da India), principalmente nas cidades de Amritsar e Lahore (esta última actualmente no Paquistán) nos anos corenta, durante a loita india pola independencia, e parcialmente baseada na historia da nai da propia autora. Ao longo da novela enxérganse os costumes dunha determinada época na súa concreta adscripción cultural, como por exemplo as tradicións culinarias, os ritos matrimoniais, a organización do fogar ou mesmo a dificultade da convivencia derivada do costume indio segundo o cal todos os núcleos dunha mesma familia viven baixo o mesmo teito, como familia estendida. A propia Manju Kapur contábame que para a redacción do texto se documentou profusamente sobre esa época e sobre os feitos históricos reais que despois ficcionalizaría na novela. Ante isto, e dado que a trama verdadeiramente convida á inmersión nunha cultura e nunha dinámica social determinadas, nunha zona e época concretas da India, ao longo do proce-

so de tradución consultei con ela até os máis mínimos detalles, á parte de buscar documentación especializada. Este diálogo, cuxo produto máis visible é o glosario adxunto ao final, fixo posible que mesmo corrixisemos na versión traducida erratas que escaparan na edición orixinal.

A propia autora, Manju Kapur, dicíame ao comezo desta tarefa que o contexto da novela era moi específico, o que por exemplo se evidencia nas numerosas alusións a comidas típicas da zona xeográfica india en que transcorre a historia, o Panjab. Tamén eran particulares as relacións de parentesco ás que se aludía na trama.

Neste sentido, por exemplo, dise en varias ocasións que Harish, o profesor, un dos personaxes principais, é fillo único. Non obstante, nun momento determinado, el mesmo fala de «los hijos de mi hermano» («my brother's children») e do «matrimonio de su hermana» («my sister's marriage»), sen dar explicación ningunha que aclare esta aparente contradición. Ao consultar coa autora, descubrín que o que sucede é que Harish se refire aos seus primos irmáns como irmáns porque é o costume indio. De feito, noutros momentos da novela alúdese a algúns «tíos» e «tías» que non o son por parentesco, senón porque é habitual falar así entre xente moi achegada á familia. A cuestión é que para un lector indio, coñecedor da realidade, aínda que desde logo múltiple, do seu enorme país, este feito non provoca incerteza, xa que se entende sen máis problema que Harish é fillo único (a trama déixao moi claro) e que os irmáns e irmás de que fala son os seus primos, mais para un lector en castelán este feito, aínda que é un detalle que non afecta ao desenvolvemento e comprensión do relato, pode provocar estrañeza e sensación de contradición. Non en van, ao revisar as probas da tradución, xa maquetada, a editora de Espasa pensou que isto era un cazapo do orixinal. Eu mantivera «hermano» e «hermana», sabendo a que se refería, mais foi dialogando coa editora cando me dei conta de que podía ser un detalle que causase confusión, optei por traducilo como «primo hermano» e «prima hermana». Para tomar tal decisión, expliqueille á propia autora todo isto e a ela mesma pareceulle que era mellor facelo así. Pode parecer un detalle moi pequeno, mais para min é un exemplo sobre a relevancia da representación cultural contrastada e a reflexión que acompaña toda decisión ao traducir.

Non obstante, con diferenza, o maior reto ao que me enfrontei ata a data como tradutora foi *Sacred Games*, de Vikram Chandra (2006). A pluralidade cultural e a extraordinaria hibridez da linguaxe acompañáronme durante o ano enteiro (máis de 365 días en realidade) que pasei traducindo o texto. Non só pola súa extensión (máis de 1000 páxinas), senón pola complexidade. Desde a documentación necesaria para traducir, tamén foi a experiencia máis desafiante, para a que, xunto coa xenerosa axuda do

autor, recorrín ante todo a un amplo abano de fontes persoais: policía, forenses, expertos en tradución médica, expertos en cinema, fabricantes de cosméticos e mesmo persoal dos servizos de intelixencia, aínda que, claro, non podo revelar certas fontes...

Sacred Games é unha novela realista, moi ben documentada tanto no fondo como na forma, que reflicte a linguaxe de distintas orixes culturais e mesmo o argot da policía e as mafias de Bombai. De feito, non só é a culminación de sete anos de escritura por parte de Chandra, senón tamén de moitas horas de investigación tanto en Bombai como noutras cidades, caso de Bihar, ao norte do país, ou Dubai, nos Emiratos Árabes Unidos, para a cal o autor contou coa axuda e amizade de moitos informantes, e en especial do xornalista Hussain Zaidi.

Así, un dos valores da novela é precisamente a súa presentación directa, a súa crónica perfectamente definida e ben reflectida do contexto político, social, relixioso, lingüístico e cultural da sociedade urbana india contemporánea, concretamente do verdadeiro centro neuronal do país, Bombai. Trátase dunha sociedade complexa, de incrible pluralidade, que Chandra xamais simplifica: policía, mafiosos, políticos, mulleres que tratan de labrarse un camiño en ocasións a custa de si mesmas, inmigrantes marxinados nas zonas máis deprimidas da cidade, nenos da rúa, o desenvolvemento das clases medias, a relixión non como crenza senón como sistema de poder...

Nesta novela Chandra indianiza o inglés facendo uso de dous recursos esenciais: a expansión sintáctica (é dicir, a utilización de frases longas, con axuda da coordinación e a aposición, o uso extensivo de comas e os paralelismos estruturais), e, como segundo recurso, o emprego de palabras e frases en linguas indias (moitas: hindi, marathi, panjabi, sánscrito, gujarati, malaiala (ou malabar), maithili, marwari, angami, kannada (ou canarés), konkani, bengalí, caxemira, támil, urdú, árabe e a xerga de Bombai), case nunca traducidas no texto, aínda que polo contexto que as rodea se comprende o campo semántico a que pertencen. Nesta novela, Chandra tamén se atreve a hibridizar o inglés até tal punto que chega a conxugar nesta lingua verbos en hindi, como por exemplo observamos en *chodoed* (o verbo en hindi é *chodo* e *-ed* é o sufixo en inglés que marca pasado) ou *bajaoing* (o verbo en hindi é *bajao* e *-ing* é o sufixo en inglés que marca xerundio).

A miña tradución procurou transmitir o ton e a identidade cultural da prosa de Chandra e para iso respectáronse as expansións sintácticas e o resto de indianizacións (como, por exemplo: *bajaoando*) e mantivéronse sen traducir os termos que o autor emprega en diferentes linguas indias. Así, as palabras en hindi, marathi, panjabi, sánscrito, gujarati, malaiala, maithili, marwari, angami, kannada, konkani, bengalí, caxemira, támil, urdú,

árabe e a xerga de Bombai que aparecen no orixinal, e que alí non se traducen, preserváronse de igual modo na versión en castelán. Ao tempo, conserváronse algunhas expresións tamén en inglés, como parte do mosaico multilingüe que debuxa a novela.

É dicir, dalgún xeito, estas narrativas formulan chegar á tradución no sentido que xa propuña Nabokov (1941): conferir, na medida do posible, o significado contextual exacto do texto orixinal, sempre tendo en conta que tanto a sintaxe, o ritmo, a orde das palabras ou a música do texto posúen valores semánticos.

Nesta liña, Susan Sontag (2002: 174) lémbraos que: «A miúdo dáse por sentado que o propósito dunha tradución é lograr que a obra soe coma se estivese escrita no idioma ao cal está a ser traducida». Seguía reflexionando (Sontag 2002: 176-177):

Naturalizar un libro estranxeiro é perder o que ten de máis valioso: o espírito do idioma, o *ethos* mental do que xorde o texto. Por tanto, se unha tradución, digamos, do francés ou do ruso ao alemán soa coma se fose escrita orixinalmente en alemán, o lector de fala alemá verase privado do coñecemento da outridade que provén da lectura de algo que en efecto soa alleo.

E concluía:

A oportunidade que ofrece a tradución non é defensiva: conservar, embalsamar, o estado actual da propia lingua do tradutor. Máis ben (...) é unha oportunidade para permitir que a lingua estranxeira inflúa e modifique a lingua á que se está a traducir a obra (Sontag 2002: 183).

As traducións de narrativas transculturais impulsan a metamorfose da lingua, incorporan, dalgún xeito, estruturas gramaticais estranxeiras, terminoloxías, direccións do pensamento... en suma, a riqueza dunha lingua en función do seu contacto coas demais, recordándonos que ese contacto se realiza fundamentalmente mediante a tradución.

Á luz destas pinceladas, paréceme acaído afirmar que a tradución de literaturas transculturais evidencia a necesidade de abriremos paso a rutas de tradución comprometidas coa hibridez lingüística e a diversidade cultural.

Traducir literatura transcultural rétanos a asumir un compromiso ético para coa diversidade que nutre o texto de partida, tendo en conta que a tradución posúe unha potencialidade activa e de gran forza na construción dunha política cultural aberta ante a pluralidade que nos rodea e que cada vez é máis visible.

Non hai fórmulas que poidan aplicarse na tradución de literatura transcultural, nin en tradución literaria en xeral. Cada texto esixirá unha aproximación particular, unha reflexión atenta e unha consideración rigorosa das posibles alternativas. O que en todo caso cabe defender é, na miña opinión, a actitude responsable por parte de quen traduce: unha actitude aberta ao diálogo, a escoitar as particularidades de cada texto, unha disposición ética a relacionármolos cos valores dos demais, mais, ante todo, para facelo hai que coñecelos nos seus marcos de referencia. Este proxecto require, desde logo, do desenvolvemento dunhas competencias culturais, lingüísticas e instrumentais especializadas e abertas ao coñecemento da diferenza.

O proceso de transculturación supón un encontro complexo en que as culturas en contacto se adaptan e axustan a novas situacións, ao tempo que adquiren novos matices que xorden do encontro. E, como non podería ser doutro xeito, desas experiencias intersticiais dos que, como Rushdie, se autocualifican como *seres traducidos* emerxen formas de expresión transculturais que reflicten e rearticulan os entrecruzamentos onde se (re)constrúen diariamente as súas identidades. Así, cando vivir e escribir é traducir(se), traducir a transculturación tamén, en coherencia, asume un estado fronteirizo que pode ser vertixinoso, mais moi gratificante.

Coido que, para traducir a transculturación, cabe advertir acerca dos perigos da domesticación e da estranxeirización, posto que ningún dos dous extremos é capaz de reflectir a intersección constante dos textos transculturais. Aínda recoñecendo que nesa dicotomía me inclino cara á estranxeirización, matizo, máis ben, a miña aposta por unha tradución mediadora, viaxeira, fronteiriza, *interseccional*, por usar un suxestivo concepto de Nuria Brufau (2009). É dicir, unha tradución que teña en conta, caso a caso, a multiplicidade de matices en xogo, de eixes e dimensións que se entrelazan nestas narrativas, desde a encrucillada que supoñen e formulan todas elas.

Non esquezamos que, en boa medida, a reacción e recepción que se dispensa cara ás manifestacións doutras culturas vese condicionada polas imaxes que temos delas, polas traducións que se fixeron e ás que a cultura de acollida está historicamente habituada; unhas traducións que non sempre favorecen a multiplicidade cultural desde o momento en que se enmarcan en modelos de tradución en xeral domesticadores e homoxeneizantes, non afeitos a adoptaren decisións de tradución comprometidas coa diversidade cultural. Como apunta M.^a Rosario Martín Ruano (2004), nun agudo texto sobre a tradución de literaturas híbridas, os modelos de tradución que rexen actualmente no noso sistema cultural tenden a subordinar o contido e a experimentación formal á normatividade do castelán, mostrando unha forte adhesión da tradución na nosa sociedade a políticas editoriais tradicionalistas, pouco

dadas a asumiren o reto intercultural con coñecemento de causa e que prescriben que unha tradución ten que ser aceptable na cultura receptora coma se dun orixinal se tratase. No polisistema en castelán, a tradución de literatura híbrida, multicultural, seguiu vías sobre todo domesticadoras, que tenden máis ao mantemento do normativo que á ousadía de incorporaren a outridade cultural formulada nos textos de xeito palpable no plano formal. Martín Ruano non achaca este tipo de resultados unicamente a quen traduce, senón á engrenaxe do mundo editorial, ás súas institucións, normas e xerarquías.

Desde logo, o mercado e as institucións da cultura de chegada non sempre permiten ou apoian aproximacións novas, creativas e interculturalmente conscientes que talvez desafían as expectativas lectoras de fluidez e accesibilidade.

Nesta orde de cousas, o papel do editor como axente implicado nas decisións tradutoras, mostra até que punto as políticas editoriais poden afectar na praxe da tradución contemporánea. Nese pulso, os e as que traducimos temos que negociar sen medo, expormos o noso proxecto, os nosos porqués. Evidenciarmos que, para moitos/as de nós, a tradución é o noso xeito de sermos e estarmos no mundo, que non somos meros transmisores de palabras, que a nosa ética está (ten que estar) por enriba de presións que desenfocan a esencia da nosa tarefa: facer posible a transmisión de creacións que se elaboraron, as máis das veces, desde o corazón e as entrañas. Iso merece un compromiso, unha responsabilidade. Un enorme respecto.

Noutras palabras, esta formulación non só é responsabilidade do mundo editorial, senón tamén —e sobre todo— da comunidade tradutora que pode actuar sobre unha situación estática establecida, atrevéndose realmente a desconstruír políticas de tradución homoxeneizantes e temerosas de asumiren riscos e transitaren novos camiños. Este reto está en mans das persoas que traducimos e parte, en boa medida, da pegada con que levemos a cabo o labor documental que acompaña e sustenta o transvasamento interlingüístico e intercultural.

Neste sentido, malia ser certo que a tradución require documentación, non o é menos que tamén pode xeralala. Así, para entender as literaturas/culturas traducidas nos seus propios termos resulta produtiva a inclusión de introducións, glosarios... un breve e meditado aparato crítico, que podería consistir nunha nota final e/ou un glosario, no caso de que fose necesario, pode permitir a publicidade das fontes e posibilitar o seu manexo. É un reduto de visibilización tradutora e, ao tempo, unha fonte de documentación posta ao servizo de quen le (for profesional ou non). Certamente, a engrenaxe editorial podería ser remisa a esta inclusión de material adicional, mais pódese tentar.

Paga a pena. Poñamos en práctica o diálogo cos editores, expliquémoslles de xeito razoado cal é o noso proxecto de tradución e as implicacións que comporta.

Persoalmente, gústame moito e levo á práctica este proxecto tradutolóxico que consiste en recorrer a glosarios e notas a modo de posfacios, onde proporcionar algo de contexto cultural que resulta de interese para a comprensión do texto. Ferramentas, en suma, que quen traduce ten ao seu dispor para servir de vínculo entre culturas, mais sen simplificar a realidade dunha das partes, pois respéctase a idiosincrasia do orixinal e tamén se achegan rutas de comprensión para o público lector. Noutras palabras, neste intercambio a tres bandas, quen traduce, como mediador, ten en conta os dous ámbitos que se poñen en contacto.

Isto é, a un tempo, unha mostra da visibilidade de quen traduce, nas propias traducións, algo ante o que moitas editoriais non están habituadas ou dispostas, aínda que teño que dicir que persoalmente sempre achei comprensión, aceptación e colaboración coas editoriais coas que colaborei: Espasa, Siruela, Random House Mondadori, Altaïr... O diálogo e o bo entendemento coas editoras e editores foron un aliciente e unha constante. Non achei trabas para incluír os glosarios completos, co conseguinte aumento de páxinas do produto final, nin sequera a nota con que considero oportuno pechar a tradución. Todo o contrario, atopei aceptación e agradecemento, aliadas no empeño de transmitir estas narrativas con respecto cara ao orixinal, ao tempo que se achega accesibilidade para o lector. A miña experiencia diaria, humildemente, paréceme unha mostra acerca da posibilidade de diálogo editorial de que falo.

Se hai algo que aprendín ao traducir, continuamente, cando, sentada diante do ordenador, pouco a pouco verto ao castelán diversas historias, é que a acción tradutora nunca consiste unicamente en traducir. Os e as que traducimos somos axentes sociais que comunicamos diferenzas e negociamos límites. Ao traducir, ao lles preguntar detalles aos autores e autoras, e darlle conta de que ningún deles é banal nin prescindible, decátome da enorme responsabilidade que teño como intermediaria, mediadora, entre quen escribe e quen lerá en castelán. A tradución é unha fronteira, sempre frutífera, que nos coloca ao límite, rétanos, entre culturas, linguas, formas de concibir e entender o mundo. De aí que nos aboque a un constante e gratificante proceso de aprendizaxe, que ensina humildade e respecto.

Así pois, a tradución é unha cuestionamento permanente, a asunción do pequenos que somos nun mundo convulso e complexo, afortunadamente diverso. A convicción de que o ser humano é formidable porque, unha e outra vez, segue camiñando, segue facendo uso dunha linguaxe que non sempre nos posibilita dicir o que queremos, que

non sempre nos serve. Porque o mundo non nos cabe nas palabras, mais, con todo, queremos falar, dialogar, comunicarnos, traducir... Non podemos evitar facelo. Non debemos deixar de tentalo.

Síntome, cando menos iso procuro en cada viaxe tradutora, como amiga, sempre mediadora, ás veces cómplice, do autor ou autora. Tento posibilitar que o mundo que creou, os personaxes, as sensacións, cheguen a outros mundos e provoquen emocións noutra xente. É un proceso ante o que é imprescindible asumir unha gran responsabilidade, sentila e non esquecerla, pois contribuír na transmisión de historias que emocionan, entreteñen, fan rir, chorar ou, como pouco, fan compañía é, sen dúbida, o agasallo dun oficio xeneroso.

Bibliografía

Brufau, Nuria (2009) *Traducción y género: Propuestas para nuevas éticas de la traducción en la era del feminismo transnacional*. Tese de doutoramento. (Salamanca: Universidade de Salamanca).

Casanova, Pascale (1999): *La república mundial de las letras*. Jaime Zulaika (trad.) (2001) (Barcelona: Anagrama).

Chandra, Vikram (1997): *Love and Longing in Bombay* (Londres: Faber & Faber). Tradución: *Amor y añoranza en Bombay*. Esther Monzó e Dora Sales (trad.) (2001) (Madrid: Espasa). Contén glosario e nota das tradutoras.

Chandra, Vikram (2006): *Sacred Games* (Londres: Faber & Faber). Tradución: *Juegos sagrados*, Dora Sales (trad.) (2007) (Barcelona: Random House Mondadori). Contén glosario e nota da tradutora.

Even-Zohar, Itamar (1990): «La posición de la literatura traducida en el polisistema literario», en Iglesias Santos, Montserrat (ed.) (1999): *Teoría de los Polisistemas*: 223-231 (Madrid: Arco).

Florin, Sider (1993): «Realia in translation», en Zlateva, Palma (ed. e trad.): *Translation as social action. Russian and Bulgarian Perspectives*: 122-128 (Londres/Nova York: Routledge).

Hermans, Theo (ed.) (1985): *The Manipulation of Literature. Studies in Literary Translation* (Londres/Sydney: Croom Helm).

Hermans, Theo (1996): «Translation's Other». Conferencia inaugural pronunciada o 19 de marzo na University College London. Versión electrónica accesible en: http://discovery.ucl.ac.uk/198/1/96_Inaugural.pdf [Última consulta: 28 de febreiro de 2013].

Kapur, Manju (1998): *Difficult Daughters* (Londres: Faber & Faber). Tradución: *Hijas difíciles*, Dora Sales (trad.) (2003) (Madrid: Espasa). Contén glosario e nota da tradutora.

Kapuscinski, Ryszard (2004): *Viajes con Heródoto*. Agata Orzeszek (trad.) (2006) (Barcelona: Anagrama).

Martín Ruano, M. Rosario (2004): «Al encuentro del Otro: la traducción de narrativa de autoras de la diáspora africana en lengua inglesa», en Barrios, Olga e Smith Foster, Frances (eds.): *La familia en África y la diáspora africana: Estudio multidisciplinar / Family in Africa and the African Diaspora: A Multidisciplinary Approach*: 265-276 (Salamanca: Ediciones Almar).

Nabokov, Vladimir (1941): «El arte de traducir», en *Curso de literatura rusa*, María Luisa Balseiro (trad.) (1984): 453-463 (Barcelona: Bruguera).

Ngugi Wa Thiong'o (1993): *Moving the centre. The struggle for cultural freedoms* (Londres: James Currey/Heinemann).

Ortiz, Fernando (1940): *Contrapunteo cubano del tabaco y el azúcar*, Bronislaw Malinowski (introducción) (1973): 3-10 (Barcelona: Ariel).

Rabadán, Rosa (1991): *Equivalencia y traducción. Problemática de la equivalencia transléctica inglés-español* (León: Universidade de León).

Rama, Ángel (1982; 1987³): *Transculturación narrativa en América Latina* (México: Siglo Veintiuno).

Rushdie, Salman (1982): «Imaginary Homelands», en Rushdie, Salman (1991): *Imaginary Homelands. Essays and criticism 1981-1991*: 9-21 (Nova York: Granta Books).

Rushdie, Salman (1983): *Shame* (London: Vintage).

Sáenz, Miguel (1999): «La traducción nueva de una nueva literatura», en Hernando de Larramendi, Miguel e Arias, Juan Pablo (eds.): *Traducción, emigración y culturas*: 175-178 (Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha).

Samaniego Fernández, Eva (1995): «Las referencias culturales como áreas de inequivalencia interlingüística», en Valero Garcés, Carmen (ed.) *Cultura sin fronteras. Encuentros en torno a la traducción*: 55-73 (Alcalá: Universidad de Alcalá de Henares).

Schleiermacher, F. (1813): «Sobre los diferentes métodos de traducir» (trad. Valentín García Yebra), en Vega, Miguel Ángel (ed.) (1994): *Textos clásicos de teoría de la traducción*: 224-235 (Madrid: Cátedra).

Shuttleworth, Mark / Cowie, Moira (1997): *Dictionary of Translation Studies* (Manchester: St. Jerome Publishing).

Sontag, Susan (2002): «El mundo como la India», en *Al mismo tiempo. Ensayos y conferencias*. Aurelio Major (trad.) (2007): 165-186 (Barcelona: Mondadori).

Vidal Claramonte, M.^a Carmen África (1995): *Traducción, manipulación, desconstrucción*. Salamanca: Ediciones del Colegio de España.

Vidal Claramonte, M.^a Carmen África (2010): *Traducción y asimetría* (Frankfurt: Peter Lang).

A internacionalización da cultura galega*

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

Real Academia Galega

Tentarei nesta colaboración presentar un pequeno nobelo de ideas, enlazadas por tanto entre si, verbo do problema das traducións da nosa lingua a outras linguas e, así mesmo, das traducións doutras linguas á nosa. Vaia por diante que nos atopamos, polo xeral, nunha situación de absoluta e inxusta desigualdade. Se callar porque o mundo é así...

Hai poucos anos, Pascale Casanova, importante sociólogo da literatura, escribiu a obra *Le république mondiale des lettres*; pois ben, no seu día a capital da república mundial das letras foi Francia, cando eu era máis novo xa non era así e agora non hai propiamente tal capital, mais si hai unha lingua superior en número de posibles receptores en materia literaria que é o inglés. A idea de que as linguas literarias máis importantes son o castelán, o chinés ou a lingua principal de Indonesia (falada por millóns de persoas) non é certa... Abonda con vermos a quen se lle conceden os premios Nobel de literatura. Primeiro a quen escribe en inglés; segundo, terceiro e cuarto a quen escribe en francés; e despois a quen escribe en francés, hai algún caso en italiano, en grego moderno, en chinés... ou en árabe, en que, até onde sei, só hai un único caso. Por tanto, a inmensidade de todas as linguas africanas, após a independencia dos países da África negra, non aparecen na república mundial das letras. Os grandes escritores poscoloniais, receptores de premios nacionais de literatura, escriben en inglés ou francés pois doutro xeito, se escribisen en ioruba, por exemplo, non comparecerían en escena por así dicir. Cabería citar, unicamente, o caso particular doutras

* Nota do editor: Texto elaborado con base na gravación.

linguas caso das escandinavas que fai inevitable termos en conta o lugar xeográfico desde onde se outorga o Nobel (véxase o caso do islandés cun número de falantes semellante ao de habitantes da cidade da Coruña e comarca), ou aínda haberá quen cite o premio Nobel provenzal na figura de Mistral, mais figura como Nobel francés e polas traducións que el mesmo realizou das súas obras ao francés.

Así pois, a primeira idea que desexo enunciar é que somos absolutamente invisibles. Vexamos exemplos que nos han resultar ben próximos: quen tiver nas súas mans a edición inglesa de *Merlín e familia*, traducida simpaticamente por Collin Smith como *Merlin and Company*, verá que aparece literalmente «from spanish *Merlín y familia*». Ben é certo que Cunqueiro tivo a desatención cara á súa lingua de publicar a versión castelá sen ningunha advertencia de que proviña dun orixinal en lingua galega, mais un hispanista da categoría de Collin Smith sabe perfectamente que a primeira edición está en lingua galega.

O dito non ten culpables ou responsables directos; quen subscribe escribe estas liñas tamén pode citar un caso semellante. Véxase a versión portuguesa da miña novela *Bretaña esmeraldina* na cal non hai indicación ningunha de que existe un orixinal galego, malia estar traducida por un amigo meu e galeguista, como foi Xosé Carlos González, e a pesar de o patrón de Bertrand Editora ser naquela altura un empresario –Cordo Boullosa– tamén de orixe galega. Ocorre, pois, que indicar na obra a orixe galega «manchaba», por así dicir, o libro; pensando no lectorado portugués facíase preferible indicar unha procedencia española (mesmo quen elaborou a portada partiu da edición castelá para realizala e colleu a imaxe da parede dunha prisión con pintadas en castelán). Pola contra, a versión eslovena da mesma novela si fai explícita a orixe galega e acompáñase, ademais, dun amplo epílogo sobre a miña persoa, os movementos de liberación nacional en Galicia e a literatura galega. Vemos, por tanto, dous comportamentos ben distintos: o desinterese xa histórico e calculado dos portugueses *versus* o interese esloveno na medida en que a súa historia é semellante á nosa (nun primeiro momento un país dependente do imperio austríaco e que posteriormente se constituíu nunha república socialista).

En definitiva, velaquí un caso en que os intercambios son desiguais. Ocorre que, polo xeral, as grandes editoriais de lingua inglesa non se interesan por ningunha literatura que non sexa das grandes, isto é, a inglesa, a francesa, a italiana ou a alemá e pouco máis, na medida en que o relevante xa non é o número de falantes, senón a importancia das literaturas no concerto internacional, na que poderíamos denominar «a ONU das literaturas». Só moi recentemente apareceron obras, como a de Álvaro Cunqueiro, en inglés e nunha editorial con dimensión comercial, e foi grazas a un esforzo enco-

miable do contorno de John Rutherford e da súa escola de tradutores de Oxford, así como do poeta John Burnie cuxa orixe galesa novamente non deixa de ser significativa. Houbo e hai, por tanto, un importante traballo de difusión das letras galegas –como o que desde esta mesma universidade pode facer De Toro– e moitos outros esforzos que se poderían cualificar «de vontade» para difundir as obras galegas no mundo a través do inglés, mais o certo é que á literatura galega lle resulta moi difícil entrar no mundo de expresión inglesa. Ora ben, non lle ocorre algo moi distinto ao castelán. Proponho a quen ler estas liñas facer a seguinte experiencia: acuda a unha gran librería de Oxford ou Londres e pregunte por obras de Juan Ramón Jiménez ou, por citar un exemplo máis próximo, de Camilo José Cela nunha librería lisboeta. En ambos os casos o máis probable é que a dispoñibilidade de obras sexa nula ou moi escasa.

Hai, xa que logo, dúas posibilidades: incitarmos, producirmos nós as nosas propias traducións, ou agardarmos ao recoñecemento no estranxeiro dos nosos autores e autoras. Sen dúbida, esta segunda vía é a máis desexable. Pensemos que o libro non deixa de ser unha mercadoría, mais a autopropaganda no mundo literario non vale. De datas recentes é o fenómeno de Manuel Rivas e en menor medida de Chus Pato, para alén do que ocorre coa literatura infantil e xuvenil con Agustín Fernández Paz á cabeza, quen ao parecer é o autor galego traducido a un maior número de linguas da historia. Indo por partes, Manuel Rivas aparece traducido nas editoriais máis prestixiosas e relevantes do mundo alemán ou anglosaxón entrementes que para a antiga capital da república mundial das letras está editado nin máis nin menos que en Gallimard, o cal equivale a estar presente entre a elite da elite da cultura francesa. É no catálogo desta editorial onde está *Os libros arden mal*, é dicir, a cidade da Coruña, baixo o fermoso título *L'Éclat dans l'Abîme*, tomado do nome da sociedade anarquista coruñesa Resplandor no abismo.

Pola súa banda, Chus Pato é un caso totalmente diferente, pois está a ser traducida en editoriais de poesía minoritarias mais asemade moi prestixiadas do ámbito canadense, norteamericano e español. É dicir, está presente nos circuitos de elite da poesía española e particularmente da poesía feminina, de modo que podemos afirmar que hoxe en día Chus Pato exerce influencia en novos e, sobre todo, novas poetas norteamericanas e canadenses. Estamos diante dun fenómeno até o momento inexistente, tendo en conta que o máximo que dixeran de nós nos Estados Unidos, un tanto condescendentemente, é que Rosalía de Castro foi moi importante e mesmo se parecía a Emily Dickinson, malia que, a meu ver, unicamente comparten unha mesma época.

Recapitulando, a tradución de literatura infantil e xuvenil, a existencia de fenómenos como o de Rivas ou a presenza en editoriais de prestixio son fenómenos completa-

mente novos, mais, insisto, convén non esquecer que non sempre nun libro dun autor galego traducido a unha lingua «das grandes» se recoñece a súa procedencia galega. Aos dous exemplos xa mencionados aínda se podería engadir algún outro máis: o caso xa mencionado de Collin Smith non resulta tan estraño ao reparar en que é o editor dun dicionario español-inglés/inglés-español, en que se definía *galician* como «spanish dialect»; outro tanto ocorre na edición italiana d'*As crónicas do sochantre*, da responsabilidade de Giovanni Allegra baixo o título *Cronache di un maestro di coro* sen a indicación por ningures do orixinal en galego (*Titolo originale: Las crónicas del Sochantre*); eu mesmo na miña nenez, cando estaba moi de moda entre as clases medias e intelectuais o poeta Rabindranath Tagore, tardei moito en saber, malia ser coñecedor da súa orixe india, que todas as súas obras estaban escritas en bengalí, pois os seus tradutores ao castelán –Zenobia Campubrí e Juan Ramón Jiménez– partiron das súas versións en inglés sen maiores indicacións. Máis un caso de invisibilización dunha lingua...

A relación do escritor galego co mundo exterior podería trazarse en tres fases: o primeiro que sabía é que non había máis mundo exterior que o castelán; posteriormente, o/a escritor/a tipo bate co portugués e xorde a curiosidade –literaria e política– por Portugal; e, en terceiro lugar, bate coa literatura universal (se é que tal cousa hai) a través das traducións ao castelán. O resultado desta evolución converte o escritor galego nun escritor dependente, de provincia, colonizado; a lingua A, a lingua das traducións é o castelán.

É a partir de Frei Martín Sarmiento e da primeira obra literaria moderna, o *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (a pesar de que a historia canónica da literatura galega non a recoñeza como tal), cando temos xa un escritor galego e en galego políglota que coñece perfectamente as linguas clásicas, coñece o portugués e razoa moi ben a súa separación respecto do galego, así como manexa bibliografía inglesa, francesa, italiana... Está, en definitiva, en condicións de nos ofrecer a primeira proposta dunha lingua literaria galega autodeterminada, autónoma, sen a necesidade de pasar pola alfándega do castelán.

Esta actitude segue nos nosos clásicos, de modo que se sabe que Rosalía leu en francés o Leabar Gabala e algún día haberá que investigar o seu coñecemento de Hölderlin e do alemán; Pondal, lector políglota, coñecía tan ben a literatura francesa que escribía poesía parnasiana ao mesmo tempo que Leconte de Lisle; na Xeración Nós, Otero Pedrayo é o primeiro cidadán da península Ibérica que sabe quen é James Joyce e, se se me permite, diría que Risco é o segundo. Ambos leno en inglés e tradúceno, achéganse a románticos alemáns practicamente descoñecidos no resto do Estado

(véxase a novela biográfica que Otero escribe sobre Zacharias Werner que nin está traducido ao español e apenas é coñecido).

Velaquí uns cantos exemplos ben significativos do que somos quen de facer desde Galicia, de modo que en función do coñecemento doutras linguas poderíamos falar de dous grandes grupos de escritores galegos: aquel ou aquela que si coñece outras linguas, mais por mor da súa invisibilidade e coñecemento no exterior pode acceder ás novidades e mesmo podería apropiarse delas, isto é, converterse tranquilamente en plaxiario sen que nada aconteza; o outro tipo é aquel que non domina outras linguas e está destinado a coñecer as novidades a través dos suplementos dos xornais ou, como moito, do que se comenta en Portugal, mais certamente está nunha posición ben difícil ao depender das traducións que houber no castelán para entrar, por exemplo, en diálogo co seu tempo.

Canto ás traducións que se fan ao galego de linguas estranxeiras contribúen, alén da difusión de autores estranxeiros (angueira que está presente en Galicia desde o século XIX), ao fortalecemento, á «musculación» da lingua galega como lingua literaria. Non esquezamos que o proceso de constitución dunha lingua literaria é cousa dos escritores, dos lectores e mais dos intermediarios entre ambas as partes, é dicir, aqueles que recomendan (ou censuran os libros) e, por suposto, dos profesionais das tradución que exercitan a lingua galega, sométena a novos desafíos. No sentido contrario claro está que é marabilloso que a nosa literatura salte fronteiras, mais o desexable é que se (re)coñeza como tal, como galega ou, se se me permite, que se saiba que seguimos «a escribir en ioruba» e que esta sexa unha lingua igual a calquera.

As políticas de tradución no caso galego

SILVIA MONTERO KÜPPER

Universidade de Vigo

Resumo

Neste traballo ofrecemos unha análise das políticas de tradución da Xunta de Galicia, dando conta tanto do apoio económico das últimas décadas como do apoio loxístico que a Administración galega prestou co fin de promover a tradución de textos do e ao galego.

Para poder optimizar os esforzos neste ámbito, insistimos na creación dunha «Oficina do Libro» que analice e aconselle estratexias de actuacións en materia de tradución. Canto ás subvencións, constatamos que cumprirían partidas orzamentarias máis xenerosas para poder apoiar as traducións do e ao galego, así como unha revisión e ampliación das actuación neste eido. Propoñemos promover a tradución de textos diferenciadores ou á marxe da cultura hexemónica e relegar a tradución (importación) de clásicos a un segundo plano.

Palabras chave

Culturas subordinadas, políticas de tradución, literatura galega, cultura galega.

1. Introducción

Ao longo das últimas décadas tense comentado e criticado no seo do sector académico e profesional as políticas de tradución non só das editoriais senón así mesmo da administración autonómica galega.¹ Nas seguintes páxinas ofrecemos algunhas reflexións sobre a natureza das políticas de tradución en Galicia para analizar as actividades de apoio á tradución prestadas nos últimos anos desde as institucións públicas.

Entendemos por políticas de tradución as actuacións, así como as pautas ou directrices preliminares, que marcan as liñas xerais nas decisións dunha entidade pública ou privada² en materia de tradución. A seguir trataremos unicamente as políticas de tradución que emanan de entidades públicas para apoiar as traducións editoriais, considerando que a presenza ou ausencia dunha planificación no propio sector editorial galego ou as políticas de tradución de fundacións, as axencias e as asociacións de tradución se rexen por outros criterios³ ou teñen un campo de actuación diferente e do que non tratamos neste espazo. Somos conscientes de que estas entidades dependen en ocasións das políticas culturais públicas.

Consideramos que a tradución tanto de textos literarios como non literarios é un elemento imprescindible que incide na reconfiguración da identidade cultural galega. Aínda hoxe, pasados trinta anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística,⁴ recoñecemos a tradución como unha actividade non só mediadora, senón tamén normalizadora no que ao uso da lingua galega se refire.

Neste sentido, a tradución e, así mesmo, a interpretación cara a e desde o galego deberían ocupar un lugar importante nas políticas culturais (neste caso na subsección de planificación e normalización lingüística e da tradución). Cabré opina en relación cunha situación de normalización:

¹ Véxanse, entre moitos outros escritos, Buján Otero / Nogueira Pereira (2011: 3 e 4), García González (2006), Gómez Clemente (2009: 442), Luna Alonso (2006), Díaz Fouces (2005) ou Montero Küpper (2002: 196 ss.).

² Léase: editoriais, particulares, fundacións, a Xunta de Galicia, o Estado español etc.

³ Os premios de tradución da Fundación Plácido Castro, por exemplo, promoven «versións en lingua galega das grandes obras da literatura universal» (<http://www.igadi.org/web/fundacion-placido-castro>); véxanse tamén os criterios dos contratos para a prestación dun servizo de tradución etc.

⁴ Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14.07.83).

En una situación óptima para la normalización, el principal instigador del cambio lingüístico es la propia sociedad que utiliza una lengua; las instituciones de gobierno ejercen la función de coordinar y ordenar el proceso. Dejar ese proceso de cambio a la influencia de los factores contingentes que se produzcan de manera natural y espontánea no parece ser el mejor método para llegar a resultados positivos en la recuperación de una lengua. (Cabré 1992: 87)

A necesidade de intervención no ámbito das traducións non só se dá e se cuestiona nos espazos onde a lingua propia se atopa nunha situación subalterna. As institucións públicas doutras comunidades (dominantes), como a española, francesa ou alemá, coordinan a política cultural ou ordenan o proceso de traducións (editoriais) ofrecendo apoio económico ou loxístico e convocan premios de tradución, conceden bolsas para quen traduce etc.

Entre os obxectivos xerais e as actividades que deberían formar parte das políticas de tradución no caso galego destacamos:

- ofrecer textos divulgativos, científicos ou literarios doutros espazos culturais en galego,
- dispor de intérpretes e promover a demanda de interpretación ao e do galego,
- poder contar con profesionais da tradución e interpretación xurada en varias combinacións lingüísticas,
- elaborar ferramentas necesarias como dicionarios bilingües e monolingües ou glosarios especializados para poder traducir e interpretar sen ter que pasar por unha terceira lingua,
- o apoio activo de entidades profesionais (AGPTI) ou outras asociacións (ATG) e
- a visibilización das e dos profesionais da tradución etc.

Unha política de tradución pode incidir na tipoloxía textual, nos textos que se traducen, en quen edita, quen traduce, linguas das/ás que se traduce, como se traduce (estéticas tradutivas que inclúen, por exemplo, cuestións de xénero, grao de neutralizacións culturais ou ideolóxicas, aceptabilidade de traducións indirectas, censura etc.) ou en como se presentan os textos traducidos (paratextos). Este tipo de política da tradución marcadamente intervencionista (mesmo sen se restrinxir ao ámbito editorial) podería chegar a ser pernicioso, excesivamente politizado e non dar atendido as necesidades da sociedade.

2. O sector editorial

O labor das editoriais constitúe un dos piares para que a produción literaria, científica, divulgativa etc. en galego poida evolucionar e apoiar o capital cultural galego. Non cabe dúbida de que as editoriais participan de xeito decisivo no desenvolvemento cultural dunha sociedade, pois controlan as fases de selección, produción e incluso o proceso de recepción dunha estética (Montero Küpper 2011: 237). Neste senso tamén ocupan unha posición de poder no caso galego que pode ser prexudicial, mais da que á vez nos poderíamos beneficiar desde o punto de vista da normalización cultural, así como para satisfacer a demanda daquelas publicacións que o mercado español non dá ofrecido. Este feito, pero así mesmo a importancia que se lle outorga ao sector editorial galego, beneficiario de subvencións para a edición de traducións, lévanos a centrar a atención nas políticas públicas dirixidas á tradución editorial galega.

Para contextualizar o valor da tradución do e ao galego en relación coa edición en lingua galega parécenos oportuno esbozar en primeiro lugar algúns datos do sector editorial galego desde a década de 1980:⁵

a) A maior parte da edición en lingua galega prodúcese ao abeiro de editoriais privadas que, a pesar da recesión económica, seguen a proliferar unha vez que a produción de libros na era dixital xa non resulta tan custosa. Segundo a información que figura na base de datos do ISBN para a edición en lingua galega, en 2010, a Xunta de Galicia tan só figura como a 25.^a editorial (edición en galego) con 22 rexistros de ISBN inscritos. Existen empresas galegas que editan coleccións específicas, dedicadas unicamente a publicaren títulos traducidos ao galego ou desde o galego (Rinoceronte Editorial e o seu selo Pulp Books respectivamente) ou a xéneros literarios (Urco Editora publica sobre todo literatura traducida de fantasía, ciencia ficción e terror, ademais de banda deseñada).

b) Nos últimos cinco anos a edición en lingua galega sumaba unha media duns 2200 volumes anuais cunha tendencia porcentual actual á baixa: a edición en galego supuxo en 2010 un 2,2 % (MCU 2011: 112) e en 2011 un 1,8 % (MCU 2012: 31) do volume total de libros editados no Estado español. O presidente da Asociación Galega de Editores, Manuel Bragado, denunciaba no seu *blog* BRÉTEMAS no mes de outubro de 2012 a situación desprotexida das editoriais galegas:

⁵ Para máis detalles remito aos artigos de Ana Luna Alonso e de Iolanda Galanes Santos neste mesmo volume en que as autoras ofrecen datos sobre a importación e exportación de textos galegos.

Unha panorámica sobre a situación actual do sector editorial galego [...] non pode ocultar a redución dos fondos destinados pola Xunta de Galicia ás políticas públicas de lectura e ás destinadas ao fomento da lingua galega, entre o 50% e o 65% de todas as súas partidas, que se produciu dende 2009. As compras de novidades editoriais en lingua galega destinadas a bibliotecas públicas, reducíronse de 1.250.000 euros (2009) a 500.000 euros (2012) [...]. Outrosí sucede coas axudas convocadas, ao longo de dúas décadas, pola desaparecida Consellaría de Cultura destinadas a Grandes Proxectos Editoriais (non convocadas xa en 2012) e a Tradución de obras para o galego e dende o galego que tras a redución ao 50% do seu importe, sufriron o alongamento do pagamento dos seus importes a un terceiro exercicio. (Bragado 2012b)


c) De xeito parello á edición, a actividade tradutora do e sobre todo ao galego foi aumentando desde a aprobación da Lei de normalización lingüística en 1983, inicialmente debido á coñecida necesidade de incorporar libros de texto e literatura en lingua galega no sistema cultural e educativo galego, e máis tarde tamén grazas á presenza de profesionais e dunha maior formación en linguas estranxeiras.

d) En relación coa edición en galego a porcentaxe das traducións ao galego medrou: para os anos 2002-2006 supuxo un 18,26% e para o quinquenio 2007-2011 un 22,3%.⁶ De excluirmos deste cómputo o material didáctico, constatamos que tanto no caso dos textos galegos importados como dos exportados se trata maiormente de traducións literarias entre as que destaca a supremacía da produción de literatura infantil e xuvenil (LIX). No caso dos textos importados, a LIX ascende a un 70% de toda a literatura traducida nos últimos 30 anos.⁷ Nos anos 2006-2010 aumenta lixeiramente a tradución da literatura dirixida a un publico adulto (66% LIX e 34% LIT A). Desde os anos 90 o volume de textos non literarios importados tamén vai collendo máis corpo (15-20 títulos/ano).

A seguinte gráfica serve para visualizar de xeito resumido a actividade tradutora do e ao galego de textos literarios:

⁶ Estas porcentaxes inclúen todo tipo de texto publicado e traducido en lingua galega, tanto en soporte papel como dixital (literatura, divulgación, libros de texto etc.). Trátase maioritariamente de primeiras edicións; as porcentaxes están elaboradas segundo os datos de Bragado (2011).

⁷ Datos de BITRAGA 1981-2011.



Gráfica: Volume de exportación e importación de traducións literarias.
Elaboración propia (BITRAGA).

Constatamos, pois, que a exportación de textos literarios galegos ao longo dos últimos 30 anos tamén foi aumentando de xeito considerable. Para o quinquenio 2008-2012 rexistramos unha media de 63 traducións por ano de textos literarios galegos.⁸ Con todo, a maioría das traducións do galego édítase no Estado español debido principalmente a que existe un intenso intercambio entre as comunidades españolas⁹ ao que se suman varias traducións ao inglés tanto de LIX como de literatura para adultos promovidas e editadas en Galicia. No que atinxe ás traducións de textos non literarios estimamos que non chegan ao 10% do total das traducións.

3. As axudas institucionais

Ao inicio do anterior apartado aludiamos á posición de poder das editoriais. Estas actúan nun mercado globalizado cuxos produtos dependen en gran medida das opcións impostas polos mercados e comunidades economicamente máis favorecidas. Aínda así, non deberíamos deixar de lado as relacións de poder e a vontade ou dispoñibilidade que a miúdo emanan das sociedades e institucións a favor dunhas actuacións democráticas. A democratización do mercado do libro pasaría por unha discriminación positiva para os sectores circunstancialmente desfavorecidos.¹⁰ Desta maneira poderíase favorecer unha maior visibilidade non só da cultura galega senón tamén das editoriais.

⁸ Fonte: BITRAGA.

⁹ Das traducións do galego publicadas no quinquenio 2008-2012 só unha terceira parte sae ao mercado no estranxeiro.

¹⁰ As editoriais galegas, por exemplo, comparten o mercado co libro en castelán e teñen tiraxes máis baixas cunha marxe de beneficio inferior fronte a entidades do sector máis poderosas.

No tocante á importación e exportación cómpre recordar que do mesmo xeito que unha obra (estranxeira) traducida a unha lingua minoritaria española non é competitiva fronte ás traducións españolas (ben por razóns económicas, ben polo prestixio minorizado daquela), tamén resulta que unha obra dunha cultura subordinada como a galega e con pouca visibilidade (por estar neutralizada pola cultura española) non pode competir con literaturas doutras culturas xa instaladas nunha cultura receptora. Para o caso da exportación da nosa cultura como tal e para que o mercado do libro galego traducido fose competitivo, sería conveniente que as editoras galegas puidesen adquirir os dereitos de tradución das obras que elas publican en versión orixinal. Desta maneira poderíase asegurar un maior número de vendas nas linguas do Estado español (de interese, sobre todo, no caso dos *best seller*), así como unha maior visibilidade no plano internacional.

Á mencionada discriminación positiva accédese a miúdo mediante un apoio económico das entidades públicas. No que ao apoio económico se refire, neste artigo só nos ocupamos das subvencións estatais e da Xunta de Galicia, deixando as axudas que, por exemplo, ofrecen a Unión Europea, algúns organismos públicos de varios países ou transnacionais e entidades financiadas con fondos mixtos,¹¹ para futuras investigacións.

3.1. As axudas do Estado español

As axudas para a difusión da cultura e literatura galegas non corren só a cargo da Administración galega xa que o Estado español, a través do Ministerio de Cultura, convoca en 1984 por vez primeira axudas á tradución e edición en linguas estranxeiras de obras literarias españolas redactadas en calquera das linguas oficiais do Estado (González Martín 2002/2003: 80).¹² Así, desde 1986 convócanse axudas á tradución ao castelán de obras escritas noutras linguas oficiais españolas.¹³ Estas axudas ampliáronse pronto para fomentar o intercambio entre todas as linguas oficiais do Estado. No tocante ás traducións de textos galegos, durante o quinquenio 2004-2008, por exemplo, outorgáronse un total de 38 129,19 € en concepto de subvencións para traducir 22 volumes ao castelán, éuscaro ou catalán. Isto corresponde a un 13,6% sobre o total das subvencións (MCU 2008: 70 e ss.).

¹¹ Por exemplo a Plataforma Europea para a Tradución Literaria (PETRA), grandes editoriais etc.

¹² Orde do 7 de xuño de 1984, BOE n.º 164, 10/7/1984.

¹³ Orde do 15 de abril de 1986, BOE n.º 97, 23/4/1986.

Desde que en 1987 se concedeu a primeira axuda estatal para a tradución dunha obra galega¹⁴ aprobáronse (até o ano 2012) vinte e oito (28) proxectos de tradución e edición de obras literarias galegas en linguas estranxeiras por un importe total duns 100 000 €. A partir de 1995 contamos con, polo menos, unha editorial estranxeira ou nacional por ano que recibe unha axuda para a tradución e edición dunha obra galega. Trátase sobre todo de textos narrativos clásicos (Álvaro Cunqueiro) ou contemporáneos (Xosé Luís Méndez Ferrín ou Manuel Rivas¹⁵), ademais dalgúns volumes de poesía clásica e contemporánea (véxase Rosalía de Castro, Luís Pimentel ou Miguel Anxo Fernán Vello). Entre estes títulos unicamente figuran textos literarios dos que só rexistramos unha única obra de literatura infantil e xuvenil galega.

3.2. O apoio da Administración galega

A Administración galega, en cumprimento da Lei de normalización lingüística (art. 20) puxo en marcha varias formas de axudas pecuniarias para fomentar a presenza da literatura galega no estranxeiro e para a tradución de textos publicados orixinariamente noutras linguas. Unha das modalidades son os premios de tradución ao galego (actualmente inexistentes) co fin de incentivar a actividade tradutora, outras o apoio económico para expositores en feiras e as axudas económicas para a produción editorial ou a remuneración da tradución editorial. Estas subvencións constitúen as principais medidas da nosa administración pública e inclúen tanto as iniciativas para promover a tradución ao galego como as iniciativas de internacionalización do capital cultural galego.

3.2.1. O apoio económico: as subvencións

Até o ano 2006 as convocatorias das axudas á edición incluían as subvencións a empresas editoriais para apoiar tanto a edición do libro galego en xeral, como para as traducións desde e para o galego. Nos respectivos orzamentos, que para os primeiros anos deste século ascenden a uns 150 millóns de pesetas,¹⁶ non se especificaban as partidas segundo o tipo de subvención á edición de creación ou á edición de traducións directas e inversas. A orde de 2006 xa non recolle o apoio á produción editorial de

¹⁴ Trátase da tradución dun texto literario ao italiano de *Xa vai o Griffón no vento* (1984) de Alfredo Conde. As convocatorias inclúen tanto textos literarios como científicos.

¹⁵ Máis da metade do importe das subvencións destínase á tradución e edición de obras deste autor.

¹⁶ Uns 900 000 €. Véxanse por exemplo as convocatorias de 2000 ou 2001.

modo xeral, senón que especifica, alén das axudas á «produción editorial para apoiar a tradución», o apoio para «os grandes proxectos editoriais».¹⁷ A partir de 2007 estas convocatorias de subvención de carácter anual (interrompidas en 2009) son exclusivas para a tradución tanto ao galego de textos redactados orixinariamente noutra lingua como para traducións de textos galegos.

A modalidade de axuda (destinada á edición de orixinais galegos e de traducións) non se modificou desde que a Xunta de Galicia as convocou por primeira vez en 1987.¹⁸ Durante os primeiros anos as axudas ascendían a 4500 € por obra e a partir da segunda metade dos anos noventa a 6000 € máximo por obra. Estaban dirixidas ás editoras para financiar as traducións segundo as tarifas fixadas pola Asociación de Tradutores Galegos (ATG; Senín 1990: 37, *Viceversa* 1995).¹⁹ Máis tarde, a partir de 2005 as convocatorias xa non remiten á ATG, xa que se especifican as tarifas por páxina e lingua, mais sen diferenciar o tipo de texto (especializado, divulgativo, literario...). Estas tarifas non se modificaron desde 2005.

No seu exhaustivo estudo sobre a industria editorial en Galicia dos anos 1973-96 Verdugo Matê critica as políticas de subvención que se dirixen á produción (creación e tradución) sen ter en conta o volume de venda do produto. De feito, as subvencións non se vinculan a unha debida promoción dos volumes e só desde hai dous anos (talvez debido ás voces críticas dos últimos anos) as editoriais solicitantes teñen que entregar un «plan de distribución». O éxito de venda, segundo a autora, podería ser indicativo das preferencias do público consumidor e incentivar as editoriais de estar vinculado á contía das subvencións (Verdugo Matê 1998: 50). A autora opina que estas subvencións non implican realmente un fomento da lectura en galego, xa que os prezos reducidos do produto final chegaron a se aplicar mesmo a libros de texto que son de obrigada lectura e deixaron outras obras en desvantaxe fronte aos libros en castelán cun prezo máis baixo (Verdugo Matê 1998: 55).

En 2005, coincidindo co cambio do goberno galego, esta liña de subvencións viuse alterada. O novo goberno optou por promover con ímpeto a visibilización da propia

¹⁷ Orde do 27 de xuño de 2006, DOG n.º 137, 17/7/2006.

¹⁸ Verdugo Matê (1998: 47) sinala que estas axudas só se convocaron a partir de 1987, é dicir, catro anos despois da promulgación da LNL.

¹⁹ Véxase por exemplo: Orde do 12 de decembro de 1996 (DOG n.º 253, 30/12/1996), en que se fixa por primeira vez un máximo de 950 000 ptas. por obra, así como a Orde do 25 de xaneiro de 2001 (DOG n.º 29, 9/2/2001).

identidade dentro e fóra da súas fronteiras, así como por unha pronunciada difusión exterior da nosa cultura. No tocante ao libro galego, estas ideas plasmariáanse na nova Lei do libro²⁰ que no seu artigo 6 ‘Dos tradutores e tradutoras’ explicita:

1. Co obxecto de promover o uso do galego e enriquecer o noso patrimonio cultural, a Xunta de Galicia potenciará a tradución á nosa lingua e da nosa lingua a outras linguas. Con este fin elaborará unha liña de axudas periódicas e fomentará a tradución mediante convenio coas editoras e asociacións de tradutores e tradutoras. [...] Promoverase especialmente a tradución de obras da literatura universal, así como daqueles textos que se consideren de referencia obrigada nos distintos ámbitos científicos e técnicos ou dos que se poidan empregar como manuais de estudo nas universidades galegas.

Nos anos 2005 a 2008, o orzamento para as axudas á tradución pasou de 90 000 € en 2004 (para 30 obras galegas e foráneas subvencionadas) a aproximadamente 200 000 € en 2007²¹ e finalmente, en 2008, a 295 000 € para subvencionar un total de 144 obras (segundo o reconto dos títulos que figuran na respectiva Resolución do 29 de outubro de 2008 (DOG 232, 28/11/2008). De xeito excepcional, estas axudas complementáanse en 2008 cunha nova modalidade para probas de tradución que apuntan claramente á intención de proxectar no exterior a cultura galega. Sorprende que só se chegase a conceder un importe de 2970 € para un total de 22 probas (inglés e castelán) dos que se beneficia unha única editorial (Ed. Galaxia), cando a respectiva orde de 2008 establece unhas axudas por un importe de 25 000 €.²²

O novo goberno elixido en marzo de 2009, xa en tempos de crise económica, decide omitir ese mesmo ano as axudas para a tradución. As consecuencias fanse notar inmediatamente no sector editorial e na difusión minguada da cultura galega no plano internacional. A Administración galega retoma as convocatorias para axudas á tradución a finais de 2009 para o ano 2010 cun orzamento de 300 000 €²³ dos que só se conceden 237 000 € (case 79 000 € se destinaron á tradución inversa e uns 158 000 € á tradución directa). Xa en 2011, o importe presupostado na convocatoria redúcese a 200 000 € dos que se conceden un total de 197 000 € (case 75 000 € para traducións

²⁰ Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.

²¹ Bará Torres (2011: 76 e ss.) cita 47 traducións inversas subvencionadas para os anos 2006 e 2007.

²² Resolución do 18 de setembro de 2008, DOG, n.º 196, 9/10/2008.

²³ Orde do 12 de novembro de 2009, DOG, n.º 232, 26/11/2009.

de textos galegos a outras linguas). A subvención da convocatoria de 2012, finalmente, ascende a cerca de 168 000 € que se librarán entre os anos 2012 e 2013 (aprox. 75 566 € para 25 traducións de textos galegos e 92 500 € para traducións ao galego).²⁴ O apoio institucional co que contaban moitas editoriais e así mesmo varias asociacións entre os anos 2005-2008, intensificado daquela con proxectos e programas, viuse diminuído no percurso dos últimos anos.²⁵

Criterios de valoración, tipo de textos subvencionados e espazos traducidos

Os criterios de valoración das solicitudes foron mudando ao longo dos anos axustándose ao obxecto das convocatorias e aos idearios culturais dos gobernos no transcurso dos anos. En relación con estes criterios parécenos salientable que, alén da importancia das obras e do funcionamento así como da posición das editoriais solicitantes, na orde de 2001 (e seguintes convocatorias) se inclúa o criterio «importancia da obra dentro do panorama literario».²⁶ Isto revélanos a preponderancia ou exclusividade implícita das subvencións para textos literarios fronte ao ensaio ou outras tipoloxías textuais. A convocatoria de 2005 xa non inclúe este criterio, en cambio semella implicar certa sensibilización cara ao labor da tradución como feito creativo ao incluír o punto «Currículo do tradutor».²⁷ En ningunha convocatoria se chegan a concretar os tipos de texto ou linguas preferidas, nin o grupo destinatario xa que os criterios de selección se limitan a indicar como criterio a «Calidade da obra» (orde do ano 2001 entre outras) ou o «Interese xeral da obra»²⁸ sen que se definan a importancia, calidade ou interese.

Se as anteriores convocatorias deixaban certa liberdade e imprecisión no que á preferencia de tipo de texto se refire, as últimas convocatorias (ordes de 2009 e 2011) deixan patente unha predilección por obras de carácter ‘universal’ ou globalizador pois sinalase na convocatoria aos textos clásicos:

²⁴ Orde do 29 de decembro de 2010, DOG, n.º 2, 4/1/2011; Resolución do 21 de novembro de 2011, DOG n.º 246, 27/12/2011; Resolución do 17 de outubro de 2012, DOG n.º 205, 26/10/2012.

Nótese que as subvencións concedidas non teñen por que coincidir cos importes librados pois semella que as editoriais non sempre chegan a recibir as contías, xa que hai títulos que se repiten en resolucións sucesivas (p. e. 2011 e 2012).

²⁵ Tamén o PEN Club de Galicia tivo que ver como algún convenio coa Xunta de Galicia quedou anulado e outros proxectos de traducións, como por exemplo *Diversity* (<http://diversity.org.mk/>).

²⁶ Orde do 25 de xaneiro de 2001, DOG n.º 29, 9/2/2001.

²⁷ Orde do 7 de febreiro de 2005, DOG n.º 43, 3/3/2005.

²⁸ Orde do 24 de xaneiro do 2004, DOG, n.º 54, 17/3/2004 e sucesivas convocatorias.

3. Esta comisión valorará os expedientes conforme os seguintes criterios, por orde decrecente de prioridade e coas puntuacións máximas que figuran na relación:

a) Interese cultural intrínseco da obra, tendo en conta aniversarios e centenarios que se celebren en 2010 e 2011: 12 puntos. [...]

b.2) A proxección internacional da tradución (en atención aos premios recibidos pola obra, e os países en que se comercializa): ata 10 puntos.²⁹

Talvez estes criterios expliquen o gran número de textos clásicos subvencionados (importación e exportación) para 2011 e 2012 fronte á porcentaxe moito maior de textos divulgativos ou científicos importados (40%) e exportados (25%) así como certa énfase na literatura contemporánea (narrativa) subvencionada en 2008. De modo global constatamos que as obras seleccionadas adoitan ser obras que xa forman parte do noso sistema cultural a través dunha versión española.

Atendendo ás resolucións publicadas nos respectivos DOG, a maioría dos títulos galegos subvencionados son traducións do e ao castelán. A modo de exemplo indicamos que entre os 41 títulos galegos (vs. 103 textos de fóra) seleccionados para as axudas en 2008 só contamos 7 traducións ao inglés, seguido do italiano (2) e unha (1) tradución ao búlgaro, ao portugués e ao ruso. Entre os títulos subvencionados seguen a prevalecer as traducións ao castelán: na resolución da convocatoria para 2011 cítanse subvencións para 14 traducións ao castelán fronte a dúas ao búlgaro, italiano e portugués e cadansúa ao catalán, inglés e ruso. E en 2012 as traducións ás linguas do Estado español ocupan un 80% pois só se chegan a subvencionar en total cinco traducións ás linguas alemá, búlgara (2), italiana e xaponesa.

As obras que reciben unha axuda son, sobre todo, textos literarios que se dirixen a un público adulto. Nos últimos anos, a preferencia por este tipo de texto literario está condicionada polos devanditos criterios das convocatorias (*supra* 3.a).

De considerarmos o número reducido das editoriais estranxeiras³⁰ que chegaron a recibir algunha subvención para a tradución de obras galegas, as convocatorias non

²⁹ Orde do 12 de novembro de 2009, DOG, n.º 232, 26/11/2009.

³⁰ As subvencións de traducións desde o galego de 2008 (para o que se rexistra unha suma importante de máis de 130 000 €) concédense a cinco editoriais estranxeiras fronte á nove galegas e cinco ao resto do Estado español. Para o ano 2011 contamos catro editoriais españolas, cinco galegas e a valenciana Edicións Bromera.

semellan ter moita difusión. Un interese serio de internacionalización da cultura galega (e non só das editoriais) debería incluír un programa de difusión das convocatorias máis intenso.³¹

As feiras

Para promover a difusión da literatura galega resultan ser factores decisivos, ademais das axudas á tradución, as visitas de autoras e autores a universidades, centros de estudos galegos, institutos Cervantes ou feiras internacionais do libro (FIL). As feiras hispanoamericanas son unha importante ferramenta estratéxica para promover o sector do libro e a cultura galegas. A FIL de Bos Aires, por unha parte, é especialmente interesante polo gran número de emigrantes galegos que alí residen. Ademais, estímase que a FIL de Guadalajara en México é a feira máis importante deste mercado cultural en español de Iberoamérica. O Estado español adoita ser un dos países máis representados nesta FIL.

A Administración galega asistiu por primeira vez a feiras en Bos Aires, Guadalajara e Montevideo en 2007. Un ano máis tarde acode, tamén por vez primeira, á Bienal do Libro de Brasil en São Paulo (Bará Torres 2011: 79). Neste mesmo ano Galicia fora a cultura convidada de honor na FIL da Habana de 2008. Non obstante, as editoriais galegas (como Galicia Nova ou Kalandraka entre outras) xa acudiran ás FIL hispanoamericanas adiantándose ás actividades da administración galega en anos anteriores.³² Estas mesmas editoriais, xunto con OQO, son tamén precursoras noutros espazos, pois foron abrindo camiño no continente asiático a través dos contactos creados nas respectivas feiras en Beijing e Toquio.

Nos últimos anos, e coa intención de promover unha maior internacionalización, o goberno galego adoitaba participar nas FIL máis importantes de Europa (Frankfurt, Boloña ou a Líber en Madrid ou Barcelona) e Latinoamérica a través dun expositor institucional que puña a disposición de varias editoriais galegas. Con todo, o orzamento para a organización dos actos que desenvolveu a Consellería de Cultura e Turismo para as FIL de 2012 non considera nin a FIL de Frankfurt nin a Líber. Inclúese unicamente a participación nas FIL de Bos Aires, Guadalajara e Boloña (só LIX) cun

³¹ Dirixirse ás asociacións estranxeiras de tradución literaria, aos centros de estudos Galegos –existen case 40–, ofrecer información con maior visibilidade en liña etc.

³² Esta editorial, por exemplo, xa se deu a coñecer na Feira Internacional do Libro de Guadalajara en 2001. En: <www.kalandraka.com>.

orçamento de 155 000 €, o que implica unha redución superior a un 40% con respecto ao ano anterior.³³

3.2.2. O apoio loxístico

Esta modalidade inclúe a organización e promoción de actividades formativas e informativas, entre as que citamos:

- convocar probas de habilitación para a tradución e interpretación xurada,
- obradoiros de tradución de textos literarios,
- formación das e dos axentes de tradución literaria,
- promover a xestión de grupos de traballo compostos por especialistas do ámbito editorial, académico, axencias literarias etc. coa finalidade de acordar suxestións de títulos que se poderían importar ou exportar,
- actividades de visibilización das e dos profesionais da tradución e interpretación (mediante a celebración do Día Internacional da Tradución, viabilizar a creación dun colexio de tradución e interpretación etc.),
- fomentar plataformas informativas en liña (dereitos de tradución, información xeral sobre a literatura galega, listaxe e información sobre textos e autorías foráneas que non están traducidos³⁴ etc.),
- revisar as actuacións e estratexias de política de tradución, e
- terzar entre as políticas editoriais e o mercado, e outras actividades.

A licenciatura de Tradución e Interpretación que se ofrecía na Universidade de Vigo (plan 1992) permitía unha habilitación automática como profesional para a tradución e interpretación xurada das persoas tituladas nas combinación lingüísticas inglés-galego e francés-galego (Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e

³³ Resolución do 30 de decembro de 2011, DOG n.º 6, 10/01/2012.

³⁴ Véxase p. e. <<http://www.schwob.nl/>>.

viceversa; DOG n.º 182, 20 de setembro). As probas de habilitación para a tradución e interpretación xurada leváronse a cabo nos anos 2007, 2008 e 2009 para varias linguas estranxeiras. Aínda así quedan moitas combinacións lingüísticas desatendidas. Para a combinación alemán-galego, por exemplo, non se rexistra ningún/ha profesional para a tradución ou interpretación xurada para Galicia, pero si existe polo menos un tradutor xuramentado para esta combinación lingüística con validez en Alemaña.

En 2008, a Xunta de Galicia –daquela en colaboración con especialistas do ámbito cultural e académico– ideara un Seminario de Tradución que, porén, non se chegou a levar a cabo debido ao cambio de goberno. Este seminario que incluía obradoiros de tradución literaria, contaba entre os seus obxectivos coa formación continuada de tradutoras e tender pontes entre tradutores e editoriais. En 2012 por fin tivo lugar un encontro internacional de tradución poética (*Con barqueira e remador*) en que participaron sete poetas europeos que traduciron reciprocamente os seus textos. No entanto, este obradoiro de participación exclusiva de escritoras/es e patrocinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co fin de promover a proxección do galego organizouse á marxe de especialistas do ámbito académico ou profesional da tradución.

O desexo de sistematizar os esforzos de proxección da literatura e do libro galego tamén se ten expresado desde o sector editorial desde 2006 proponendo unha «Oficina do Libro Galego» (Bragado 2012a). Até agora os órganos públicos non retomaron este proxecto que permitiría canalizar as diferentes actividades de carácter loxístico que enumeramos ao inicio deste apartado. A falta de información ou de interese por parte da Administración galega para unha internacionalización semella confirmarse ao constataremos que se desaproveitan actividades como, por exemplo, o congreso internacional PETRA dedicado precisamente ás políticas culturais, políticas editoriais e concretamente á tradución literaria en Europa para elaborar un plan de acción co fin de optimizar a tradución literaria en Europa (PETRA 2011). A participación galega estivo limitada á presenza da AGPTI, mentres que desde Cataluña se achegaron as asociacións catalás de ámbito da creación e tradución, así como dous representantes do Instituto Ramón Llull.

Por outra parte, desde 2007 a Xunta de Galicia, a través da Consellaría de Cultura, ten participado e colaborado ocasionalmente na conmemoración do Día Internacional da Tradución promovido pola Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

As liñas de actuación máis importantes que a Xunta de Galicia impulsou a partir do segundo quinquenio deste século para acompañar a proxección do libro galego co fin de dinamizar o propio mercado e á vez outorgarlle visibilidade á cultura galega, foron diversas publicacións como:

- *Galician Books* (*Letras de Galicia, Letras da Galiza*, títulos na súa respectiva versión inglesa, galega e portuguesa), unha plataforma en liña desactivada despois de 2009, cuxo obxectivo era promover a internacionalización da literatura galega.³⁵

- *Praza das Letras* (edicións en galego, español e inglés), unha revista publicada entre os anos 2006 e 2009³⁶ que completaba o portal *Galician Books*. Tamén se difundía en feiras e outros encontros de ámbito internacional.

- Readgalicia.com: este espazo web que ofrecía o catálogo de dereitos de edición galega actual presentouse en 2007 e está actualmente desactivado. Incluía fragmentos en inglés de obras galegas cuxos dereitos están á venda.

- *Catálogos de dereitos de Guadalaxara (2008a)*: O catálogo de dereitos (dispoñible en liña) que a Xunta de Galicia coeditou coa Asociación Galega de Editores (AGE) para presentalo na FIL desta cidade.

- *Available Rights/dereitos dispoñibles (2008b)*, outro catálogo de dereitos dispoñibles de LIX en coedición coa AGE.

- *Galician Publishers/Editores galegos /Editores galegos (2008c)*: o catálogo de editores galegos en coedición coa Asociación de Editores galegos.

- *Portico of Galician Literature* www.galicianliterature.com (2012), este portal, promovido pola Xunta de Galicia, permite ler en inglés fragmentos de diversas obras de autoría galega e breves sinopses dos seus libros.

En 2011 inaugurouse o proxecto *Galician Classics* coa publicación de dous títulos coeditados pola Xunta de Galicia e a editorial Small Stations Press do editor Jonathan

³⁵ Non se confunda coa marca da AGE *Galician books/Libros de Galicia*, título dun catálogo publicado pola devandita asociación e que se rexistra desde 2010.

³⁶ Ademais das versións en liña pódese consultar os 6 números e as 2 monografías publicadas entre 2006-2009. Dispoñible en <<http://www.prazadasletras.org/actualidade/papel/>>.

Dunne, un tradutor británico e coñecedor da literatura galega. A través deste proxecto o actual goberno galego pretende divulgar obras clásicas da literatura galega en versión inglesa.³⁷ A elección da lingua inglesa débese á súa intencionada función de lingua franca no proceso de internacionalización da literatura galega. Queda patente que a selección deste capital literario-cultural non obedece a criterios mercantís. Consideramos que para unha valoración e comprensión holística da cultura galega é así mesmo importante coñecer as autorías precursoras da actual creación literaria. Á vez, tamén opinamos que esta estratexia non garante unha ampla recepción, pois non se está a coidar unha boa distribución que, polo menos, debería incluír as bibliotecas dos centros de estudos galegos. Sería, así mesmo, oportuno completar o proxecto *Galician Classics* cun programa de internacionalización da cultura e literatura contemporáneas co fin de non restrinxir a recepción da cultura galega a unha cultura petrificada e visibilizar o dinamismo da cultura actual. Recordemos que se «las editoriales extranjeras esperan que las traducciones reciban apoyo financiero desde el país de origen» (Škrabec 2007: 41), máis apoio estratéxico e económico precisan as culturas minorizadas para ampliar a súa visibilidade.

No que ás estratexias de actuación para a importación se refire non nos consta a existencia de apoio loxístico ningún.

4. Reflexión final

A selección, edición e tradución de textos editoriais, e en especial dos literarios, obedecen tanto a criterios temáticos ou estéticos como a criterios económicos e ideolóxicos: tradúcese o que se considera enriquecedor para un intercambio ou beneficioso para as empresas. Estas tenden a seguir as regras dun mercado globalizado ou globalizador, a acumulación de capital cultural ou simbólico fica relegado a un segundo plano. As institucións públicas, pola situación privilexiada de poder, son quen de guiar e mediar entre estes aspectos cultural e económico. Trátase dunha empresa delicada e que presupón a existencia dunhas políticas de tradución ideais –ou mesmo utópicas?– que non deben de ser imperativas: unha política de tradución intervencionista non implica

³⁷ As obras traducidas corresponden en xaneiro de 2013 á tradución de Kathleen March de *Xente de aquí e de acolá*, de Álvaro Cunqueiro, un poemario, traducido por Jonathan Dunne, de Lois Pereiro (1958–1996), o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2011, *Longa noite de pedra* (trad. Jack Hill) de Celso Emilio Ferreiro en 2012 (coincidindo co centenario do nacemento deste autor) e a versión de Erín Moure de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro cuxa publicación orixinaria cumpre 150 anos en 2013.

necesariamente fixar un canon, pero si suxerir unhas directrices dinámicas e flexibles, que se axusten ás necesidades mutantes. Cómpre recordar que a «publicación de obras literarias gallegas traducidas funciona como un elemento canonizador en la consolidación del sistema literario de origen» (Galanes 2012: 201). Por esta razón unha política de tradución que considera unhas estratexias xerais que permitan atopar o equilibrio en relación coa variedade (espazos dos e aos que se traduce, autorías, tipoloxía etc.) e aos criterios estéticos, temáticos e económicos semella pertinente. Noutro lugar (Montero Küpper 2006: 52 ss.) xa explicamos que unha función da tradución literaria é enriquecer a propia literatura e cultura, polo que se reclaman textos literarios alleos que posúen un valor literario ou ideolóxico especial. Gideon Toury (1995: 53) subliña o aspecto da tradución como fenómeno sociolóxico. Para el, é de interese investigar como funcionan as traducións na cultura receptora, para o cal é primordial esclarecer a posición e función da tradución no polisistema literario, que, evidentemente, ten repercusións no sistema cultural (entendido nun sentido amplo) e que, á súa vez, volve influílo. Cómpre tamén considerar a repercusión da tradución no sistema cultural exportador, tanto no aspecto económico como no ámbito ideolóxico-cultural. Por iso é de relevancia unha política de tradución que valore e guíe o comportamento tradutivo.

Para o caso galego, é dicir dunha cultura minorizada, en que a tradución (importación e exportación) cumpre unha especial función normalizadora, non só en relación co uso (normal) da lingua, senón tamén en relación cun recoñecemento interno e externo da identidade galega, estimamos oportuno que se promova a tradución de textos á marxe da cultura hexemónica, xa que o noso recoñecemento, a nosa integración social, non só se manifesta nos peritextos das traducións de textos galegos (Montero Küpper 2011: 247 ss.) ou na internacionalización da literatura galega a través de traducións realizadas directamente desde os textos orixinais. A integración socio-cultural a través da diferenza (Fuchs 2009: 29) tamén se manifesta nos criterios de selección de obras literarias «diferentes». Isto implica deixar de lado a hexemonía cultural e non permanecer en dependencia da(s) cultura(s) dominante(s).

Nesta liña argumenta María Reimóndez Meilán nestas mesmas IX Xornadas sobre Lingua e usos. Lingua e Tradución³⁸ á vez que tamén apunta que a falta de políticas de planificación nos brinda precisamente a posibilidade de nos diferenciar. Esta ausencia dános, pois, a liberdade de elixirmos aqueles textos que consideremos importantes

³⁸ Véxase a súa colaboración neste mesmo volume.

sen ter que seguir un canon hexemónico imposto polas autoridades. Con todo, sería máis que desexable que as institucións galegas fosen quen de aproveitar os recursos públicos optimizando as súas políticas culturais e non facelas depender das opcións máis ou menos acertadas de quen motiva a tradución. Nesta mesma xornada, a que é tradutora de voces subalternas, Reimóndez Meilán, defende asemade a pertinencia de establecer contactos con outras culturas subalternas. Neste senso, abandonar a hexemonía cultural significa colocármonos nunha situación privilexiada xa que nos permite ampliar o noso horizonte cultural completando, no caso da importación de textos alleos, o espectro literario e científico que ofrece a cultura dominante á par que a nosa alteridade se volvería patente no tocante á exportación da nosa cultura. Para que así fose, as políticas de tradución públicas e privadas terían que reorientarse, reservando a acentuada incorporación de textos clásicos e clásicos contemporáneos ao sistema literario en galego para momentos máis propicios³⁹ (cultural e economicamente falando) e dándolles preferencia a aqueles textos (literarios e non literarios) que corresponden a unha demanda real do público lector.

Neste artigo citamos varios aspectos susceptibles de formaren parte das políticas de tradución. Constatamos que a política de tradución en Galicia é deficiente en cantidade e calidade, e que unha maior vontade política sería máis que desexable. Incumbelle ás políticas de tradución ofertar apoio económico e loxístico con que canalizar as actuacións en materia de tradución. Unha comisión (ou «Oficina do Libro») integrada por persoas expertas podería preocuparse dos requirimentos para uns resultados ou produtos axeitados no que á tradución editorial se refire. Consideramos que as políticas de tradución deberían enfocar tanto nas tradutoras e os tradutores (formación,⁴⁰ bolsas, «casa do tradutor» etc.) como nas editoriais (mercado globalizador vs. diferenciador, elaborar unha «bolsa» de textos que aínda non están traducidos etc.) sen deixar de lado a sociedade destinataria (os seus gustos, as necesidades de renovación ou a acumulación de capital).

³⁹ Julia Escobar opina «que traducir más literatura clásica que contemporánea es un lujo y un síntoma de bienestar cultural» (Escobar 2001). Á marxe disto apuntamos na necesidade de (re)traducir moitas daquelas obras clásicas que saíron á luz en español antes dos anos 80 do século pasado.

⁴⁰ Fomentar unha formación dinámica e de calidade que se axuste ás necesidades da sociedade leva consigo unha maior flexibilidade nas estruturas universitarias.

5. Bibliografía

Asociación Galega de Editores / Xunta de Galicia (2008a): *Catálogo de dereitos de Guadalaxara*. Disponible en <<http://www.editoresgalegos.org/gl/comercioexterior/cataloguesofcopyrights>> [Última consulta: 5/3/2013].

Asociación Galega de Editores / Xunta de Galicia (2008b): *Available Rights/dereitos disponibles* (2008). Disponible en <<http://www.editoresgalegos.org/gl/comercioexterior/cataloguesofcopyrights>> [Última consulta: 5/3/2013].

Bará Torres. Luís (2011): «Políticas de traducción de la Consellería de Cultura de la Xunta de Galicia», en Luna Alonso, Ana / Montero Küpper, Silvia / Valado, Liliana (eds.) (2011): *Translation quality assessment policies from Galicia* (Berna: Peter Lang Verlag).

Biblioteca da Tradución Galega (BITRAGA) 1980-2010. (n.d.). <<http://www.bibliotraducion.uvigo.es>>

Bragado Rodríguez, Manuel (2011): «Panorámica da edición en Galicia en lingua galega (1991-2010)», en <http://bretemas.blogaliza.org/files/2011/10/Datos_edicion_Galicia_2010.pdf> [Última consulta: 11/11/2011].

Bragado Rodríguez, Manuel (2012a): «Onte 209: Oficina da Literatura Galega», en: <bretemas.blogaliza.org> [Última consulta: 2/12/2012].

Bragado Rodríguez, Manuel (2012b): «Onte 390: Cifras críticas para o libro galego (III)», en <bretemas.blogaliza.org> [Última consulta: 2/12/2012].

Buján Otero, Patricia / Nogueira Pereira, María Xesús (2011): «(Re-)writing the margin: translation and gender in Galician literature», *MonTI*, 3: 1-23.

Cabré, M.^a Teresa (1992): «Servicios lingüísticos y normalización», en Sendebarr, 3: 87-105.

Díaz Fouces, Óscar (2005): «Políticas de traducción en Cataluña y Galicia», en Cinquième Colloque sur la traduction, la terminologie et l'interprétation à Cuba et au Canada (Ottawa, Ontario: Conseil des Traducteurs, Terminologues et Interprètes). Disponible en: <http://www.cttic.org/ACTI/2004/papers/Oscar_Diaz_Fouces_Politicas_en_Cataluna_y_Galicia.pdf> [Última consulta: 20/12/2012].

Escobar Moreno, Julia (2001): «La traducción literaria en español», en <http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/1_la_traducion_en_espanol/escobar_j.htm> [Última consulta: 20/12/2012].

Fernández Rodríguez, Áurea / Iolanda Galanes Santos / Ana Luna Alonso / Silvia Montero Küpper (2012): *Traducción de una cultura emergente* (Berna: Peter Lang Verlag).

Fuchs, Martin (2009): «Reaching out; or, Nobody exists in one context only: Society as translation», en *Translation Studies*, 2 (1): 21-40.

Galanes Santos, Iolanda (2012): «Minorías y mercados emergentes para la traducción de obra gallega», en Fernández Rodríguez, Áurea *et alii.*: 201-222.

García González, Marta (2006): «Políticas de traducción literaria en Galiza», en Díaz Fouces, Óscar e Arturo Parada (eds.): *Sociology of translation*: 89-120 (Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo).

Gómez Clemente, Xosé María (2009): «Traducción al galego», en Lafarga, F. / Pegenaute, L. (eds.): *Diccionario histórico de a tradución en España*: 436-442 (Madrid: Gredos).

Luna Alonso, Ana (2006): «La traducción de las culturas minorizadas. El caso del gallego», en *Senez*, 30. Disponible en <<http://www.eizie.org/es/Argitalpenak/Senez/20061220/luna>> [Última consulta: 17/4/2013].

Luna Alonso, Ana (2013): «Crónica da tradución 2010», *Viceversa 17-18*: 303-311.

Ministerio de Cultura (2008): *La traducción editorial en España. Centro de Documentación del Libro y la Lectura*. (Madrid: Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas). Disponible en <<http://www.mcu.es/libro/docs/MC/CD/Traduccion.pdf>> [Última consulta: 5/3/2013].

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2011): *Panorámica de la edición española de libros 2010: análisis sectorial del libro* (Madrid: Ministerio de Cultura, Secretaría General Técnica). Disponible en <<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/publicaciones.html>> [Última consulta: 2/1/2013].

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2012): *Panorámica de la edición española de libros 2011: análisis sectorial del libro* (Madrid: Ministerio de Cultura, Secretaría General Técnica). Disponible en <<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/publicaciones.html>> [Última consulta: 2/1/2013].

Montero Küpper, Silvia (2002): «Anmerkungen zur galicischen Übersetzung von «Max und Moritz», en Veljka Ruzicka Kenfel (ed.): *Kulturelle Regionalisierung in Spanien und literarische Übersetzung: Studien zur Rezeption deutschsprachiger Kinder- und Jugendliteratur in den zweisprachigen autonomen Regionen Baskenland, Galicien und Katalonien*: 193-207 (Fránkfurt etc.: Peter Lang).

Montero Küpper, Silvia (2006): *O comportamento tradutivo do alemán ó galego: análise da tradución dos verbos modais ó alemán, en Teses de doutoramento da Universidade de Vigo. Curso 2004-2005* (Vigo: Universidade de Vigo) [CD-ROM].

Montero Küpper, Silvia (2011): «Loyalty of Publishers and Quality: Galician Literary Translation Peritexts (2000-2009)», en Luna Alonso, Ana / Montero Küpper, Silvia / Valado Fernández, Liliana (eds.): *Translation Quality Assessment Policies from Galicia / Traducción, calidad y políticas desde Galicia*: 235-252 (Berna, Bruxelas etc.: Peter Lang).

Montero Küpper, Silvia (2012): «Contextualización histórico-cultural y apuntes sobre el sector editorial gallego», en Fernández Rodríguez, Áurea *et alii*: 61-86.

Plateforme européenne pour la traduction littéraire (PETRA) (2011): «Brüsseler Kongress», disponible en <<http://www.petra2011.eu/de/brüsseler-kongress>> [Última consulta: 20/11/2012].

Senín, Xavier (1990): «A Administración e o mundo editorial galego», en Cabrera Iglesias, M.^a Dolores / María dos Anxos Ferradáns Barreiro / M.^a Dolores Picallo Martínez (eds.): *Revisión dunha década. 1978/1988. O mundo editorial galego*, v. 1: 37-38 (Vigo/Santiago de Compostela: Concello de Vigo/Santiago de Compostela).

Škrabec, Simona (2007): «La traducción literaria: una panorámica internacional», en Allen, E. (ed.): *Ser traducido o no ser. Informe PEN/IRL sobre la situación internacional de la traducción literaria*: 38-51 (Barcelona: Instituto Ramón Llull).

Verdugo Matês, Rosa Marta (1998): *A Industria editorial em Galiza* (Santiago de Compostela: Eds. Laiovento).

Viceversa. Revista galega de tradución (1995): «Axudas á traducción» (Vigo: Asociación de Tradutores Galegos. Universidade de Vigo. 221.

Políticas de tradución inglés-galego-inglés desde os anos noventa: diálogos de ida e volta¹

MARÍA JESÚS LORENZO MODIA

Universidade da Coruña

Traducir non é nunca unha tarefa inocente e neutra pola que se traslada algo dunha lingua a outra. Polo contrario, seguindo a Gideon Toury (1980: 42-43), por moito que un trate de evitalo, hai que tomar decisións a todos os niveis (fonéticos, morfolóxicos, sintácticos, semánticos, pragmáticos, textuais, culturais e de xénero) os cales non se poden esquecer nin minimizar, senón que, como sinala Toury, o simple feito de traducir é unha decisión clave que ten que ser sopesada e analizada contra unha teoría e unha política cultural determinada (Toury: 59-60). Calquera tradución que se faga hoxe ou se analice ten que ser realizada desde un punto de vista postestruturalista e posmoderno e tendo en conta, por tanto, os estudos poscoloniais, da recepción literaria e de xénero, ben como as achegas que estes enfoques fixeron para unha epistemoloxía da praxe da tradución. Á luz destes estudos traducir non é só reescribir, senón máis ben en realidade é escribir, isto é, interpretar a realidade no contexto de, cando menos, dúas culturas, ou sexa, transculturalmente.

Desde finais do século xx a tradución enténdese, seguindo a Theo Hermans (1985: 10-11), André Lefevere (1992: 122) e África Vidal (1995: 79-80) desde o prisma da teoría da manipulación, é dicir, hai que ser plenamente consciente da necesidade de transcender a antiga teoría da equivalencia, xa que se ten demostrado como imposible porque o tradutor ou tradutora deixa –mesmo sen pretendelo– trazas da súa ideoloxía e do seu tempo histórico no seu traballo. Ante esta evidencia cómpre sermos cons-

¹ Este traballo insírese no proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade FF12012-35872 Ex-sistere: La movilidad de las mujeres en las literaturas gallega e irlandesa contemporáneas, ao que se lle agradece expresamente por este medio.

cientes dos polisistemas existentes, que son un conglomerado de redes diferenciadas e dinámicas, caracterizadas por oposicións internas e continuos cambios. Un destes sistemas sería o literario, constituído, á súa vez, por numerosos subsistemas, onde a tradución é un factor que hai que considerar en tanto que pode desempeñar un duplo papel: portadora de elementos innovadores e, asemade, instrumento fosilizador para afianzar e reforzar un determinado modelo literario. Esta denominada teoría polisistémica foi acuñada por Itamar Even-Zohar (1979, 2010) e continuada por Toury. Na teoría da manipulación –que recoñece a existencia dos polisistemas– non se pretende fomentar unha actitude de destacar o tradutor; ben ao contrario, o seu enfoque descritivo baseado nas relacións intertextuais e interculturais tenta que quen está a traducir adopte unha postura crítica ante o mundo e daquela ante o seu propio labor. Trátase de que sexa capaz de descubrir os procesos sociais (colonialistas, clasistas ou sexistas, entre outros) que fixeron posible un texto concreto e o seu significado, que pode variar se del se fai unha análise diacrónica en vez de unicamente sincrónica. A escola da manipulación pon de manifesto as relacións entre discurso e poder e, xa que logo, hai que ser conscientes da importancia de facerse as preguntas necesarias tales como *quen fala, quen escribe ou quen traduce* (Vidal, 1995: 88). En realidade, ao traducirmos o que facemos é interaccionar co mundo e crearmos unha nova realidade, un novo texto nun contexto tamén novo. Dáselle una nova vida ao texto que pode ser moi distinta da vida que acadou no seu propio sistema literario.

O obxectivo deste traballo é facermos una revisión das políticas de tradución da literatura en lingua inglesa cara ao galego e viceversa, así como dos contextos en que se produciron cunha perspectiva diacrónica e, en particular, da produción poética en lingua inglesa en versión galega desde finais do século pasado até a actualidade. Concretamente, o labor da tradución da poesía en lingua inglesa ao galego tense realizado historicamente de maneira fragmentaria e asistemática, de aí a nosa intención de darmos a coñecer e valorarmos a tarefa de tradución efectuada no século xx e comezos do século xxi xunto cunha análise crítica das súas políticas e dos contextos. Como queira que tal análise até os anos oitenta xa foi dada a coñecer con anterioridade (Lorenzo Modia e Pérez Janeiro, 1994: 255-260), nas liñas que seguen retómase o estudo até a actualidade e incorpórase a nova realidade de darmos a coñecer a poesía galega á comunidade anglófona.

No período que vai desde os comezos do século xx até os anos sesenta, advertimos unha presenza destacada de tradutores/as que publican os seus traballos en forma de libros que, aínda que escasos e simultaneándose con versións illadas de poemas en publicacións periódicas, representan serios intentos de trasladar á lingua galega a produción poética da cultura anglosaxona. A partir dos anos sesenta as traducións

aparecen principalmente en xornais, caso de *La noche*, *Faro de Vigo* ou *El Correo Gallego*, e revistas como *Grial*, *Nós*, *Nordés*, *Dorna* ou *Anglo-American Studies*. A tradución non é sistemática nin segue unha orde determinada canto á selección de autores. Lembremos o xa indicado de que a tradución non é inocente nin neutra (depende do gusto e intencións do tradutor ou tradutora) polo que se consegue que poetas clásicos como John Keats (*Faro de Vigo*, 6 de setembro de 1970), Ezra Pound (*Grial*, 92, ano 1986) ou James Joyce, (*Nordés* 3, 1981) aparezan cabo de autores comparativamente menos coñecidos como Michael Smith ou J. S. Lennox (*Faro de Vigo*, 24 de setembro de 1970).

Nos anos setenta e oitenta, a calidade das revistas mellora –evítanse, por exemplo, os erros tipográficos– e de ordinario inclúen textos bilingües, como ocorre con *Nordés* e *Anglo-American Studies*. A elección dos poetas depende, novamente, do gusto do tradutor o cal provoca que autores relevantes se repitan en varias publicacións, ao tempo que fican sen traducir épocas e escolas esenciais da lírica en lingua inglesa. En todo caso, até os anos oitenta do século pasado as traducións, de calidade varia, revelan a existencia de dous grupos de tradutores: un grupo minoritario, por unha banda,, que ten un bo coñecemento de ambas as dúas linguas e consegue traducións literais que, ás veces, tamén son literarias; e outro grupo cuxo maior defecto é o descoñecemento do contexto estilístico en que se enmarca o/a poeta traducido/a. Son, estas últimas, traducións palabra a palabra, que non marcan a diferenza de rexistros ou inclúen erros na lectura da sintaxe inglesa. Semellan versións feitas por criptoanalistas que están a enfrontarse a unha mensaxe da que descoñecen o código polo que é necesario interpretalo primeiro para transmitila despois. Xa a partir dos anos noventa no campo da tradución tamén ao galego, aparece una maior meticulosidade e sistematismo, que reflicten os novos estudos filolóxicos e de tradución implantados en Galicia e os mellores medios materiais e humanos con que contan os tradutores a finais do século xx.

Como xa se indicou a tradución entre o inglés e o galego deu comezo coa publicación na nosa lingua de poesía inglesa e esta foi a actividade de tradución predominante no século xx. Sen abandonar as versións ao galego de textos en lingua inglesa, desde finais deste período produciuse unha tendencia inversa crecente: a publicación de poesía de autores e autoras galegos en lingua inglesa. É por iso que analizaremos as traducións nestes dous grupos.

1. Versións de poesía en lingua inglesa ao galego

Como continuación a estudos xa publicados referidos a períodos precedentes indicaremos que un dos textos en versión galega, reeditado en 1996, é o poema *Rubáiyát* do poeta persa altomedieval Omar Khayyám (1048-1131), vertido ao inglés por Edward Fitzgerald en 1859. Unha das primeiras traducións do inglés ao galego é a realizada por Plácido R. Castro, publicada en *Grial* no ano 1965, e reeditada nunha edición bilingüe galego-inglés en Espiral Maior polo profesor Antonio de Toro (1996). Ve a luz tamén outra tradución dunha versión francesa realizada por Miguel González Garcés e publicada con ilustracións en 1992. Innumerables autores escribiron sobre a importancia deste texto na literatura inglesa. Probablemente hai que resaltar a importancia de *As Rubáiyát* de Omar Khayyam na versión inglesa do irlandés E. Fitzgerald. A versión galega, de 1965, sae do prelo para conmemorar o centenario da publicación das cuartetos en inglés do astrónomo-poeta persa. *As Rubáiyát* de Fitzgerald conforman o libro traducido para o inglés que máis se popularizou nesta lingua de todos os tempos. Se tomásemos como indicador as aparicións nos dicionarios de citas en lingua inglesa, comprobaríamos, por exemplo, que contan con moitas máis entradas deste poemario que da propia *Biblia* ou das obras de Shakespeare. Por tanto, a influencia deste texto na literatura anglosaxona é monumental. Plácido R. Castro verteuno ao galego para que accederamos aos versos de máis influencia na literatura anglosaxona desde o século XIX. A importancia desta tradución ao galego foi analizada por varios investigadores (Araguas, 2002; Arias e Lugrís, 2005; Lorenzo Modia 2006).²

Unha figura literaria galega, indiscutida como escritor, tamén xogou un papel clave na tradución para o galego de poetas de diferentes linguas, e en particular do inglés. Trátase de Álvaro Cunqueiro, quen desde revistas e diarios –en particular o *Faro de Vigo*–, e con varios heterónimos, deu a coñecer poemas de autores ingleses como Shakespeare, os románticos William Blake e John Keats, e os norteamericanos Emily Dickinson, Walt Whitman, Hart Crane, E. E. Cummings, ou irlandeses como Sean O’Casey (no ano 1991 publicouse un volume completo das súas versións). Outro dos

² O recoñecemento ao labor como axente dinamizador transcultural de Plácido R. Castro púxose de manifesto na celebración en 2005 do primeiro congreso ao redor da súa figura e da institución do Premio de Tradución Plácido R. Castro auspiciado pola fundación homónima, a Asociación de Tradutores Galegos, os concellos de Cambados, Corcubión, e Vilagarcía de Arousa, e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional. Boa mostra diso é a concesión deste premio no ano 2011 á tradución ao galego do ensaio en verso publicado en 1711 polo poeta inglés Alexander Pope *An Essay on Criticism* e realizada por Fernando Moreiras, mais, probablemente debido a que o galardón non leva aparelhada dotación económica, a obra aínda non viu a luz para o público.

poetas senlleiros na lingua inglesa que é traducido neste período é T. S. Eliot, do que se publica a tradución de *A Waste Land* (1922) como *A terra baldía* en 1998. A importancia desta obra na literatura modernista do século xx foi fundamental, ao autor concedéronlle o Premio Nobel de literatura en 1948, pero requiriu de máis de setenta e cinco anos para ser traducida ao galego.

A poeta decimonónica norteamericana Emily Dickinson, ignorada no seu tempo mais amplamente recoñecida no século xx, tamén mereceu unha edición en galego, publicada en 2006, isto é, cento vinte anos despois do seu pasamento en 1886, o que dá idea das dificultades de publicación de textos poéticos completos de mulleres en versión galega, mesmo en casos en que os dereitos de autoría xa non están vixentes. Un dos poetas do realismo sucio o xermano-nortamericano Charles Bukowski, traducido para o galego en décadas anteriores, acada en 1993 a publicación dun poemario bilingüe titulado *Toca o piano borracho / como un instrumento de percusión / ata que os dedos empecen a sangrar un pouco*.

Para alén dos poemarios completos dun/ha poeta, unha das achegas importantes á poesía en lingua inglesa traducida para o galego é a realizada nas revistas galegas. Entre elas cabe salientar dous títulos: *A Trabe de Ouro* e a *Festa da palabra silenciada*. Na primeira, fundada en 1990, aparecen textos de poetas de fala inglesa de diferentes nacionalidades, períodos e escolas poéticas, na estela dos gustos literarios como tradutor de Álvaro Cunqueiro. Así, a primeira voz que aparece nesta revista é a do nortamericano John Ashbery, cuxo poemario *A Wave* (1983), aparece en versión galega de Xaquín Vélez e Manuel Outeiriño en 1993 (I, IV, 13: pp. 103-123). Á par del tamén aparecen poemas do irlandés Seamus Heaney no ano 1994, é dicir, antes de que lle concederan o Premio Nobel de Literatura, que proceden do panfleto *Stations* publicado en Belfast en 1975 e de *Field Work* (1979), e que son tradución de Manuel Outeiriño (II, V, 18: pp. 247-256). O mesmo tradutor presenta poetas ingleses relacionados con España debido ás súas composicións sobre a guerra civil española como Stephen Spender (IV, VI, 1997, 24: 575-583).

Unha outra voz poética representada na revista, tamén da man de Manuel Outeiriño, é a do trobador do nacionalismo escocés Hugh MacDiarmid, cuxos textos procedentes de *Selected Poetry* (1992) aparecen en versión galega (I, IX, 1998: pp. 81-87). Igualmente, encontramos poetas galeses recoñecidos no canon literario en inglés, como Dylan Thomas, en tradución de Marta Pérez Pereiro (II, XI, 2000: pp. 231-46), e outros como John Barnie, que é o vate vivo galés con maior recoñecemento e que, da man novamente de Outeiriño, explora a interferencia entre poesía e ficción (I, X, 37, 1999: pp. 101-108). Unha voz senlleira na lírica anglófona é o modernista Ezra Pound,

que tamén recibe atención, e é traducido na revista por Xosé Luís Méndez Ferrín e Marta Carracedo (II, XI, 2000: pp. 491-505). Outro recoñecido poeta modernista norteamericano é Wallace Stevens, que influíu na xeración de vangardistas galegos, e que continúa a pertencer ao canon literario mais excelso, segundo Outeiriño (II, XIX, 2008: pp. 103-126). O poeta irlandés, falecido o ano pasado, Pearse Hutchinson tamén aparece en tradución ao galego de Outeiriño (III, XXIII, 2012: pp. 433-446) como homenaxe ao seu labor artístico e de tradutor do galego ao inglés (2003). Tamén se presenta en galego obra lírica nova dos autores norteamericanos da xeración *beat* caso de Lawrence Ferlinghetti, de quen se insire *A poesía como arte insurxente* (2007) (II, XIX, 2008: pp. 271-85), ou Allen Ginsberg ambos en versión de Daniel Salgado (II, XIII, 2002: pp. 519-527). Outro dos poetas que acadou o Premio Nobel e que tamén foi traducido para o galego é Derek Walcott (I, X, 38, 1999: pp. 227-36). A súa presenza é consonte coa dos escritores antes mencionados, xa que representa a voz dos bardos das Antillas británicas, en concreto da illa de Santa Lucía, e polo tanto incorpora a cultura caribeña ao universo cultural británico. Probablemente esa é a razón pola que lle foron concedidos outros grandes premios literarios como o T. S. Eliot.

A avaliación que se pode facer destas traducións é que na súa meirande parte están realizadas ou auspiciadas por Manuel Outeiriño, quen presenta un canon literario maioritariamente de autores periféricos no sistema anglosaxón pero que acadaron o status de poetas grandemente recoñecidos. Estes autores preséntanse pola súa calidade literaria, mais tamén canto modelos de loitas marxinais contra o centro cultural das metrópoles anglofalantes. Así, represéntanse como semellantes a situación culturalmente periférica de Galicia e a posición destes poetas en relación coa cultura dominante no mundo anglosaxón, en tanto que nas marxes das correntes culturais centrais. A maioría das voces que se presentan son masculinas, e –aínda que excepcionalmente aparecen versións de Daniel Salgado da poeta norteamericana Adrienne Rich (II, XV, 2004, pp. 511-515)– bótase en falla a presenza de máis mulleres poetas nas páxinas desta revista innovadora polo seu labor no campo da tradución para o galego.

Pola súa banda, *A Festa da palabra silenciada* representa o modelo contrario ao anterior desde o punto de vista de xénero. Por ser unha revista feminista inclúe voces poéticas de mulleres, o que parece fundamental ante a existencia dun repertorio tan claramente masculino como o presentado noutras publicacións galegas como a anteriormente analizada. As autoras traducidas son na súa maioría poetas con obra recente e son grandes figuras nos seus contextos anglófonos, caso de, por exemplo, Erica Jong, que aparece no primeiro número da revista en 1983, ou Sylvia Plath (6, 1987:

163-66). Unha das artífices da tradución de poesía en lingua inglesa ao galego é a poeta Marilar Aleixandre, xa que é ela quen verte os poemas en moitas ocasións, ao tempo que contacta con autoras moi premiadas, como a norteamericana de orixe hispana Sandra Cisneros, da que se publicaron varios poemas inéditos de *Loose Woman* (1995) e que, consecuentemente, inflúe en poetas galegas contemporáneas (10, 1994: pp. 142-143), que doutro xeito non terían coñecemento delas nin da súa obra (Buján e Nogueira: 137-138). Estas primeiras traducións tamén serían o xerme da publicación do poemario completo en galego, *Muller ceiba* (1997), en versión da propia Aleixandre.

Un camiño similar ao xa visto –traballar con textos dun autor para publicar poemarios completos e poemas soltos– é o percorrido polo escritor, poeta e tradutor ferrolán Vicente Araguas, quen no ano 1998 verteu ao galego «Catro poemas traducidos para o galego de Seamus Heaney» (*Madrigal*: 145-46) xa que con anterioridade saíra do prelo o volume do autor irlandés *Traballo de campo* (1996), en versión de Araguas, probablemente debido á conexión deste co poeta a través dunha amizade común, o profesor Brian Hughes que dera a coñecer en España o obra de Heaney.

O caso do poemario de Jane Danko é singular xa que, establecida en Galicia, publicou os seus poemas *De amor e vida / Of Love and Life* en edición bilingüe en 2006, con tradución de Araguas. Nesta publicación preséntase o amor pola literatura por parte desta artista foránea que se incardinou no sistema cultural galego sen abandonar a proxección anglófona dos seus textos.

Convén non esquecer, así mesmo, a poesía traducida ao galego dentro de obras de teatro. Neste caso as traducións restrínxense na súa maioría a William Shakespeare e unhas veces quen traduce son filólogos especializados na tradución do dramaturgo isabelino, caso de Miguel Pérez Romero, que presentou aos lectores varias traxedias, *Hamlet* (1993), *Otelo* e *Macbeth* (2006); noutras ocasións recibimos traducións de comedias ou traxedias de expertos en teatro como Manuel Guede e Eduardo Alonso, con títulos como *Sño de verán* (1992), *As alegres casadas* (1997), *Ricardo III* (2005), ou Cándido Pazó quen con Eduardo Alonso dá ao prelo *O Rei Lear* en 1998. O caso de Xohán Ledo, pseudónimo de Ricardo García Suárez, é singular, xa que a súa carreira como ilustrador e médico, xunto co seu compromiso coa cultura galega, o levou a publicar dúas traducións de Shakespeare, *Ricardo III* e *Xulio Cesar* en 1998.

Unha das constantes nas traducións ao galego é a publicación de antoloxías. En concreto, unha das primeiras que conteñen poesía en lingua inglesa deste período é a editada polo profesor De Toro en 1999: *Poesía irlandesa contemporánea*. Con ela trátase de achegar ao público galego a última produción dos poetas irlandeses, nunha

edición bilingüe que presenta poemas de once autores irlandeses, entre os que se encontra o Premio Nobel de Literatura, e doutor *honoris causa* pola Universidade da Coruña, Seamus Heaney, xunto con Seamus Deane, Derek Mahon, John Montague ou Paul Muldoon, así como dúas poetas: Eavan Boland e Medbh McGuckian. Esta antoloxía supón a plasmación dunha política da tradución no caso do galego innovadora por afrontar e subverter a marxinação política irlandesa e galega, e mais por presentar voces da periferia da anglística que non foron traducidas ao castelán e ás que lle concede rango literario de seu transmitíndoas a un sistema literario diferente, aínda que historicamente máis conectado co sistema irlandés que co sistema inglés. Afróntase, así, a praxe da revisión do canon literario en lingua inglesa privilexiando as periferias sobre as metrópoles na difusión de voces líricas.

Uns anos despois, en 2003 publícase o libro *Pluriversos: Seis poetas irlandesas de hoxe*, editado pola profesora Manuela Palacios González. Trátase dunha antoloxía que efectivamente dialoga coa devandita no senso bakhtiniano ao presentar seis poetas irlandesas contemporáneas. Como moi ben indica Palacios (12-13), a visibilidade da produción poética das mulleres en Irlanda rolda o 10%, dato que exemplifica coa obra de referencia *The Field Day Anthology of Irish Writing*. Se cadra consciente desta falla de representación, o poeta Seamus Deane, canto editor xeral, propiciou a existencia dun quinto volume da mesma colección (ano 2002) subtítuloado *Irish Women's Writings and Traditions*. Sexa como for, non é estraño, pois, que a poesía das mulleres se traduza a outras culturas en proporcións similares ao mencionado 10% e só cando existe una perspectiva de mulleres ou feminista se poida inverter a tendencia. Estamos aínda no dilema entre o *ser* e o *deber ser* e esta publicación trata de transcender o discurso androcéntrico na poesía e presentar unha realidade diferente. A énfase nesta ocasión está na autoría feminina e na marxinação política irlandesa e galega. O traballo neste campo aínda se está a desenvolver tratando de establecer paralelismos entre autoras e autores das diferentes fisterras atlánticas co que esperamos máis froitos no futuro.

Finalmente, cabe engadir que a reedición en 2005 do libro *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, da autoría e Plácido R. Castro del Río, Lois Tobío Fernández e Florencio Delgado Gurriarán, serve para rememorar a importancia da tradución en antoloxías poéticas e o gran labor feito que se plasma na publicación deste coidado volume por parte dos intelectuais galegos en Bos Aires a mediados do século xx (1949).

2. Versións de poesía galega ao inglés

A necesidade de dar a coñecer a fértil poética galega ao mundo de fala inglesa ponse de manifesto coa activación no campo da tradución e da edición noutras linguas, especialmente en inglés. Un dos primeiros textos antolóxicos publicados na década dos noventa é o auspiciado polo PEN Clube Galego no ano 1993, *By the Paths of Literature: Galician Writers of PEN*. Este libro representa unha clara intención de divulgar a literatura galega no mundo de fala inglesa, aínda que inclúe contos e textos poéticos de autores e autoras galegos contemporáneos cunha proporción de xénero que resulta ser moi desigual (5 escritoras fronte a 25 poetas e narradores). Outro intento de dar a coñecer a produción poética galega no mundo anglófono é a antoloxía denominada *Contemporánea* (1995), que viu a luz en versión cuadrilingüe galega, francesa, inglesa (dos profesores François Davo e Jack Hill, respectivamente) e castelá, de Xosé María Álvarez Cáccamo, Carlos López Bernárdez, Luísa Villalta e Rafa Villar. Este texto constitúe o primeiro volume da nova rolda da revista, auspiciada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, e reúne poetas de dúas xeracións na literatura galega, as chamadas do 36 e dos 50, nunha proporción en que o predominio masculino representa un terzo. En palabras de Miguel Mato Fondo, esta publicación pretende a «comunicación de dobre vía coas casas abertas da aldea global» (3). Con posterioridade, publícase a edición do profesor Luciano Rodríguez *Galician Generation of the Eighties. Three Poets* (1999) que está dedicada a tres poetas dos anos oitenta: Xulio L. Valcarcel, Pilar Pallarés e Ramiro Fonte.

Como queira que parecía necesario dar a coñecer a produción poética galega dun xeito máis abrangente que as anteriores, xorde o volume responsabilidade de Jack Hill, editor e tradutor, titulado *To Visit Me The Sea. Galician Poetry 1930-1996* e que viu a luz en Colchester no ano 2000. É unha edición bilingüe que inclúe versos de 27 poetas que van desde Luís Pimentel e Aquilino Iglesia Alvariño até Manuel Rivas, Miguel Anxo Fernán-Vello ou Luísa Castro. Máis unha vez, a escolla privilexia as voces masculinas (23) xa que só inclúe catro mulleres como representantes das voces na lírica galega até 1996, malia pretender reflectir case que a totalidade da lírica galega do século xx. Sexa como for, a súa difusión foi escasa e a aparición de antoloxías posteriores, que saíron do prelo case consecutivamente, parecería que co propósito de complementar a escolma anterior. Entre elas atópase *Poetry is the World's Great Miracle: Poets of Galician PEN Club* (2001), unha segunda antoloxía presentada polo PEN Clube Galego en que por orde alfabética e non cronolóxica se presentan textos de 30 poetas vivos de diferentes xeracións de escritores, dos que unicamente 7 son escritoras. No caso da seguinte antoloxía, editada por Helena González baixo o título *A tribo das baleas: poetas de arestora. An Anthology of the Latest Galician*

Poetry (2001), e centrada en novas e novos poetas, xa se aprecia nela a presenza de sete mulleres e seis homes, polo que esta antoloxía equilibra a presenza feminina na poesía contemporánea en termos de seren editadas en antoloxías bilingües, e demostra que a perspectiva de xénero opera de maneira clara nos labores antoloxais e tradutolóxicos (von Flotow: 14).

O poeta irlandés Pearse Hutchinson, cuxa poesía aparece vertida ao galego, como se mencionou con anterioridade, traduce poesía galega ao inglés en diferentes épocas e de distantes períodos históricos. O seu libro mais recente de traducións inclúe versións ao inglés de poetas galegos e ve a luz no ano 2003: *Done into English: Collected Translations*. Nel traduce poemas de autores tan diversos coma Pero Meogo, Celso Emilio Ferreiro, Chus Pato ou Lupe Gómez. Esta breve listaxe de poetas traducidos xa dá idea dos seus intereses na poesía galega: desde as poetas mais novas até as cantigas de amigo medievais, as cales, por outra banda, xa publicara en inglés no ano 1970 como *Friend Songs* e que agora se reeditan.

No ano 2010 o tradutor e editor británico Jonathan Dunne está ao cargo do número de inverno da londinense *Poetry Review* dedicado a voces líricas galegas contemporáneas, coa finalidade de achegar esas voces novamente ao público anglófono no monográfico titulado *Contemporary Galician Poets*. Nesta ocasión preséntanse 19 autores e autoras de diferentes xeracións literarias, pero todos e todas igualmente en activo en tarefas literarias, e cunha proporción feminina lixeiramente superior a un terzo (Luna: 249-263). Do mesmo ano é unha nova antoloxía de poetas galegas esta xa cun claro enfoque de xénero. É o volume editado pola escritora irlandesa Mary O'Donnell e Manuela Palacios titulado *To the Winds Our Sails. Irish Writers Translate Galician Poetry*. Nel preséntanse dez poetas galegas contemporáneas cuxos versos foron traducidos para o inglés por poetas irlandesas de primeira fila, algunhas mesmo que só publican en irlandés, o cal establece así un duplo diálogo entre as poetas galegas e as irlandesas a través da tradución.

Todas as antoloxías poéticas mencionadas até agora comparten a mesma finalidade de trasladaren a poesía galega contemporánea ao inglés, aínda que con diferentes enfoques. Porén, os textos que se publican a partir de 2010 tratan de plasmar a totalidade da historia da literatura galega nos seus distintos xéneros. Como unha análise polo miúdo súa excede as posibilidades desde traballo, mencionaremos unicamente as súas características máis sobresalientes, mais recoñecendo desde o principio e con claridade que se trata da primeira vez que se producen antoloxías completas de literatura galega en inglés.

A primeira delas, e probablemente a máis ampla que se editou até agora nun único volume, presenta poesía desde o século XIII até o ano 2010, e inclúe autores e autoras das distintas etapas da historia da literatura galega. Trátase do libro titulado *Breogán's Lighthouse. An Anthology of Galician Literature*, editado por Antonio de Toro na Editorial Francis Boutle e onde se ofrece unha panorámica da literatura galega, e tamén da poesía, no mundo anglófono desde a metrópole londinense e debido ao interese que esta casa editora británica tivo de levar adiante este libro. En paralelo a esta obra do mesmo ano é o primeiro volume dunha antoloxía a cargo de Jonathan Dunne (*Anthology of Galician Literature 1196-1981*) en que a inclusión de mulleres poetas volve ser exígua, aínda que no segundo volume, que recolle a literatura galega até 2011 e, por tanto, está centrado na literatura contemporánea dos últimos 30 anos, xa se presentan textos dun número maior de escritoras (no caso das poetas antológanse sete mulleres fronte a trece poetas varóns). Dunne expón con clareza os criterios que o levaron á súa escolla: a súa recepción literaria nas historias da literatura galega e no plano internacional, xunto cos premios recibidos, o que de novo revela que as autoras, e mesmo as poetas contemporáneas —que son moi numerosas e relevantes neste xénero literario—, non acadan a mesma celebridade que os poetas.

Nun diálogo literario coas antoloxías precedentes, o libro titulado *Forked Tongues*, editado por Manuela Palacios e publicado en 2012, representa unha novidade na tradución de poesía debido a que coloca o foco na lírica escrita por mulleres. Como o seu subtítulo indica, *Galician, Basque and Catalan Women's Poetry in Translations by Irish Writers*, nel antológanse poetas galegas, vascas e catalás traducidas ao inglés por parte de poetas irlandeses e irlandesas contemporáneas. De novo os bardos das periferias lingüísticas do Estado español e do Reino Unido, coas dúas linguas que exerceron e exercen grande hexemonía no mundo, actúan de médiums para que as voces das marxes lingüísticas e culturais sexan ouvidas polos falantes que comparten o código lingüístico mundial que na actualidade é a lingua inglesa.

Dentro desta sección dedicada ás traducións de poesía galega ao inglés desde os anos noventa, e despois de vermos as traducións que aparecen en obras colectivas, antoloxías ou historias da literatura, tamén cómpre ter en conta que hai varios autores que lograron ver traducidas as súas obras individualmente, e mesmo en versións diferentes (tal é o caso de Rosalía de Castro) ou varios libros de versos diferentes dunha mesma poeta, como acontece con Chus Pato ou Manuel Rivas. Porén, esta gran difusión da obra de poetas individuais non é aínda a tónica habitual para unha literatura minorizada como é a galega, mais non por iso deixaremos de mencionar as publicacións que saíron do prelo nas últimas décadas. Algúns autores, como Miguel Anxo Murado con *A Bestiary of Discontent*, traducido pola profesora Carys Evans-Corrales (1993), viron

publicada a versión inglesa dalgunha das súas obras individualmente; outros poetas só viron traducidas as súas obras despois do seu pasamento, como acontece cun autor vangardista como Manuel Antonio, do que se publicou no 2001 –case un século despois de ver a luz en galego– *From Four to Four / De catro a catro* na revista norteamericana *Puckerbrush Review*. O caso de Celso Emilio Ferreiro é similar xa que se publicou a versión inglesa en 2012, *Long Night of Stone*, como conmemoración do cincuenta aniversario da primeira edición de *Longa noite de pedra*. Un terceiro autor que foi traducido ao inglés despois do seu pasamento foi o poeta radical Lois Pereiro, cuxos *Collected Poems* foron traducidos por Jonathan Dunne co gallo da dedicatoria do Día das Letras Galegas en 2011 ao poeta monfortino.

Entre os poetas que viron os seus versos na lingua de Shakespeare está María do Cebreiro de quen se traduciu o seu libro *Non son de aquí* no 2010 (*I Am Not from Here*) na editorial británica Shearsman, que mantén unha colección galega dentro do seu fondo editorial. Á súa vez, os casos de Chus Pato e Manuel Rivas mostran que una maior visibilidade internacional é posible no xénero poético. A poeta de Ourense, en particular, conta con catro poemarios completos traducidos ao inglés e todos eles en versión da poeta canadense Erín Moure: *Chareton* (2007) *m-Talá* (2009), *Hordes of Writing* (2011) e *Secession* (2012). No momento de redactarmos estas liñas está a saír do prelo da editorial Small Stations, en Sofía, a tradución ao inglés, a cargo de Carys Evans, do poemario *Leopardo son*, co que a grande escritora coruñesa Pilar Pallarés acadou o premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega do ano 2012. É especialmente salientable que a poeta que recibiu o Premio Nacional da Crítica e o Premio Losada Diéguez conte con máis volumes de versos vertidos ao inglés que en castelán. Pola súa banda, o escritor coruñés Manuel Rivas, doutor honoris causa pola Universidade da Coruña, conta até de agora con dous volumes de poemas en inglés: *From Unknown to Unknown* (2009) e *The Disappearance of Snow* (2012), aínda que a súa produción narrativa conta con máis obras narrativas traducidas para o inglés.

Volvendo sobre Rosalía de Castro, o seu caso é excepcional xa que conta con varias traducións ao inglés dos seus poemarios, e mesmo con análises daquelas (González Liaño 2002), aínda que non deixa de ser sorprendente o feito de que unha das autoras máis importantes da literatura do século XIX non fose traducida sistematicamente no pasado, xa que no século XX só nos constan dúas traducións ao inglés: unha de 1964, *Poems of Rosalía de Castro* e outra de 1991 titulada *Poems*. Houbo que agardar ao século XXI para ver incrementado o número de traducións e poder así ser lida internacionalmente grazas ao labor tradutor de varios profesionais desde diferentes países e continentes, tales como Michael Smith no Reino Unido –*Rosalía de Castro: Selected Poems* (2007)– e outros estudiosos norteamericanos como John e Aileen

Denver, en *The Poetry and Prose of Rosalía de Castro* (2010), e canadenses como Erín Moure, que traduce *Cantares gallegos, Galician Songs* (2013).

Aínda que calquera tipo de estudo dun texto literario, como por exemplo unha tradución, leva implícita xa unha finalidade de valoración súa, a consecuencia da influencia das novas teorías críticas e feministas xunto cos enfoques culturais, a tradución revelouse como un importante espazo onde explorar temas como a identidade, as cuestións de xénero (Simon), e as relacións coloniais, poscoloniais (Bassnett e Trivedi) e de poder, e a súa relación coa lingua. Destacan neste campo, pola súa radicalidade, as tradutoras e teóricas feministas que, en ocasións, se fan presentes nas notas, no texto e nos mesmos prefacios, como sempre fixeron os tradutores varóns (Castro). Este traballo, aínda que a modo de catálogo orientado a unha reflexión crítica, sobre a existencia, o volume, e as decisións tomadas en diferentes ámbitos para que as traducións inglés-galego-inglés fosen posibles, tamén achega unha visión de conxunto sobre a poesía de homes e mulleres e a súa presenza nas traducións. Por tanto, para concluírmos, a praxe das políticas de tradución de poesía ao galego ten desde os inicios, unha formulación anárquica, que continúa até a actualidade e que reflicte os gustos de determinados intelectuais, mais carécese dunha política de tradución consistente tanto en cuestión de reflectir os diferentes canons literarios dos países de fala inglesa como de presentar as diferentes vangardas e os movementos da literatura contemporánea anglófona. Caso distinto é o da tradución do galego ao inglés, que a través de diferentes antoloxías (De Toro e Dunne) tratan de presentar os textos máis relevantes da historia da literatura galega aos anglofalantes. Tamén é relevante o labor de antólogas, como Manuela Palacios, por auspiciaeren traducións inglés-galego-inglés das poetas contemporáneas irlandesas e galegas.

Bótase en falta, en definitiva, unha política de tradución máis global que encha os grandes ocos de poetar ingleses sen tradución ao galego e realizada tendo en conta as formulacións das teorías críticas tradutolóxicas mencionadas na introdución a este traballo, e da que sexan conscientes os e as profesionais da tradución xunto con todos os axentes do mundo do libro dos diferentes sistemas coexistentes, con especial atención ás teorías poscoloniais e de xénero que marcan todo o movemento artístico e intelectual do último cuarto do século xx e dos comezos do xxi.

Bibliografía

Álvarez Cáccamo, Xosé María *et al.* (eds.) (1995): *Contemporánea*, Trad. francés François Davo; trad. inglés Jack Hill. (A Coruña: Asociación de Escritores en Lingua Galega).

Antonio, Manuel (2001): *From Four to Four / De catro a catro*. Trad.: John Burns *Puckerbrush Review* XXI.

Araguas, Vicente (1998): «Catro poemas traducidos para o galego de Seamus Heaney», *Madrigal*, 1: 145-146.

Araguas, Vicente (2002): «Plácido Castro traductor», *Grial*. 153: 131-138.

Arias, Valentín / Alberto A. Lugrís (2005): «Significado e importancia de Plácido Castro no panorama da tradución en Galicia.» Disponible en: <<http://www.igadi.org/web/fundacion-placido-castro/conferencia-anual-placido-castro/significado-e-importancia-de-placido-castro-no-panorama-da-traducion>> (Última consulta: 16 de abril de 2013].

Basnett, Susan / Harish Trivedi (eds.) (2012): *Postcolonial Translation. Theory and Practice*. (London: Routledge).

Buján Otero, Patricia / María Xesús Nogueira Pereira (2011): «La (re)escritura de los márgenes. Traducción y género en la literatura gallega» *MonTI* 3: 131-160.

Bukowski, Charles (1993): *Toca o piano borracho / como un instrumento de percusión / ata que os dedos empecen a sangrar un pouco. Play the Piano Drunk / like a Percussion Instrument / until the Fingers Begin to Bleed a Bit*. Trad. Xosé García Sendón (Santiago de Compostela: Edicións Positivas).

Castro, Olga (2009): «El género (para)traducido: pugna ideológica en la traducción y paratraducción de *O curioso incidente do can á media noite*», *Quaderns* 16: 251-264.
Castro, Rosalía de (1964). *Poems of Rosalía de Castro*. Ministry of Foreign Affairs, Madrid. *Translation: Charles David Ley. Edition & foreword: Xosé Filgueira Valverde*.

Castro, Olga (1991). *Poems*. Tradución, edición e limiar de Anna-Marie Aldaz, Barbara Gantt, Anne Bromley. Albany: State University of New York.

Castro, Olga (2007). *Selected Poems*. Tradución, edición e limiar de Michael Smith (Exeter: Shearsman).

Castro, Olga (2010): *The Poetry and Prose of Rosalía de Castro*. Trad. John Dever e Aileen Dever (Lewinston-Queenston-Lampeter: Edwin Mellen).

Castro, Olga (2013): *Galician Songs / Cantares Gallegos*. Trad. Erín Moure (Sofía: Small Stations / Xunta de Galicia).

Castro del Río, Plácido, Florencio Delgado Tobío e Fernando Delgado Gurriarán (1949): *Poesía inglesa e francesa verquida ao galego* (Bos Aires: Alborada). [Reeditada por Galaxia no ano 2005].

Cebreiro, María do (2010): *I Am Not from Here / Non son de aquí*. Trad. Helena Miguélez Carballeira (Bristol, UK: Shearsman).

Cisneros, Sandra (1995): *Loose Woman: Poems* (New York: Vintage).

Cisneros, Sandra (1995): *Muller ceiba*. Trad. Marilar Aleixandre (Vigo: Xerais).

Cunqueiro, Álvaro (1991): *Escolma de poetas traducidos* (Vigo: Galaxia).

Danko, Jane (2006). *De amor e vida / Of Love and Life*. Trad. Vicente Araguas (Ferrol: Ed. Sociedad de Cultura Valle-Inclán).

Deane, Seamus (ed.) (1991-2002): *The Field Day Anthology of Irish Writing*. 5 vols. (Cork: Cork UP).

Dickinson, Emily (2004). *Dickinson*. Trad. Carlos Coira Nieto (Lugo: Tris Tram).

Dunne, Jonathan (ed.) (2010): *Contemporary Galician Poets. A Poetry Review Supplement* (London: Poetry Society).

Dickinson, Emily (ed.) (2010): *Anthology of Galician Literature / Antoloxía da literatura galega 1196-1981*. (Vigo: Xerais / Galaxia / Xunta de Galicia).

Dickinson, Emily (ed.) (2012): *Anthology of Galician Literature / Antoloxía da literatura galega 1981-2011*. (Vigo: Xerais / Galaxia / Xunta de Galicia).

Eliot, Thomas Stearne (1998): *A terra baldía*. Trad. Armando Requeixo e María Fé González Fernández (Santiago de Compostela: Ed. Follas Novas).

Even-Zohar, Itamar (1979). «Polysystem Theory.» *Poetics Today*, 1 (1-2, Autumn): 287–310.

Even-Zohar, Itamar (2010): *Papers in Culture Research*. (Tel Aviv: The Culture Research Lab., Tel Aviv University).

Ferreiro, Celso Emilio (2012): *Long Night of Stone / Longa noite de pedra*. Trans. Jack Hill (Sofía: Small Stations / Xunta de Galicia).

González Fernández, Helena (ed.) (2001): *A tribo das baleas: poetas de arestora. An Anthology of the Latest Galician Poetry* (Vigo: Xerais).

González Liaño, Iria (2002): «Tradución e Xénero. O feminismo de Rosalía de Castro traducido ao inglés», *Viceversa*, 7-8: 109-130.

Heaney, Seamus (1996): *Traballo de campo*. Trad. Vicente Araguas (Vigo: Xerais).

Hermans, Theo (1985): *The Manipulation of Literature. Studies in Literary Translation* (London: Croom Helm).

Hill, Jack (ed.) (2000): *To Visit Me The Sea. Galician Poetry 1930-1996* (Colchester, UK: Hamlet Press / University of Essex).

Hutchinson, Pearse (2003): *Done into English: Collected Translations* (Loughcrew, Oldcastle, County Meath, Ireland: Gallery Press).

Khayyám, Omar (1859) (1989): *Rubáiyát*. Trad. inglés Edward Fitzgerald. Ed. Dick Davies. (Londres: Penguin).

Khayyám, Omar (1965): *Rubáiyát*. Trad.: Plácido R. Castro, *Grial* 81: 159-188.

Khayyám, Omar (1992): *Rubayyat de Omar Khayyam*. Versión do francés Miguel González Garcés. Debuxos de Alfonso Abelenda, Alberto Datas, Alejandro González Pascual e Antonio Tenreiro. (A Coruña: Deputación da Coruña).

Khayyám, Omar (1996): *Edward Fitzgerald: As Rubáiyát de Omar Khayyám*. Ed. Antonio R. de Toro. (A Coruña: Espiral Maior).

Lefevere, André (1992): *Translation, Rewriting, and the Manipulation of Literary Fame* (London: Routledge).

Lorenzo Modia, María Jesús / Purificación Pérez Janeiro (1994): «A traducción de poesía inglesa ao galego: Algunhas consideracións», *Grial* 122 (abril, maio, xuño) XXXII: 255-260.

Lorenzo Modia, María Jesús (2006): «Significado e valor da traducción de *As Rubáiyát* de Omar Khayyám» en *Actas do Congreso sobre Plácido Castro e o seu tempo*: 255-272 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

Luna Alonso, Ana (2007): «Historia reciente de la traducción literaria al gallego», en Santoyo, J. C. e J. J. Lanero (coords.): *Estudios de traducción y recepción*: 249-263 (León: Universidade de León).

MacDiarmid, Hugh (1992): *Selected Poetry* (Manchester: Carcanet).

Murado, Miguel Anxo (1993): *A Bestiary of Discontent*. Trad.: Carys Evans-Corrales (Lewinston-Queenston-Lampeter: Edwin Mellen).

O'Donnell, Mary e Manuela Palacios, (eds.) (2010): *To the Winds Our Sails. Irish Writers Translate Galician Poetry Poes* (Cliffs of Moher, County Clare, Ireland: Salmon Poetry).

Palacios, Manuela (ed.) (2003): *Pluriversos: Seis poetas irlandesas de hoxe*. Trad.: Manuela Palacios e Arturo Casas (Santiago de Compostela: Follas Novas, Col. Libros da Frouma).

Palacios, Manuela (ed.) (2012): *Forked Tongues Galician, Basque and Catalan Women's Poetry in Translations by Irish Writers* (Bristol, UK: Shearsman Books).

Pallarés, Pilar (2012): *Leopardo son*. (A Coruña: Espiral Maior). Trad.: Carys Evans-Corrales. (Sofía: Small Stations, 2013).

Pato, Chus (2007): *Charenton*. Trad. Erín Moure (Ottawa e Exeter: Buscheck Books & Shearsman).

Pato, Chus (2009): *m-Talá*. Trad.: Erín Moure (Exeter / Ottawa: Shearsman & Buscheck).

Pato, Chus (2011): *Hordes of Writing / Hordas da escritura*. Trad.: Erín Moure (Exeter / Ottawa: Shearsman / Buscheck).

Pato, Chus (2012): *Secession / Secesión*. Trad.: Erín Moure (Montreal: Zat-so Productions. Vigo: Galaxia, 2009).

Pereiro, Lois (2011): *Collected Poems*. Trad.: Jonathan Dunne (Sofia: Small Stations).
Pope, Alexander (1711): *An Essay on Criticism*. In Alexander Pope (2006). *The Major Works*. Ed. Pat Rogers. Oxford: OUP. Pp. 17-39.

Rivas, Manuel (2009): *From Unknown to Unknown*. Ed. e trad. Jonathan Dunne (Foreword John Burnside. Sofia: Small Stations).

Rivas, Manuel (2012): *The Disappearance of Snow / A desaparición da neve*. Trad.: Lorna Shaughnessy (Bristol, UK: Shearsman).

Rodríguez, Luciano (ed.) (1999): *Galician Generation of the Eighties. Three Poets. Xulio L. Valcarcel, Pilar Pallarés e Ramiro Fonte* (A Coruña: Universidade da Coruña).

Shakespeare, William (1992). *Soño de verán*. Trad.: Manuel Guede e Eduardo Alonso (Vigo: Xerais / Xunta de Galicia).

Shakespeare, William (1993): *Hamlet*. Trad.: Miguel Pérez Romero (Vigo: Galaxia).

Shakespeare, William (1997): *As alegres casadas*. Trad.: Manuel Guede e Eduardo Alonso (Vigo: Xerais / Xunta de Galicia).

Shakespeare, William (1998): *Xulio Cesar*. Trad.: Xohán Ledo (Trasalba: Fundación Otero Pedrayo).

Shakespeare, William (1998): *O Rei Lear*. Trad.: Eduardo Alonso e Cándido Pazó (Vigo: Xerais).

Shakespeare, William (1998): *Ricardo III*. Trad.: Xohán Ledo (Trasalba: Fundación Otero Pedrayo).

Shakespeare, William (2005): *Ricardo III*. Trad. e adapt. Manuel Guede e Eduardo Alonso (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Dramático Galego).

Shakespeare, William (2006): *Otelo / Macbeth*. Trad.: Miguel Pérez Romero (Vigo: Galaxia).

Shuttleworth, Mark (2001): «Polysystem Theory», en Mona Baker (ed.): *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*: 176-179 (New York / London: Routledge).

Simon, Sherry (1996): *Gender in Translation* (London: Routledge).

Toro Santos, Antonio R. de (ed.) (1996): *As Rubáiyat de Omar Kayyám de Edward Fitzgerald. Edición bilingüe inglés-galego*. Trad.: Plácido R. Castro (A Coruña: Espiral Maior).

Toro Santos, Antonio R. de (ed.) (1999): *Poesía irlandesa contemporánea*. Trads.: Antonio R. de Toro Santos, David Clark e Emilio Ínsua González (A Coruña: Espiral Maior).

Toro Santos, Antonio R. de (ed.) (2010): *Breogán's Lighthouse. An Anthology of Galician Literature* (Londres: Francis Boutle Pub.).

Toury, Gideon (1980): *In Search of a Theory of Translation* (Tel Aviv: Porter Institute for Poetics and Semiotics).

Vidal Claramonte, María del Carmen África (1995): *Traducción, manipulación, desconstrucción* (Salamanca: Ediciones Colegio de España).

Von Flotow, Luise (1997): *Translation and Gender. Translating in the 'Era of Feminism'*. (Manchester/Ottawa: St. Jerome/University of Ottawa P).

VV. AA. (1993): *By the Paths of Literature: Galician Writers of PEN*. Trads. María Casal, Katheleen March, Andrew Miller, Antonio de Toro Santos e Gabrielle Witthaus (Santiago de Compostela: PEN Club of Galicia).

VV. AA. (2001): *Poetry is the World's Great Miracle: Poets of Galician PEN Club*. Trads. John Burns. Foreword María do Cebreiro e Xesús Alonso Montero (Santiago de Compostela: PEN Club of Galicia).

Evolución das traducións ao galego: das orixes ao século XXI

GONZALO CONSTENLA BERGUEIRO

Universidade de Vigo

Introdución

Para podermos debuxar calquera panorámica sobre a traxectoria histórica e a situación actual da tradución literaria ao galego faise totalmente indispensábel –se queremos evitar ficarmos nun estudo aséptico, descontextualizado e que nos leve a unhas conclusións nesgadas tanto do punto de vista cuantitativo como cualitativo– facer unha análise do proceso de normalización lingüística e cultural –por non dicir do proceso de (re)construción nacional– de Galiza, prestando especial atención ás consecuencias que este proceso, entendido e analizado desde unha perspectiva integral e, por tanto, social, tivo na conformación do sistema literario galego. E é que, como veremos a seguir, o desenvolvemento da tradución literaria, como a propia literatura, en idioma galego corren parellos ao devir histórico de Galiza e ao papel que representou o galego ao longo dos seus máis de dez séculos de existencia como lingua nacional, isto é, unha traxectoria irregular, contraditoria, con moitos altos e baixos e, en definitiva, complexa.

Freixeiro Mato (1997) establece dous grandes períodos na historia social da lingua galega: en primeiro lugar sete séculos de normalidade, desde a súa aparición no século IX até finais do século XV, período que se corresponde co do predominio das clases dirixentes autóctonas e o mantemento de Galiza como unidade política diferenciada. Esta etapa de esplendor da lingua vese truncada por cinco séculos de conflito lingüístico que comeza cunha fase de imposición violenta dunha lingua allea, emparellada a un proceso de substitución lingüística; continúa cun período de total escuridade da lingua na súa vertente escrita aínda que nun contexto de monolingüismo social (séculos

xvi-xviii); pasa por un rexurdimento literario (século xix) de man dos chamados precursores, tanto escritores como intelectuais, ao que precedeu un período de ilustración a finais do s. xviii, rexurdimento que se constituíu como unha translación lingüístico-literaria dun movemento político máis amplo que comeza co provincialismo (primeira metade do s. xix), como reacción contra o proceso de centralización do Estado (Vello Viñas, 2002: 113), continúa co rexionalismo (último terzo do s. xix) tras o triplo fracaso (novo intento provincialista, crise do tradicionalismo e fracaso do federalismo republicano) das iniciativas descentralizadoras do Estado (Vello Viñas, 2002: 116) e conclúe coa creación do movemento nacionalista a comezos do século xx, que definitivamente incorpora a reivindicación lingüística como elemento central do seu discurso político, todo o cal cristaliza na súa oficialización no Estatuto de Galiza referendado plebiscitariamente no ano 1936. A partir desa data, e como consecuencia da Guerra Civil e posterior ditadura franquista, o idioma volve de novo á escuridade, a «longa noite de pedra», e será a partir de 1975, coa morte do ditador, a promulgación do Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981 e, sobre todo, a Lei de normalización lingüística de 1983, cando o galego, nunha situación precaria desde o punto de vista da súa visibilidade, prestixio e credibilidade sociais, poida ter a oportunidade de recuperar terreo perdido e reiniciar o camiño conducente á súa plena restauración.

O camiño andado da tradución ao galego

Paralelamente aos momentos históricos polos que transcorreu a sorte do noso idioma, tal e como xa apuntamos anteriormente, pódese trazar unha historia da tradución ao galego, que a continuación faremos de forma pretensamente sintética –para o que seguiremos a Noia Campos (1995: 33-57)– co fin de poder contextualizar o período que queremos analizar con máis detemento, o último cuarto do século xx.

Na etapa de normalidade e esplendor da lingua, o período medieval, a sorte da tradución –maioritariamente do latín– acompaña á da propia literatura e a súa temática, moi en consonancia coas características do período histórico, pertence principalmente aos xéneros historiográfico (*Crónica Geral*, *Crónica de Castela*, *Crónica Galega*, *Crónica de Santa María de Iria*, *Grande e General Estoria*, *General Estoria*), materia de Troia (*Crónica Troiana*, *Historia Troiana*), materia de Bretaña (fragmento da *Lenda de Tristán*, fragmento da *Suite de Merlin*), ciclo carolinxio (*Crónica de Turpin*), haxiografía e colección de milagres (*Miragres de Santiago*), textos de literatura xurídica (*Códice das Sete Partidas*, fragmentos do *Foro Xulgo*) e mesmo textos especializados (*Livro de Alveitaria*).

Durante o que se coñece como Séculos Escuros, a ausencia total de traducións ao galego non é senón unha mostra evidente do período de decadencia polo que atravesa a literatura –con escasas presenza que se poden considerar testemuñais– e a propia consideración social; non así o uso universalmente estendido da lingua, agredida por unha asimilación e imposición políticas perfectamente deseñadas e premeditadas (Constenla Bergueiro, 2003b: 56-7) ben desde un constructo ideolóxico como o da teoría da lingua como compañeira do imperio de Nebrija, ben desde un aparello legal represor (Decretos de Nova Planta, de Filipe V; Cédula de Aranjuez, de Carlos III etc.).

O rexurdimento literario de finais do s. XIX centrou a súa atención na restauración do discurso literario, sobre todo no plano lírico, como expresión da alma nacional, e mesmo épico, para dar renda solta ao sentimento patriótico, deixando nun plano moi secundario á narrativa e, en maior medida, á tradución, que reaparece en Galiza sobre todo, e de novo, para dar expresión autóctona á literatura latina (de entre ela, *Vida do campo*, en 1868 e *Oda a Grosfo* en 1895, de Horacio; *Odas*, de Anacreonte, en 1897; *Libro VI da Eneida*, de Virxilio, en 1897, ou *Epístola ad Pisones*, de Horacio, en 1901) e así «contribuír á creación dun estilo literario culto» (Noia Campos, 1995: 46). De igual forma, e do mesmo xeito que como sucede en todas as literaturas nacionais europeas aínda que con varios séculos de atraso, a tradución de textos bíblicos representa un sinal de consolidación da lingua e literatura autóctonas e, así, neste período aparecen fragmentos como *a Parábola do fillo pródigo*, en 1857 ou, en 1861, o *Evanxeo segundo San Mateu*. Xa finalmente, cabe mencionar que a literatura contemporánea tamén está presente, aínda que sexa de xeito testemuñal, da man de Valentín Lamas Carvajal: *Tres misas do galo* (1857) do francés Daudet.

No primeiro terzo do s. XX, parello ao proceso de conformación do movemento político nacionalista, precisamente a mans dos mesmos protagonistas deste (Losada Diéguez, Otero Pedraio, Plácido R. Castro, os irmáns Vilar Ponte etc.) e publicados nos seus mesmos órganos de prensa, como pode ser o caso do semanario *A Nosa Terra* ou a revista *Nós*, prodúcese a incorporación da tradución a un «proxecto de recuperación da lingua e de creación dunha prosa galega, que levaron a cabo os homes das Irmandades da Fala e os do grupo Nós» (Noia Campos, 1985: 47), unido todo iso á creación de proxectos editoriais de carácter empresarial, e coa incorporación de idiomas de partida como o francés, o italiano, o catalán ou o inglés, xunto coa reiterada presenza do latín e xa, nalgúns casos, publicados en formato libro, superando as versións parciais ou en serie en publicacións periódicas. Autores como Dante (soneto 15 da *Vida nova*) e Arnaut (poema *A folla*), os dous traducidos por Losada Diéguez en 1918; Leopardi; Hölderlin; Yeats (*Cathleen ni Houlihan*, vertido ao galego por Antón Vilar

Ponte en 1921); Virxilio (poema das *Xeórxicas*, 1930, en tradución de Avelino González Ledo); Gabriel e Galán (*O embargo*, 1926, traducido por Otero Pedraio) ou Guimerá (*As catro viúvas*, 1929) son vertidos ao galego co propósito de convertelo nun vehículo adecuado e lexítimo de expresión da cultura universal desde a propia identidade cultural e, ao mesmo tempo, de renovar e consolidar o seu sistema literario. Ora ben, quizais entre todas estas traducións destaque e fose obxecto de numerosos estudos unha proposta por mor da nada casual elección dun texto totalmente coetáneo, moi innovador tanto na forma como no fondo, que causara o escándalo no momento da súa publicación en inglés e que representaba á atlántica Irlanda, en pleno proceso de autodeterminación nacional, á que os nacionalistas galegos miraban como exemplo para imitar: tratábase da primeira versión na península Ibérica duns extractos do *Ulises* de James Joyce, en versión galega (1926) do máis tarde deputado nacionalista en Cortes, Ramón Otero Pedraio. Este vizoso período, axiña rachado, viu tamén por primeira vez a tradución ao galego en formato libro, publicada pola Editorial Nós, de textos como as *Églogas*, de Virxilio, da man de Avelino Gómez Ledo e *Dous folk dramas*, do irlandés Yeats, posta en galego por Plácido R. Castro en 1935.

Porén, o esperanzador futuro que o Estatuto de Autonomía de 1936, impulsado polo nacionalismo agrupado ao redor do Partido Galeguista, prometía para a restauración social da lingua e a cultura galegas, viuse violentamente truncado pola sublevación militar, guerra civil e posterior ditadura (1936-1975). Nos primeiros anos do réxime totalitario, a actividade editorial en galego queda practicamente prohibida e os seus promotores, militantes nas filas nacionalistas, sofren a represión e mesmo o asasinato ou teñen que se exiliar. A partir de 1940 iníciase unha lenta recuperación, pero será sobre todo cara a 1950, momento en que o nacionalismo do interior decide reconverter o seu activismo político en resistencia cultural, cando a tradución ao galego do período ditatorial se renove, sobre todo ao redor da Editorial Galaxia, coa súa revista *Grial*, a editorial Sept e a colección de Bibliófilos Gallegos.

Así, a primeira tradución deste período data de 1949 (*Escola de larpeiros*, de Horacio, en tradución de Antonio Rey Soto e publicada por *La Región* de Ourense) e ten continuidade en 1951 coa colectánea poética *Musa alemá* (vertida ao galego por Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Teijeiro para a editorial Benito Soto de Pontevedra) e os *Carmina* de Horacio (traducido por Aquilino Iglesia Alvariño para a Biblioteca Antolóxica de Clásicos). De 1952 é o *Cancioeiro de Poesía Céltica*, de Julius Pokorny (en tradución de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro para Bibliófilos Gallegos); en 1955 Ramón Cabanillas traduce tamén para Bibliófilos Gallegos unha antoloxía de poemas gregos, latinos e europeos, *Versos de alleas terras e de tempos idos* e en 1956, de novo da man de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro

ve a luz a versión galega de *Da esencia da verdade*, de Heidegger, o que constituíu a estreia da Editorial Galaxia. Da década dos sesenta son *A comedia da oliña*, de Plauto, en tradución de Aquilino Iglesia Alvariño (1962) e *Problemas humanos*, en versión galega de Domingo García Sabell (1966), ambas tamén para a Editorial Galaxia.

De 1959 a 1975 a revista *Grial* publica unhas setenta e cinco traducións de textos literarios, relixiosos e filosóficos, entre eles *Antígona* e *Non habrá guerra de Troia*, en tradución de Xosé Luís Franco Grande e Xosé Manuel Beiras, e após 1952 unha gran cantidade de textos bíblicos e litúrxicos en Galaxia, Bibliófilos Gallegos e Sept. A partir de 1966 en adiante, as publicacións en galego, e entre elas as traducións, xa fican rexistradas nas bases de datos do ISBN español, o cal facilitou en gran medida podermos facer os correspondentes recontos, análises e comparativas. Entre ese ano e 1975 prodúcese un importante incremento continuo da actividade editorial na nosa lingua, non tanto así na tradución, cunhas cifras que amosan pouco aumento interanual, aínda que no conxunto deses dez anos se chegara a un total de trinta títulos, moi por riba da media dos últimos anos anteriores.




Gráfico 1: Evolución das publicacións e traducións en galego 1966-1975.

Fonte: Base de datos do ISBN.

Nese decenio, diversificouse a tipoloxía dos textos traducidos, e comeza a albiscarse o que sería unha constante, con certas variacións anuais, da oferta literaria da tradución por xéneros, moi nomeadamente, a forte presenza da literatura infantil e xuvenil (LIX), con todos os matices e reservas que se lle poidan apor á etiqueta:



Gráfico 2: Tipoloxía de textos traducidos 1966-1975.

Fonte: Base de datos do ISBN.

Entre os tradutores deste período salientan Avelino Gómez Ledo, Domingo García Sabell, Isidoro Millán González-Pardo, Manuel Casado Nieto, Xesús Alonso Montero e, sobre todo, pola súa condición de muller, invisibilizadas até o momento no eido da tradución, Xohana Torres. A súa totalidade presenta un perfil recorrente: destacados intelectuais, autores en galego, que nun labor non profesional volvían pór os alicerces da naturalización da literatura universal, como noutrora ocorrera na época dos precursores, o Rexurdimento ou a Xeración Nós, e como continuaría a ocorrer até que as novas fornadas tomasen a remuda. Títulos destacados deste último anos da ditadura son *A barca do inferno*, de Gil Vicente, *Morte na catedral*, de T. S. Eliot, *O soño das caliveras*, de Quevedo ou *Macbeth*, de Shakespeare, cun abano de linguas que se ía ancheando e que, tamén, comezaba a marcar a tendencia do que viría despois, coa presenza de idiomas de orixe como o español ou o catalán.

Aínda con cifras cativas e con dificultades abondas, o sistema literario galego parecía reconducir timidamente o seu truncado *revival* e a tradución dispúñase, máis unha vez, a acompañalo na súa longa travesía cara á aínda hoxe inconclusa normalización lingüística e cultural. En 1975 morría o ditador e abríanse novos horizontes para o futuro da lingua e a cultura galegas.




Gráfico 3: Traducións 1966-1975 por linguas de procedencia.

Fonte: Base de datos do ISBN.

1976-1999: Introducción ao contexto socio-político e cultural

O último cuarto do século xx trouxo consigo cambios radicais nas estruturas políticas, económicas e culturais de Galiza, tras 40 longos anos dunha ditadura de corte fascista que se caracterizou polo seu illamento internacional, a ausencia de liberdades democráticas, tanto individuais como colectivas, dos cidadáns e dos pobos; a uniformidade ideolóxico-cultural, así como a negación do carácter plurilingüe e pluricultural do Estado, coa consecuente represión de toda reivindicación, manifestación ou expresión das culturas periféricas, é dicir, a catalá, a galega ou a vasca.

Coa morte do ditador Franco e a paulatina desaparición do seu réxime autocrático dáse paso a unha nova etapa política, a chamada *Transición*, durante a cal a sociedade galega experimenta unha serie de cambios que a van transformar e facer moi diferente á anterior a 1975. Con todo, estes cambios xa se viñan xermolando desde a década dos anos 60, por medio dunha transformación socioeconómica do mundo rural, que perde poboación progresivamente, a emigración a Europa occidental, a conflitividade lingüística e cultural e as grandes mobilizacións sociais tanto de índole agraria como industrial, que debuxan un novo escenario onde o carácter predominantemente rural de Galiza vai ir cedendo terreo paulatinamente a un novo país, cada vez máis urbano e industrializado.

A partir de mediados dos anos 60, o nacionalismo galego comezara a liderar os principais conflitos sociais, cunha estratexia de defensa dos sectores produtivos, e encabeza o movemento de recuperación da identidade política, lingüística e cultural de Galiza, mostrándose moi crítico coas novas institucións creadas tras a morte de Franco e a promulgación da Constitución española de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galiza de 1981, por considerar que a reforma política se produciu como unha metamorfose do antigo réxime, sen a necesaria ruptura democrática coas vellas institucións e o aparello burocrático e político –que inclúe tamén as persoas– delas herdadas. Un exemplo ilustrativo do que acabamos de dicir constitúeo o feito de que Manuel Fraga, que logo chega a se converter en presidente da Xunta de Galiza, fose ministro do goberno da ditadura franquista e, como tal, prohibíse, perseguíse e multáse os defensores da cultura galega naqueles momentos de resistencia política e cultural. Estes feitos poden explicar outros posteriores en relación co mandato parlamentar de normalización progresiva da lingua galega e a constante perda de falantes e presenza do noso idioma, que se torna nunha constante, con pequenas parénteses, en todo o período e até a actualidade. As institucións, pois, xa non parecían estar á altura das circunstancias: «[...] podemos observar que o noso país segue padecendo un grave problema de responsabilidade e compromiso coa súa cultura e coa súa lingua por parte das institucións» (Luna Alonso, 2003: 109).

Afortunadamente, a desidia oficial no ámbito lingüístico-cultural non se correspondía coa iniciativa social que, impulsada polo nacionalismo político e/ou cultural, propiciou a creación de determinadas entidades e colectivos (A Mesa pola Normalización Lingüística, Asociación de Escritores en Lingua Galega, Asociación de Tradutores Galegos, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega etc.) ou iniciativas empresariais (editoriais, fundamentalmente), que, xunto con certos organismos nados ao amparo das institucións e promovidos polo galeguismo académico e cultural (Instituto da Lingua Galega, Consello da Cultura Galega etc.) centraban os seus esforzos na defensa, estudo e promoción da lingua galega e da súa cultura.

A actividade editorial en galego durante no último cuarto do século xx

No último cuarto do século xx publicáronse en galego máis libros que en toda a historia de Galiza, cun incremento case constante en cifras absolutas que se pode considerar como vertixinoso. Así, de 70 títulos (non todos eles de carácter literario, aínda que si maioritariamente) en 1976 pasamos a 1053 en 1999, cunha suba porcentual dun 1500%. Con todo, a magnitude destas cantidades non debe levarnos a unha miraxe, senón que deberían ser analizadas tendo en conta outros datos, moi especialmente a produción editorial en español, que en 1975 era de 13 434 e en 2002 de 45 481; do

exposto dedúcese que mentres que a produción en español se foi incrementando a un ritmo *normal*, de acordo cunha demanda que crecía a medida que a sociedade española se afastaba dun sistema político pouco propicio para a difusión da cultura, en galego produciase unha verdadeira explosión para conseguir unha *normalidade* que, con todo, aínda estaba lonxe de se atinxir.

A explicación deste súbito incremento está, en primeiro lugar, en que a partir de 1975 a censura comeza a desaparecer e ábrese paso un período de permisividade cara ás culturas periféricas. Paralelamente, vanse creando novas institucións democráticas que en Galiza non poden senón axustarse á realidade cultural do país e, consecuentemente promover, aínda que for timidamente, a lingua e a literatura galegas, así como decretar a súa introdución como materias obrigatorias no sistema de ensino. Ao abeiro destas novas condicións, vanse creando novas editoriais galegas (Edicións do Castro, Edicións Xerais de Galicia, Laiovento, Edicións Positivas etc.) que se suman ás que xa tiveran actividade durante a ditadura (Editorial Galaxia, Bibliófilos Gallegos ou Sept) ou a editoriais de ámbito español que incorporan os libros de texto en galego ao seu mercado editorial (Altea, Alfaguara, SM etc.).

Aquela literatura prohibida e á que se lle mantiña á marxe dos ámbitos educativos, oficiais e comerciais, comeza a saír a superficie, a facerse pública, a normalizarse. E, do mesmo xeito que se produce unha revitalización da sociedade, o sistema literario loita por confirmarse e por dotarse dunha estrutura equiparábel á de calquera outra literatura, tamén coa incorporación de obras foráneas naturalizadas. Isto, con todo, non quere dicir que a nosa literatura estivera xa a piques de se normalizar. Non o podía estar porque, como na actualidade, en primeiro lugar a propia lingua e cultura que a sustentan non estaban normalizadas, vivían un conflito coa lingua e cultura de fóra, imposta durante os últimos cincocentos anos, conflito en que o galego se xoga a súa propia supervivencia; e, de feito, non o estaba porque as cifras con que xogamos a finais do século xx, aínda que poñen de manifesto que existía vontade de sobrevivir e que había un motor que impulsaba este instinto, non deixan de ser simbólicas e, como tales, representativas do estado en que se atopaba a cultura galega e alegóricas do que nos gustaría ter tido pero do que aínda carecíamos (e seguimos a carecer). No entanto, é de xustiza recoñecer que no ámbito da creación literaria, a súa produción e comercialización (outra cousa é a difusión e o consumo) é onde o noso idioma se atopaba, e se atopa, máis normalizado: o mesmo se pode dicir da tradución literaria, con respecto a outro tipo de traducións. É máis, a medida que vai decrecendo o número de falantes da lingua, aumenta o número de textos –literarios ou non– nela escritos. En definitiva, parece que a tendencia, con certos matices, foi e é que cada vez se fala menos galego, mais asemade cada vez se escribe, se traduce e, consecuentemente, se le máis.

Produción editorial e traducións ao galego

As cifras de traducións ao galego durante o último cuarto do pasado século presentan, a primeira ollada, unha evolución similar á produción editorial global en galego. No seguinte gráfico visualízanse as principais cifras, que nos indican que a tendencia é claramente á alza, en paralelo, pero a gran distancia, entre a produción propia e a tradución:




Gráfico 4: Evolución do número de publicacións e traducións en galego (1976-1999). Fontes: Base de datos do ISBN, BITRAGA, Constenla Bergueiro (1995, 1996, 1997a, 1997b, 1998a, 1998b, 1999a, 1999b, 2001a, 2001b), Pérez Real (1999) e Rubio Puga (1999).

A lectura destes datos permítenos afirmar que a eclosión que ten lugar na literatura galega, quizais o ámbito máis normalizado da nosa cultura, non produce simultaneamente un notábel incremento das obras traducidas, tendo en conta ademais que partimos dunhas cifras iniciais mínimas e, ás veces, inexistentes e uns limiares máximos moi deficitarios. Por outra banda, este fenómeno do incremento simultáneo non nos debería sorprendere se reparamos na función que sempre cumpriu a tradución na consolidación dos sistemas literarios nacionais en todo o mundo, máxime cando eses sistemas literarios son, como o galego, inestábeis, periféricos e non contan co apoio dun estado propio; en definitiva, cando eses sistemas non están plenamente normalizados.

Por tanto, teoricamente, a práctica da tradución literaria ao galego debería estar intimamente relacionada coa propia produción literaria orixinal, aínda que os resultados non o confirmen. Esta íntima relación existira no período republicano (1932-1936), cando os homes e as mulleres da Xeración Nós se propuñan actualizar a literatura galega coa achega das vangardas europeas da época. Agora ben, debemos recalcar que, na práctica, isto que acabamos de dicir non parece tan evidente nos últimos vinte e cinco anos. En primeiro lugar, porque estes anos non foron os primeiros da literatura galega, aínda que si os primeiros en que os autores puideron exercer o seu oficio nunhas condicións minimamente aceptábeis, o que significa que foi un tempo en que saíu á luz toda esa enerxía literaria que se acumulou durante varias décadas e que non podía abrollar (neste sentido, as traducións, as achegas doutras literaturas, non foron tan necesarias para reconfigurar o sistema literario galego); e en segundo lugar, porque moitas destas traducións, sobre todo do ámbito infantil, que son maioritarias, teñen a súa orixe en intereses de mercado e, por tanto, externos á propia literatura.

Desta forma, ao noso xuízo a tradución literaria entendeuse máis como unha maneira dos galegos podermos exercer os nosos dereitos lingüísticos, entre eles o de ter acceso á cultura universal no noso idioma, sen ter que pasar pola alfándega do español, que como unha necesidade interna do sistema literario galego de reforzarse e reorganizarse. Esta, á súa vez, pode ser unha explicación da caótica planificación editorial e institucional das traducións ao galego, da que máis adiante falaremos: o feito de non existir unha necesidade interna, inherente ao sistema literario, senón unha demanda social, política en última instancia.

Principais características das traducións ao galego durante o último cuarto do s. XX

Tras vinte e cinco anos de traducións literarias en galego, durante os cales se produciron altibaixos, aínda cando a tendencia global é de continuo ascenso numérico, estamos en condicións de describir as principais características que definen a produción total e que deberían ser tomadas en consideración á hora de realizar unha planificación para os próximos anos.

En primeiro lugar, a maioría dos títulos publicados corresponde á chamada literatura infantil e xuvenil (LIX), dato que á súa vez pon de manifesto que, por unha banda, a maior parte das traducións totais non chega a cen páxinas, e moitas delas nin a vinte e cinco; e, pola outra, que se traduce sobre todo aquilo que non supón un risco económico e ten saída segura no ámbito escolar. Vemos, pois, de novo un criterio externo,

exógeno ao sistema literario e, neste caso en concreto atreveríámonos a dicir que mesmo á demanda do lector, aínda que non á do sector educativo. No entanto, a presenza da gran cantidade relativa de títulos destinados aos máis novos é de seu tamén un aspecto positivo que esperamos que teña un efecto proveitoso a curto, medio e longo prazo, ao ir gañando lectores futuros para o galego, e que ademais sirva para estimular e complementar a aparición de títulos infantís e xuvenís de autoría galega. Pola contra, a presenza da poesía e do teatro é moi reducida, algo maior a da narrativa para adultos, aínda que a desproporción entre as dúas primeiras e a segunda non é tan evidente como nas publicacións de lingua orixinal galega; obsérvase tamén, asemade, un importante crecemento relativo no número de ensaios, aínda que cunha oferta bastante reducida canto a temas e autores.




Gráfico 5: Traducións ao galego entre 1976 e 1999 por xéneros literarios.

Fontes: Base de datos do ISBN, BITRAGA, Constenla Bergueiro (1995, 1996, 1997a, 1997b, 1998a, 1998b, 1999a, 1999b, 2001a, 2001b), Pérez Real (1999) e Rubio Puga (1999).

En segundo lugar, bótase en falta unha planificación axeitada tanto desde o punto de vista oficial como editorial ante a evidencia de que o número de títulos rexistrados resulta moi baixo e insuficiente para conseguir o obxectivo de facer do galego un idioma plenamente normalizado e sen competencias desleais en todos os ámbitos da sociedade, neste caso como lingua de lectura da obra literaria universal. Así mesmo, tamén resulta innegábel que é de novo no campo dos distintos xéneros literarios onde a importancia da tradución ao galego se pon de manifesto pola súa calidade e cantidade, fronte a outros tipos de traducións, doutra banda case inexistentes, como poden ser a xeral ou a especializada, o cal contribúe así a reforzar o sistema literario galego no seu conxunto e, en definitiva, a consolidar, moi lentamente, a identidade lingüística e cultural nacional. Neste sentido, estimamos que o goberno galego non tivo neste período, nin ten no actual, un lóxico papel dinamizador nos temas económico e de pla-

nificación, e sempre en contacto coas editoriais, as universidades e os profesionais da tradución, para poder darlle o pulo definitivo a un aspecto tan importante no camiño da normalización e evitar así seguir dando paus de cego que poderían ser máis graves se non contásenos coa entrega de certos sectores culturais, políticos e empresariais e, por suposto, coa boa acollida por parte do lectorado, que van confirmando que si existe unha demanda en potencia polo que fai falta, organizadamente, multiplicar a oferta:

Á Xunta de Galicia correspóndelle a responsabilidade de substituír a actual improvisación e descoordinación pola planificación, a priorización e a racionalización, pero ás forzas políticas e sociais e ó conxunto da sociedade civil, correspóndelles demandar ese cambio de rumbo e, sobre todo, construír propostas de futuro. (Luna Alonso, 2003)

En terceiro lugar, observamos que a lingua orixinal dos textos traducidos neste período é moi maioritariamente o español, co dobre de títulos que o inglés e o francés, seguidos a moita distancia do alemán, o italiano, o catalán, o portugués, o latín e a presenza testemuñal doutras linguas. O dato repítese ano tras ano, ao igual que as súas explicacións (facilidade de atopar tradutores/as para esas linguas, políticas editoriais subordinadas a intereses extragalegos, falta de novo dun deseño planificado etc.), pero o certo é que a situación vén confirmar a anormalidade cultural do país, o cal require accións concretas para corrixilas, entre elas a da formación de profesionais da tradución o máis diversificada posíbel en canto ao dominio das linguas estranxeiras, non só o das maioritarias pero pouco ou nada traducidas ao galego, senón tamén das minoritarias e minorizadas, algunha das cales comparten coa nosa un mesmo substrato cultural. Neste sentido, non deixa de resultar sorprendente e contraditorio que os títulos orixinais en español acheguen, con diferenza, a maioría das traducións; sorprendente por canto calquera lector galego pode ter acceso directo a unha obra en español sen ter que pasar pola tradución, e contraditorio porque o resultado final é que poidamos ler obras que entenderíamos na súa lingua orixinal (español), e, con todo, teñamos que recorrer a esta para ler literatura estranxeira. Outro tanto podería dicirse da cada vez máis habitual tradución da literatura portuguesa, unha necesidade, ao noso entender, pouco xustificada de termos en conta o tipo de público que le traducións en galego, así como a identidade xenética da lingua do país irmán coa de Galiza, as cales comparten a pertenza a un mesmo sistema lingüístico. As edicións anotadas dos textos en portugués sería a solución máis axeitada e, desde logo, máis oportuna, se temos en conta tanto as necesidades urxentes e prioritarias que presenta a tradución ao galego, xunto coa urxente misión que Galiza e Portugal teñen que deixar de aprazar *sine die* o reencontro na súa identidade histórica e cultural.




Gráfico 6: Traducións ao galego entre 1976 e 1999 por linguas de orixe. Fontes: Base de datos do ISBN, BITRAGA, Constenla Bergueiro (1995, 1996, 1997a, 1997b, 1998a, 1998b, 1999a, 1999b, 2001a, 2001b), Pérez Real (1999) e Rubio Puga (1999).

Ao debullarmos o exíguo 2% que representan as «outras linguas» fonte, podemos comprobar que se trata de presenzas moi testemuñais, anecdóticas:




Gráfico 7: Traducións ao galego entre 1976 e 1999 de «outras linguas».

Fontes: Base de datos do ISBN, BITRAGA, Constenla Bergueiro (1995, 1996, 1997a, 1997b, 1998a, 1998b, 1999a, 1999b, 2001a, 2001b), Pérez Real (1999) e Rubio Puga (1999). En canto á autoría dos textos orixinais, destacan neste período de case 25 anos e por

orde decrecente: o autor francés de banda deseñada, nomeadamente *Asterix*, Goscinny; o alemán de literatura infantil e xuvenil (LIX), Grimm (con títulos, entre outros, como *Hansel e Gretel*); o belga Hergé (autor da serie *Tintín*); o autor de LIX catalán, Ricardo Alcántara; a tamén autora de LIX, a portuguesa Alice Vieira; o inglés Conan Doyle, coa súa narrativa ao redor de Sherlock Holmes; seguidos polos seguintes autores e autoras de LIX: o danés Hans Christian Andersen; o español Juan Capdevila, autor da serie *Teo*; Teresa Durán i Armengol, de orixe catalá, o mesmo que Joles Sennell (Josep Albanell); o autor italiano de *Pinocho*, Carlo Collodi; o español A. Pacheco, coa serie *Eu son...*; a catalá Mercé Company; o inglés Roal Dahl; o español Juan Faria ou o italiano Gianni Rodari. A seguir, estaría o inglés Shakespeare, dentro do xénero teatral, e xa logo se situarían de novo dous autores e unha autora de, novamente, LIX: a sueca Maria Gripe; o francés Perrault e o catalán, Andreu Martín. A todos eles e elas, únenselles outra mancha de autores e autoras que non se citan aquí por non teren sido traducidos en máis de cinco ocasións.

Da beira galega, entre as persoas que se encargaron de anosar toda esta importante representación da literatura universal atopamos unha boa cantidade de tradutores e tradutoras, que supoñen unha nómina ben avultada, de termos en comparanza a do anterior período analizado, mais cun perfil, aínda que máis ancheado, medularmente semellante ao dos seus antecesoros: profesorado de todos os niveis de ensino, escritores e escritoras, persoas relacionadas co mundo da cultura (edición, teatro, xestión cultural...) e activistas a prol da lingua e cultura galegas. Isto é, non son maioritariamente profesionais da tradución, que tomaron o labor tradutor como unha actividade secundaria e, en certos casos, traducindo non directamente da lingua orixinal. Nesta listaxe salientan, pola cantidade de obras traducidas, os nomes de Valentín Arias López, seguido de Xavier Senín e Antonio Pichel Lorenzo, e xa logo Carme Hermida Gulías, Ramón Álvarez Losada, Henrique Harguindey Banet, Xavier Rodríguez Baixeras e Antonio García Teixeira, todos eles e ela con máis de vinte traducións.

Ao cruzarmos os datos de autoría de tradución e lingua orixinal ben se observa a especialización de certos tradutores e tradutoras: alemán (Laureano Araúxo Cardalda, Lois Tobío, Ramón Lourenzo ou Franck Meyer), español (Carlos Casares, Antonio García Teixeira ou Xosé Ramón Fandiño), francés (Henrique Harguindey, Fernando Crespo, Manuel Bravo, Moncha Fuentes ou Raquel Villanueva), inglés (Alberto Avendaño, Bieito Iglesias, Miguel Pérez Romero, Montserrat Paz Núñez ou Xosé Reimóndez Fernández), italiano (Silvia Gaspar ou Xavier Rodríguez Baixeras) e portugués (María Anxos Vázquez Rodríguez). A carón desta especialización da autoría de traducións por lingua orixinal traducida ao galego, atopamos tamén unha especialización por autores (Arthur Conan Doyle→Bieito Iglesias; Dante e Petrarca→Dario

Xohán Cabana; Gosciny→(Juan) Eduardo Blanco Amor; ou António Torrado→María Anxos Vázquez) e mais por xéneros literarios: teatro (Candido Pazó, Francisco Pilla-do ou Manuel Guede), LIX (Xulio Cobas Brenlla, Antón Santamaría ou Damián Villalaín).

Conclusións

Nesta achega verbo da traxectoria da tradución ao galego comprobamos que esta é unha actividade que vai intimamente ligada ao proceso de normalización. A ausencia dunha verdadeira planificación lingüística e cultural por parte de quen ten a responsabilidade de a facer a todos os niveis e non simbolicamente, dá como resultado unha situación semellante á descrita, onde as pexas e deficiencias se repetiron ano tras ano e mesmo se produciron graves retrocesos, a pesar dos esforzos comprometidos, ben individual ben colectivamente, ben profesionais ben empresariais, o cal desvela que desde as instancias oficiais non houbo unha firme aposta pola normalidade non subsidiaria. Así, pois, falarmos de tradución en Galiza, de tradución para o galego, é falarmos, en primeiro lugar, dos actores do proceso, das forzas que levan tentando imprimirlle enerxía e daquelas outras que decididamente lla levan restando. Entre as primeiras, os axentes normalizadores constitúen o principal motor de arranque da actividade, sincrónica e diacronicamente falando e, ao longo da nosa particular historia, mesmo se chegan a confundir cos propios tradutores, con todo o positivo e negativo que esa combinación de voluntarismo e vocación supón.

Aínda así, existen datos, como é o caso do número de reimpresións e reedicións de varias obras, que permiten afirmar que a reducida oferta fixo crecer a demanda e que o galego como lingua de tradución doutras literaturas foi medrando. Afirmar que á altura de 1999 estabamos no mesmo punto de partida, que non se deron pasos cara a adiante, non sería nin xusto nin certo; por outra banda, quizais volver a vista atrás para facer unha análise deixa un mal sabor ou, cando menos, provoca insatisfacción, a pesar dos avances innegábeis. A realidade dos datos obxectivos é que a medra da tradución literaria en galego foi constante e considerábel a partir da década dos anos setenta do pasado século e, no medio de altibaixos, foise estancando paulatinamente desde finais dos anos 90 até a fin do século pasado cando, a pesar das melloras, aínda non se conseguira, nin de lonxe, como tampouco hoxe, alcanzar o obxectivo de que traducir en Galiza e poder ler unha tradución ao galego sexa unha tarefa libre de obstáculos ou, dito doutro xeito, de que un lector galego aínda non teña o dereito de poder escoller calquera título da literatura universal na súa lingua. Velaí a falta de normalidade que logo se traslada aos aspectos concretos e características específicas

da tradución ao galego (lingua dos orixinais, distribución dos títulos entre os diferentes xéneros, ausencia dunha mínima planificación etc.).

Sexa como for, hai motivos para o optimismo: o camiño percorrido, a pesar das constantes dificultades, foise ancheando día a día, ano a ano; a formación e labor dos tradutores mellorando e profesionalizando; as empresas editoriais seguiron apostando e arriscando, dentro da súa estreita marxe de manobra, e a administración... Estaba daquela adormecida nas pallas e hoxe cunha actitude reaccionaria, con máis propaganda que acción e carecendo aínda dunha verdadeira planificación, dunha política de estímulo e apoio á tradución digna de tal nome antes, e agora deixando o sector na pura agonía, sen que, non por iso, a demanda chegase a estancarse. Parece, pois, evidente que a literatura e a tradución ao galego conseguiron sobrevivir e alcanzaron niveis de normalidade naqueles anos e non hai dúbida de que, a pesar dun presente aciago, un futuro incerto e un poder político a mallar na lingua, a tradución seguirá gañando terreo cando o idioma e a cultura galega, como instrumentos xenuínos de comunicación do noso país, acaden a súa verdadeira normalización.

Referencias bibliográficas

Bases de datos do ISBN. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte [en liña]: <<http://www.mcu.es/libro/CE/AgendaISBN.html>> [Última consulta: 20 de outubro de 2012].
BITRAGA. Biblioteca da tradución galega. Universidade de Vigo [en liña]: <<http://www.bibliotraducion.uvigo.es/>> [Última consulta: 25 de outubro de 2012].

Constenla Bergueiro, Gonzalo (1995): «A tradución do inglés ó galego». *Actas do 1º Simposio Galego de Traducción*. Anexo de *Viceversa*. *Revista galega de traducción*: 91-97.

Constenla Bergueiro, Gonzalo (1996): «Panorama da traducción literaria en Galicia durante o ano 1995», *Anuario de estudios literarios galegos*, 1995: 183-189.

Constenla Bergueiro, Gonzalo (1997a): «Traducción literaria ó galego durante ou ano 1996: un panorama esmorecente», *Anuario de estudios literarios galegos*, 1996: 211-219.

Constenla Bergueiro, Gonzalo (1997b): «Traduccions, 1996», *Viceversa*. *Revista galega de traducción*, 3: 167-172.

Constenla Bergueiro, Gonzalo (1998a): «Traducción literaria non ano 1997: unha necesaria e dubidosa consolidación», *Anuario de estudios literarios galegos*, 1997: 217-226.

Constenla Bergueiro, Gonzalo (1998b): «Traduccións ó galego no ano 1997: Un medre de cifras esquivias», *Viceversa. Revista galega de traducción*, 4: 219-227.

Constenla Bergueiro, Gonzalo (1999a): «Tradución literaria: sen rumbo fixo», *Anuario de estudios literarios galegos*, 1998: 277-283.

Constenla Bergueiro, Gonzalo (1999b): «Traduccións para o galego, 1998», *Viceversa. Revista galega de traducción*, 5: 181-188.

Constenla Bergueiro, Gonzalo (2001a): «Literatura traducida: desandando o camiño», *Anuario de estudios literarios galegos*, 1999: 213-219.

Constenla Bergueiro, Gonzalo (2001b): «Traduccións para o galego en formato libro durante o ano 1999». *Viceversa. Revista galega de traducción*, 6: 321-328.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1997): *Lingua galega: normalidade e conflito* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Luna Alonso, Ana (2003): «Lingua e tradución na mundialización», en Bringas López, Ana e Martín Lucas, Belén (eds.): *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*: 53-69 (Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo).

Noia Campos, M.^a Camiño (1995): «Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea», *Viceversa*, 1: 13-62.

Real Pérez, Beatriz (1999): *A tradución no sistema literario galego*. Tese de doutoramento. A Coruña: Departamento de Filoloxía Galega. Facultade de Filoloxía. Universidade da Coruña (inédita).

Rubio Puga, M.^a Luz (1999): *As traduccións publicadas en lingua galega dende 1953 ata 1997*. Traballo de fin de carreira depositado na Biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (inédito).

Vello Viñas, Raimundo (2001): «Do provincialismo ao rexionalismo: a xénese do galeguismo», en Constnla Bergueiro, Gonzalo e Domínguez Castro, Luís (eds.). *Tempos de sermos*: 103-122 (Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo).

Análise da tradución literaria cara ao galego. Fitos e tendencias nos primeiros anos do século XXI

ANA LUNA ALONSO

Universidade de Vigo

Resumo

Até ben entrada a década dos oitenta, a tradución serviu para prestixiar a lingua e cubrir moitos baleiros do campo literario galego, sobre todo o que ía directamente dirixido ás persoas máis cativas. Ademais, a escolla dos temas e obras pretendía fortalecer un ideario identificador como foi o labor das e dos intelectuais da época Nós. Aínda que estas funcións seguen a ter a súa relevancia, con este traballo demostramos que a produción literaria traducida desenvolve outras facetas nos últimos anos. A función normalizadora lingüística pasa a un segundo posto nesta última década para outorgarlle o protagonismo á normalización cultural.

Como veremos na análise realizada a partir dos datos, a tradución fai posible que se incorporen ao patrimonio cultural galego novos discursos, coñecementos e formas de pensamento, que se afastan en ocasións, da dinámica xeral que caracteriza as linguas fortes ou hexemónicas. A preocupación por traducir textos procedentes de novos lugares e novas materias é cada vez maior, aínda que seguimos a depender dos sistemas máis próximos que deciden o canon, e esa dependencia por veces tampouco é allea a territorios máis distantes importados. É imprescindible decatarse de que temos unha visión europeísta e limitada do que se considera universal, e o papel da investigación debe ser o de interesarse, tanto polas motivacións que conducen a que un texto sexa traducido e como se traduce, así como polos discursos creados ao seu redor e as razóns que levan a que determinados textos e autorías non cheguen a ver a luz.

Palabras chave

Tradución, literatura, importación, edición, análise.

1. Introducción

A produción editorial permite estudar a cuestión da relativa autonomía do mercado da tradución nos diferentes espazos en relación cos mercados que a rodean, así como o da edición local e o mercado mundial da tradución (Lema 2009). A análise sincrónica e diacrónica das políticas de tradución constitúe unha contribución esencial para o estudo das políticas culturais e dos seus vínculos coas nacións, minorías ou grupos sociais, xunto coas ideoloxías que as moven.

Os contextos plurilingües revelan conflitos aos que se lle pode sacar especial partido na investigación sobre os fluxos culturais, malia o peso que exercen as condicións económicas e sociopolíticas (Meylaerts 2007). Existe todo un conxunto de axentes e institucións que invisten intereses de tipo cultural, económico e político no desenvolvemento da produción tradutora (Lefevere 1992). Segundo eses intereses, as funcións da tradución poden ser moi diversas, mais entre elas cómpre citar a circulación das ideas e as relacións de dominación cultural, a construción das diferentes identidades colectivas, a influencia política, así como a acumulación de capital simbólico e a conquista de mercados (Bourdieu 1992).


A maioría das teorías da tradución que se ocuparon tanto da evolución histórica como da forma actual dos estudos de tradución desenvolvéronse sobre a base do pensamento occidental, partindo en xeral das linguas hexemónicas europeas. A propia teoría da tradución foi endocéntrica e androcéntrica, isto é, as ferramentas utilizadas polas persoas especializadas partiron dunha visión occidental que tamén é imprescindible revisar. De termos en conta que estamos a tratar dun mercado moi concreto, minorizado e controlado polos detentores das diversas formas de poder, debemos utilizar as formulas de análise que se aplican a outros ámbitos territoriais con certa cautela. De maneira xeral, podemos apuntar que o sector editorial de gran difusión (os grandes grupos editoriais) resulta ser moi limitado no tocante á variedade cultural, fronte ao que ofrece o sector restrinxido (as pequenas e mediadas empresas editoriais con menos medios), que amosa unha maior diversidade.

A tradución permite entender e analizar o porqué das modas e as razóns que levan a que se traduza unha determinada obra ou non e o modo en que se traduce. O traspaso favorece o contacto con correntes procedentes doutros lugares e tempos, achega novos xéneros ou modelos, e nesa nova lectura tamén incorpora novas interpretacións. Aínda que en galego non hai moitos exemplos de retradución, podemos tirar un rendemento positivo do atraso no proceso de normalización cultural. Así, o feito de termos obras traducidas a outras linguas das que se realizaron diferentes interpretacións, máis ou

menos ortodoxas ou manipuladas, pode servir de atallo para incorporar novas lecturas na nosa lingua e afastarnos dos prexuízos (Venuti 1998). Por outra parte, a comparación entre diferentes versións ten un gran proveito para a investigación, porque facilita o necesario distanciamento do orixinal para coñecer o contexto no cal foi creado e permite analizar a norma de tradución que rexe nun momento concreto (Toury 1995).

2. Volume de produción

Ao facermos un cómputo dos textos literarios traducidos cara ao galego, comprobamos que o volume de maior produción se xera nos últimos anos.¹ A base de datos BITRAGA,² a partir da cal elaboramos as gráficas e analizamos os resultados, inclúe a tradución editada en formato libro, as novas edicións e formatos,³ e todos os textos dirixidos ao prelectorado ou primeiro lectorado que, polo xeral, non superan as corenta páxinas.⁴



Fonte: Elaboración propia a partir da base de datos BITRAGA.

¹ Nun futuro traballo de investigación trataremos a produción de ensaio traducida. Incluímos nesa taxonomía as crónicas das viaxes por Galicia da man de visitantes como Aubrey F. G. Bell, Silveira da Mota, George Borrow, Luís Bello ou Federica Montseny.

² En: < <http://www.bibliotraducion.uvigo.es/>>.

³ Ademais dos textos editados na Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego que promove a Asociación de Tradutores Galegos, e anticipándose así ao auxe do libro dixital, en BITRAGA imos catalogar textos traducidos editados en publicacións periódicas, textos non literarios e guións de cine. Computamos as edicións electrónicas con novo ISBN, como o caso da novela de Paul Auster (*Diario de inverno*), recentemente editada por Galaxia.

⁴ A tradución de textos breves implica un coñecemento experto por parte das persoas que realizan este traballo. De non considerarmos esas obras, desprezariamos o seu labor, así como o das e dos autores e ilustradores.

Se nos centramos na época de maior volume de importación, comprobamos que os datos varían dun ano para outro, como demostración de que non houbo unha definida política de tradución. Así, o período de maior produción (2006-2009) coincide co estímulo concedido pola Administración autonómica a través da promoción do sector, que non só se limitou ao aumento das axudas á tradución (Montero Küpper 2012).⁵

Cómpre ter en conta que a tradución é un dos piares básicos na normalización do uso da lingua en todas as súas facetas e ámbitos (literaria, científica, audiovisual...), de aí que, máis alá das consideracións puramente económicas ou comerciais, sexa preciso un fomento comprometido e decidido da tradución por parte das administracións e un apoio do sector da edición privada. O Consello Asesor do Libro, creado en 2007, tiña como funcións desenvolver o Plan de fomento da lectura, derivado da Lei do libro e da lectura de Galicia, que viña cubrir as expectativas mencionadas e fixaba os compromisos do goberno en materia de tradución:


Artigo 6. Dos tradutores e tradutoras

1. [...] Con este fin elaborará unha liña de axudas periódicas e fomentará a tradución mediante convenio coas editoras e asociacións de tradutores e tradutoras. Promoverase especialmente a tradución de obras da literatura universal, así como daqueles textos que se consideren de referencia obrigada nos distintos ámbitos científicos e técnicos ou dos que se poidan empregar como manuais de estudo nas universidades galegas.

2. Como medida de apoio ás persoas que trasladan para o galego textos orixinariamente redactados noutras linguas, a Xunta de Galicia poderá colaborar coas editoras galegas na tradución de clásicos da literatura universal e doutras obras de publicación recomendable que, pola súa natureza ou alto custo, precisen de axudas públicas. (DOG n.º 7, 10/01/2007)

⁵ As axudas á tradución baixaron en 2012 (168 000 euros distribuídos en dúas anualidades, con 84 000 euros para 2012 e outro tanto en 2013). A redución da contía é do 16%, ao pasar dos 200 000 euros da convocatoria de 2011 aos 168 000 na de 2012. En 2010 foi de 300 000 euros, porque en 2009 non chegaran a ser convocadas. Hai dúas modalidades: unha destinada á tradución ao galego de obras publicadas noutras linguas, que consiste no pagamento por parte da Consellaría dunha porcentaxe do custo da tradución (entre o 50 e o 75% do importe); e outra dirixida á tradución para outras linguas de obras redactadas en galego. Esta última establece unha contía de entre 20 e 30 euros por páxina (para outras linguas da península Ibérica), e de entre 25 e 50 euros para os restantes idiomas. As axudas non poderán superar os 6000 euros.

Neste sentido, non debemos esquecer que a participación en feiras como as da Habana (2008), en que Galicia foi cultura convidada, ou as de Bos Aires, Brasil, Montevideo, Guadalajara (México), Frankfurt, Londres, Boloña, Líber ou Madrid, serviron de escaparate e de lugar de intercambio para dar a coñecer a creación propia e para negociar dereitos. Pola súa parte, o Pen Club de Escritores de Galicia asinou un acordo coa Secretaría Xeral de Política Lingüística co fin de levar adiante unha serie de actividades destinadas a incrementar a proxección exterior da literatura galega, que tamén deu os seus froitos.⁶ Tempo despois, son moitas as persoas que coinciden na necesidade de contarmos cun organismo oficial de promoción da literatura galega no exterior, así como na urxencia de completar o vertido ao galego das obras fundamentais da literatura e do pensamento universal (Bragado 2007). A nosa achega consiste na catalogación sistemática e rigorosa das obras traducidas na base de datos BITRAGA, para poder analizar os resultados da produción e tirar conclusións sobre os criterios de escolla e da súa evolución.⁷



Fonte: Elaboración propia a partir da base de datos BITRAGA.

Tal e como se presentan os datos na gráfica superior, comprobamos que o ano 2000 foi un bo ano para a tradución, aínda que no 2001 descendeu o volume e as cifras tardarían en remontar até 2003. A tendencia iría en ascenso a partir desa data e tal

⁶ Segundo o informe: *As cifras da industria cultural galega* (2010), o sector editorial representa o 52% das vendas no mercado exterior.

⁷ Cf. Artigo de Iolanda Galanes neste mesmo volume.

incremento coincide, como xa apuntamos, co pulo concedido por parte da Administración e con fitos como os da publicación da Biblioteca Galega de Clásicos Universais editada pola *La Voz de Galicia* en 2005. Así pois, a evolución mantén un bo ritmo até a entrada no último lustro en que volve baixar o volume de produción.

Entre as editoras locais que máis traducen, é preciso salientar o papel continuador da difícil época da ditadura de Edicións do Castro ou o da Editorial Galaxia. Esta última incorporou importantes coleccións como a Biblioteca Compostela de Narrativa Europea (que ofrece varias obras en galego antes de que aparezan noutra lingua europea), a Literaria, os Clásicos Universais, os Clásicos en galego e as dirixidas ao público máis novo como Costa Oeste e Árbore, nas que se inclúen numerosas traducións. Outro fito no mundo editorial que sempre tivo moi presente a tradución é o proxecto de Edicións Xerais de Galicia, que, ademais da colección específica dedicada aos clásicos universais, sempre incluíría obras foráneas nas coleccións de máis éxito como son Narrativa, As Literatas, Fóra de xogo, Xabaryl ou Xabarán de ouro.

Ao longo dos últimos anos, consolidouse o traballo de empresas como Laiovento, Sotelo Blanco, Baía, Ir Indo, Tris Tram, Toxosoutos, Positivas ou Espiral Maior, e naceron outras como a premiada Kalandraka, OQO, Faktoría K, Rinoceronte, Barbantesa, Urco, 2.0 Editora, Morgante, Hugin & Munin, Ézaro Ediciones, Triqueta verde, Franouren, Punto G Edicións ou Danu. Dentro deste panorama autonómico, non podemos esquecer a competencia comercial exercida polas casas de ámbito estatal e mesmo supraestatal con selo propio como Rodeira Galicia (Grupo Edebé), Tambre (Grupo Luis Vives), Tàndem, Bruño-Salvat, Everest Galicia, Planeta-Oxford, Xerme Editora (SM), Obradoiro (Grupo Santillana) ou a catalá El Aleph.

De termos en conta a escala de mercado en que nos movemos, tamén en Galicia podemos facer unha diferenza entre grandes e pequenos editores. Polo xeral, os grandes poden investir en proxectos máis custosos e adiantar cifras razoables de dereitos; mentres, o sector independente ten que avaliar con moito tino cales van ser as apostas da planificación anual e cal vai ser a súa política editorial tradutiva. Así, aínda que no ano 2008 aumentou considerablemente o volume da edición, as tiraxes nunca superaron os 2000 exemplares, e só no caso de obras moi concretas, que adoitan coincidir coa obtención de premios, podemos falar de textos que compensan o investimento na compra de dereitos de tradución.⁸ En calquera caso, non hai ningunha tradución li-

⁸ Logo da desaparición do Premio Ramón Cabanillas, conservamos o Premio Lois Tobío de Tradución, o Premio da Universidade de Vigo, o Premio Plácido Castro e o Premio do Ministerio de Cultura na modalidade de Tradución.

teraría que superase as vendas dun libro de creación propia, nin sequera a emblemática versión de Carlos Casares d'*O principião*, de Antoine de Saint-Exupéry, que vai polas vinte edicións. Malia o incremento absoluto de produción, o número de exemplares por título comezou o descenso hai uns anos e a tendencia segue á baixa. A falta de investimento en cultura tería graves consecuencias para as industrias culturais en xeral e levaría ao sector editorial a reducir o ritmo de produción.

3. Xéneros

No tocante aos xéneros que se traducen, a narrativa (novela, relato e conto) supera con moito ao teatro ou á poesía. A narrativa dirixida ao público adulto posúe un maior atractivo como produto comercial, aínda que dificilmente vai máis alá dos trinta exemplares de media anual, mentres a edición de poesía e drama traducidos varía de xeito considerable dun ano para outro, de modo que a súa produción é considerablemente inferior.⁹


É preciso salientar que unha gran parte dos textos que se traducen son literatura infantil e xuvenil (LIX). O cómputo da poesía (*Almanaque musical*, de Antonio Rubio ou *Para facer o retrato dun paxaro*, de Jacques Prévert) ou o do teatro (*Marta ante o espello*, de Teresa Calo Fontán), dirixidos a un público máis cativo, é ben pouco representativo para poder reflectilo nas gráficas.¹⁰

Se nos centramos na narrativa, comprobamos que cando baixa a produción en xeral, prodúcese unha certa tendencia á compensación entre a que se importa para o público adulto (sobre todo novela) e a que se importa para o lectorado infantil e xuvenil.

De resto, entre as temáticas que atraen esta franxa de público, que non sempre é adolescente, son a literatura de aventuras ou os relatos de misterio. Nos últimos tempos, creáronse moitos textos en galego do que se podería considerar xénero policial, ao tempo que se traduce a que se considera a primeira novela gótica (*O castelo de Otranto*,

⁹ Cómpre indicar que si hai produción de teatro traducido en galego desde o remate da ditadura até os nosos días, pero trátase na súa maioría de postas en escena que non chegaron a ver a luz en formato libro.

¹⁰ No caso da literatura dirixida ao público adolescente, denominada literatura xuvenil, o sistema literario realizou determinados cambios de coleccións (cada vez menos frecuentes), quizais como estratexia comercial. Un dos exemplos máis recentes destas mudanzas é o da novela *Tardes con Margueritte*, da escritora francesa Marie-Sabine Roger, publicada por Galaxia na colección Costa Oeste.



Fonte: Elaboración propia a partir da base de datos BITRAGA.


de Horace Walpole); así como obras de clásicos como Bram Stoker, Oscar Wilde, Conan Doyle, Edgar Allan Poe, Howard Phillips Lovecraft ou Guy de Maupassant, e autorías máis contemporáneas como Cornelia Funke.

4. Linguas *versus* espazos culturais de procedencia

Para facermos unha valoración dos espazos dos que máis importamos e cara aos que máis exportamos, elaboramos esta gráfica que ofrece o volume das linguas máis traducidas desde e cara ao galego.

Entre as linguas máis importadas destacamos o caso do catalán, de modo que se poida observar a relación establecida entre esa comunidade lingüística e as linguas con Estado de seu, e reparar así no equilibrio entre o que se importa e o que se exporta desde o galego. Fóra da evidente forza que ten o castelán e mais o inglés, ben sexa como lingua de importación, ben como lingua de mediación, cómpre facer fincapé no peso do italiano e do portugués.¹¹

¹¹ É preciso indicar que diferenciamos as linguas dos espazos de procedencia, así como a lingua en que se redacta o orixinal e a lingua de mediación. Así, distinguimos o español da Península do dos diferentes países hispanófonos; o francés na francofonía; o portugués na lusofonía ou o inglés no mundo anglófono.




Fonte: Elaboración propia a partir da base de datos BITRAGA.

Un fenómeno detectado nos últimos anos, cando menos no relativo á literatura dirixida ao público adulto, é que podemos contar con moitos textos traducidos directamente desde as linguas de orixe. A variedade espacial e cultural dos textos importados aumenta de xeito significativo e a distancia temporal con respecto á creación dos orixinais é menor. No tocante aos textos infantís e xuvenís, estamos a detectar novos intereses no ámbito editorial da tradución, fóra do dependente mercado editorial escolar.

De entre as case trescentas obras procedentes do mundo anglosaxón, a maioría procede do inglés británico, unha trintena dos EUA e unha ducia de Irlanda. Contamos con obra de destacados integrantes da chamada *Xeración Perdida* americana como William Faulkner, John Steinbeck, Ernest Hemingway ou Francis Scott Fitzgerald; textos de clásicos como Virginia Woolf ou Edwin A. Abbott; e textos de autoría contemporánea como os de Martin Amis, Julian Barnes ou Alan Bennett. Canto ao ámbito francófono, algo máis da centena procede de Francia, pero tamén contamos con textos belgas contemporáneos (Amélie Nothomb ou Jean-Philippe Toussaint); obra de orixe canadense como Nancy Huston ou Josette Féral; e traducións de autores que escriben en francés, como o afgán, Atiq Rahimi. De entre os cen textos procedentes do alemán, podemos citar a Wolfgang Koeppen ou a Herta Müller. Como xa indicamos, son numerosos os libros procedentes do italiano, entre os que non só se atopan os clásicos, senón tamén textos creados na época contemporánea, traducidos por vez primeira ao galego como Andrea Camilleri, Sandro Veronesi, Anna Castagnoli, ou a exitosa serie

de *Gerónimo Stilton*, de Elisabetta Dami. Parte do descoñecemento da literatura portuguesa en galego vén provocado polas expectativas de que se lese directamente no orixinal (Fernández Rodríguez 2010-2011). Con todo, ademais de obra de Leonel Moura ou de Ana María Magalhães, un pequeno número de textos son de orixe brasileira.

Dentro do Estado español, e no período analizado, constatamos que un 20% do que se publica en galego é tradución, pero temos que ter en conta que dentro do total das traducións, case un 70% procede das linguas do Estado e un 30% restante doutras áreas culturais. Con respecto á distancia temporal entre o que se traduce e o que se crea, tamén comprobamos que no caso do catalán, éuscaro e castelán, o tempo transcorrido entre a publicación do orixinal e a tradución tende a ser máis reducido nos últimos anos e mesmo simultáneo en catalán, español e galego, de modo que xa non estamos condenados a ler con atraso a Antonio Tabucchi, Amin Maalouf, Paul Auster, Daniel Thibaut ou a Daniel Kelhmann. A redución desa distancia temporal prodúcese tamén coas novas coleccións procedentes doutras linguas e resulta ser un síntoma de boa saúde e de boas relacións entre diferentes circuitos culturais, tal e como ocorre dentro do Estado co xénero infantil.



Fonte: Elaboración propia a partir da base de datos BITRAGA.

Se nos centramos na relación entre as linguas do Estado co galego, cómpre indicar que das case cincocentas obras procedentes do español, un 90% vén do castelán peninsular e o 7% restante son de orixe arxentina; mentres, un número moito máis redu-

cido correspóndese con textos cubanos (na súa maioría editados logo da organización da Feira do Libro na Habana), chilenos, uruguaiois, mexicanos e peruanos. O castelán achéganos moita literatura infantil de títulos de renome e autoría consagrada como Dolores Campuzano, Maite Carranza, Blanca Álvarez, Margarita del Mazo, Pablo Albo, Juan Farias, Paco Liván, Antonio Rubio ou Gonzalo Moure; ademais de creación galega escrita en español (Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Emilia Pardo Bazán ou Antonio Pereira). De analizarmos os textos procedentes do catalán, observamos que a maioría procede de Cataluña e un número menor de Valencia. O xénero máis voluminoso é literatura infantil e xuvenil de responsabilidade ben coñecida en todo o Estado como Enric Lluch, Jordi Sierra i Fabra, Andreu Martín, Jaume Ribera, Teresa Sabaté i Rodié, Mireia Sánchez Civil, Pasqual Alapont ou Jaume Cabré. Así e todo, é importante salientar o labor de Xavier Rodríguez Baixeras na importación de poesía e teatro, xunto coa incorporación de narrativa dirixida ao público adulto de Antoni Garcia Llorca, Quim Monzó, Sergi Pàmies ou Albert Sánchez Piñol. Respecto das relacións coa literatura vasca, unhas cincuenta obras traducidas proceden do éuscaro, entre as que podemos citar tamén a poesía contemporánea compilada por Jon Kortázar, ou a novela actual de Unai Elorriaga, Bernardo Atxaga, Anjel Lertxundi ou Kirmen Uribe. Por último, e non por iso menos significativo, importamos un pequeno volume de textos procedentes do asturiano de escritores como Xuan Bello, Miguel Solís Santos ou Pablo Antón Marín Estrada.¹²


5. Novos espazos de importación

Un elemento característico na incorporación ao galego de textos procedentes de espazos menos comúns é a frecuencia de edicións bilingües de antoloxías poéticas (*Vinte poetas das Balears*; *A ponte das palabras. Poesía vasca 1990-2000*; *Alén da fronteira; Achnasheen: corenta e catro poemas irlandeses*; *No país da brétema: Gwlad y Cymylau; Antoloxía da poesía galesa contemporánea; Vello ceo nórdico: antoloxía da poesía estonia contemporánea; Vanakkam. Benvidas!; As que rubimos montañas. Poetas etíopes e galegas; Poemas de África lonxe ou Poesía anónima africana*); e as compilacións de relatos dirixidos, en xeral, a un público adulto (*Contos populares irlandeses; Antoloxía do conto neozelandés; Contos xitanos; Mitos e lendas hindús; A*

¹² As relacións entre as diferentes literaturas da Península veranse afectadas en 2012, porque o Ministerio de Cultura abandonou o fomento da tradución e edición entre linguas oficiais españolas de obras de autores españois. Aínda que a contía non superaba os 50 000 euros, a cantidade serviu para fomentar a edición de trinta traducións desde ou cara ao galego nos últimos dous anos.

flor da cerdeira. Lendas xaponesas; Dadahwat. Lendas indias norteamericanas; Contos das 1001 noites; No colo do Atlas: contos de Marrocos; O xardín da media lúa: lendas árabes ou Contos medievais irlandeses). Trátase de escollas que procuran amosar unha representación do máis coñecido da produción de cada lugar de orixe e que, en certo modo, establecen o canon das diferentes literaturas que chegan a nós. Un fenómeno semellante produciuse coa literatura galega exportada: a lírica, mais tamén a prosa, viron a luz no estranxeiro a través do formato antolóxico nunha primeira fase de exportación, para pasar a editar textos completos en épocas máis recentes (Galanes Santos 2011).

Tal e como se pode observar na gráfica que figura a seguir, entre os novos campos de importación indicamos tamén os datos da exportación para mostrar de xeito gráfico cales son os fluxos e circuitos coincidentes. Así, aínda que non sempre son traducións directas, comprobamos que importamos bastantes textos do neerlandés de Flandres (Henk Kuijpers ou Liesbet Slegers) e desde o danés (Hans Christian Andersen). En xeral, importamos máis do que exportamos, agás no caso do grego moderno (*Poemas canónicos*, de Kavafis) e do árabe (*Carné de identidade*, de Mahmud Darwix).



Fonte: Elaboración propia a partir da base de datos BITRAGA.

Ademais do danés, importamos as pezas de teatro do noruegués Henrik Ibsen, en adaptación de Manuel Guede (*Os espectros*) e dous textos infantís procedentes do sueco: *As aventuras da mazá vermella*, de Jan Lööf e *Os irmáns Corazón de León*, de Astrid Lindgren; así como obra dos fineses Arto Paasilina, Sofi Oksanen ou Reko e Tina Lundán.

Anos despois dunha tímida incursión, o islandés reincorpórase ao campo das traducións. Trátase da antoloxía poética do galego establecido en Islandia, Elías Knörr (*Auroras boreais. Escolma de poesía islandesa moderna e contemporánea*); ou da obra en prosa de Einar Már (*Anxos do universo*) e Sjón (*Skugga-baldur*). Tamén aumentamos o volume de textos que continúan coa tradición de achegármonos á literatura irlandesa, pero agora a autoría adoita ser feminina polo que se accede a través deles a unha perspectiva non hexemónica ben diferente. Un exemplo recente deste fenómeno é a antoloxía poética compilada por Manuela Palacios (*Pluriversos: seis poetas irlandesas de hoxe*).

A partir de principios de século, imos coñecer o *boom* da literatura de Europa do leste, en parte como consecuencia da concesión do Nobel a Imre Kertész en 2002 e da entrada de moitos deses países na Unión Europea. Ademais dos textos procedentes do ruso, que van desde os infantís de Darja Vardenburg até os clásicos de Dostoevskii, contamos con obras procedentes do serbio Ivo Andric (*A ponte sobre o Drina*), David Albahari (*Götz e Meyer*), Danilo Kis (*Unha tumba para Boris Davidovich: sete episodios dunha mesma historia*) ou Branimir Šaepanoviæ (*A boca chea de terra*), en tradución directa de Jairo Dorado; desde o húngaro, coñecemos a Sándor Márai (*Herbario*), o libro de relatos de Dezso Kosztolányi (*O tradutor cleptómano*), a novela de Péter Farkas (*Oito minutos*), así como unha peza teatral do desaparecido Imre Madách (*A traxedia do home: poema dramático*); directamente desde o checo, podemos ler en galego a Bohumil Hrabal (*Unha soidade demasiado ruidosa*) ou a Alois Jirásek (*Desde Bohemia ata a fin do mundo*); e desde o polaco, recibimos unha escolma de poesía da Nobel, Wislawa Szymborska (*Versos escollidos*), ademais dunha compilación de relatos de Slawomir Mrozek (*O prezo da fama*).

Cómpre salientar a aposta recente das editoras Rinoceronte e Galaxia pola creación de orixe xaponesa de Yasunari Kawabata (*A casa das belas adormentadas*), Banana Yoshimoto (*Kitchen*), Soseki Natsume (*Botchan*), Takeshi Kitano (*Kikujiro e Saki*) ou Haruki Murakami (*1Q84*), todas traducidas desde o orixinal por Mona Imai. Tamén é de recente aparición a serie de novelas procedentes do turco, Orhan Pamuk (*O castelo branco*, *Istambul: as lembranzas e a cidade*, *Neve*, *O museo da inocencia* e *O libro negro*).

Ademais do volume de textos representados no cadro, entre os que se encontran a poesía de Chiara Teresa Perra (*Música in segretu=Música in segredo*) e a narrativa do sardo Flavio Soriga (*Sardinia blues*), dispomos de obra representativa desde o chinés (*Voo de*), grazas a Robert Neal Baxter, ou do estoniano (*Vello ceo nórdico: antoloxía da poesía estonia contemporánea*), por medio de Jüri Talvet. Outras obras que proban

o cambio de intereses nas políticas de determinadas editoras son a incorporación de textos poéticos procedentes do guaraní (*Xestado na palabra*, de Susy Delgado), traducidos por Fátima Rodríguez; a antoloxía de Xavier Frías Conde, titulada *No país da brétema: Gwlad y Cymylau. Antoloxía da poesía galesa contemporánea*; e un texto de orixe persa (*Rubaiyat*), recollido por Xabier Correa Corredoira. Da man de Moncho Iglesias, accedemos á narrativa en hebreo de Etgar Keret (*O condutor de autobús que quería ser Deus*); e de novo, baixo a responsabilidade de Jairo Dorado, temos en galego obra da autora croata, Slovenka Drakuliæ (*Como se non existise*).

6. Autoría das traducións

O proceso de normalización cultural no caso da tradución tamén implica que o oficio camiñe asemade cara á normalización profesional. A responsabilidade das traducións literarias en galego pasou de ser un traballo reservado a un grupo de activistas intelectuais, que seleccionaba os textos en función das necesidades do sistema (incorporación de clásicos de LIX procedentes do canon occidental), e que exercía ese labor desde a militancia, até converterse nunha modalidade máis da profesión, coa que non se pode acadar certa autonomía desde o punto de vista económico, pero que moitas persoas compaxinan co exercicio da tradución de todo tipo de textos ou mesmo coa interpretación por conta propia ou por conta allea.

Ademais das e dos escritores como Xavier Rodríguez Baixeras, Xurxo Borrazás, Xoán Abeleira, María do Cebreiro, Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre ou Francisco Pi-llado, que exercen como autores de traducións e achegan o valor engadido do seu prestixio ou autoridade á obra traducida, e mesmo aparecen na cuberta da obra; moitas das persoas que traducen un importante volume de textos literarios están especializadas en determinados xéneros ou linguas. Este é o caso de expertos e críticos como Helena González, Silvia Gaspar, M.^a do Carme Torres París, Xesús Carballo Soliño, Moisés Rodríguez Barcia, Ramón Nicolás, Emma Lázare, Xavier Senín, Darío Xohán Cabana ou Enrique Harguindey Banet.

No tocante á LIX, o traballo de mediadores como José Ignacio Chao Castro, M.^a Isabel Soto López, Xoán Babarro, Xosé Antón Ballesteros Rei, María Luísa Núñez Álvarez, Irene Penas Murias, Marisa Núñez, Laura Rubio, Ánxela Gracián ou Eva M.^a Mejuto, adoita formar parte da cadea de produción no interior dunha editorial onde a relación entre ilustrador e tradutor é fundamental para obter un resultado de calidade.

Un dos cambios máis salientables producidos neste período foi que a incorporación de novos espazos culturais e de textos alternativos, mesmo pertencentes a campos lingüísticos máis comúns, veu acompañada nos últimos anos de novas tradutoras profesionais con formación específica como Eva Almazán, Patricia Buján Otero, María Reimóndez Meilán ou Laura Sáez; así como de persoas que traducen desde linguas menos frecuentes caso de, ademais das citadas, Carlos Acevedo, Moncho Iglesias, Ekaterina Guerbek, Fernando de Castro García, Tomás González Ahola ou Belén Souto, que tamén pasan a ser en certo modo un lectorado que escolle o que se importa dentro da planificación editorial, de maneira que en ocasións exercen de auténticas axentes literarias que deciden o que e o como se importa.

7. Fitos e tendencias

Os primeiros anos do milenio continúan a dinámica establecida con anterioridade, isto é, a narrativa dirixida ao público adulto destaca pola escrita orixinaria en lingua inglesa. Prodúcese un volume importante de LIX, procedente en gran parte do mercado ibérico, e son cada vez máis as editoras que arriscan máis alá da edición de clásicos ou clásicos contemporáneos que carecían de dereitos. É importante salientar a aparición de fitos testemuñais como a publicación dos tres tomos d' *O señor dos aneis*, de J. R. R. Tolkien e a serie de J. K. Rowling de Harry Potter, ademais dos supervendas ou *best sellers* de Dan Brown, J. H. Brennan, Philip Pullman ou os libros de Paulo Coelho, a quen se lle concedeu a Medalla de Ouro de Galicia en 1999.

Pouco despois de dar comezo o novo século, desaparece o continuador do proxecto de Galaxia, Carlos Casares, responsable do cambio de estratexia na editora, que editaría premios nacionais recentes (*Un tranvía cara a SP*, de Unai Elorriaga ou *Bilbao-New York-Bilbao*, de Kirmen Uribe), así como os primeiros números da «Biblioteca Sherlock Holmes», e que aumentaría os títulos da colección denominada «Clásicos Universais».

Por outra parte, a literatura de mulleres adopta certo protagonismo marcado pola edición en coleccións propias, tanto na narrativa dirixida ao público adulto coas coleccións Ablativo absoluto e As Literatas de Xerais,¹³ ou As letras das mulleres de Sotelo Blanco;

¹³ A editora Xerais ofrécenos coleccións específicas, ao tempo que decide inserir voces novas na colección de Narrativa como *Despois da medianoite*, da escritora tamil Salma ou na xuvenil como *O derradeiro irmán*, de Nathacha Appanah.

así como a franxa destinada ao sector xuvenil, representada por exemplo, na Biblioteca de Agatha Christie de Galaxia, en que cada entrega pertence a diferente autoría no que á tradución respecta.

Tamén comeza a ser representativa a compilación de antoloxías de textos en prosa procedentes de lugares menos frecuentes como os *Mitos e lendas hindús* ou *Os fillos do vento. Contos tradicionais xitanos*, un conxunto de textos traducidos por Onofre Sabaté para Positivas, orixinarios de puntos ben distantes como Inglaterra, Eslovaquia, Estados Unidos, Francia, Serbia, Italia, Nova Zelandia e do país de orixe desta comunidade nómade, a India.

No tocante aos textos dramáticos, é oportuno destacar o papel da colección da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, editada pola Universidade da Coruña, e mais a edición das obras do Centro Dramático Galego en colaboración coa Xunta de Galicia e Xerais. A colección de clásicos grecolatinos editados en colaboración pola Editorial Galaxia e a Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia cubriría certas carencias no xénero dramático ou lírico. Nesta mesma liña, hai que citar o traballo da editorial Xuntanza ou o da colección de clásicos de Ir Indo.

No lugar reservado á poesía, é preciso mencionar a publicación de varias antoloxías en formato plurilingüe como os *Vinte poetas das Baleares* ou *Galeusca. Antoloxía poética*. Por outra parte, a editorial lucense TrisTam publicou o primeiro título da nova colección Poesía de Peto, coa que buscaba levar ao galego, en edicións populares, grandes poetas da literatura universal como Stevenson, Apollinaire ou Edward Lear.

No ecuador do período analizado, prodúcese un acontecemento fundamental para a historia da tradución literaria en lingua galega. O xornal *La Voz de Galicia* entregou en formato libro a reedición de corenta clásicos e clásicos contemporáneos, que irían desde Platón até Yourcenar.¹⁴ Na escolla, canon discutible, como todas as obras que se supoñen parte da mellor literatura universal, resituáronse textos como o *Frankenstein* de Mary Shelley, que inicialmente fan dirixidos a un público xuvenil.

Nos últimos anos iníciáanse series como a saga de Herikberto Muela Quesada, continúan e rematan outras, caso da do detective Gerónimo Stilton, de Elisabett Dami; *A guerra das bruxas*, de Maite Carranza ou *Poderosa*, do brasileiro Sérgio Klein; ademais

¹⁴ Fenómeno marcado pola cifra de 180 000 exemplares en cada entrega.

de conmemorar centenarios como o de Dickens e o de Poe. Publícanse e reeditanse importantes premios (o Nobel turco Orhan Pamuk, o surafricano J. M. Coetzee, o xaponés Yasunari Kawabata, a británica Doris Lessing ou o francés J. M. G. Le Clézio) e tradúcense autores de prestixio como Haruki Murakami, Kazuo Ishiguro, Paul Auster, Daniel Kehlmann, Pierre Michon, Andrea Camilleri ou Bernhard Schlink. Tamén saen á luz, de xeito máis ou menos simultáneo á súa edición orixinal, autores que acadaron un importante éxito no seu país de orixe como Amélie Nothomb, Muriel Barbery, Daniel Pennac, François Bégaudeau ou Anna Gavalda. Así, Cornelia Funke (*Reckless: carne de pedra*) ou a Nobel Herta Müller (*Randea do alento*), saíron ao mercado en galego antes que nas linguas do Estado.

A colección dos Clásicos en Galego, titorada polo latinista Manuel Díaz y Díaz e partillada pola Xunta e a Editorial Galaxia, quedou estancada hai tempo. Con todo, nos primeiros anos do século editáronse varios textos procedentes do grego como *Aíax* e *Electra*, de Sófocles, e procedentes do latín, as *Metamorfoses*, de Ovidio en dous volumes, ou os *Carmina Burana. Poemas de amor*. Un dos fitos do ano 2010 foi a tradución de Xosé López Díaz dos cinco volumes do *Codex Calixtinus, ilustrados por Xosé Leiro*.¹⁵ Catrocentos anos despois de ver a luz, e procedente do medievo provenzal, salientamos a escolma de Darío Xohán Cabana d'*Os trovadores de Occitania*, así como a publicación bilingüe d'*Os Sonetos* de Shakespeare, pero tamén hai propostas máis recentes, como os poemas da francesa Anne-Maria Cazalis ou os versos de Jacques Prevert.

Entre os clásicos que teñen máis éxito, hai que citar os máis contemporáneos como Grimm, Flaubert, Dickens, Twain, London, Faulkner, Wilde, Ende, Rodari ou Roald Dahl, que seguen a ter un importante rendemento no panorama editorial, e asemade asistimos á aparición de traballos máis recentes como os de Albert Sánchez Piñol, Pasqual Alapont, Quim Monzó, John Updike, Sarah Waters ou Jean Rhys.

Na listaxe dos libros reeditados temos que destacar o *Mecanoscrito da segunda orixe* de Manuel de Pedrolo, *O bosque animado* de Wenceslao Fernández Flórez, *O inferno de Marta* de Pasqual Alapont, a serie de éxito do detective Flanagan de Andreu Martín e Jaume Ribera, *Chamando ás portas do ceo* de Jordi Sierra i Fabra ou *O alquimista* de Paulo Coelho. Outro tanto ocorre con Michael Grejniec, Ursula Wölfel, Rocío Martínez ou a arxentina María Teresa Andruetto.

¹⁵ A edición de luxo de cincocentos exemplares está destinada a agasallos institucionais. Hai unha edición en rústica á venda publicada por iniciativa da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo

Na catalogación tradicional de literatura xuvenil incluímos a produción de Urco, unha editorial que entra no mercado en 2008 coa intención de encher un oco histórico no sistema literario galego, o da publicación de literatura fantástica, ciencia ficción e terror. Así é como contamos con clásicos dos diferentes subxéneros orixinais na súa maioría do espazo anglófono, pertencentes a T. W. Higginson, Robert William Chambers, Bram Stoker e Howard Phillips Lovecraft; ou escolmas de relatos de Robert Howard e Washington Irving. A finais de 2009, nacería Edizer Livros (Urco), que abriu o seu proxecto co conto de Irving (*O Dianho e Tom Walker*) na colección Mincha. Outro proxecto que nace a finais do milenio é 2.0 Editora, desta volta coa intención de combinar a edición (a autoedición) en papel cos soportes dixitais. Na colección «Mundos» de narrativa saíu a *Guía do autostopista galáctico*, do británico Douglas Adams. Despois virían *O home que era xoves*, de G. K. Chesterton ou *Sen novas de Gurb*, de Eduardo Mendoza. Positivas, Rinoceronte, Urco e 2.0 decidiron unir as súas forzas para producir a colección Módicos, que só se pode adquirir por Internet, entre as que atopamos varios dos seus títulos.

As novas tecnoloxías favorecen unha edición máis barata que permite apostar pola creación de novas editoras que arriscan coa poesía e co ensaio. Así, Barbantesa Editora, coa intención de editar autoría feminina e literaturas menos visibles, lanzaría varias traducións procedentes de diferentes idiomas (*Os ditos anos do castigo*, de Fleur Jaeggy; *A balada do café triste*, de Carson McCullers; ou a premiada *Unha case eternidade*, de Antonella Moscati). Pola súa parte, Manuel Ángel García, coordinador do proxecto Franouren, publicaría os novos títulos: *As nosas sombras no xardín de Serralves*, de Xoán Abeleira e máis *O libro dos cans*, de Estevo Creus; unha nova empresa cultural, Punto G Edicións, busca verter ao galego obras de impacto comercial ou cultural escritas orixinalmente en linguas alleas procedentes de comunidades lingüísticas lusas ou hispanas. No seu catálogo vén de aparecer o primeiro volume da saga titulada, *Os fillos da terra (O clan do oso das cavernas)*, da escritora estadounidense Jean M. Auel; finalmente, co fin de especializarse en literatura estranxeira, creouse o selo Hugin e Munin, que abriu o seu catálogo con *Servizo de Correos*, de Charles Bukowski e *O forasteiro misterioso*, de Mark Twain.

Entre os proxectos máis novos, e dedicada en exclusiva ao libro infantil ilustrado, a pequena editora viguesa Triqueta verde entregaría dous textos: *A aprendizaxe de Betsy*, de Dorothy Canfield Fisher e a edición bilingüe de *Que lle acontece á Avoa?* Outra empresa innovadora é a de Patasdepeixe, que leva xa entregadas as propostas do norirlandés, Oliver Jeffers (*O increíble neno devorador de libros*), a do publicista británico, Andy Cutbill (*A vaca que puxo un ovo*) ou *O gran libro dos medos do rato pequeno*, da autora e ilustradora, Emily Gravett.

Entre os textos dirixidos aos máis cativos teñen especial interese os publicados polas editoras Kalandraka e OQO, que presentan obras de coidado detalle na ilustración, á vez que atenden ás persoas con necesidades educativas especiais (vid. *Fálame*, de Marco Berrettoni). Ambos os selos publican e distribúen nas catro linguas do Estado, así como en portugués, inglés, francés ou italiano, entre outras, dada a expansión das empresas e a participación en feiras internacionais. Kalandraka aposta por textos clásicos que van desde as *Lendas*, de Leonardo da Vinci, aos poemas de Neruda, pasando polas historias de Jean Giono; mais tamén introduce títulos de autoría ben coñecida no panorama internacional contemporáneo como Quentin Blake, ou as fantásticas ilustracións do portugués José Jorge Letria. A editora pontevedresa abriu acordos con empresas foráneas e pasou a ter un importante peso no mundo editorial do álbum infantil (Luna Alonso 2012). Esta é a razón pola cal publica en varias linguas a Janosch, Frank Baum, Leo Leonni, Paul Maar, Anna Castagnoli, Vanina Starkoff, Pablo Albo ou Isabel Martins, traducidos e ilustrados por artistas de éxito como Bernardo Carvalho. Outro tanto ocorre co vasco Txabi Arnal ou co catalán Miquel Obiols que, en combinación con Matteo Gubellini, producen títulos publicados nas máis prestixiosas editoriais infantís italianas ou francesas. Aínda que resulta moi complicado facer unha escolla, un dos textos recentes máis rechamante é a edición bilingüe (galego-chinés mandarín), da obra de Marie Sellier (*O nacemento do dragón*), que conxuga literatura, caligrafía e ilustración para contar a orixe do dragón na cultura oriental.

A editora OQO, pola súa parte, procura a internacionalización de obra galega á vez que importa textos de autoría contemporánea de Pablo Albo, Paco Liván, Isabelle Arsenault, Anna Castagnoli, Xosé Campanari, Ramón Aragues Peleato, Juan Alfonso Belmontes, Armando Quintero ou Paloma Sánchez. O proxecto, que nace en 2008, pretende reservar un espazo do catálogo para tratar temas pouco habituais no álbum ilustrado infantil como, por exemplo, a guerra, as desigualdades sociais ou a existencia de réximes antidemocráticos, representados na obra de Paloma Sánchez Ibarzábal ou Txabi Arnal.

Vinculada con Kalandraka, nace unha iniciativa editorial que terá como liña de publicación inicial a historieta. Faktoría K de libros incorporaría para o galego a colección BD Banda dirixida por Kiko Dasilva e álbums como o de Joxan Ormazabal, Iraia Okina e Iñaki Zubeldia. O proxecto inclúe na actualidade unha colección de narrativa importada e exportada (Narrativa K). Entre os primeiros números, Faktoría achegounos textos ben diferentes que, en ocasións, foron adaptados ao cinema, como *Lolita*, de Nabokov; *Obabakoak*, de Atxaga ou *Budapest*, de Chico Duarte; pero tamén os máis recentes de Milena Agus, Alessandro Baricco, John Boyne ou Cormac McCarthy.

O fenómeno da banda deseñada importada tamén é relativamente recente. Así, logo da reedición dalgúns exemplares de Astérix e Obélix, comezamos a traducir novela ilustrada, destinada a un público adulto, grazas a apostas como a da Asociación BD Banda, Retranca, El Patito Editorial, Demo Editorial, Cerditos de Guinea ou a colección de novela gráfica de Rinoceronte, xunto cos primeiros mangas xaponeses de Edicións do Cumio.

Entre os clásicos editados pola Universidade da Coruña na colección Biblioteca Arquivo Teatral Francisco Pillado (*Os malos pastores*, de Octave Mirbeau), é preciso citar a Miguel Pérez Romero, tradutor da obra teatral completa de Shakespeare ao galego. Tamén se producen traducións de textos contemporáneos procedentes directamente desde a lingua de orixe como o teatro de Elfriede Jelinek, na colección da Biblioteca Dramática Galega; pero de termos que falar de novidades, cómpre destacar a recente iniciativa da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) coa creación da súa propia liña editorial en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Editorial Galaxia. Os primeiros títulos da colección Biblioteca Escola Superior de Arte Dramática son as traducións de Albert Camus (*Calígula* e *O malentendido*), Juan Mayorga (*Cartas de amor a Stalin*, *Himmelweg* e *A paz perpetua*), O'Neill (*A electra acáelle o loito*), Sarah Kane (*Obra dramática completa*), Caryl Churchill (*Sétimo ceo*, *Mozas de primeira*, *Lonxe* e *De serie*) ou Jean Genet (*As criadas* e *O balcón*).

En poesía, fanse auténticos esforzos económicos para editar case sempre en bilingüe os textos de Safo, Baudelaire, Rimbaud, Whitman, Kavafis, Pavese, Allen Ginsberg ou Paul Celan, cuxos responsables de que vexan a luz son fundamentalmente poetas que colaboran con editoriais como Positivas ou Espiral Maior. Esta última, que recentemente trouxo para o galego o primeiro libro publicado no Estado español do poeta chileno Ludwig Zeller, conta no seu catálogo cun importante volume de obras estranxeiras de relevancia universal.

Dentro das novidades e propostas máis arriscadas que reivindicán a diferenza a través da diferenza, podemos citar a tradución de Yolanda Castaño de seis poetas procedentes de países, literaturas e linguas ben dispares como o maltés de Antoine Cassar, o canarés de Mamta Sagar, o ruso de Stanislav Lvovsky, o esloveno de Veronika Dintinjana e o xaponés de Yasuhiro Yotsumoto e Xi Chuan;¹⁶ ou o recente obradoiro de tradución titulado: «Con barqueira e remador», organizado pola Xunta de Galicia, xunto coa institución británica, Literature Across Frontiers, que vai permitir a reunión

¹⁶ Cf. *Revista das Letras*, 836.

anual na Illa de San Simón de escritores procedentes de diferentes territorios como Islandia, Croacia, Eslovenia, Letonia, Finlandia ou Cataluña. Propostas alternativas semellantes son as antoloxías poéticas que recollen a produción dun grupo de autoras támiles (*Vanakkam, Benvidas!*); a das poetas etíopes e galegas (*As que rubimos montañas. Poetas etíopes e galegas*), ou a da autora canadense, Erin Moure (*Teatriños ou esconxuros calados*). Proxectos como os citados, entenden a tradución como unha práctica ética en que o poder desempeña un papel fundamental.

8. Corrixir imperfeccións e sermos autónomos

O noso traballo incide nos datos para proceder a unha análise sobre cal foi e cal está a ser o proxecto á hora de incorporar textos para o noso campo literario. Interesa traducir as obras que cubran baleiros e reforcen o sistema, porque eses textos seguen a ser fundamentais no imaxinario da súa constitución e afirmación, pero a planificación dos títulos debe evitar mimetismos baldíos. A preocupación por dispoñer do canon occidental en galego pode levar consigo a reproducir esforzos inútiles. Mesmo chegamos a traducir obra «menor» de autoría coñecida, máis accesible para un pequeno editor, para poder asegurar que contamos con libros de autorías de éxito. Ademais, é preciso analizar que utilidade ten traducir determinadas obras consideradas «fundamentais», se a razón da importación é a simple imposición das culturas dominantes.

A literatura importada débátese entre o proxecto cultural que procura textos renovadores e o proxecto comercial (aínda que en ocasións coinciden). O proxecto comercial ten que competir ademais, dentro e fóra do seu marco económico no caso de Galicia. Coidamos que hai que traducir literatura de consumo e premiada, malia as dificultades que supón a compra de dereitos e a dura competencia con grandes grupos editoriais, porque isto segue a ter importancia para a autoestima. Con todo, esa procura non debe esquecer o diálogo coas obras procedentes de sociedades con menos oportunidades de ser coñecidas e aproveitar ben os escasos recursos, dada a falta de apoio para traducir obras custosas.

A tarefa da tradución tampouco debe pasar só por inercias asumidas como a da identificación cultural como punto de interese, senón como estratexia no tratamento do que realmente importa. Mostramos o que existe noutras culturas minorizadas, pero esa non pode ser a razón última da importación e o circuíto non se debería limitar á responsabilidade do ámbito académico. O compromiso lingüístico e cultural «limitou» por veces as temáticas escollidas. A simpatía por determinadas comunidades que viven situacións semellantes á galega ou ás historias que se desenvolven en Galicia,

case autobiográficas, como a crónica rural de Carlos Laredo (*A amante relixiosa*), ou as personaxes de Nélida Piñón (*A República dos sonhos*), pechan, en certo modo, a posibilidade de abriremos as portas a outras comunidades con diferentes inquiredanzas, que tamén debemos facer nosas, porque un dos retos máis importantes da nosa cultura é evitar facer arqueoloxía.

Por outra parte, nos últimos anos investiuse un grande esforzo na produción de literatura de mulleres innovadora, pero os proxectos destas características non deberían ser produtos discriminados que procuran a compensación xenérica nos catálogos. As autoras deberían estar integradas en coleccións destinadas a todos os públicos, tanto na narrativa como noutros xéneros.

Como indicabamos máis arriba, a tradución literaria pode desenvolver moitas funcións de xeito simultáneo. Á súa función instrumental, isto é, facer posible o contacto con discursos que de calquera outro xeito resultarían descoñecidos, cómpre engadir a función democratizadora, no sentido de permitir que determinados coñecementos cheguen a amplos sectores de poboación. Para acadar a autonomía, haberá que tender a importar menos textos procedentes do castelán ou desde o inglés, e ampliar moito máis o coñecemento de linguas e territorios menos traducidos. Tradúcese moita literatura infantil e xuvenil, mais cando cae esa demanda, descompénsanse as cifras globais, que sempre van en detrimento dos xéneros poéticos e dramáticos.

A falta de apoio ás industrias culturais e a crise afectan de xeito moi particular á edición que, malia os esforzos realizados, vai cara ao conservadorismo nunha aposta sobre autoría recoñecida a nivel internacional, pero desde un enfoque claramente occidental que responde a determinados intereses. O sistema móvese nun campo restrinxido e en parte condicionado polo que se produce dentro do mundo eurocentrista, aínda que o feito de ser unha pequena área de produción pode ter certas vantaxes e permitir coller atallos como o que tratábamos ao inicio deste artigo. De feito, nos últimos anos percíbese unha escolla comprometida coa denuncia de temática social. O principal criterio de selección debe ser a calidade literaria, que normalmente vai acompañada da introdución de novas ideas, coa procura de compaxinar estilos e técnicas descoñecidas. Temos que aprender dos erros e evitar reproducir a ideoloxía dominante, non só na escolla dos textos que se traducen, senón no propio proceso de tradución, na maneira en que nos apropiamos dos textos.

Se durante anos a importación e a exportación editorial en galego foron actividades minoritarias, na actualidade, visto o volume de obras traducidas, podemos afirmar que a produción acadou cifras homologables a outras literaturas. A mediados do pe-

ríodo estudado producíronse resultados moi positivos no tocante á tradución, que se considerou estratéxica na produción editorial. Sen renunciar á publicación dos clásicos, producíronse apostas que se desvían das prácticas de planificación ortodoxas, ao achegarnos determinadas obras contemporáneas con temática reivindicativa que describen, por exemplo, a situación da muller. Nesa mesma liña podemos incluír producións literarias que dan a coñecer textos alternativos aos que moven os mercados globalizados. Trátase de documentos que conteñen outros valores aos imperantes, que realizan fortes críticas e cuestionan os abusos dos sistemas económicos, relixiosos e sociais noutras comunidades.

Comprobamos que determinadas apostas conseguiron colocar ao mesmo tempo as novidades entre os textos traducidos dentro do espazo ibérico e mesmo mundial. Unha das actuacións que lle concedeu maior visibilidade ao sector foi a participación en feiras e a credibilidade concedida por parte das autoridades á creación como produto exportable. Tal é así que, malia a crise e a redución de apoios, estamos a manter unha boa cifra de obras traducidas, isto é, édítanse moitos máis textos contemporáneos completos traducidos directamente desde as linguas de orixe, proba dun esforzo editorial por competir no mercado. Neste sentido, a especialización resulta ter bos resultados, dado que xorden pequenas empresas que establecen acordos para importar textos de calidade ao mercado até o de agora baleiros.

A ausencia dunha aposta firme pola alfabetización e promoción do libro, e a lectura en galego fai aínda máis invisible o produto traducido e o labor das persoas que traducen. Con todo, un aspecto que fortaleceu o panorama laboral foi a concienciación da necesidade de asociarse para obter recoñecemento social. Unha maneira de paliar a carencia de visibilidade sería recomendar e promover a figura das persoas que traducen a través dos medios de comunicación, sempre que haxa vontade de manter en activo as súas plataformas de difusión. Sen a promoción das relacións entre autoras/es, axentes, críticas/os ou editoras non se pode xerar o coñecemento mutuo e o intercambio comercial. A creación da formación superior, xunto con iniciativas que parten de diferentes colectivos e persoas interesadas por estas temáticas adoitan suplir a falta de reflexión teórica sobre o que facemos e o que queremos facer, pero fóra dos foros especializados académicos, apenas hai lugar onde facer crítica, e a pouca que se fai queda restrinxida a obras, autorías e xéneros pertencentes ao canon e publicadas por grandes editoras. Os informes de hábitos de lectura indican que unha alta porcentaxe de persoas len en galego ou están capacitadas para facelo e que a franxa de idade e sexo que máis le –xente nova e mulleres– é quen de facelo sen precisar dicionario. É imprescindible, pois, aproveitarmos esa oportunidade para orientar as políticas actuais de tradución e de promoción da cultura galega.

Referencias bibliográficas

Bourdieu, P. (1992): *Les règles de l'art* (París: Éditions du Seuil).

Bragado, M. (2007): «Oficina do Libro Galego». Disponible en <<http://bretemas.com/oficina-do-libro-galego/>> [Última consulta: 10/01/2013].

Fernández Rodríguez, Á. (2010-2011): «La difusión de la literatura brasileña traducida en España y en Francia». *Cadernos de Tradução* 1, XXV (2010/1), Pós-Graduação em Estudos da Tradução-PGET Universidade Federal de Santa Catarina, publicada por UNIBERO: Centro Universitário Ibero-Americano (Brasil). 95-112. Disponible en <<http://www.periodicos.ufsc.br/index.php/traducao/article/view/2175-7968.2010v1n25p95>> [Última consulta: 18/4/2013].

Galanes Santos, I. (2012): «La traducción literaria en Galicia a partir del Catálogo Bitraga» en Fernández Rodríguez, Á. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S.: *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*: 81-101 (Berna: Peter Lang).

Lefevre, A. (1992): *Translation, Rewriting, and the Manipulation of Literary Fame* (Londres/Nova York: Routledge).

Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia. DOGA 10.01.2007. Disponible en <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.comunicacion_3.pdf>. [Última consulta: 15/01/2013].

Lema, C. (2009): «Importación e exportación de textos literarios. Unha crítica á noción de literatura mundial como paradigma», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 182: 120-135.

Luna Alonso, A (2012): «La proyección de la literatura infantil y juvenil gallega a través de la traducción». en Fernández Rodríguez, Á. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S.: *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*: 129-148 (Berna: Peter Lang).

Meylaerts, R. (2007): «A política lingüística e tradutiva nas sociedades multilingües. Algunhas observacións preliminares», *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, 13: 9-23.

Montero Küpper, S. (2012): «Contextualización histórico-cultural y apuntes sobre el sector editorial gallego». en Fernández R odríguez, Á. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S.: *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*: 55-80 (Berna: Peter Lang).

Toury, G. (1995): *Descriptive translation studies and beyond* (Amsterdam: John Benjamins).

Venuti, L. (1998): *The Scandals of translation* (Londres: Routledge).

A Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación

PATRICIA BUJÁN OTERO

LARA SANTOS SUÁREZ

info@agpti.org

Introdución

A Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (a seguir, AGPTI) é un colectivo de profesionais que exercen a actividade profesional de tradución e interpretación (a seguir, T/I), así como de persoas en formación, tituladas ou docentes de T/I. Estes profesionais desenvolven principalmente a súa actividade económica no mercado galego, moitos deles coa lingua galega como unha das linguas de traballo, aínda que non de forma exclusiva. A súa forma xurídica é a de asociación sen ánimo de lucro.

Nesta exposición facemos unha presentación da historia e fins da asociación, do seu xeito de traballar e mais –sen afán de exhaustividade– dalgunhas das actividades máis destacadas que a AGPTI desenvolveu nos seus distintos ámbitos de traballo.

Fundación

A AGPTI naceu a mediados do ano 2001, cando tres profesionais do ramo –que levaban xa uns anos desenvolvendo a súa actividade en Galiza tras nutrir as primeiras promocións de licenciadas en Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo (a primeira promoción é do ano 1996)– ven a importancia de crear unha plataforma de traballo conxunto que apoie todas as persoas que exercen esta profesión en Galiza. Daquela existía xa a Asociación de Tradutores Galegos (a seguir, ATG), mais esta non era propiamente unha asociación profesional, senón unha asociación dirixida ao fo-

mento da tradución literaria (un dos seus proxectos máis visíbeis é a Biblioteca Virtual, Bivir¹), polo que os seus obxectivos e o perfil da xente asociada diferían das necesidades que tiña o colectivo profesional.

A decisión de fundar a AGPTI xorde da precariedade das condicións laborais e das dificultades do colectivo de profesionais da T/I para faceren oír os seus intereses naquelas instancias que poderían provocar un cambio na situación. A isto unen o compromiso coa lingua galega, conscientes da gran relevancia da T/I como motores da normalización do idioma: xa que o prestixio do galego depende do seu emprego como vía de comunicación en todos os ámbitos da sociedade (non de forma exclusiva na tradución editorial, senón moi especialmente en conferencias, intercambio científico e técnico, transaccións económicas...), o seu uso no intercambio con outras linguas e culturas sen idiomas ponte é fundamental. Esas tres profesionais (Lara Santos, María Reimóndez e Saleta Fernández) foron as artífices daquela idea fundadora e as impulsoras das numerosas iniciativas que viñeron despois, apuntaladas no traballo desinteresado e nunha gran capacidade para animar a xente a participar nelas (na actualidade, a asociación conta con 135 socias e socios) para que aquel proxecto común se fose abrindo camiño e medrando até se converter nun referente indiscutíbel, tanto para quen xa exerce a profesión como para os futuros profesionais da T/I en Galiza.

Características

Canto á base asociativa, os estatutos da AGPTI contemplan tres categorías de socios: socias de pleno dereito, que serán profesionais en activo (ben por contra propia, ben por conta allea); estudantes, titulados e docentes de T/I, e convidadas (unha categoría especial reservada para axentes ligados dalgún xeito ao mundo da T/I). Os estatutos foron modificados recentemente (na asemblea xeral de socias e socios que tivo lugar o 13 de abril de 2012 en Compostela) e o principal cambio introducido foi a ampliación de requirimentos segundo tipo de asociados indicado. Concretamente, na anterior redacción só se incluían os licenciados en T/I, pero dados os recentes cambios no sistema universitario, así como o interese de titulados en T/I noutros países (Portugal,

¹ Pódese consultar unha descrición das características, a historia e o traballo da Asociación de Tradutores Galegos en A. Álvarez Luga (2011): «La Asociación de Tradutores Galegos (ATG)», en A. Luna / S. Montero / L. Valado (eds.): *Translation Quality. Assessment Policies from Galicia*: 179-187 (Bern: Peter Lang). O enderezo web da Biblioteca Virtual de Literatura Universal en galego é <<http://www.bivir.org>>.

Arxentina...) por pertenceren á AGPTI, ampliouse o abano coa inclusión dos graduados en T/I e os docentes en T/I. Actualmente, a asociación conta con 135 persoas asociadas, a metade das cales son profesionais.

Conforme aos seus estatutos, os obxectivos e fins da asociación son once:

1. Contribuír á mellora das condicións laborais das/os tradutoras/es e intérpretes no mercado galego a través da relación con empresas, clientes e institucións implicadas na actividade profesional da tradución e da interpretación.
2. Promover o uso da lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos.
3. Proporcionar ás/aos profesionais da tradución e interpretación posibilidades de formación continuada non-formal.
4. Proporcionar un centro de recursos materiais e humanos para as/os profesionais da tradución e interpretación.
5. Proporcionar asesoramento legal, administrativo e de calquera outro tipo que as/os profesionais da tradución e da interpretación poidan precisar.
6. Organizar actividades formativas, divulgativas e culturais relativas á profesión.
7. Promover hábitos saudábeis no lugar de traballo e a adopción de medidas de protección fronte aos riscos laborais.
8. Fortalecer e consolidar a participación social e a calidade de vida das mulleres.
9. Promover a igualdade entre mulleres e homes, particularmente nos ámbitos laboral e profesional.
10. Propiciar as relacións con outras asociacións de profesionais da tradución e da interpretación, así como coas institucións relacionadas con estas actividades.
11. A asociación non ten fins lucrativos.

Áreas de traballo

Para abordar a consecución destes obxectivos, distinguimos as seis áreas de traballo seguintes:

- Documentación
- Estudo da situación do mercado
- Colaboración con outras asociacións do sector
- Visibilización

- Formación continua
- Busca de recursos e financiamento

O traballo dunha asociación sen ánimo de lucro como a AGPTI depende da capacidade de implicación das socias e socios no seu funcionamento. O funcionamento interno da asociación réxese polo traballo realizado polos membros da xunta directiva e os distintos grupos de traballo formados e que responden ás seis áreas de traballo antes indicadas: formación, actividades, financiamento, tradución literaria, T/I xurada e interpretación. En todos estes grupos participan diferentes socias e, cando menos, un membro da xunta directiva.

A seguir, iremos debullando cada unha das áreas de traballo e indicando algúns dos traballos desenvolvidos.

Documentación e estudo

Canto ao traballo relacionado coa documentación, destacan os estándares profesionais sancionados no ano 2003 pola asemblea xeral de socias e socios e que actualmente están en fase de revisión.² A elaboración dos estándares xorde da necesidade de explicar aos sectores económicos que demandan servizos de T/I e, en xeral, á sociedade, en que consisten estes servizos, cales son os parámetros polos que se debe rexer a relación entre clienta e profesional, e cal é a cualificación mínima precisa para poder prestalos con calidade. Para elaboralos partiuse da distribución dunha enquisa entre profesionais e empresas do sector da que se puideron obter datos reais sobre tarifas no mercado, campos de maior demanda, combinacións lingüísticas máis demandadas e o modo en que se desenvolve o contacto entre a profesional e a clienta. No momento da súa publicación, a AGPTI fixo unha campaña de envío masivo ás principais empresas de Galiza. Os estándares, porén, non van só dirixidos aos clientes, senón tamén aos propios profesionais, sinaladamente a aqueles que se inician no exercicio da profesión co fin de lles fornecer a información necesaria para estaren en posición de negociar un salario/unha retribución axeitada e condicións laborais dignas. Da man dos estándares vai a guía en forma de tríptico «Por que contratar un/ha profesional?», que tamén foi enviada a diferentes persoas/institucións posíbeis demandantes de servizos de T/I.

² Dispoñíbeis na sección «Documentos» da páxina web de AGPTI: <http://www.agpti.org/webuploads/documentos/arquivo/4f0ffa7f5f0a6-estandares_profesionais_agptipdf.pdf>

Outro dos proxectos que estamos a desenvolver nestes momentos, relacionado co labor de documentación e tamén na liña de ofrecer información útil para os futuros profesionais, é unha guía para o inicio da actividade profesional dirixida, fundamentalmente, a persoas en formación ou coa titulación recente. Cun ton menos formal do que requiren os estándares, nela presentamos as experiencias de socias e socios con certa traxectoria no sector, en que falan dos seus inicios e das vías que seguiron para chegar a establecerse no mercado. Convértese, así, nunha recompilación de boas prácticas e de modelos que, esperamos, sirva de inspiración e dea pulos e argumentos a quen adoita rematar a carreira e sentirse perdida ante a enorme oferta de mestrados e a cultura da «titulite», ante a dúbida de se especializarse ou non, ante o desánimo pola situación económica, ante frases como «non tes experiencia, así que che imos pagar pouco... e ben contenta que debías estar», que resultan fatais tanto para quen as asume como para todo o sector, xa que desvirtúa o valor deste traballo e xera situacións complicadas de competencia nun mercado rexido pola liberdade de tarifas e onde non é pouco habitual o intrusismo. Este documento estará pronto ao longo do ano 2013 e publicárase na páxina web.

Outros dos nosos documentos importantes son *Preguntas máis frecuentes sobre a tradución xurada en Galicia* e *Orientacións metodolóxicas para a realización de traducións xuradas*, ambos de acceso desde a sección «Documentos» da nosa web. O primeiro fai accesíbel a información espallada que existe sobre como habilitarse como tradutora ou intérprete xurada; o segundo constitúe unha guía baseada nas distintas solucións que as profesionais aplican no seu traballo.

Na área de estudo, temos basicamente tres liñas de traballo abertas. Facemos regularmente un estudo da situación do sector a partir de enquisas cubertas polas nosas socias profesionais.³ Outra das liñas é a de recompilación de información sobre o estado das cabinas de interpretación nas distintas instalacións que existen en Galiza (pazos de congresos, salas de conferencias, auditorios...) e nas que traballan as intérpretes de simultánea. As queixas recibidas a este respecto son numerosas e variadas: localización das cabinas fóra do lugar onde se produce o relatorio (e, polo tanto, sen a posibilidade de ver a persoa relatora e calquera material gráfico que empregue no seu discurso), problemas de acústica e interferencias, espazo reducido para o material de

³ O último publicouse a finais de 2011 e é da autoría da actual secretaria da asociación, Ruth Layús, quen contou coa colaboración de Saleta Fernández, vicepresidenta de AGPTI desde a súa fundación até o ano 2012 (ademais de na páxina web, achégase tamén como anexo a esta colaboración).

apoio (computador, dicionarios...) etcétera.⁴ Distribuímos entre as nosas socias que prestan este tipo de servizos unha ficha normalizada que cobren cada vez que se encontran ante unha situación que non cumpre os mínimos precisos para desenvolveren correctamente o seu traballo e que non garantan a súa seguridade e accesibilidade (ventilación, saídas de emerxencia...). O obxectivo é compilar a maior cantidade de datos posíbeis para poder iniciar o diálogo e a negociación coas empresas, clientes e institucións implicadas nesta actividade co fin de emendar as deficiencias detectadas.

Finalmente, malia que, como xa comentamos, existe en Galiza unha asociación que traballa especificamente no eido da tradución literaria, pareceunos tamén importante abordar esta cuestión atendendo ao número considerábel das nosas socias que prestan este tipo de servizos, mais facelo desde a perspectiva da profesional que vive desta actividade, fronte ao perfil de tradutor editorial esporádico que ten outra actividade económica principal e que no seu tempo libre se dedica á tradución literaria, ben por formar parte dun proxecto propio e persoal (en liña cun interese investigador, artístico ou literario), ben por querer acceder a un sobresoldo. Todas estas parécennos opcións perfectamente lícitas, mais observamos que interfíren nas condicións de traballo de todo o sector. Ademais, rexistramos algunhas das prácticas que se dan debido ás particularidades do sistema literario galego, como a falta dun lectorado sólido (e, polo tanto, de demanda) para as traducións ao galego e as diferenzas de perfís de tradutores que acabamos de referir (perfil de tradutor profesional fronte a tradutor-escritor). Este proxecto aínda está a nacer, mais agardamos poder facer achegas que permitan mellorar a situación, para o que será fundamental colaborar coa ATG e con grupos de investigación como BITRAGA, alén de crear sinerxías cos diferentes estamentos implicados: editoriais, clubs de lectores, empresas de distribución e venda de libros e institucións públicas e privadas.

Colaboración con outras asociacións do sector

Para a AGPTI é fundamental a colaboración con outras asociacións do sector. Neste sentido, forma parte da rede Vértice (www.redvertice.org), unha rede, sen forma xurídica expresa, que reúne diferentes asociacións do Estado e internacionais de profesionais de T/I e corrección. A rede Vértice botou a andar no ano 2009 cando Asetrad (Asociación Española de Tradutores, Correctores e Intérpretes) convidou di-

⁴ Lembremos que a norma ISO 4043:1998 é a que especifica as características xerais e de equipamento con que deben contar as cabinas de interpretación simultánea.

ferentes asociacións de profesionais do sector a unha reunión en Madrid co gallo da súa asemblea xeral, e que callou finalmente no ano 2010 coa sinatura en Vigo dun convenio-marco nun encontro organizado pola AGPTI e no que participaron representantes de todas as asociacións asinantes. A rede Vértice non só se sustenta no intercambio de información sobre boas prácticas, na reflexión e no debate ou nos acordos de condicións preferentes para a oferta formativa de todas as asociacións, senón, fundamentalmente, na capacidade para reaccionar en conxunto ante situacións de denuncia ou para levar á práctica iniciativas comúns. Neste sentido, podemos sinalar a elaboración dunha proposta de modelo de xestión da tradución e da interpretación xudicial para a transposición da Directiva 2010/64/UE, do 20 de outubro de 2010, relativa ao dereito á interpretación e á tradución nos procesos penais. Cremos que a proposta elaborada garantiría a profesionalidade dos intérpretes e tradutores, así como a existencia duns criterios que velarían pola calidade do servizo e, por tanto, pola garantía procesual do dereito á T/I para os xusticiábeis. Este documento foille presentado ao Ministerio español de Xustiza a finais do ano 2012 e nestes momentos estamos á espera de resposta.

Outra liña importante de colaboración –neste caso, a nivel europeo– é a aberta pola plataforma PETRA (Plataforma para a Tradución Literaria en Europa), da que forma parte a AGPTI. A raíz do congreso que tivo lugar en Bruxelas os días 1 a 3 de decembro de 2011 e que reuniu diferentes axentes relacionados coa tradución literaria de toda Europa (profesionais e asociacións, universidades, editoriais, fundacións culturais, institucións políticas...) para debateren a situación actual da tradución literaria en Europa, e das propostas elaboradas nese congreso nos diferentes grupos de traballo para unha mellora desa situación, redactouse unha guía que se publicou recentemente e que se pode consultar en www.petra2011.eu: *Towards New Conditions for Literary Translation in Europe. The PETRA Recommendations*. Comeza agora o traballo de facerlles chegar aos *policy makers* estas recomendacións. A AGPTI desenvolverá esta campaña para o ámbito galego ao longo do primeiro semestre de 2013.

Nestes anos, son xa varias as actividades que organizamos conxuntamente coa ATG, mais podemos destacar, das que xiraron ao redor do Día Internacional da Tradución, as homenaxes a diferentes tradutoras e tradutores do ámbito literario: Alexandra Koss en 2010, Marilar Aleixandre en 2009, Valentín Arias en 2008 e Fernando Pérez-Barreiro Nolla en 2007.

Un proxecto actual, que comezou a andar recentemente, é a colaboración con Tremédica (Asociación Internacional de Tradutores e Redactores de Medicina e Ciencias Afíns) para a organización das próximas xornadas internacionais de tradución médica, que

previsibelmente terán lugar en Vigo durante o segundo trimestre de 2014. Estas xornadas, que adoitan realizarse cunha periodicidade bianual, son un referente mundial e importante lugar de encontro para todas aquelas persoas que traballan no eido da comunicación científica.

Visibilización e outras actividades

A tradución é a lingua de Europa, como sinalou Umberto Eco, e máis aló diso podemos dicir que a T/I é a lingua do mundo; fainos avanzar e medrar grazas a que permite o intercambio en todas as áreas da vida social e cultural. Valórase aquilo que se entende, que se coñece, do que se aprecian as dimensións que comporta, por iso unha parte fundamental do noso traballo é o da visibilización, tanto da propia actividade como da figura da profesional. Traballamos distintas actividades neste eido, que se concretan fundamentalmente por volta de dúas datas: o Día Internacional da Tradución (30 de setembro) e o Culturgal, ou Feira das Industrias Culturais de Galicia, que ten lugar na primeira fin de semana de decembro en Pontevedra. Participamos nas últimas dúas edicións do Culturgal cun posto propio no que presentamos a asociación e o seu ámbito de traballo, mais no que tamén animamos á participación do público –conforme ao espírito que se respira nesta feira– ofrecéndolle diferentes actividades, como probas de interpretación *in situ* ou o noso concurso «Lost in Translation».

Porén, o Día Internacional da Tradución, ao que adoitamos referirnos como DIT, concentra a maior parte dos nosos esforzos de visibilización, e que non se restrinxen ao día específico en que se celebra san Xerome, senón que se distribúen ao longo dos meses de setembro e outubro. Podemos sinalar neste 2012 a organización do ciclo de cinema «Silencio... Tradúcese!», unha mostra sobre a representación da T/I no cinema, e que se desenvolveu todos os luns de outubro en Vigo e os dous primeiros do mesmo mes na Coruña, que organizamos conxuntamente co Cineclub Lumiere (Vigo) e para o que contamos co apoio do Concello de Vigo e o Centro Galego de Artes da Imaxe (A Coruña), así como o Goethe Institut de Madrid e a Embaixada de Suíza. Tamén neste 2012 organizamos en Compostela a mesa redonda «A tradución literaria: unha cadea de pensamento» en que nun contorno informal que deu pé á conversa falamos con diferentes axentes da cadea de pensamento que é a tradución literaria: Manolo Bragado como editor, John Rutherford como tradutor, Antonio Martín como corrector, Pablo Couceiro como libreiro e Concha Costas como lectora, todo isto moderado por Belén Regueira.

Outro dos foros en que participamos no ano 2012 foi na segunda edición da campaña «En galego tamén se fai ciencia» promovida pola Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística e na que participaron como entrevistados Patricia Buján, en calidade de tradutora profesional e presidenta da AGPTI, e Michael Skinner, en calidade de intérprete e socio da AGPTI desde a súa fundación.⁵

Formación continua e apoio ás profesionais

Para calquera profesional, sexa do eido que for, un aspecto fundamental é a actualización continua, que no noso caso se concreta en catro ámbitos: especialización en tipos de tradución e servizos concretos (tradución xurídica, médica, corrección e ortotipografía...), ferramentas de produción que melloran o proceso de traballo e a calidade final (sóftware de tradución asistida –Trados, Transit XV, MemoQ–, utilización produtiva das ferramentas de ofimática...), técnicas con que coidar a saúde e mellorar o rendemento (técnica vocal para a interpretación, ergonomía no posto de traballo para a tradución...), así como mecanismos de autoafirmación e mellora das relacións con outros profesionais e con clientes (vías de *networking*, comunicación con clientes, presenza como marca e márketing...). Todo isto entra dentro dos obxectivos de traballo da área de formación e que pomos en práctica mediante a organización periódica de cursos (todos os casos concretos mencionados na anterior enumeración foron obxecto de cursos xa realizados). Esta oferta de formación continua complétase coa organización de pequenos obradoiros, charlas e faladoiros, como a mesa redonda «Problemática actual do sector profesional da tradución/interpretación» (2010), a charla sobre a Lei orgánica de protección de datos (2011, a cargo do avogado Mikel Zubigaray) ou o obradoiro sobre OmegaT (2012, a cargo do tradutor Fernando Moreiras).

A AGPTI tamén ofrece de balde asesoramento telefónico e por correo electrónico. De feito, son numerosas as consultas que recibimos de persoas que buscan un/ha tradutor/a ou intérprete. Así mesmo, a nosa actual páxina web, relanzada cun novo deseño a principios do ano 2012, inclúe na portada un motor de busca de profesionais que permite realizar unha procura guiada por servizos e combinacións lingüísticas, e que é sen dúbida unha ferramenta ben cómoda para os posíbeis clientes.

⁵ A presentación da campaña e todas as entrevistas están dispoñíbeis no seguinte enderezo: <<http://www.engalegotamensefaiciencia.eu>>.

Para rematar... e a seguir

O traballo dunha asociación como a AGPTI, sen ánimo de lucro, depende fundamentalmente da implicación das persoas asociadas, xa que todo o traballo que se realiza é de carácter voluntario, sen ningún tipo de remuneración. É certo que temos proxectos en marcha pendentes de conclusión debido á falta de material humano, mais estamos satisfeitas do aumento nos últimos anos da implicación das socias e dos socios, ben como do bo funcionamento en xeral dos grupos de traballo, un sistema que permite acoutar tarefas e fixar obxectivos a curto ou medio prazo e que, polo tanto, resulta alentador ante a perspectiva próxima no tempo de acadar resultados (trátase, sobre todo, dos grupos creados para a organización de cursos e actividades de visibilización). Máis complexos, no entanto, son aqueles cuxo fin é acadar unha mellora nas condicións mediante o diálogo cos estamentos responsábeis, mais no traballo de documentación de boas e malas prácticas, no traballo de reflexión, discusión e colaboración con outras asociacións, imos asentando bases sólidas con que abordar esta tarefa.

A pesar dos problemas que expoñemos, queremos deixar sempre claro que o noso traballo como asociación, que o noso ánimo por compartir e por dar a coñecer á sociedade que é o que facemos, que relevancia ten para ela e que ferramentas e medios precisamos para facelo ben, parte do noso total convencemento de que esta é unha profesión fermosa, unha profesión da que se pode vivir moi dignamente, e que ademais resulta enriquecedora en moitos aspectos, pero sobre todo porque ofrece unha aprendizaxe continua –cada novo proxecto de tradución ou interpretación é un novo reto e unha nova posibilidade de aprender–, e iso é fascinante.

ANEXO

Situación actual do sector da tradución/interpretación



PRESENTACIÓN

Durante o mes de novembro distribuímos entre as socias e socios da AGPTI unha enquisa para valorar a evolución do sector da tradución/interpretación nos últimos tres anos (2009/2011).

A través das impresións e experiencias de 22 profesionais da tradución e/ou interpretación, pretendemos facer unha análise da situación actual no sector.

Estas foron as distintas cuestións que se preguntaron na enquisa:

1. Notaches un descenso no volume de traballo dalgunha das empresas de tradución ou clientes finais cos que colaboras habitualmente?

1. a) En que sectores?

2. Tiveches que deixar de traballar para algún cliente...

...por impoñer unha baixada de tarifas?

...por falta de pagamento?

...por acurtar os prazos de entrega?

...por empeorar as condicións de traballo?

2. a) Que motivos aduciu o cliente?

3. En canto tempo adoitan pagarche as facturas os clientes desde o momento de entrega da tradución?

3. a) Notaches un aumento no prazo de pagamento das traducións?

4. Cal foi a evolución das túas propias tarifas nos últimos anos?

5. Segundo a túa experiencia, que aspectos valoran máis os clientes: calidade, prezo ou rapidez?

5. a) Cres que a calidade do traballo lles preocupa máis, menos ou igual ca antes?

Ademais engadiuse un campo ao final para anotar as observacións ou comentarios que cada profesional considerase oportuno.

A continuación presentamos a análise dos datos recollidos para cada pregunta.

ANÁLISE DOS DATOS RECOLLIDOS

1. Descenso do volume de traballo por sectores

Un 95% das e dos profesionais que contestaron á enquisa sufriron unha diminución no volume de traballo durante os tres últimos anos.

Os sectores nos que o descenso é máis acusado son a tradución xurada (nun 45% dos casos), as administracións públicas (36%), a automoción (27%) e o sector marítimo-pesqueiro (23%).

Tamén se aprecia unha diminución de traballo en áreas relacionadas coa medicina, a enxeñería, a tradución de software e as editoriais (diminución que afecta a un 14%-18% das persoas enquisadas).

En varios outros sectores notouse un moderado descenso: construción, educación, publicidade e márketing, dobraxe, e especialmente na interpretación e no turismo.

Algunhas das persoas enquisadas manifestan que o decrecemento de traballo é xeneralizado, e que afecta a todos os sectores nos que traballan.

Por outra banda, detéctase unha diminución de traballo a nivel local. A tendencia para certas/os tradutoras/es e intérpretes é a ter cada vez menos traballo en Galicia. Particularmente no campo da interpretación, parece ignorarse a presenza de profesionais na nosa comunidade autónoma, polo que o traballo acaba marchando a Madrid ou Barcelona. E nalgúns casos concretos como no sector da automoción, obsérvase unha diminución do traballo ofrecido por axencias españolas ao tempo que aumenta o solicitado por axencias estranxeiras.

2. Abandono de clientes

A metade da xente que contestou a enquisa viuse nalgunha ocasión obrigada a deixar de traballar con algún cliente, pero trátase sempre de casos excepcionais.

A razón máis frecuente para terminar a relación comercial cun cliente é a imposición de baixada de tarifas (que afecta a un 50 % dos casos), seguido da falta de pagamento (27 %) e da redución dos prazos de entrega (23 %).

O empeoramento das condicións de traballo está levando a deixar de colaborar con algún que outro cliente en casos como o de Lionbridge, onde se lle pide ao tradutor ou tradutora pagar para recibir encargos desa empresa.

Igualmente, no campo da interpretación houbo quen tivo que rexeitar algún traballo por preterender o cliente que unha soa persoa fixese máis horas de interpretación.

En canto aos motivos dos clientes para empeorar as condicións de traballo, hai quen o achaca á crise mundial, quen aduce que non pode pagar o servizo porque o cliente final tampouco lle pagou, e quen –dando ou sen dar ningunha explicación– simplemente busca outras persoas que cobrando menos, traballen máis horas ao día e na fin de semana ou acepten prazos de pagamento máis longos.

Por outra banda, a impresión que ten algunha das persoas enquisadas con respecto ás axencias de tradución é que en xeral reciben menos encargos, que os clientes finais lles piden maiores descontos nas tarifas e que teñen problemas de non pagamento ou retrasos por parte dos clientes. Con todo, opinan que algunhas axencias aproveitan a situación para impoñer tarifas máis baixas.

3. Prazos de pagamento

Para as persoas enquisadas o pagamento da maioría das facturas efectúase aos dous meses da realización do servizo (nun 37% dos casos). Tamén adoitan cobrarse as facturas aos 30 días da realización do servizo.

Non obstante, non chegan á metade os casos nos que o pagamento se produce dentro do prazo legalmente establecido de 30 días (só nun 41%). A maioría das facturas páganse aos dous, tres ou máis meses (59%).

Unha mínima porcentaxe das facturas (7% e 4%, respectivamente) cóbranse ao día seguinte ou aos 15 días de realizar o servizo.

Existe algún caso illado no que o pronto pago é a norma e non a excepción. Porén, a maioría de profesionais da tradución/interpretación (un 73% da xente enquisada) viuse sometida a aumentos no prazo de pagamento das súas facturas.

4. Evolución das tarifas fixadas por cada profesional

Só unha cuarta parte das persoas que responderon á enquisa (27%) subiron as súas tarifas desde 2009 e ningunha as baixou.

A tendencia xeral á hora de fixar as propias tarifas foi a de manterse inalteradas durante os últimos tres anos (73 % dos casos).

5. Aspectos máis valorados polos clientes

Segundo a experiencia das persoas enquisadas, o que máis valoran os clientes é o prezo do servizo (48%) seguido da calidade (30%), e preocúpanse algo menos pola rapidez (21%).

Tamén hai quen apunta que algúns clientes valoran os tres aspectos en igual medida, xa que queren traducións perfectas, baratas e no prazo máis axustado posible.

A sensación máis estendida é que a calidade ten para os clientes a mesma importancia que tiña antes (77%), aínda que case unha cuarta parte (23%) da xente opina que agora se valora menos.

Iso parecen evidenciar prácticas illadas como as dalgunha empresa que deixou de contratar profesionais da tradución, para pasar os seus textos por un programa de tradución automática e pagar unicamente pola revisión.

6. Denuncias sobre a situación

Entre os comentarios anotados ao final da enquisa, chámase a atención sobre o aumento de competencia desleal e a falta de ética profesional, tanto no campo da tradución como no da interpretación, por parte de persoas que sacan tallada das circunstancias a costa de traballar en malas condicións.

No campo da interpretación, denúnciase que a situación é crítica e cómpre que a AGPTI tome medidas urxentes para visibilizar o traballo e para mediar coas axencias para resolver a situación actual.

CONCLUSIÓN

Desde o ano 2009 véñse observando un descenso no volume de traballo que afecta en maior medida a todos os sectores, especialmente os de ámbito local.

Esta situación sófrena tanto os autónomos como as axencias de tradución, as cales, nalgúns casos obrigadas polas circunstancias e noutros por aproveitarse da situación, impoñen un empeoramento das condicións de traballo de profesionais da tradución e da interpretación.

Moita xente do sector nalgunha ocasión viuse obrigada a deixar de traballar con algún cliente, principalmente por imposición dunha baixada de tarifas, e en menor medida por non pagamento, por unha redución dos prazos de entrega ou por pedir unha subscrición económica a cambio de traballo. De todos os xeitos, o abandono de clientes por calquera destas circunstancias son sempre casos excepcionais.

Outra das consecuencias da situación actual é o aumento nos prazos de pagamento, que afecta a gran parte das e dos profesionais do sector. Menos da metade das facturas cóbranse no prazo legalmente establecido; a maioría das facturas abóanse dous, tres ou máis meses despois de realizar o servizo.

Todo isto fixo que as tarifas establecidas por cada profesional se mantivese invariable desde 2009 en tres de cada catro casos, a pesar da suba do nivel de vida. Só un/ha de cada catro profesionais da tradución ou interpretación subiu as súas tarifas neste período.

Tal vez pola situación de crise, o aspecto que máis valoran os clientes é o prezo. Así e todo, a calidade é o segundo aspecto máis valorado, por riba da rapidez, e a percepción da importancia sobre calidade, parece manterse igual para a maioría dos clientes.

Entre os comentarios anotados ao final da enquisa, chámase a atención sobre o aumento de competencia desleal e a falta de ética profesional, tanto no campo da tradución como no da interpretación, por parte de persoas que sacan tallada das circunstancias a costa de traballar en malas condicións.

No campo da interpretación, denúnciase que a situación é crítica e cómpre que a AGPTI tome medidas urxentes para visibilizar o traballo e para mediar coas axencias para resolver a situación actual.

Tradución e culturas minorizadas: un punto de vista desde o espazo catalán

PERE COMELLAS

Universidade de Barcelona

1. Cataluña, un xigante editorial... en castelán

O espazo catalán, e particularmente o que corresponde a Cataluña, conta cunha industria editorial de grandes dimensións, concentrada, ademais, na cidade de Barcelona. O gráfico 1 mostra os libros inscritos no ISBN no ano 2011 (en todos os formatos, incluíndo reedicións) nas tres comunidades con lingua oficial catalá (Illas Baleares, Cataluña e País Valenciano) e no resto de comunidades de España. Nel apréciase que aproximadamente un 37% dos ISBN solicitados nese ano proviña desas tres comunidades.




Gráfico 1: Proporción de ISBN solicitados en 2011 nos territorios de lingua oficial catalá con respecto ao total en España. Datos do ISBN <<http://www.mcu.es/libro/IN/estadisticas/index.html>>

A proporción varía certamente ao longo do tempo, mais na última década mantense sempre por riba do 30%, como pode verse no gráfico 2:




Gráfico 2: Peso da edición nos territorios de lingua catalá no século XXI.
Datos do ISBN <<http://www.mcu.es/libro/IN/estadisticas/index.html>>

A concentración da edición en Cataluña, cun peso moito maior que no País Valenciano e nas Baleares, pódese ver no gráfico 3:




Gráfico 3: Número de ISBN pedidos por ano.
Datos do ISBN: <<http://www.mcu.es/libro/IN/estadisticas/index.html>>

Canto á tradución, en 2011 Cataluña é o territorio onde o peso relativo de traducións sobre o total de libros editados é maior (33,8%) e só esta comunidade xunto co País Vasco, Asturias e Galiza se sitúan por riba da media do 21,1% (Madrid tamén, mais por moi pouco, cun 21,3%), como pode verse no gráfico 4. O resto de territorios de lingua catalá queda moi lonxe desta cifra, cun 11,8% de traducións nas Balears e un 9,2% no País Valenciano.




Gráfico 4: Porcentaxe de traducións sobre o total de libros editados nas distintas comunidades autónomas de España. Datos do Ministerio de Cultura (<http://www.mcu.es/culturabase/cgi/axi>).

O gran peso das traducións na edición catalá mantense no tempo aínda que xa foi ben maior, como pode verse no gráfico 5:




Gráfico 5: Porcentaxe de traducións sobre o total editado en Cataluña nos últimos anos. Datos do Ministerio de Cultura (<http://www.mcu.es/culturabase/cgi/axi>).

Non obstante, a maior parte desa grande industria da edición nos territorios catalanofalantes está dedicada ao castelán, como pode verse na táboa publicada pola Generalitat para o período 2005-2010.

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	% variación 2010-2005	% variación 2010-2009
Titols editats Catalunya	30.710	31.131	31.097	32.741	33.428	34.414	12,1%	2,9%
Titols editats en català	8.577	8.882	8.554	8.507	8.548	8.571	-0,1%	0,3%
% titols en català/total	27,90%	28,50%	27,48%	25,98%	25,57%	24,9%	-3,0%	-0,7%

Gráfico 6: Porcentaxe de libros editados en catalán en Cataluña sobre o total da edición.

Fonte: Institut Català de les Empreses Culturals. Generalitat de Catalunya.

A proporción de libro en lingua catalá pode parecer bastante alta, sempre preto do 25%, mais o certo é que os datos por número de títulos son enganosos. En verdade, a importancia do catalán nesa industria é ben menor e así, en 2010, só un 14,9% da facturación do sector correspondeu á venda de libros en catalán (ICEC 2011), mais tampouco ese dato reflicte ben a situación, debido á enorme importancia do libro de texto en catalán, froito das necesidades escolares. Dos 485,8 millóns de euros facturados na venda de literatura en 2010, só 40 millóns corresponderon ao catalán, ou sexa, preto do 8%.

2. A tradución nun espazo lingüístico minorizado

A tradución é a única posibilidade dunha auténtica literatura universal. Até agora a chamada literatura universal foi literatura de catro ou cinco linguas europeas. Calquera cousa chegada de máis aló tiña inclusive a peaxe de ser filtrada por unha tradución previa a unha desas linguas, como aconteceu con tanta frecuencia con grandes tradicións literarias coma a rusa, a árabe ou a chinesa, sempre coñecidas a través de retraducións do inglés ou do francés. Así, vivimos nunha clara situación do que Aracil, en relación coas linguas, chamou interposición: as nosas culturas (non necesariamente pequenas, senón tamén a castelá ou a lusa) só tiñan acceso ao mundo a través dun filtro, non tiñan relación directa con el.

A tradución é, tamén e polo tanto, un reflexo da xerarquía cultural, un síntoma da desigualdade esencial entre culturas, unha boa radiografía da organización simbólica

baseada en sistemas orbitais con moi poucas estrelas rutilantes e moitos satélites e subsatélites marxinados e periféricos. Aínda hoxe, a pesar do descrédito das retraducións (polo menos no ámbito literario) e das enormes posibilidades ofrecidas polo feito de termos persoas catalanofalantes ou galegofalantes competentes en innúmeros pares de linguas, a tradución continua enormemente acaparada por unhas poucas linguas. Segundo datos do ISBN, as principais linguas fonte das traducións en España do ano 2010 foron: inglés, 47%; castelán: 17% (a outras linguas ibéricas mais tamén ao inglés etc.); francés, 11%; alemán, 7%; italiano: 6%; catalán, 3%; xaponés, 2%, portugués e grego, 1%, e o resto, non moitas máis, non chegaba ao 1%.

As linguas pouco influentes, independentemente do seu tamaño en termos demolingüísticos, son pouco traducidas, mentres que xeralmente traducen moito. A porcentaxe de libros traducidos no ámbito anglosaxón aproxímase xeralmente ao 2% e aínda por riba, grazas á supremacía indiscutible desa lingua no panorama internacional, moitas das traducións cara ao inglés son feitas (e pagas) non por axentes editoriais anglófonos senón polas propias institucións da lingua de partida, sexan axentes literarios coa finalidade de situaren os seus autores no mercado internacional, sexan institucións públicas ou privadas que teñen por finalidade apoiar unha determinada lingua.

Nese sentido, catalán e galego non difiren moito, como testemuñan os datos ofrecidos polas dúas seguintes citas tiradas do Observatorio de la Lectura y del Libro (2011). Para a tradución cara ao catalán no ano 2010 afirmase:

Las traducciones suponen un 23,4% y es un porcentaje ligeramente superior al de la producción global española. En su mayor parte proceden del castellano (33,9%), del inglés (27,1%) y del francés (12,1%).

El subsector con más traducciones fue el de libros infantiles y juveniles (55,3%), seguido por el de creación literaria (24,1%); en literatura infantil y juvenil y en libros de texto la lengua más traducida fue el castellano y en libros de creación literaria la lengua más traducida ha sido el inglés.

Para a tradución cara ao galego indícase:

El porcentaje de libros traducidos es del 24,2%. En su mayoría, las traducciones procedían principalmente del castellano (59,9%), seguidas del inglés (12,7%) y del catalán (8,9%). Los subsectores con más traducciones fueron: libros infantiles y juveniles (30,5%) y libros de texto (26,5%).

A situación da tradución é complexa, particularmente en espazos lingüísticos como o catalán ou o galego en que temos indicios para falar dunha dobre interposición, pola súa situación no sistema español e como linguas non influentes do mundo en xeral. Pretendemos aquí só comentar un par de cuestións relacionadas con esa complexidade.

2.1. A tradución como proxecto cultural: prestixiar a lingua, construír unha tradición

Para o catalán, a tradución foi con moita frecuencia encarada durante o último século como un instrumento importante de valorización da propia cultura. Diversos momentos e diversos movementos relacionados coa súa recuperación como lingua literaria e de usos considerados prestixiosos (aquilo que xeralmente e tan inxustamente se acostuma chamar *lingua culta*) apoiáronse fortemente na tradución canto instrumento para construír ou reconstruír unha tradición. Algúns dos grandes literatos cataláns do século xx, como Josep Carner, Carles Riba e unha longa listaxe, dedicaron esforzos considerables a traducir o que eles consideraban obras fundamentais da literatura e do pensamento humanos, obras que, sen dúbida, prestixiarían o catalán polo feito de se poderen ler nesa lingua.

Efectivamente, a tradución ten nas linguas minorizadas dous efectos inmediatamente positivos, cando menos en aparencia. O primeiro, mostrar que unha certa lingua é capaz de recibir textos considerados dunha gran complexidade e sutileza, dun gran valor estético e de moita profundidade: os clásicos. Deste xeito combátese o prexuízo segundo o cal hai linguas aptas para certos usos e linguas non aptas, prexuízo que, a pesar dos esforzos da lingüística desde hai décadas, continúan vivos en moitos ámbitos. O segundo, tonificar a «muscultura» desas linguas, ou sexa, impulsar un esforzo de ampliación terminolóxica (porque, fundamentalmente, o problema redúcese á terminoloxía), que, o feito de verter textos doutras culturas, esixe sen dúbida (e non só para as linguas minorizadas, está claro). Así, grazas ás traducións temos un enorme fluxo de termos novos na lingua (xa sexan préstamos, calcos, ampliacións semánticas, explotación da derivación e da composición etc.) que supoñen unha contribución moi positiva cara á extensión do uso desa lingua. Aínda deberíamos citar un terceiro efecto, non sobre a lingua e a súa visión por parte dos seus falantes, senón sobre a literatura: a dispoñibilidade de grandes clásicos nunha determinada lingua non deixa de ser unha incorporación deses clásicos e dos seus recursos estéticos á propia tradición, de xeito que se transforman en influencias directas sobre os novos escritores.

Coido que no caso catalán temos, polo menos, dous exemplos canónicos dese proxecto da tradución literaria como creación de alicerces propios: a colección Bernat Metge e a colección Les Millors Obres de la Literatura Universal.

A colección de clásicos gregos e latinos traducidos ao catalán impulsada pola Fundació Bernat Metge é un produto xenuíno dunha cultura ambiciosa e desexosa de situarse en pé de igualdade coas grandes linguas de prestixio da época, e ao mesmo tempo reflicte ben a ideoloxía do *Noucentisme*, expresión cultural das primeiras décadas do século xx moi ligada ao nacionalismo burgués. Trátase dun auténtico proxecto editorial que pretende ofrecer ao lector catalán 300 obras clásicas fundamentais. Tanto a escolla como as normas de tradución (Franquesa 2010) permiten un estudo interesantísimo desde varias perspectivas: a sociolóxica, a tradutolóxica, a ideolóxica. Recentemente, ademais, publicouse unha selección de 50 dos seus títulos para unha colección de quiosco.

Un segundo exemplo, moi diferente no contexto e nas pretensións, mais parecido na vontade de establecer un canon a partir de traducións, é o da colección Les Millors Obres de la Literatura Universal, impulsada por Edicions 62 e patrocinada por La Caixa, que se publicou entre 1981 e 1986 (pouco despois publicouse Les Millors Obres de la Literatura Universal Segle xx). O propio título da colección é ben significativo: tratábase de pór a disposición do lector catalán o canon da literatura mundial en 50 títulos (Mallafre 2000: 15-27). Tamén aquí a escolla é ben interesante. Só como mostra, limitémonos a ver as linguas de partida: inglés: 13; francés: 13; ruso: 7; italiano: 6; alemán: 6; alemán e húngaro: 1; galego medieval: 1; latín: 1; provenzal medieval: 1; sueco: 1.

Eses foron, entre outros, proxectos planificados e sistemáticos, cos seus defectos e as súas innegables virtudes, que tiveron unha significación importante para a cultura catalá.

2.2. A tradución como retorno: o que se traduce cara a outras linguas e como iso afecta á propia cultura

A tradución é tamén, nomeadamente para as culturas minorizadas, unha proba de calidade, no sentido máis amplo: capacidade de saír do propio ámbito, capacidade de convencer editores estranxeiros, capacidade de vender ou de influenciar fóra das nosas fronteiras lingüísticas. Ser traducido é ampliar o horizonte, persoal e en certo sentido de toda a cultura a que pertence ese autor. O prestixio de ser traducido pode significar:

- a) Un aumento do prestixio na propia comunidade: ninguén é profeta na súa terra.
- b) Un factor de autoestima para a literatura e a cultura orixinais: se os franceses se interesan por nós, é que somos interesantes.
- c) Unha ponte para chegarmos a outras culturas periféricas, que reparan en nós porque fomos publicados no centro.

Infelizmente, eses efectos non son para nada automáticos. Ser traducido, aínda que sexa a unha das grandes linguas, non garante nin ser coñecido fóra, nin vender, nin internacionalizarse realmente. Coido que iso vale tanto para o catalán como para o galego. Vexamos o diagnóstico de dúas especialistas do PEN Club catalán ao respecto (Arenas e Skrabec 2007):

1. Un 91% de totes les traduccions que es fan del català correspon a traduccions a l'espanyol.
2. L'espanyol, com a llengua majoritària, no actua de llengua pont per projectar una obra literària a l'escenari internacional. Tampoc no hi ha indicis que els títols traduïts a l'anglès hagin estat traduïts després a altres idiomes de manera sistemàtica. Hi ha autors catalans amb ressò important a l'estranger sense haver estat traduïts a l'espanyol o l'anglès.
3. Es constaten força títols editats en anglès, però publicats a Catalunya. També la gran majoria de les traduccions a l'espanyol es publiquen a Catalunya mateix.

Como xa foi dito, acabamos por traducir nós mesmos a linguas ponte, pagando esas traducións. Porén, a conciencia desa posibilidade ten un efecto descentrador: os autores poden chegar a escribir para seren traducidos, non para a súa comunidade. Tal vez o caso máis extremo dese efecto sexa o dos escritores coloniais ou poscoloniais, que crean directamente as súas obras nunha lingua que non é a da súa comunidade, unha lingua europea adquirida na escola e de uso reducido no seu ámbito ás elites políticas e económicas. O que favorece unha literatura «traducida», unha literatura pensada para lectores estranxeiros, que non ofrece nada á propia xente (Junyent 2004). Coido que é totalmente lícito que alguén decida escribir nunha lingua que non é a da súa comunidade, pero non parece eticamente aceptable pretender facerse pasar por portavoz desa comunidade, ou por unha vítima da opresión lingüística, especialmente cando a escolla lingüística con frecuencia non só favorece o recoñecemento na metrópole, como tamén oculta a existencia da creación na lingua comunitaria, de xeito que a

literatura africana ou asiática é só, para a maior parte non só de lectores senón até de especialistas, literatura en lingua colonial. O que, por certo, resulta moi cómodo: non ignorar outras literaturas esixiría un esforzo moito maior.

De calquera xeito, tal vez sexa interesante termos en conta as prevencións expresadas ao respecto polo profesor de tradución, tradutor e poeta Francesc Parcerisas (2008):

Pensar que la traducció és la màxima justificació de l'existència d'una obra en una cultura reduïda equival a acceptar la submissa actitud colonial que no existeix altra patent d'excel·lència que no sigui la de la metròpoli.

Escribir para a propia comunidade non significa escribir sobre a comunidade (limitarse a temas locais, só falar de nós...). Significa dirixirse á propia comunidade, cuns códigos lingüísticos e culturais determinados, aínda que fagamos ciencia ficción ou novela histórica sobre Rusia. A obsesión por ser traducidos ao inglés pode con frecuencia supor unha frustración. No mar do inglés, pouca cousa destaca e moita cousa é totalmente invisible. Lectores potenciais non quere dicir lectores reais. Por iso Parcerisas (2008) propón:

En contra de la suposada funció expansiva de les llengües «pont», jo més aviat crec en l'establiment de nòduls independents, relacionats en xarxa, una mica amb la velocitat i l'anarquisme d'internet, crec en les complicitats petites i individuals, en el transvasament d'una editorial a una altra editorial amb perspectives i gustos similars, en l'acció dels traductors com a mediadors i introductors de nous títols.

2.2. Autotradución e concorrencia lingüística: a discriminación sutil

Para acabar, quería citar dous aspectos tal vez só de detalle, mais que coido que ilustran a sutil discriminación que poden sufrir as linguas minorizadas con respecto á tradución. En primeiro lugar, o feito de que os autores de linguas minorizadas sexan sempre competentes polo menos noutra lingua, a minorizadora. No caso da Galiza ou dos países cataláns, o castelán é sempre a segunda lingua, e con frecuencia, cando menos nas xeracións que crecieran durante a ditadura, a lingua en que foron formados e na que máis leron (e probablemente aínda sexa así en moitos casos). Iso fai posible a autotradución, unha posibilidade ben lexítima que moitos autores aprecian para controlar o seu texto en castelán, mais que ofrece varios perigos. O primeiro, a consideración desa tradución como unha especie de segundo orixinal (posto que é da mesma autoría) que logo pode converterse en primeiro orixinal cara á súa venda nos circuitos internacionais. Non é raro que as axencias literarias e outros axentes de promoción

acaben por non só difundir o texto en castelán de certo autor galego ou catalán porque é máis facilmente lido no estranxeiro, senón até que se «esquezan» de que houbo un texto previo na lingua minorizada, especialmente á hora de ser traducido para outra lingua. Así, a tradución castelá tornouse orixinal e o orixinal desapareceu. Hai aínda outros perigos, como o de non cobrar a tradución, xa que é encargada como «orixinal», pero coido (e desexo) que iso non sexa tan frecuente, visto que nese caso, por exemplo, a edición en catalán dunha novela galega non só sería supostamente menos rendible polo menor público potencial, senón tamén máis cara de producir, porque cara ao catalán si é necesario contratar unha tradución.

En segundo lugar, o estraño desequilibrio en visibilidade dunha tradución cara a unha lingua minorizada con respecto a unha tradución cara a unha lingua ben posicionada. Como ilustración: hai editoras catalás que, cando queren publicar un autor traducido até entón pouco coñecido, procuran primeiro unha editora castelá para saíren conxuntamente. Non parece unha actitude moi lóxica desde o punto de vista comercial, xa que en teoría os lectores potenciais en catalán e en castelán son parcialmente os mesmos, de xeito que supostamente sería positivo publicar primeiro e só nunha das dúas linguas, para captar todo o mercado (e particularmente en catalán, xa que todos os lectores nesa lingua o son tamén en castelán). A razón é simplemente de visibilidade na promoción: unha tradución cara ao catalán ten moitas menos posibilidades de saír referenciada nos xornais, de ter recensións e críticas, de ser lida e considerada polos profesionais que se sae ao mesmo tempo en castelán. Por tanto, a situación sociolingüística impulsa os editores cataláns a unha práctica de colaboración que semella o contrario do que, segundo se conta, aconteceu algunhas veces no caso contrario: editoras que compraban dereitos para o castelán co fin de publicaren certa tradución e tamén para o catalán co fin de impediren que outra editora a publicase nesa lingua e fixese competencia á edición castelá. Trátase, claro, dunha práctica ilegal e oxalá sexa só un rumor e nunca acontecese nin vaia acontecer.

3. Fin

Non hai dúbida de que a edición e a tradución en linguas minorizadas ten dificultades engadidas, mais ao mesmo tempo supón a esperanza, como xa se dixo, nunha auténtica literatura mundial, e non só: tamén nunha orde lingüística diferente, en rede e non orbital, horizontal e non xerárquica. Para iso é necesario continuar a editar e a traducir nesas linguas, e facer esforzos suplementarios para visibilizalas. Non é raro atopar nos catálogos de grandes bibliotecas estranxeiras autores cataláns ou galegos clasificados en literatura española, ou sexa, castelá. Non é por mala vontade de quen catalo-

ga, claro, que se limita a procurar o lugar de nacemento do autor e sacar conclusións lingüísticas precipitadas. Por iso é importante que os editores tomen conciencia non só da necesidade de colocaren na portada dos libros a indicación de que se trata dunha tradución e o nome de quen a traduciu. É necesario engadir sempre a indicación lingüística (tradución do galego de X; tradución do catalán de Y) e mesmo pode ocorrer que, para sorpresa dos que pensan que é comercial ocultar as traducións, o interese do lectorado sexa maior.

Referencias bibliográficas

Arenas, C.; Skrabec, S. (2007): «La literatura catalana i la traducció en un món globalitzat». *Visat: La Revista Digital de Literatura i Traducció del PEN Català*, 4, p. Disponible en: <http://www.visat.cat/newsletter/index_continguts.php?id=4> [Última consulta: 28/2/2013].

Franquesa, M. (2010): «Les primeres normes generals de traducció de la Fundació Bernat Metge», *Quaderns: Revista de Traducció*, 17: 213-223.

Junyent, M. C. (2004). «La volatilització de la literatura», *Els Marges*, 73: 61-75.

MALLAFRÉ, J. (2000). «Models de llengua i traducció catalana», *Quaderns: Revista de Traducció*, 5: 9-27.

Observatorio de la Lectura y del Libro (2011). *Panorámica de la edición española de libros 2010* (Madrid: Ministerio de Cultura). Disponible en: <<http://www.mcu.es/libro/MC/ObservatorioLect/Estudios/estudiosCDL.html>> [Última consulta: 28/2/2013].

Parcerisas, F. (2008). «Quinze anys de traducció literària a Catalunya», en *XV Seminari sobre la traducció a Catalunya*: 15-22 (Barcelona: Associació d'Escriptors en Llengua Catalana). Disponible en: <http://www.upf.edu/pdi/iula/judit.freixa/docums/lo_ca_es_fre_te_vseminari_traduccio.pdf> [Última consulta: 28/2/2013].

Que achega unha asociación de profesionais da tradución?

BEGO MONTORIO URIBARREN

Asociación de Tradutores, Correctores e Intérpretes de Lingua Vasca-Euskal Itzultzaile, Zuzentzaile eta Interpreteen Elkarte (EIZIE)

En primeiro lugar, quero agradecer sinceramente ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña que convidara a Asociación de Tradutores, Correctores e Intérpretes de Lingua Vasca-Euskal Itzultzaile, Zuzentzaile eta Interpreteen Elkarte (en diante EIZIE) a participar nestas interesantes xornadas e de cuxa presenza dá conta agora este volume de actas.

Como representante que son de EIZIE falarei sobre todo da asociación, mais o obxectivo fundamental da miña intervención é pór de manifesto aquilo que pode achegar unha asociación de profesionais da tradución como esta ás persoas que non son socias, no noso caso concreto, á comunidade de falantes do éuscaro, ao tecido asociativo e cultural da nosa contorna, aos estudosos da cultura vasca, a posibles usuarios de traducións... Alén diso, antes de continuar, quero subliñar a importancia do traballo (principalmente voluntario), a iniciativa e a ilusión das socias e socios de EIZIE en todas as actividades a que me vou referir. Pode soar a propaganda, mais estou convencida de que o meirande activo de EIZIE son os seus membros; o reto da asociación é colaborar a que as súas iniciativas e ideas se plasmen en proxectos viables.

1. A asociación

A Asociación de Tradutores, Correctores e Intérpretes de Lingua Vasca-Euskal Itzultzaile, Zuzentzaile eta Interpreteen Elkarte (EIZIE) creouse en 1987 e actualmente conta con 318 membros asociados. Tal e como o seu nome indica dá cabida a todo profesional da tradución que empregue o éuscaro como lingua de traballo, o que quere

dicir que os nosos límites os marca a lingua, non as divisións territoriais. Se reparamos en que actualmente o número de falantes de éuscara rolda os 850 000, resultaría absurdo que limitásemos aínda máis o noso contorno por cuestións administrativas.

Cando aludo a «profesional da tradución» refírome tanto a tradutores literarios como non literarios, intérpretes, localizadores, correctores... Certo é que cada ámbito da profesión ten as súas especificidades –razón pola que algúns membros de EIZIE son tamén membros doutras asociacións de intérpretes, tradutores xurídicos etc.– mais pensamos que a aquelas persoas que traducimos do ou cara ao éuscara é máis o que nos une do que nos separa, sexa cal for o noso ámbito de actividade.

Segundo os estatutos de EIZIE os seus obxectivos son:

- Promover a protección xurídica dos tradutores vascos e mellorar as súas condicións de traballo.
- Velar pola calidade das traducións de e cara a a lingua vasca.
- Promover a actividade de tradución cara á lingua vasca.
- Mellorar a capacitación profesional de tradutores e tradutoras.
- Defender os intereses económicos e sociais dos tradutores vascos.

Canto á súa estrutura, esta é a habitual dunha asociación sen ánimo de lucro: o máximo órgano decisorio é a asemblea xeral e conta cunha xunta directiva, moi activa, que é a que dirixe a actividade cotiá. Para alén do traballo voluntario dos membros, a asociación conta con dúas traballadoras a xornada completa e outras colaboracións retribuídas puntuais. Talvez poida parecer unha estrutura excesiva para unha asociación deste tamaño, mais agardo que se comprenderá a necesidade de que así sexa ao coñecer a cantidade e dimensión dos proxectos que xestionamos.

Para rematar con esta sinxela presentación de EIZIE, quero sinalar que as súas vías de financiamento son: as cotas dos socios, convenios nominais (Departamento de Cultura do Goberno Vasco, Instituto Vasco Etxepare, Universidade do País Vasco-Euskal Herriko Unibertsitatea) e subvencións anuais (principalmente de CEDRO, o Goberno Vasco e a Deputación Foral de Guipúscoa).

2. Que achega EIZIE?

2.1. Información, comunicación, reflexión

Información

Unha das vías máis importantes de información da asociación é a súa propia **páxina web** (<http://www.eizie.org>) e, dentro de ela, a sección de noticias que aparece na pantalla de inicio onde se recollen informacións relacionadas coa tradución e coa propia asociación. Ao se tratar dun sitio web accesible en catro linguas (éuscaro, castelán, francés e inglés), as noticias publicanse sempre en éuscaro e, polo menos, nunha das outras tres linguas.

Desde o mes de setembro, contamos tamén cunha conta no **Twitter** (@EIZIEelkartea) e outra no **Facebook** (<http://www.facebook.com/EIZIEelkartea>). Aínda que levamos pouco tempo nestas redes, o certo é que están a resultar vías moi activas de comunicación, tal e como puidemos comprobar os pasados 30 de setembro e 27 de outubro co gallo do Día Internacional da Tradución e do Día Internacional da Corrección respectivamente. Así, este ano decidimos celebrar a Xornada Mundial da Tradución na Rede e, durante todo o día, cada 15-20 minutos fomos publicando un chío con citas sobre a tradución, ligazóns a recursos e artigos especialmente relevantes etc. A pesar de tratarse dun día festivo, ademais das visitas habituais, recibimos numerosas respostas con máis reflexións, ligazóns etc.

Outra experiencia nova foi a «retransmisión en *chíos*» do curso *Literatura Unibertsala itzultzen* (a través da conta @LitUnib), organizado en colaboración coa Universidade Vasca de Verán-UEU (<http://www.eizie.org/News/1341497155>).

Comunicación

Ademais das vías de interacción que ofrecen as redes sociais, EIZIE xestiona desde 1998 a **lista de distribución itzuL** (<http://www.eizie.org/Tresnak/Itzul/Azalpenak>), a única sobre tradución que existe en éuscaro e que en maio de 2012 alcanzou a cifra de 1000 persoas subscritas.

Reflexión

Á vista de que algúns dos temas que se formulaban na lista itzuL merecían unha análise máis profunda, en 2008 creouse o **blogue 2tzul** (<http://www.eizie.org/2tzul>),

en que ao longo destes anos se publicaron 16 informes sobre cuestións puntuais de tradución do/ao éuscaro. Nesta mesma liña, a última iniciativa que viu a luz é o blogue 31 eskutik (en galego «31 de man» coma no mus; <http://31eskutik.com>) que comezou a súa andaina o 15 de outubro de 2012. Aliméntano 31 persoas cuxa ferramenta de traballo é o idioma, a razón dun artigo diario. Trátase de tradutores, escritores, correctores e profesorado que escriben sobre o uso do idioma, entendido este de xeito amplo e plural. Aínda é cedo para facer unha valoración, mais semella que a súa recepción está a ser moi boa.

Amais destes dous blogues, EIZIE conta no seu sitio web coa sección *Langintza xeheki* («O oficio polo miúdo»; <http://www.eizie.org/Argitalpenak/Langintzaxeheki>) cuxo primeiro artigo se publicou en 2009 e que mantén desde aquela un ritmo de dous artigos anuais. A asociación, ante o evidente baleiro existente no campo da crítica especializada da tradución, decidiu traballar nesa liña cun enfoque non estritamente académico e co obxectivo de axudar a comprender que vías e estratexias se empregaron, e por que, nas traducións que se analizan. Pensamos que estas análises axudan a entender mellor a profesión e asemade presentan vías de mellora tanto para quen traduce literatura como para o resto de persoas que traballa ao redor do idioma.

Así mesmo, publicamos **informes e resumos de xornadas de traballo** que organiza a asociación, caso dos seguintes:

- «Seminario sobre novas tecnoloxías» (<http://www.eizie.org/Elkarteak/ikastaroak/teknologiak11>),
- «Tradución e multilingüismo: xestión do multilingüismo nas empresas» (<http://www.itzulbaita.eu/jarduerak/IMH>),
- «Estudo sobre a literatura universal traducida ao éuscaro» (<http://www.eizie.org/Argitalpenak/inbentarioa>),
- «Análise da literatura traducida ao éuscaro» (<http://www.itzulbaita.eu/jarduerak/lit-itzuliaren-azterketa>) e
- «Criterios de valoración das traducións literarias» (<http://www.itzulbaita.eu/jarduerak/lit-balorazio-irizpideak>).

2.2. Colaboración e cooperación

Con outros axentes da tradución

Como é habitual en asociacións como a nosa, EIZIE forma parte de redes e federacións relacionadas coa tradución que superan o ámbito da lingua vasca. Así, está asociada á **rede Vértice** –Rede Española de Asociacións de Tradutores, Intérpretes e Correctores– (<http://www.redvertice.org>) e é membro do **Consello Europeo de Asociacións de Tradutores Literarios** (CEATL; <http://www.ceatl.eu>) e da **Federación Internacional de Tradutores** (FIT).

Con outros axentes do País Vasco

Consciente de que a tradución é unha realidade que supera con moito o ámbito dos profesionais, a nosa asociación tenta colaborar con agrupacións que acollen outros axentes sociais, polo que, alén de convenios de colaboración puntuais con universidades etc., é membro activo da Asociación de Industrias da Lingua no País Vasco **Langune** (<http://www.langune.com>), que recentemente conseguiu a consideración de preclúster. O obxectivo que nos marcamos nese foro é achegar a visión dos profesionais da tradución máis alá do enfoque meramente empresarial, e a colaboración está a resultar moi positiva.

Así mesmo, participamos no evento **Euskal liburuaren gaua** («A noite do libro vasco»), organizado pola Asociación de Editores en Lingua Vasca (EEE), a Asociación de Escritores en Lingua Vasca (EIE), a Asociación de Literatura Infantil e Xuvenil en Lingua Vasca Galtzagorri Elkarte e a Asociación Profesional de Ilustradores de Euscadi Euskal Irudigileak.

Finalmente, a asociación propón ou nomea membros para diferentes xurados, como o dos Premios Euscadi de Tradución Literaria, ou os que se foron formando para a habilitación de tradutores e intérpretes xurados.

2.3. Formación

Oferta propia

Ofrecer unha formación especializada, complementaria do ensino regrado e centrada fundamentalmente na práctica foi un dos retos da asociación, que tentou, ano tras ano, responder ás necesidades dos profesionais en activo. Os cursos, polo xeral, impárte-

nos membros da asociación e non por ningún apriorismo, senón porque temos a sorte de contar entre os nosos asociados e asociadas con profesionais especialistas en diversos aspectos e dispostos a compartiren a súa experiencia e coñecementos. Trátase dunha oferta dirixida tanto a socios como a non socias, aínda que os membros de EIZIE teñen prioridade e gozan dun desconto na matrícula que é extensivo aos membros da rede Vértice.

Os datos dos últimos anos indícanos que o alumnado se reparte, case a partes iguais, entre socios e non socios, e nalgũa ocasión houbo que repetir o mesmo curso de forma consecutiva para podermos responder á demanda.

A oferta varía cada ano e durante 2012 realizáronse os seguintes cursos e seminarios: «Seminario de tradución francés-éuscaro». «O español lingua meta» (4.^a edición), «Teorías da tradución contemporánea», «A puntuación: como organizar un texto», «Coherencia e cohesión textuais: algúns recursos», «Prácticas de interpretación simultánea» e «Informática para tradutores».

Mención á parte merece o obradoiro *O escritor e os seus tradutores* (<http://www.eizie.org/Elkartea/ikastaroak/itzulika12amaiera>) que a asociación vén organizando desde 2004. O obradoiro céntrase na tradución dunha obra (ou un fragmento) dun autor vasco contemporáneo a diversas linguas, de modo que o autor e tradutores se reúnen e debaten durante varios días. A edición de 2012 tivo lugar en Pau (Francia), auspiciada polo Instituto Vasco Etxepare e en colaboración co laboratorio LLC-Arc Atlantique da Universidade de Pau (UPPA), e nela traducíuse o conto *Katu jendea* da escritora vasca Eider Rodríguez ao francés, alemán e holandés.

Participación e colaboración noutras actividades formativas

Ademais da oferta propia, EIZIE colaborou activamente no deseño e posta en marcha do posgrao Itzulpengintza eta Teknologia (Tradución e Tecnoloxía) (https://gestion-alumnos.ehu.es/pls/entrada/tprw0270.htm?p_sesion=939c92a69554a399a1939aa39391a49587a5aa809c9b757c958b8486826e8a75908f6999748193837694) da Universidade do País Vasco-Euskal Herriko Unibertsitatea (UPV-EHU) que se imparte por primeira vez este curso 2012-13. Tamén participou en varias ocasións nos cursos de verán da UPV-EHU, en cursos organizados pola Udalko Euskal Unibertsitatea (Universidade Vasca de Verán), así como na Escola de Literatura (<http://www.literaturaeskola.org>).

2.4. Información sobre a profesión

Na medida das nosas posibilidades tentamos que o sitio web ofrezca tamén información práctica e relevante para os posibles usuarios de traducións de modo que, alén do directorio de membros, en que se ofrece información das especialidades e linguas de traballo dos profesionais asociados a EIZIE, temos accesibles na rede os seguintes documentos:

- Protocolos de interpretación (<http://www.eizie.org/Tresnak/interpretazioa>): recomendacións e observacións sobre a interpretación para organizadores de eventos en que vaia empregarse ese servizo.
- Guía orientativa para usuarios de traducións: *¿Necesita una traducción al euskera?* (<http://www.eizie.org/Argitalpenak/bezegida>)
- Modelos de contratos de tradución literaria. Adaptación ao éuscaro dos modelos acordados polas asociacións de escritores e o Gremio de Editores de Cataluña en 2009.
- Modelos de contrato para edición dixital. Adaptación ao éuscaro dos modelos acordados pola Sección Autónoma de Tradutores de Libros da Asociación Colexial de Escritores de España –ACE(t)– en 2010 e polas asociacións catalás de escritores e editores en 2011.

Até o ano 2011 tamén dispuñamos dunha páxina en que se recollían unhas tarifas medias de tradución, corrección e interpretación baseadas nun estudo realizado pola asociación e que se actualizaban anualmente. Non obstante, vímonos na obriga de eliminala do noso sitio como consecuencia do expediente que a Administración abriu á asociación por incumprir, ao parecer, a Lei de defensa da competencia.

2.5. Catalogación

Na liña do catálogo da Biblioteca da tradución galega (BITRAGA), tamén presentes nestas xornadas, EIZIE conta co *Catálogo de traducións literarias* (<http://www.eizie.org/Tresnak/LitKatalogoa>) en que, ademais das habituais, é posible realizar buscas con criterios específicos de tradución: linguas de orixe e de destino, nome do tradutor ou tradutora, data de publicación da tradución... Nos resultados das buscas ofrécese, así mesmo, a ligazón a unha hemeroteca de críticas, xunto coa ligazón ao texto traducido nos casos en que existe unha publicación en rede.

Aínda que actualmente só recolle obras de literatura de ficción para persoas adultas, seguimos traballando para ampliar a base de datos, xa que o obxectivo final é podermos consultar desde unha única plataforma todo tipo de traducións: literarias e non literarias, de libros e de produtos audiovisuais etc.

Sabemos que se trata dun obxectivo moi ambicioso, mais tamén somos conscientes de que o único xeito de avanzar é ir dando pasos, por pequenos que estes foren.

2.6. Publicacións

Literatura universal

A colección **Literatura Unibertsala** (http://www.eizie.org/Argitalpenak/Literatura_Unibertsala) que xestiona a asociación e en que se recollen obras relevantes da literatura universal traducidas ao éuscaro é, sen dúbida, unha das achegas máis importantes de EIZIE á sociedade vascofalante. Grazas a un convenio co Goberno Vasco, que é quen financia o proxecto, e co apoio da Asociación de Editores en Lingua Vasca, EIZIE xestiona esta colección en que até o momento hai publicadas 154 obras.

É importante subliñar a importancia que ten para unha lingua como a nosa contar con este corpus, ben como a evidente dificultade que implicaría para a industria editorial en éuscaro acometer sen apoio público un proxecto destas características, sobre todo por mor do reducido mercado editorial en lingua vasca.

Alén do logro que supón que os vascofalantes poidan acceder a ese acervo universal na súa propia lingua, o procedemento que se segue para a adxudicación das traducións (concurso público baixo plica, xurado de expertos, mesa de arbitraje...) establece uns estritos controis de calidade, ao tempo que garante unhas condicións dignas de traballo para quen traduce.

A colección comezou a súa andaina en 1987, razón pola cal bastantes das obras non están xa dispoñibles no mercado, polo que o ano pasado se puxo en andamento a reedición dalgunhas delas, corrixidas, dentro dunha nova colección: **Urrezko biblioteka** (<http://www.eizie.org/Argitalpenak/Berrargitalpenak>).

Revista SENEZ

O outro eixe fundamental das nosas publicacións é a revista *SENEZ*, herdanza da Escola de Tradución de Martutene, que funcionou entre 1980 e 1990 e foi tamén a

semente da asociación. *SENEZ* é a única revista en éuscaro sobre tradución e publícase tanto en papel como en versión dixital en liña: <http://www.eizie.org/Argitalpenak>

2.7. Fomento da literatura traducida

Durante os últimos anos EIZIE realizou un esforzo especial para fomentar a lectura de literatura traducida ao éuscaro mediante diversas actividades, de modo que temos dispoñibles no noso sitio web **varios vídeos** que agardamos sirvan para continuar con esa tarefa de impulso da lectura: «A literatura universal en éuscaro nos institutos», «A literatura universal nas bibliotecas» e «20 anos de colección Literatura Unibertsala». Todos eles accesibles na canle de EIZIE no YouTube: <http://www.youtube.com/user/EIZIEz>.

3. A práctica profesional da tradución, co éuscaro como lingua de traballo

Non querría rematar a miña intervención sen me referir, aínda que sexa brevemente, á situación actual da tradución profesional co éuscaro como lingua de traballo. Carezo de datos exactos, mais con base na información que chega á asociación, así como no meu contacto directo co estudantado e profesionais noveis, coido que hoxe en día as características máis relevantes son as seguintes:

- **Combinacións lingüísticas.** Salvo no caso da tradución literaria, a combinación maioritaria é éuscaro-español/español-éuscaro, aínda que as combinacións francés-éuscaro e inglés-éuscaro van cobrando cada vez máis importancia.
- **Ámbitos en que se practica a tradución con éuscaro.** Son múltiples e variados: administración, mundo editorial, audiovisuais, sector servizos, publicidade... Quizais no sector industrial é onde menos incidencia ten.
- **Práctica da interpretación.** A Administración emprega habitualmente servizos de interpretación de/a éuscaro nas institucións locais, forais e autonómicas (parlamentos, xuntas xerais, mancomunidades e concellos); de forma máis puntual, requírense estes servizos nalgúns sesións do Senado español, así como en determinadas reunións da Unión Europea. Fóra disto, tamén se emprega a interpretación de/a éuscaro en congresos e conferencias.
- **Sector económico moi atomizado.** Predominan as axencias de tradución pequenas e medias, para alén dun importante número de profesionais autónomos.

- **Condicións laborais.** As condicións de traballo dos profesionais da tradución de/a éuscaro son moi diversas en función das diferentes figuras laborais: funcionariado, contratos estables, contratos puntuais, traballadores autónomos...
- **Formación dos profesionais en activo.** O perfil dos profesionais en activo que reflectía un estudo encargado pola asociación en 2006 sobre unha mostra de 400 profesionais era o seguinte: o 71% dos tradutores, intérpretes ou correctores posuía estudos universitarios, mais só un 6,4% era licenciado en Tradución. Este dato, talvez algo anómalo, enténdese mellor se reparamos en que a licenciatura en Tradución con éuscaro como lingua de traballo non se implantou até o ano 2000 e que anteriormente só existiran dous mestrados (desde 1990).
- **Perfil demandado polo mercado**
 - Actualmente, o que se solicita son profesionais con máis linguas de traballo, ademais do éuscaro e o español (inglés, francés, alemán...).
 - Prímase a versatilidade, é dicir, a capacidade de se adaptar a diferentes tarefas dentro do ámbito da tradución: tradución, corrección, redacción, tradución audiovisual...
 - Coñecemento de ferramentas de tradución asistida por ordenador (TAO).
- **Situación do mercado de traballo.** Aínda que limitadas, este sector do mercado laboral aínda ten posibilidades de desenvolvemento, malia que o certo é que nos dous ou tres últimos anos o volume de traballo se estancou e se percibe unha maior precariedade dos postos de traballo, así como unha conxelación das tarifas.

Agardo que esta presentación resultase do seu interese e convido a quen ler estas liñas a que visite a nosa páxina web (<http://www.eizie.org>) e contacte coa asociación para calquera consulta ou información complementaria.

Faros na escuridade. Ideoloxía e tradución: os enfoques feministas e poscoloniais

MARÍA REIMÓNDEZ

Tradutora e investigadora independente

A construción da escuridade

Calquera que capitaneie un barco sabe que a escuridade é perigosa. Éo sobre todo non en alta mar, onde as augas están despexadas, senón precisamente naqueles lugares en que os océanos e a terra se tocan, onde hai interaccións de mundos diferentes, nas complexas entradas das rías, onde a auga salgada, doce, a area, o limo, os moluscos, os humanos, as bateas, rochas e aves entran en contacto. A escuridade faise aí sumamente perigosa, sen saber se o contacto vai ter lugar por terra, mar ou aire e de que maneira exactamente. Hai, por suposto, a quen lle interesa navegar na escuridade para asaltar as aldeas que descansan tranquilas ou esgotar os bancos de peixe na clandestinidade. Na escuridade unha é libre de facer e perpetuar o que lle pareza. De seguir construíndo imperios, clases e xéneros sen que ninguén poida opoñerse, simplemente porque ninguén ve o que acontece. Hai certas cousas en que a escuridade se constrúe de forma moi teimosa, evitando falar nunca dos contactos entre mundos como algo que toca as nosas vidas de forma constante. A escuridade fórxase tentando crear un estado de opinión en que eses contactos se descoñezan, se valoren como un feito opaco e por enriba da sociedade. A tradución e a interpretación foron ata época moi recente un deses espazos de escuridade creada, mais xa non. Pois nesa escuridade construída hai luces pequenas que comezan a reunirse, como pequenas chalanas que pescan a lamprea, como remuíños de lucecús, como pequenas estradas. Comezan a unir as súas forzas ata crearen con esforzo e traballo un faro. Diversos faros. Faros potentes que son capaces de alumearen non só na superficie, senón tamén na escuridade máis fonda das foxas abisais.

Mais antes de falarmos da luz cómpre definir a escuridade que rodea a tradución. Vexamos un exemplo:

O decisivo, en calquera caso, é que a tradución sexa **transparente**. O lector non debe percibir ningunha **interferencia** á hora de acceder ao texto, e para iso o tradutor debe aspirar a ser tan **invisible** no seu traballo como o título da novela de Paul Auster da que aquí falamos. No entanto, este ideal comporta **riscos** aos que están expostos tanto os novatos como os veteranos. O tradutor pode carecer de suficiente **bagaxe** para enfrontarse a un texto literario, ou pode ser un tradutor que asemade é autor e que por exhibir as súas dotes creativas invada o eido do **escritor** que está a interpretar. Tamén pode ocorrer que o tradutor conserve lastres da súa formación académica, e trate de resolver os problemas propios da tradución recorrendo a un nivel teórico alleo á maioría dos lectores. En última instancia, é o **editor** quen debe facerlles fronte a todos estes riscos, preservando a transparencia da obra para que chegue nas mellores condicións aos lectores. (Freire 2010; resaltado meu)

Este é un texto publicado nos suplementos culturais dos xornais *Faro de Vigo* e *La Opinión de A Coruña*, e obviamente dirixido a un público xeral mais que non resulta excepcional no seu contido, senón máis ben ao contrario. Déitanse nel ideas que circulan de forma xeral nos debates sobre tradución e que, sen dúbida, constitúen cernas de escuridade perpetua. Vexamos as expectativas: a tradución debe de ser transparente. Quen traduce debe ser invisible. A teoría é mala. A creatividade é mala. A tradutora debe ser pasiva, non utilizar os seus coñecementos e someter as súas decisións a un terceiro, en particular o autor e neste caso aínda máis sorprendentemente, o editor. Implícito vai tamén que a tradución é unha actividade literaria e que quen traduce é un home...

Como veremos máis adiante, este tipo de discursos están lonxe de pertenceren só a debates de tipo xeral, senón que, moi pola contra, están inseridos na teoría da tradución tradicional, como demostra unha análise de calquera compendio sobre teoría da tradución (véxase Venuti: 2000; ou Pochhacker e Schleschinger: 2001). A mensaxe vai sempre no mesmo sentido: agochar que a tradución e a interpretación son actividades que tocan e deciden nas nosas vidas a cada paso. Non en van estamos falando dunha industria que move, segundo Linguaquote, 20 000 millóns de dólares, 16 000 en traducións e 4000 en interpretacións. E aínda máis importante, estamos a falar dunha actividade que determina dunha forma directa as nosas vidas.

Por moito que estas visións aínda existan, tanto no discurso xeral como especializado, están lonxe de seguir sendo aceptadas tras o traballo que, como potentes faros, levan

realizado os feminismos e as teorías poscoloniais para deitaren luz sobre a escuridade e, sobre todo, para tentaren responder a pregunta máis vital: por que é tan importante desde certas perspectivas perpetuar a idea de que a tradución debe ser invisible? E ao fío desta primeira pregunta, a seguinte: por que é tan fundamental que non o sexa?

Puntos de luz

Antes de poder erguer faros, o proceso de sacar a tradución da escuridade comezou con puntos de luz. Malia ser a tradución unha actividade moi antiga, as reflexións teóricas sobre ela aparecen en Occidente a mediados do século xx (véxase por exemplo Zybatow). Cómpre aclarar primeiramente que cando falo de teoría da tradución refírome a unha visión crítica do traballo que as profesionais adquiren ben por si mesmas mediante a práctica, ben co apoio dunha serie de textos que forman o acervo colectivo que se foi desenvolvendo a través dunha comunidade de coñecemento. O feito é que unha actividade como a tradución non pode realizarse sen unha «teoría», é dicir, sen un entendemento crítico implícito ou explícito do que se fai cando se traduce, porque iso é o primeiro que determina o que finalmente lemos ou escoitamos.

A teoría da tradución inicialmente reafirmou moitos dos puntos de escuridade que se manexaban antes da súa creación, pero pouco a pouco comezou a abrir portas a maneiras de pensar máis complexas, sobre todo na liña que apunta Susan Bassnet cando define que: «O propósito da teoría da tradución é, xa que logo, chegar a un entendemento dos procesos que se dan no acto de traducir e non, como se malentende a miúdo, ofrecer un conxunto de normas para conseguir a tradución perfecta»¹ (1991: 37). Cando a teoría comeza a observar os procesos e tenta comprender o que acontece no acto de tradución, daquela ten que superar unha serie de cuestións fundamentais que comezan a botar luz sobre o campo de estudo. Entre estas cuestións destacan aspectos como a construción do significado, as análises culturais, o estudo dos actos comunicativos e, sobre todo, as relacións de poder.

Mais se hai un punto de luz significativo en todo este desenvolvemento de faros potentes, ese é o que se deu ao redor do concepto de «ideoloxía», que provén tradicionalmente do marxismo e, como resume Sampedro, en xeral neste paradigma tivo dous usos fundamentais:

Nun sentido lato coexisten dous grandes usos ou acepcións do termo: un *uso descritivo*, neutro, euloxístico, o *topos eidon*, a visión valorativa do mundo e as súas formas de conciencia correlativas. E un *uso pexorativo*, se se quere a falsa conciencia, o

pensamento deformado, o *topos eidolon*, o conxunto de representación distorsionadas dunha realidade determinada. (Sampedro 1997: 20)

Non é o propósito deste artigo facer un percorrido histórico polo concepto da ideoloxía, pero sen dúbida o momento de transformación e de transferencia do marxismo ao pensamento social máis amplo veu marcado polo traballo de Louis Althusser, quen reflexionou de forma certamente complexa sobre a ideoloxía como aquilo que constitúe, segundo resume Eagleton, «un medio indispensable para a produción dos seres humanos» (1991: 148). A ideoloxía perfílase como o conxunto de valores que nos constitúe como persoas. Polo tanto, «o que semella acontecer fóra da ideoloxía [...], en realidade acontece nela» (Althusser 1997: 59).

A ideoloxía, porén, non é algo que só estea presente ao nivel individual, senón que ten moito que ver co poder e co colectivo, dado que todas as sociedades perpetúan ideoloxías dominantes que se caracterizan, e aquí volvemos novamente á escuridade, pola súa invisibilidade. En palabras do propio filósofo a ideoloxía dominante revístese dunha obviedade: «que non podemos *evitar recoñecer* e ante a cal reaccionamos de xeito inevitable e natural berrando en alto (en alto ou na «vociña da conciencia»): Iso é obvio! Iso é correcto! Iso é verdade.» (Althusser 1971: 161)

Esta definición da ideoloxía como posición inherente ao ser humano e, por outra banda, a de ideoloxía dominante como aquela que socialmente se constrúe como invisible e aceptable foi complementada polo pensamento de Michel Foucault e as súas reflexións sobre o poder e o discurso e as teorías de Gramsci e a hexemonía. Foucault fixo especial fincapé precisamente nos mecanismos invisibles polos cales o poder se vai afianzando na sociedade, de maneira que: «O que fai que o poder se perpetúe, o que fai que se acepte, é o mero feito de que non se impón sobre as persoas como unha forza que di non, senón que atravesa e produce cousas, induce pracer, formas de coñecemento, produce discurso.» (1984: 61). Pola súa banda, «Gramsci adoita utilizar a palabra hexemonía para referirse ás formas en que os poderes dominantes buscan o consentimento ao seu dominio por parte das persoas ás que dominan» (Eagleton 1991: 112).

De todo isto derívase que a ideoloxía dominante se constrúe non só polo coercitivo senón sobre todo polo acordado socialmente, polas prácticas de todo tipo, pola creación dunha «normalidade» a partir da cal se pode producir unha «desviación». A tradución, como actividade humana que é, non é excepción a todo isto. Cómpre sinalar

¹ Todas as traducións de citas do presente artigo son da miña autoría.

novamente que a teoría da tradución non foi allea ao uso negativo da ideoloxía. Como indican Basil Hatim e Ian Mason, «no mundo occidental fíxose aceptable [...] falar de ideoloxías en termos de desviación dunha norma establecida» (1997: 144). A ideoloxía entendeuse, tradicionalmente, como algo pernicioso que debe deixarse de lado á hora de traducir ou interpretar. Un exemplo canónico onde os haxa serían as palabras de Eugene Nida, «pai» da teoría da tradución tradicional (occidental e androcéntrica), na súa definición da teoría da tradución como «o establecemento de técnicas para pasar dun conxunto de estruturas superficiais a outro **coa menor interferencia ou distorsión posible**» (1969: 483-84, énfase en letra negra engadida).

Mais se a ideoloxía é «un sistema de conceptos e imaxes que son unha forma de ser e de aprender as cousas, e de interpretar o que se ve ou oe ou le» (Trew 1979: 95), daquela toda tradución funciona desde a ideoloxía de quen traduce e dialoga coas ideoloxías dominantes ou non hexemónicas dun xeito ou doutro. A análise da ideoloxía implica deitar luz sobre unha cuestión en particular que, como ben amosaba a cita de Freire con que abro este artigo, segue a ser o piar das reflexións e a base de traballo para moitas tradutoras: a invisibilidade da tradutora e dos procesos de tradución. Só desde a invisibilidade, desde a escuridade máis absoluta, a tradutora pode perpetuar as ideoloxías dominantes e facerse parte delas. É máis, a tradutora é interpelada, como diría Althusser, a adoptar esta posición por textos como o de Freire ou moitas outras declaracións que aparecen nos debates sobre tradución, especializados ou xerais. Todas estas afirmacións e textos contribúen á construción dun discurso, no sentido de Foucault, sobre a tradución, en que a tradutora aprende a minimizarse, a ser «transparente», «invisible», fiel e neutral e, por tanto, cae rendida á construción da hexemonía, tal e como dicía Gramsci.

A construción de tal discurso ten unha serie de consecuencias sobre a práctica e a través dela sobre as vidas das persoas respecto das cales cómpre reflexionar. Gustárame centrarme para visibilizar esta cuestión na interpretación, xa non só para reclamala tamén como visible, senón porque é unha práctica que acontece en situacións sempre delicadas, en situacións onde as relacións de poder son palpables e onde as intérpretes se ven moitas veces atrapadas por este discurso que lles impide exercer con responsabilidade ética o seu traballo. Vexamos en que posición esta ideoloxía dominante da «imparcialidade» pon as intérpretes nun caso de especial relevancia e extremo nas súas circunstancias: os xuízos de Nuremberg.

Aínda que os xuízos de Nuremberg recibiron especial atención na investigación sobre interpretación ao tratarse do nacemento da interpretación simultánea, como ben recolle a bibliografía incluída en Behr e Corpataux (2006), o enfoque adoitou centrarse nos

aspectos de innovación técnica, na relevancia dos feitos no plano histórico ou no relato máis biográfico que doutro tipo dalgúns intérpretes.² No medio de todos estes relatos aparece sempre a peculiaridade de que moitas das persoas que interpretaron no xuízo adquiriran as súas capacidades lingüísticas como consecuencia da persecución e o exilio padecido durante o nazismo. Moitas destas persoas sufriran en primeira persoa a tortura ou perderan as súas familias durante o xenocidio. Moitas delas eran de orixe xudía.

Non é obxecto desta análise afondar nas condicións en que foron recrutadas as intérpretes para este complexísimo experimento que marcaría a historia,³ pero si na percepción dos conceptos de «imparcialidade» incluso nunha situación humanamente tan grave como a dunha vítima que ten que poñer voz ao seu torturador. Por desgraza, as análises que debemos facer deste caso céntranse máis nas ausencias que nas presenzas, é dicir, non existen entrevistas (as que existen non se centran nestes aspectos, como demostra Kurz 1985) nin material que nos permita saber ata que punto as intérpretes puideron facer fronte a estas situacións como non sexa por medio de fontes secundarias. Aínda así, resultan interesantes para comprobar como mesmo nestas circunstancias se agardaba das intérpretes a súa «imparcialidade». Así o confirma Francesca Gaiba cando afirma que: [cando se falaba dos campos de concentración] «ás e aos intérpretes esixíáselles [quen?] agochar ou superar o resentimento que sentían cara aos acusados» (Gaiba 1999: 80). Podemos considerar que tal solicitude, á parte de inhumana, resultase imposible, como constatan Martina Behr e Maïke Corpataux: «Porén, aos intérpretes [sic] non sempre lles era posible controlar os seus sentimentos e acontecía que ante certos contidos se amosaban impotentes» (2006: 39). Comprobamos, pois, que a expectativa da neutralidade non é só imposible senón irreal, mais aínda así segue manténdose no discurso que analiza o traballo das profesionais. Os exemplos concretos no rendemento (produto) das intérpretes son realmente moi contados, tamén considerando que a análise de interpretacións resulta complexa. No caso dos xuízos de Nuremberg as cintas coas interpretacións foron destruídas, non así as transcricións, que en calquera caso eran sempre corrixidas, aínda que unha análise deste tipo resultaría complexa dado que habería que analizar as impresións das participantes que, sen dúbida, despois de tanto tempo terían difícil realizar unha autorreflexión sobre as súas escollas inconscientes. Aínda así, perduran algúns exemplos a modo de anécdotas, como a que recolle Gaiba sobre a/o intérprete

² O masculino é intencional dado que estes relatos se centran sobre todo en homes, se ben había moitas intérpretes traballando nos xuízos, igual que na actualidade é esta unha profesión altamente feminizada.

³ Véxase Behr e Corpataux (2006) para máis información sobre estes e outros aspectos do proceso.

que interpretou «auf die Juden pissen» (lit. *Mexar polos xudeus* e fig. *Que lles desen polo cu aos xudeus*) como «You just had to ignore the Jews» (*Simplemente había que ignorar aos xudeus*). Sen dúbida os insultos ao propio colectivo a que pertence a intérprete (sexa por xénero, etnia, relixión, lingua ou calquera outro aspecto) provocan nas intérpretes reaccións claras e na maioría dos casos inconscientes. Unha delas é a decisión de «atenuar» o insulto, aínda que por veces, a reacción pode ser a contraria para deixar en evidencia un/ha orador/a sexista ou racista e provocar se cadra así un debate sobre as súas afirmacións. En calquera caso, o interesante deste exemplo é que mesmo nunhas condicións extremas e en absoluto excepcionais (pensemos na interpretación en guerras e zonas de conflito) o mito da imparcialidade paira para diminuír a capacidade de acción das intérpretes e para privalas do seu papel político fundamental nos procesos.

Outro exemplo que vai na mesma liña preséntao Esperanza Bielsa (2009) cando relata a controversia suscitada no Estado español a raíz dos xuízos do 11-M, en que problemas coa interpretación de Rabei Osman el Sayed, un dos principais imputados polos atentados, levaron a que fose posto en liberdade. O servizo de interpretación da policía italiana defendía que El Sayed planificara o ataque, mentres que as intérpretes independentes contratadas en España negaban oír tal afirmación na súa declaración. Durante esta controversia, tratada como un conflito lingüístico, a ninguén se lle ocorreu investigar ata que punto o feito de as intérpretes de Italia traballaren na policía influíu na súa interpretación do dito por Sayed (Ekaizer 2007: 33).

Os estudos sobre a interpretación nos Estados Unidos despois do 11 de setembro revelan as implicacións aterradoras de como «nocións estéticas de fidelidade, falla dela e traizón se alían en accións de represalia política obxectivada» (Apter 2009: 204). Tras analizar diversos casos en que intérpretes padeceron consecuencias de cárcere, asasinato ou despedimento por mor do seu traballo, Emily Apter establece un vínculo claro: «a tan citada expresión ‘traduttore, tradittore’, é especialmente relevante neste acaso á hora de sinalar por que a tradutora se converte nun obxectivo fácil de criminalización» (Apter 2009: 198). As implicacións destes conceptos teóricos adquiren unha dimensión arrepiente ao ver como fomentan un discurso que lexitima a concepción de intérpretes e tradutoras canto elementos sempre sospeitosos en situación de conflito. Por outra banda, o seu estudo amosa tamén como a falta dunha análise ética, ideolóxica e de responsabilidade das tradutoras cara ao mundo leva a que a súa participación sexa tamén fundamental en procesos de tortura e explotación. A ATA (American Translators Association) ficou paralizada precisamente presa deste marco teórico da «neutralidade» ao comprobar as súas consecuencias, que permitiron a participación de intérpretes nas torturas de Abu Ghraib.

Este caso resulta interesante porque, como explica Moira Inghilleri (2009), as intérpretes eran na maioría dos casos soldadas e o feito de a quen debían a súa fidelidade pon de manifesto a capacidade de acción do suxeito que media e a súa submisión (ou insubmisión, mais por desgraza non foi este o caso) aos valores da institución para a cal traballa. Se unha se rexe polas normas da neutralidade e da fidelidade, os comportamentos das intérpretes de Abu Ghraib non son reprochables, de feito fixeron o seu traballo con grande eficiencia e mesmo lle indicaron a un preso, como relata Emily Apter, que finxise masturbarse diante da soldada England porque se non habían bater nel aínda máis (2009: 199). Un enfoque político da tradución diríanos por forza outras cousas e sería capaz de indicar, como fai Apter, as liñas directrices de acción que as asociacións poderían tomar, tales como esixir: «unha política oficial que protexa as tradutoras de seren recrutadas como intermediarias no tratamento cruel e inhumano de persoas presas [...] un dereito legal a se negaren a traducir en circunstancias que violen os dereitos humanos e a Convención de Xenebra sobre o tratamento das persoas presas» (2009: 200). Estes casos extremos e outros non tan evidentes amosan as moitas eivas dos enfoques que utilizan a neutralidade e a fidelidade para perpetuar o poder. Precisamente as situacións de conflito sacan á luz estas cuestións con toda a súa forza porque, como indica Inghilleri: «Nestas condicións, o posicionamento da tradutora no marco das normas dun campo social ou institucional [...] poden, polo menos de xeito momentáneo, facerse conscientes de forma reflexiva» (2009: 210). A miña argumentación é precisamente que non cómpre chegar á situación extrema de interpretar durante un conflito bélico para facerse conscientes de xeito reflexivo sobre as normas das institucións sociais.

Se algo queda claro despois desta breve análise é que ninguén pode moverse xa na escuridade e que acusar unha práctica tradutiva como «ideolóxica» o único que agocha no fondo é que quen acusa apoia a ideoloxía dominante, que é a única que pretende ser invisible. O entendemento da tradución como un espazo de poder levou á realización de estudos que desenmascarasen as intervencións que se presentan como «non intervencións», como a «normalidade», das que hai centos de exemplos, desde asumir que é normal traducir neutros como masculinos de linguas sen xénero gramatical a aquelas que o teñen ou, por poñer un caso que entronca coa teoría poscolonial, traducir o Tratado de Waitangi de tal xeito que a comunidade maorí pensou que estaba chegando a un acordo comercial cando en realidade estaba cedendo a súa soberanía ao imperio británico.⁴ En calquera caso, todos estes exemplos responden con elocuen-

⁴ Sabine Fenton e Paul Moon (2002) explican este caso á perfección cando indican que Williams, o tradutor, como misioneiro que era, cría que os intereses da comunidade maorí estarían mellor cubertos

cia á pregunta de por que se insiste tanto na invisibilidade, neutralidade e obxectividade: porque é a única maneira de perpetuar o poder, ao final da cal están todos estes suxeitos dos que acabo de falar. Tal e como reflexiona Baker:

Ser «neutral» é, por suposto, unha ilusión da teoría: de feito, dado que é imposible ser neutral e debido á natureza das relacións de poder, unha debería preguntar *contra* quen se agarda que sexa neutral a tradutora ou intérprete cando é adoutrinada na narrativa da neutralidade (Baker 2009: 223)

Só unha vez que abandonemos tales expectativas poderemos realizar un traballo verdadeiramente profesional en que sexamos conscientes das nosas afiliacións e poidamos analizar os nosos obxectivos comunicativos en situacións concretas. As intérpretes somos, ante todo, seres humanos e polo tanto non ficamos alleas ao que nos rodea, moito menos en situacións de necesidade extrema ou conflito.

Faros que alumean

Mais os faros sen dúbida fundamentais para unha visión crítica do mundo teñen nome propio e concreto e numerosos emprazamentos. Chámanse *feminismos e teorías poscoloniais*. Por suposto, resulta de todo punto imposible realizar un resumo do que son as teorías feministas e poscoloniais en xeral para vermos a súa aplicación na tradución, polo que simplemente sinalarei que ambas son posturas filosóficas críticas e complexas que analizan as relacións de poder e a desigualdade. Os feminismos céntranse máis no eixo da construción social da desigualdade entre homes e mulleres e entre as propias mulleres (o patriarcado), mentres que os poscolonialismos analizan a construción do poder entre pobos e culturas, cunha especial atención ao imaxinario (o imperialismo ou colonización).

Nesa análise global das relacións de poder, ambas as correntes alumean como potentes faros desde a superficie ás foxas abisais das construcións de culturas e sociedades. Deste traballo, como é xa evidente, non podía quedar excluída a tradución. Do traballo dos feminismos e poscolonialismo derívase unha crítica radical (no sentido de ir á

baixo a coroa británica. En ningún momento el considerou a súa intervención «ideolóxica», se non só «lóxica» (da lóxica imperial e patriarcal). Este caso é realmente significativo porque segue a ser fonte de disputas sobre dereitos. Véxase <http://www.howtolaw.co.nz/understand-the-treaty-of-waitangi-xidp392219.html> e tamén <http://www.hrc.co.nz/human-rights-and-the-treaty-of-waitangi>

cerna) de como a tradución se converte nun mecanismo máis de perpetuación ou de subversión do poder patriarcal e imperialista. Presentarei o seu complexo traballo desde dous puntos de vista: a crítica epistemolóxica e as consecuencias na práctica, que son dous aspectos que non se poden desvincular porque para os feminismos e a teoría poscolonial toda teoría é en si unha práctica e toda práctica leva implícita unha teoría.

De forma global, tanto os feminismos como os estudos poscoloniais tentaron poñer de manifesto a parcialidade do marco supostamente xeral e as súas alianzas co patriarcado e co imperio, e as contradicións que estas alianzas implican, así como as formas en que pretenden facerse invisibles. Manifestaron, así, que a teoría da tradución é androcéntrica e eurocéntrica ao analizaren, por exemplo, o feito de que a teoría da tradución que se considera «canónica» provén de linguas hexemónicas con especial relevancia do inglés. Os estudos que se fan adoitan centrarse en pares de linguas hexemónicas e rara vez nas interrelacións entre pobos e culturas non hexemónicas. Igualmente, os estudos feministas e poscoloniais da tradución visibilizaron a eiva de centrar os traballos teóricos no campo da literatura dunha forma moi prominente ou a focalización na lingua escrita fronte á oral, algo que en si mesmo xa parte dunha concepción occidental das cousas en que o escrito é o que ten o valor simbólico. Tamén os valores patriarcais e imperialistas se poden detectar na forma en que a teoría da tradución tentou construírse como «ciencia», caendo en marcos sobexamente superados no mundo científico actual canto a maneiras de crear coñecemento. Desde este punto de vista, conceptos como «fidelidade» toman unha dimensión moi diferente, dado que os estudos poscoloniais demostraron como esta idea se deriva da tradución da Biblia, un texto fundacional da cultura occidental pero non necesariamente doutras, e que noutras culturas tales concepcións resultan simplemente inútiles e non transitadas (un caso senlleiro é o da India onde as traducións foron dende a Antigüidade concibidas como reescrituras sen teren vinculación cunha autoridade «autorial»).

Un aspecto de interese ten que ver coa análise que tanto as teorías feministas como poscoloniais da tradución fixeron sobre as metáforas que se utilizan para falar da propia tradución e os mundos de poder que se describen a través delas. Maria Tymoczko é unha das teóricas que máis ten criticado a conceptualización occidental da tradución e as metáforas que a representan, como por exemplo a de ser «ponte entre culturas» dado que considera que esta forma de falar:

suxire que a tradutora é neutral, que está por enriba da historia e da ideoloxía; a tradutora pode mesmo verse como unha figura alienada neste constructo, unha alienación que moitas veces se fai pasar pola «obxectividade» da profesional [...]. Así, a metáfora da transferencia implícita na conceptualización occidental da tradución vai en contra da

autorreflexividade e o empoderamento das tradutoras, e promove unha sorte de amnesia sobre a ideoloxía nos procesos de tradución que facilita que a supremacía dos valores dos poderes dominantes pase sen ser examinada á cultura e ao mundo globalizado. (2007: 7)

As metáforas son tamén un aspecto que teóricas feministas levan investigando longo tempo en relación coa tradución. O estudo de Lori Chamberlain (1997), que xa é un texto de referencia neste sentido, analiza como as tradutoras se conceptualizan como «criadas» dos autores, cunha división de xéneros claramente marcada por liñas de poder. Mesmo en casos onde se constata que traducen, no literario, máis homes que mulleres, tal é o caso de Galicia (véxase Baxter 2010), novamente a análise pon de manifesto que é, como indica Baxter, unha cuestión de poder. Isto é algo no que tamén cadran algunhas críticas poscoloniais en que se ve que quen traduce pode ter un status superior á autora ou autor por cuestións de poder. Así, a insistencia en recorrer «ao autor» ou á «intención do autor» non sería máis que un xeito de perpetuar valores imperialistas e patriarcais que entran en contradición clara con ideas xa moi asentadas na teoría da literatura desde a morte do autor de Roland Barthes, xa non digamos co feito de que esta idea só ten valor para os textos literarios, onde hai unha autoridade. Basear a investigación en tradución en tales conceptos resulta totalmente absurdo cando falamos do groso de traballos que se fan no campo da tradución e que implican textos sen autoría explícita (pensem en toda a documentación da Unión Europea, textos lexislativos, médicos, comerciais etc.).

Seguindo esta liña de traballo, as teorías feministas e poscoloniais forneceron importantes estudos sobre a complicidade entre a tradución e o patriarcado e imperio. Citarei só algúns exemplos para ilustrar este punto. Primeiramente resulta inevitable recorrer ao estudo de Adnan 1999 con respecto á tradución das *Rubbayat* de Omar Sharif por Fitzgerald, en que unha concepción cultural concreta, unha visión do mundo –a árabe– se presenta como baixa e non digna para a gran cultura imperial británica. Fitzgerald, tal e como recollen paratextos sobre o seu traballo como tradutor, consideraba o texto «inferior» e víase como o encargado de «enxalzalo» para que fose unha obra digna. A intervención cómplice co imperio do tradutor é clara. Resulta curioso que aínda a día de hoxe as *Rubbayat* siga considerándose un texto canónico dentro da literatura «británica».

En liña con este traballo está tamén o de Mahasweta Sengupta, quen analiza, entre outras cousas, a interacción da tradución coa formación da imaxe orientalista da India. O seu traballo céntrase na escolla de textos, que caracteriza como un esforzo consciente «de recuperar unha ‘idade dourada’ do pasado indio que existía antes do

período medieval e da chegada dos gobernantes islámicos ao subcontinente» (1995: 160). Esta mesma autora céntrase no traballo da tradución do *Gitagovinda* e da forma en que, en liña con moitas outras traducións da época colonial, foi adaptado para «encaixar nunha ‘imaxe’ aceptable ao gusto europeo» (1995: 161) ata o punto en que un poema erótico se converte nunha oración devocional mística. O interesante deste caso é que o tradutor, Jones, afirmaba non ter engadido «nin unha imaxe ou idea» (1995: 161), o cal reforza a tese de que as ideoloxías dominantes procuran custe o que custar facerse pasar por invisibles.

Desde o contexto africano chegan tamén análises deste tipo, como a realizada por Stanley Ridge sobre as negociacións que se deron en Sudáfrica durante o xuízo do xefe Langalibalele (2009: 195-202) ou a análise de Paul Bandia das traducións de literatura oral como parte da colonización (2000: 353-362).

Mais o marco feminista e poscolonial axuda a analizar moitas outras instancias de perpetuación e subversión do poder fóra do eido literario. Mazid (2007) fala, por exemplo, da tradución ao árabe do informe do Banco Mundial titulado *Gendering Development*, en que o tradutor Hisham Abdalla cambia os neutros a masculinos, co cal a propia tradución «non ten en absoluto enfoque de xénero. Todas as actúantes e axentes e suxeitos do orixinal, a maioría, ou polo menos moitas, das cales son mulleres, son traducidas a equivalentes en masculino en árabe» (Mazid 2007: 72). Como conclúe Mazid: «Unha situación en que as nosas ideoloxías se volven manifestas é cando hai que traducir o xénero, sobre todo entre linguas que teñen atribucións de xénero gramatical diferentes» (Mazid 2007: 71).

Porén, o interesante destas análises é que non fican en meras miraxes do pasado, senón que nos ensinan os xeitos en que o patriarcado e o imperio seguen a reproducirse, a apropiarse das voces alleas no presente. Aínda así, se cadra o máis importante destes traballos é que abriron portas para o desenvolvemento de novas estratexias que foron tamén obxecto de reflexión e estudo teórico nun círculo virtuoso exemplar. No caso dos feminismos adoita falarse das estratexias desenvolvidas polas feministas canadenses, afeitas a se traduciren entre o inglés e o francés. Porén, é máis axeitado falarmos de estratexias xerais de intervención que se foron adaptando e desenvolvendo en diferentes contextos. Algúns enfoques prácticos foron analizados máis polo miúdo, como por exemplo os textos que Luise von Flotow denomina textos «ofensivos desde o punto de vista político» (1997: 45) e para os cales afirma que non existe unha única estratexia para a súa tradución. Cada tradutora vai desenvolvendo as súas propias estratexias dependendo do tipo de manifestación patriarcal con que se atope. A linguaxe sexista é unha desas manifestacións e tampouco neste caso existe unha reacción

dogmatizada, senón máis ben unha concepción aberta ao uso e percepcións das feministas. Cada lingua ofrece tamén unhas posibilidades de creatividade diferentes e é aí onde as tradutoras aplican estratexias para non seguir o ditado dos masculinos «xenéricos» e outras estratexias de tradución sexistas sancionadas socialmente. Desde a linguaxe inclusiva, a alternancia de femininos e masculinos, ao feminino xenérico, as diferentes intervencións son obvias e manifestas nos textos e veñen evidenciar o novo poder das tradutoras feministas na súa interpretación aberta dos textos.

Destacan neste campo de estratexias subversivas aquelas desenvolvidas por Gayatri C. Spivak para traducir a Mahasweta Devi, onde a intersección lingua non hexemónica/patriarcado/imperio/caste se pon de sumo manifesto e se converte nun vizoso lugar de reflexión sobre a posición da tradutora poscolonial e feminista.

Este tipo de prácticas subversivas, é dicir, de prácticas que traballan de forma consciente contra os discursos hexemónicos que buscan facerse pasar por invisibles, son fundamentais para o establecemento de alianzas entre proxectos de transformación porque, como ben indica Spivak: «Existen incontables linguas en que as mulleres de todo o mundo crecen e se fan mulleres ou feministas» (1992:190). Sen esa comunicación entre proxectos que teña en conta a posición de cadaquén resulta imposible rachar coa explotación que provocan os discursos hexemónicos.

Faros que nos iluminan

A luz que os feminismos e as teorías poscoloniais deitaron sobre a tradución ten moito que dicir tamén sobre o que acontece no campo da tradución en Galicia, tanto desde un punto de vista teórico como práctico. Sen dúbida, a todo o discurso tradicional sobre a tradución que mencionei anteriormente en Galicia cómpre engadirlle dous aspectos máis de vital importancia: a tradución como ferramenta para a «normalización» e para a «construción nacional». Cómpre analizar estes dous discursos baixo o potente foco dos nosos faros.

O discurso da normalización defende a tradución como unha ferramenta para «anovar» e «anosar»⁵ a lingua, a cultura e, en particular, o sistema literario. Mais, pensando

⁵ Esta cita de Álvaro Cunqueiro converteuse en frase tipo e mesmo chegou a denominar os volumes publicados por Alberto Álvarez Lugrís e Anxo Fernández Ocampo (1999), coas actas do congreso do mesmo nome que tivo lugar na Universidade de Vigo en 1998.

desde o marco feminista e poscolonial, que tipo de anovamento e anosamento se promove? Para promover os valores de quen? No nome da normalización en Galicia resultan aceptables estratexias que «anosan» textos e mesmo experiencias sen reparar en que malia pertencermos a unha comunidade non hexemónica, no noso interior tamén hai centros e periferias, desde a hexemonía hetero-patriarcal á apropiación de imaxes ou experiencias de pobos aos que como cidadás occidentais oprimimos. Unha característica clave de «anosar» e «normalizar» entendido desta maneira é, a meu entender, a eliminación do que fai diferente, o subsumir a outra en nós, algo que pode levar a borrar a responsabilidade que como cidadás do Norte temos cara a outros pobos ou cara a grupos dentro do noso propio. En estreita relación con isto está o papel que as tradutoras aprendemos a desenvolver como normalizadoras e cómpre preguntarse se a asunción dese papel non leva implícita unha renuncia ao exercicio crítico e consciente do noso traballo. A tradutora é interpelada por estes discursos a ser normal, fiel e invisible, aínda máis porque iso permite que a normalización e a nación poidan seguir estando dirixidas por unha ideoloxía patriarcal e en moitos casos encubertamente colonizadora.

O discurso da normalización, ademais, ten tamén moito que ver cun enfoque que denominarei, a falla de mellor palabra, «filolóxico» da tradución. Refirome con isto a que en Galicia é o máis habitual valorar unha tradución literaria polo uso enxebre, florido ou como mínimo «correcto» da lingua, o cal evita reflexionar sobre feitos da propia escrita literaria e, aínda máis relevante, sobre os enfoques que se lles dan ás traducións. O que quero dicir con isto é que algunhas tradutoras, en aras desta idea da normalización, acaban facendo que calquera libro, mesmo algúns protagonizados e narrados por personaxes con idiolectos fanados, coloquiais ou alleantes, acaben falando como Otero Pedrayo en *Arredor de si*.

Aínda máis relevante resulta a cuestión da construción nacional, xa que é abondo evidente que en Galicia esta se centra tradicionalmente na lingua e, en particular, no literario como cerna do proxecto identitario colectivo. Ocorre, por tanto, que, ao igual que en moitas outras linguas non hexemónicas, o concepto de «fidelidade» de tradutoras e tradutores é aínda máis complexo, pois está vinculado a un proxecto nacional que, como ben criticamos as feministas galegas, nace dunha fonte fondamente patriarcal. Se queremos tomar o literario como mostra, e tendo en conta a importancia que a literatura ten para a construción nacional galega, os estudos de Noia Campos (1995), González Millán (1995) ou en exemplos concretos Vieites (2003) ou López Silva (2003) parecen deixar pouco lugar a dúbida. No caso da literatura, semella un auténtico paradoxo que en Galicia precisamente se busque recorrentemente un canon de «literatura universal», auténtica teima que aparece de forma recorrente en calquera

debate sobre tradución, como a necesidade imperiosa de dispoñermos na nosa lingua dunha serie de textos que deberían considerarse básicos para podermos acceder ao acervo de coñecemento colectivo da humanidade. Resulta un paradoxo porque os construtores da nación enumeran esa listaxe de libros escritos case exclusivamente por autores de linguas hexemónicas por unha boca e pola outra láianse seguido de que a literatura galega non é traducida nin considerada noutros lugares. Se nós mesmas, falantes de linguas non hexemónicas, non somos quen de cambiar o discurso do canon patriarcal e imperialista non podemos lícitamente agardar que o fagan noutros lugares. Se nós non consideramos a literatura en galés, en támil, en iouruba ou en guaraní como parte da literatura universal non debería sorprendernos que noutros lugares non consideren a literatura galega como tal. Incluso en empresas editoriais que pretenden achegar a Galicia a mellor literatura do mundo non inclúen no seu catálogo máis que a anecdótica autora e seguen traballando con linguas occidentais ou imperiais fóra de occidente. Estas ideas poderían resumirse nunha variación do manido dito: non podemos mexar por enriba doutras culturas e dicir que é porque nos chove a nós.

Finalmente, nesta construción nacional destaca tamén como o labor de tradución literaria, que é o prestixiado socialmente, como xa comentou Baxter (2010), o exercen os homes, mentres que as tradutoras, moitas máis en número e sen dúbida moitas máis nas listaxes de traballadoras autónomas, traducen maioritariamente os textos sen prestixio nin visibilidade social. A asociación da tradución coa normalización e coa construción nacional leva tamén a outro problema máis engadido, que é a escuridade sobre as formas de tradución e interpretación non literarias que, a meu entender, teñen un valor fundamental de normalizar no sentido de introducir a lingua en usos e espazos diversos fronte a normalizar como «anosar» e eliminar, con sanción da autoridade, a diversidade.

Mais fronte a este panorama cómpre sinalar tamén Galicia como un lugar de prácticas tradutivas resistentes ou subversivas. Por unha banda, o traballo en investigación sobre teoría da tradución feminista e poscolonial que se desenvolve desde as miñas primeiras investigacións no ano 1997 e que logo foron ampliando outras compañeiras e compañeiros como Olga Castro, Neal Baxter ou Iria González Liaño desde diversos enfoques fan que Galicia se sitúe nun lugar privilexiado para intervir no campo máis amplo da teoría da tradución «internacional». Igualmente resulta significativa a posición que as tradutoras podemos ocupar nun sistema cultural como o galego e que permite, para volver ao campo literario, a publicación de obras que serían impensables noutras culturas hexemónicas e o establecemento de proxectos de colaboración entre subalternidades de diversos lugares do mundo. Aínda así, as posturas e

intervencións feministas e poscoloniais explícitas na tradución adoitan ser escasas e silandeiras, exceptuando se cadra a miña propia práctica. Así, aínda que debo admitir que tanto no meu traballo con Edicións Xerais como con Edicións Positivas e a Editorial Galaxia sempre se me permitiu explicitar as miñas posturas de partida⁶ como algo positivo e de valor engadido á tradución mesma, a reticencia xeral na tradución literaria en Galicia a explicitar a postura desde a cal se producen as traducións non resulta de todo sorprendente, vista a estigmatización, ridiculización e violencias⁷ a que podemos vernos sometidas as tradutoras que declaramos e defendemos publicamente unha práctica ética da tradución que non perpetúe ou mesmo insira o sexismo onde non o había e que poida dar voz á outra sen fagocitala. No caso de Galicia estes aspectos son aínda moito máis relevantes porque é a tradución feminista e poscolonial a que posibilita as alianzas entre ceos, terras, mares nun contexto onde a diversidade está en permanente perigo de extinción. A tradución é unha actividade fundamental para o desenvolvemento de proxectos transnacionais que visibilicen as relacións entre patriarcado, capitalismo e neocolonización.

O mundo iluminado

Á luz de todos os refachos e faros semella quedar máis claro que nunca que non hai acto máis político que a tradución. O interese en manter a idea de invisibilidade reside en desactivar o potencial subversivo das tradutoras e en facer invisibles tamén os fíos con que se constrúen o patriarcado e os imperios.

Unha práctica ética da tradución e interpretación implica pensar no poder e na nosa posición, e actuar en consecuencia como persoas que somos e, sobre todo, coa responsabilidade que a nosa posición de mediadoras nos outorga. Porque, creámolo ou non, diso dependen os dereitos de millóns de persoas, comezando polos nosos propios. Así, as tradutoras non podemos asumir coa cabeza abaixada a invisibilidade e logo laiármolos polas malas condicións laborais ou a mala remuneración que recibimos. Tampouco podemos utilizar xa máis o «autor» como escusa para as nosas complicidades, pois se entregamos a nosa capacidade de decisión a este (ou ao editor como se dicía na cita de Freire, aínda de xeito máis aberrante), malamente poderemos logo entender que a lei de propiedade intelectual recoñeza só unha autora de cada

⁶ Véxanse as miñas introducións de *Despois da medianoite* ou *Teatriños*.

⁷ Véxase <http://www.galicia21journal.org/A/pdf/galicia21_6_reimondez.pdf>

tradución: a tradutora mesma. Unha análise a luces acesas déixanos ver que o criterio de profesionalidade máis importante que debemos e que se nos debe esixir ás tradutoras e intérpretes é unha explicitación da nosa postura ante os textos ou eventos comunicativos en que participamos. Tamén como un sector altamente feminizado, o noso traballo ten impacto nos nosos dereitos como mulleres, na contribución á nosa invisibilidade ou no tender a man en proxectos de colaboración, xa non só literaria, senón tamén social e cidadá, con outras compañeiras doutros recantos do mundo. Igualmente como falantes de linguas non hexemónicas, o noso papel é fundamental á hora de rachar coa lóxica hexemónica das construcións do canon, e de defender o vínculo entre lingua e dereitos humanos porque as persoas que non teñen voz non son consideradas por quen ten o poder e así é que nada pasa se as multinacionais arrasan os bosques onde vivimos, abren minas a ceo aberto ou contaminan os nosos ríos. Iso é o que acontece cando non se ten voz. E ter voz pasa ineludiblemente, para as falantes de linguas non hexemónicas, pola tradución.

Por todo iso botar luz sobre a tradución vai moito máis alá dunha mera cuestión teórica dun campo de traballo concreto. Aféctanos a todas dunha forma radical. Por todo iso só se as tradutoras nos facemos conscientes do noso papel poderemos ter algunha posibilidade de cambiar o mundo que habitamos. Porque como din Chesterman e Wagner: «Se só segues as normas, refórzalas aínda máis. Pero se te opós a elas e experimentas con alternativas [...] daquela podes influír no establecemento de novas normas» (Chesterman e Wagner 2002: 78). E como ben recorda Maria Tymoczko: «Falar dos microniveis de fidelidade textual e obriga inmedias con quen nos contrata» ten como consecuencia «borrar esferas máis amplas de responsabilidade cara a comunidades e cara ao mundo» (Tymoczko 2009: 186). Por todo iso é hora xa de non falarmos máis de tradución defendendo a escuridade.

Bibliografía

Abdulla, Adnan (1999): «Aspects of ideology in translating literature», *BABEL*, vol. 45, nº 1: 1-16.

Althusser, Louis (1997): «Ideology and the State (1969)», en Rice, P./Waugh P.: *Modern Literary Theory*: 53-61 (Londres/Nova York: Arnold).

Apter, Emily (2009): «Translation-9/11: Terrorism, Immigration, Language Politics», en Biesla, Esperanza/Hughes, Christopher W.: *Globalization, Political Violence and Translation*: 195-206 (Hampshire/Nova York: Palgrave MacMillan).

Bandia, Paul (2000): «Towards a history of translation in a (Post)-colonial context: An African perspective», en Chesterman, Andrew/Gallardo San Salvador, Natividad/Gambier, Yves: *Translation in Context*: 353-362 (Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins).

Bassnett, Susan (1991): *Translation Studies* (Londres: Routledge).

Baxter, Robert Neal (2010): «Tradución e androcentrismo: Quen traduce que(n) e como na Galiza» en Mosquera Carregal, X. M. (ed.): *Lingua e xénero*: 115-136. (A Coruña: Universidade da Coruña) http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_e_Xenero.pdf [Última consulta: 31 de xaneiro de 2013].

Behr, Martina/Corpataux, Maïke (2006): *Die Nürnberger Prozesse. Zur Bedeutung der Dolmetscher für die Prozesse und der Prozesse für die Dolmetscher* (Múnic: Martin Meidenbauer Verlagsbuchhandlung).

Biesla, Esperanza (2009): «Globalization, Political Violence and Translation: an Introduction», en Biesla, Esperanza/Hughes, Christopher W.: *Globalization, Political Violence and Translation*: 1-21 (Hampshire/Nova York: Palgrave MacMillan).

Chamberlain, Lori (1988): «Gender and the Metaphorics of Translation», *Signs* 13 (3): 454-472.

Chesterman, Andrew/Wagner, Emma (2002): *Can Theory Help Translators?* (Manchester/Northampton: St. Jerome Publishing).

Eagleton, Terry (1991): *Ideology: An Introduction* (Londres/Nova York: Verso).

Ekaizer, Ernesto (2007): «España vs Italia», *El País*, 5 de xuño.

Fenton, Sabine/Moon, Paul (2002): «The Translation of the Treaty of Waitangi. A Case of Disempowerment», en Tymoczko, Maria/Gentzler, Edwin: *Translation and Power*: 25-44 (Amherst/Boston: University of Massachusetts Press).

Foucault, Michel (1984): *The Foucault Reader* (Nova York: Pantheon Books).

Freire, Carlos (2010): «Traducir a Paul Auster. Sobre o traslado invisible de palabras», *Faro da Cultura*, 317, xoves 28 de xaneiro de 2010. Dispoñible en: <<http://www.editorialgalaxia.es/weblog/wp-content/uploads/2010/01/paul-auster.pdf>> [Última consulta: 31 de xaneiro de 2013]

von Flotow, Louise (1997): *Translation and Gender*. (Manchester: ST. Jerome Publishing/University of Ottawa Press).

Gaiba, Francesca (1999): «Interpretation at the Nüremberg Trial», *Interpreting*, vol 4 (1): 9-22.

González-Millán, Xoán (1995): «Cara a unha teoría da traducción para sistemas literarios ‘marxinais’. A situación galega», *Viceversa* 1: 63-72

Hatim, Basil/Mason, Ian (1997): *The Translator as Communicator* (Londres/Nova York: Routledge).

Kurz, Ingrid (1995): «Als Dolmetscher beim Nüremberger Prozess—Ein Gespräch mit Marie-Francoise Skuncke», *Mitteilungsblatt dess österreichischen Übersetzer-und Dolmetscherverbandes Universitas*: 2-7

López Silva, Inmaculada (2003): «Ramón de Valenzuela e o teatro: exilio escénico en Buenos Aires», *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 28-41

Mazid, Bahaa-Eddin M. (2007): *Politics of Translation. Power and Ideology, Culture and X-phemism in Translation between Arabic and English* (Múnic: Lincom).

Nida, Eugene (1969): «Science of Translation». *LANGUAGE*, vol. 45. n.º 3: 483-498.

Noia Campos, M.^a Camino (1995): «Historia da Traducción en Galicia no marco da cultura europea», *Viceversa*, 1: 13-62

Pochhaker, Franz/Schlesinger, Miriam (2011): *The Interpreting Studies Reader*. (Londres/Nova York: Routledge).

Ridge, Stanley G. M. (2009): «Translating against the grain. Negotiation of meaning in the colonial trial of chief Langanlibalele and its aftermath», en Wakabayashi, Judy/Kothari, Rita: *Decentering Translation Studies. India and beyond*: 195-212 (Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins).

Sampedro, Francisco (1997): *Ideoloxía e distorsión. Ensaio sobre o imaxinario ideolóxico* (Vigo: Xerais).

Sengupta, Mahasweta (1995): «Translation as Manipulation: The Power of Images and Images of Power», en Dingwaney, Anuradha/Maier, Carol: *Between Languages and Cultures. Translation and Cross-Cultural Texts*: 159-179 (Pittsburgh: University of Pittsburgh Press).

Spivak, Gayatri Chakravorty (1992): «The politics of translation», en Barret, Michèle / Phillips, Anne: *Destabilizing Theory. Contemporary Feminist Debates*: 177-200 (Stanford: Stanford University Press).

Trew, Tory (1979): «Theory and ideology at work», en Fowler, R. *et al*: *Language and Control*: 94-116 (Londres: Kegan & Paul).

Tymoczko, Maria (2007): *Enlarging Translation, Empowering Translators* (Manchester: St. Jerome Publishing).

Tymoczko, Maria (2009): «Translation, Ethics and Ideology in a Violent Globalizing World», en Biesla, Esperanza / Hughes, Christopher W.: *Globalization, Political Violence and Translation*: 171-194.

Venuti, Lawrence (1997): *The Translator's Invisibility* (Londres/Nova York: Routledge).

Venuti, Lawrence (2000): *The Translation Studies Reader* (Londres/Nova York: Routledge)

Vieites, Manuel F. (2003): «O *folc drama* en Galicia (II). A propósito do Movemento Dramático Angloirlandés e do Movemento Dramático Nacional: traducións e proxectos literarios na formulación dun teatro nacional», *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 72-85

Zybatow, Lew N. (2003): «Wie modern ist die 'moderne' Translationstheorie?», en Gerzymisch-Arbogast, Heidrun/Hajicová, Eva/Sgall, Petr/Jettmarová, Zuzana/Rothkegel, Anneli/Rothfuss-Bastian, Dorothee: *Textologie und Translation*: 343-360 (Tubinga: Gunter Narr Verlag).

A tradución do galego-portugués-galego a debate. O intercambio cultural, unha fonte de riqueza necesaria

ÁUREA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
Universidade de Vigo

1. Introducción

A necesidade ou non de traducir textos escritos en galego ou en portugués é un debate que xera opinións encontradas, polo que considerei necesario engadir un subtítulo á miña reflexión para despexar desde o comezo posibles dúbidas sobre o propio concepto e a función da tradución literaria para un sistema pequeno como é o sistema literario galego. Coñecer a cultura do outro e difundir a propia é unha das características fundamentais da tradución, e esta foi xa unha das principais preocupacións de grandes defensores da lingua e da cultura galegas como Francisco Fernández del Riego e Carlos Casares Mouriño cando a importación dunha obra estranxeira representaba para a cultura galega capital simbólico. Nos anos 1980 Fernández del Riego escribía: «As letras de Portugal e do Brasil son pouco coñecidas entre nós» (Fernández del Riego, 1984: 7); Del Riego facía esta reflexión non porque pensara que os lectores galegos naqueles anos dispoñían de menos competencias lingüísticas en portugués que os de hoxe, senón porque as obras traducidas procedentes da literatura portuguesa ou da literatura brasileira eran practicamente nulas. Non obstante, sabía que tanto o sistema literario galego –un sistema pequeno que demanda capital simbólico e que ademais necesita ser coñecido fóra– como o público lector en galego precisaban tanto esas traducións como as doutras culturas ou linguas, hexemónicas ou non.

Nos anos 1970 e 1980 os exemplos de traducións procedentes da literatura portuguesa eran moi escasos ou case inexistentes, pero mesmo antes de que se declarara lingua oficial en Galicia (Constitución española 1978 e Estatuto de autonomía 1981) os editores decatáronse de que as que se publicaban podían gozar dunha boa recepción. Só

era preciso contar cunha estratexia axeitada para lograr ese propósito. Un bo exemplo que ilustra o saber facer dalgún editor é a peza de teatro *A Barca do inferno* (1970) de Gil Vicente (1465?-1537) que publicou a editora Castrelos na famosa colección d'O moucho, como se sabe unha iniciativa que se levou a cabo grazas ao empeño persoal de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985). O proxecto naceu con «vocación popular, con literatura e obras en galego de divulgación» (Carballa) e, ademais, temos que destacar o gran mérito de distinguirse pola súa diversidade. Os seus 64 títulos –entre orixinais e algunha que outra tradución, pensados para un consumo de masas– foron un auténtico *boom* nos anos 60. Salientamos aquí o protagonismo do destinatario, é dicir para quen se escribe ou, no noso caso, para quen se traduce? En palabras de Victor Freixanes, O Moucho «procuraba exceder os ambientes cultos, intelectuais, en certo xeito elitistas, aos que se dirixira o libro en galego, e abrirse ao popular» (*El País*, 25 de abril de 2008). O resultado foi que as obras dirixidas ao pobo na lingua do pobo chegaron ás feiras, tabernas, ferraxarías e fogares galegos para seren lidas por un público xeral cada vez máis amplo e que se atopaba fóra do círculo académico; se os intelectuais poden ler sen maior dificultade en portugués, o lector infantil e xuvenil –ou o(a) lector(a) xeral– prefire a versión en galego estándar que é a lingua en que foi alfabetizado(a) ou na que se expresa habitualmente.

Segundo algúns expertos hai certas variables que inflúen positivamente na demanda dunha lingua e, por conseguinte, na importación da literatura desa lingua. Esas variables son: a proximidade xeográfica entre as dúas culturas, os lazos culturais e a permeabilidade ou intelixibilidade lingüística. En cambio, outros consideran que debido aos paralelismos históricos, culturais e lingüísticos entre Galicia e Portugal non é preciso pasar polo filtro da tradución ou, cando se fai, hai que apostar polo uso dun galego reintegracionista. Non podemos esquecer que estamos a falar do sistema literario galego, un sistema como dixemos pequeno ou minoritario polo que se nos dividimos e non defendemos un interese común que é a defensa dunha cultura propia e autónoma non chegaremos a unha fase de total normalización. Unha cultura pode enriquecerse grazas a outras culturas, mais non debe manterse submisas a ningunha. De feito o catálogo das obras importadas (e exportadas) ao sistema literario galego foise enriquecendo grazas a políticas de apoio á tradución como nos recorda Ana Luna Alonso:

Thanks to the institutional efforts in certain periods of our history and to local publishers who take risks and bet on contemporary translations, as well the international success of some of our authors, our catalogue has diversified in originals and translations throughout time and has occupied more spaces, even to the point of competing for the same audience (Galician and Spanish). Currently, and despite the limitations faced by

a small and minoritized language (2 800 000 inhabitants), we have access to foreign authors through translations into Galician rather than from any other language different from the original. Thus, we are opening paths for a new stage of lesser dependency on Spanish as a dominant language and even on English as a superdominant language. (Luna Alonso 2011: 227-228)

Para que este traballo non sexa froito dunha opinión persoal sobre o interese ou non da comunicación entre as comunidades culturais lusófonas que nos ocupan a través da tradución acudirei aos números, ás estatísticas e á demanda do lectorado. Así, unha lectura dos datos que nos ofrece BITRAGA¹ sobre as traducións desde o galego e cara ao galego resulta máis fiable e crible que calquera opinión persoal sobre a cuestión, porque revela a situación real do comportamento do libro traducido e dos lectores en termos cuantitativos e cualitativos.

2. Que debemos entender por tradución?

Moitas persoas aínda recorren á definición dun dicionario de carácter xeral para definir o acto de traducir. Así a Real Academia da Lingua Española na súa primeira acepción define o verbo *traducir* da forma seguinte:

(Del lat. *traducĕre*, hacer pasar de un lugar a otro).

1. tr Expresar en una lengua lo que está escrito o se ha expresado antes en otra.

Á súa vez, no dicionario da Real Academia Galega podemos ler:

v.t. 1. Expresar [algo dito ou escrito nun idioma determinado] noutro idioma distinto. *O intérprete traducía as palabras do delegado estranxeiro. Traduciu o 'Cancioneiro de Petrarca' ao galego.* ABS. *É difícil de traducir.*

Estas definicións amosan que fóra do ámbito profesional aínda se segue a descoñecer o que se entende por tradución e sobre todo por tradución literaria. Paga a pena, polo tanto, detérmolos nunha definición máis axeitada desta actividade e do que representa, porque a tradución non é unha mera transferencia lingüística senón que hai que comprendela desde unha tripla perspectiva. Amparo Hurtado considera que a tradución

¹ <http://www.bibliotraducion.uvigo.es/>

debe definirse «como un proceso interpretativo y comunicativo consistente en la reformulación de un texto con los medios de otra lengua que se desarrolla en un contexto social y con una finalidad determinada» (2001: 41). Da definición de Hurtado despréndense tres características fundamentais da tradución:

a) A tradución é un feito textual, porque traducimos sempre textos e non unidades descontextualizadas. Dado que se trata dunha operación entre textos e non entre linguas, cómpre analizar todos os mecanismos de actualización textual e non só as súas relacións internas² senón tamén as súas relacións cos factores condicionantes externos: coordenadas espaciais e temporais, a importancia do receptor, da encomenda e da finalidade da tradución.

b) A tradución é un proceso que esixe unhas determinadas competencias e iníciase no momento en que se «negocia» a pertinencia ou non dunha tradución. Empregamos aquí este termo co sentido que lle dan os sociólogos Bruno Latour e Michel Callon (1991), os creadores da teoría do actor-rede coñecida tamén pola abreviatura ANT. O proceso da tradución vai máis alá do propio texto, como dixemos, xa que a actividade do suxeito (o tradutor) implica unha competencia específica (a competencia tradutora) para comprender e reformular os textos cos medios doutra lingua, tendo en conta as necesidades do destinatario e a finalidade da tradución. Trátase de interpretar primeiro (o texto, o contexto, a finalidade da tradución) para comunicar despois.

c) A tradución preséntase, finalmente, como un acto comunicativo intercultural. Traducimos culturas e non linguas. Isto é o que explica que mesmo creacións orixinais escritas nunha mesma lingua aparezan con títulos diferentes nunha e noutra cultura. Os títulos adaptaciónanse aos destinatarios de cada cultura e á finalidade da tradución pretendida. En Portugal as obras brasileiras publicanse en versións adaptadas como o fan en Francia, onde as obras quebequesas aparecen en versións revisadas e con títulos diferentes. Sirva de exemplo a obra de Madeleine Gagnon *Les femmes et la guerre* (2001), Premio Marcel-Couture do Salón do Libro de Montreal, que en Francia se publicou, ese mesmo ano, baixo o título: *Anna, Jeanne, Samia... (Femmes dans la guerre)* (París: Éditions Fayard). Esta obra non ten versión en galego, pero si en castelán: *Las mujeres dan la vida, los hombres la quitan*. [Trad. Silvia Furió] (Barcelona: Crítica).

² Hai que ter sempre presentes os mecanismos de funcionamento textual (os elementos de coherencia e cohesión, os diferentes tipos e xéneros textuais), sabendo que os mecanismos difiren en cada lingua e cultura (2001: 41).

En España, as obras do arxentino Ernesto Mallo aparecen con títulos distintos dos que publica Planeta para Latinoamérica. Este é o caso de *El policía descalzo de la plaza San Martín. El segundo caso del comisario Lascano* (Siruela). En cambio, na Arxentina, a obra coñécese polo título *El delincuente argentino* (din que por razóns de márketing).

Xa para cinguírmonos ao galego, se observamos as diferentes traducións da novela *Herba moura*, comprobamos unha vez máis que cada tradutor ou tradutora realizou unha adaptación distinta do título con base na súa propia realidade social e cultural. Deste xeito está enriquecéndose e enriquecendo o campo literario de chegada.

- Moure, Teresa, (2005): *Herba moura* (Vigo: Xerais)
- —, *Herba d' enamorar* [na versión catalá de Pere Comellas]
- —, *Hierba mora* [versión en castelán]
- —, *Nachtschade* [en neerlandés con tradución de Dorothea ter Horst]
- —, *Le tre donne di Cartesio: romanzo* [versión italiana na tradución de Roberta Bovaia] (Milano: Corbaccio),
- —, *Erva-do-diabo* [versión portuguesa de Jorge Fallorca]
- —, *Trava za zaljublivanje* [en serbio traducida por Danijela Pejčić]

A obra *Le tre donne di Cartesio: romanzo* (2008) traduciuse e publicouse nunha época en que moitos italianos –Italia estaba de novo gobernada por Berlusconi (2001-2006/2008-2011)– vían como España se lles estaba adiantando con medidas sociais progresistas que aprobara o goberno de Zapatero e como gozaba dunha situación económica favorable.³ O *boom* da literatura en lingua castelá en Italia impulsou a tradución das outras literaturas minoritarias do país co fin de ofrecer o carácter multicultural de España. Se observamos o título vemos como se destaca o protagonismo das tres mulleres ao redor do filósofo francés. Lembremos que na obra Descartes non ten máis relevancia que o feito de ser o tema da tese que non chegou a realizarse ou, se facemos unha lectura máis profunda, tamén ten o mérito de ser o primeiro filósofo en redactar directamente na lingua vulgar, en francés, *Le Discours de la méthode* (1637),

³ España pechara o ano 2007 cun superávit público do 2,23%.

opoñéndose así á tradición escolástica que escribía habitualmente na lingua franca daquel momento, o latín. Descartes pretendía ir máis alá dun lector culto e dos teólogos para dirixirse ao pobo na súa propia lingua, mais coidamos que este non é o motivo polo que interesa a obra ao lector ou lectora italiana, senón porque invita a ler unha ficción creada sobre a relación destas tres mulleres co filósofo. De feito, a mención do xénero⁴ a que pertence a obra no propio título («romanzo») convida, guía e compromete ao receptor/a na lectura desa relación. A capa do libro tamén distinta da capa orixinal podería ser igualmente obxecto de reflexión pola súa función de reclamo tanto para un público masculino como feminino.

O título da tradución ao portugués ten outra motivación. O primeiro libro (e tese de doutoramento) de Carlos Casteneda, traducido ao portugués baixo o título *Erva do diabo*, atópase entre os cen libros máis lidos no século pasado, polo que cabe pensar que o tradutor ao portugués, Jorge Fallorca, tivo en conta a memoria do lector portugués.

Como último exemplo, Manuel Rivas,⁵ un autor internacionalmente recoñecido, foi traducido ao portugués de Portugal e ao do Brasil por tradutores distintos. Se os lectores de dous países que comparten a mesma lingua reclaman versións distintas e edicións diferentes, daquela por que os galegos non podemos reivindicar unha tradución das creacións lusas na nosa lingua oficial de Galicia? Por certo, tanto *O lapis do carpinteiro* como *Herba moura* traducíronse a partir da versión española, o que confirma que as obras en galego poden ofrecer serios problemas de tradución (falsos amigos, entre outros); consideramos que Carlos Casares non estaba nada equivocado cando falaba do meridiano de fala castelá para abrírnos cara ao exterior. Outra cousa é que se queremos vender marca galega, teñamos que evitar pagar a peaxe da lingua castelá como lingua mediadora.

3. A demanda de traducións

Na recepción dunha obra traducida temos que ter en conta tamén a demanda da obra. Unha análise detallada das obras traducidas desde 1980 permitíranos definir as tendencias e a pertinencia ou non da tradución entre a comunidade galega e as culturas

⁴ As indicacións de novela, ensaio, memorias etc. desempeñan un papel, o que Bruno Latour chama «preposicións», que implican un tipo de compromiso no mundo e nos obxectos (*Critique* 2012: 951)

⁵ Rivas, Manuel, 2000, *O lapis do carpinteiro* [Trad. Pedro Tamen] Lisboa: Dom Quixote, Col.: Ficção universal (Dom Quixote) // Rivas, Manuel, 2002, *O lapis do carpinteiro* [Trad. Ledusha Spinardi] Rio de Janeiro: Objetiva [Brasil].

da lusofonía: Que textos son os que se editan, que xéneros, que temas, que público se interesa por estas obras...? Evidentemente, non se poderán debullar todos e cada un destes aspectos, pero algún parámetro numérico si nos dá unha primeira idea:




Linguas traducidas

Posición	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	7ª	8ª	9ª	10ª
Lingua orixinal	ES	EN	FR	CAT	DE	IT	POR	EUS	RU	AST
Lingua meta	ES	CAT	EUS	POR	IT	EN	AST	FR	DE	RU

Gráfica 1. Linguas de tradución (importación e exportación) da literatura galega clasificadas por volume (Galanes 2012: 94)

Segundo esta primeira imaxe o portugués atópase no sétimo posto como lingua de partida, despois do italiano, e no cuarto como lingua meta, o que nos permite concluír que se trata dun mercado preferente no que se refire á exportación de obra galega, xunto con outros mercados de ámbito ibérico, como se sinala en Galanes (2012). Así mesmo, existe máis obra galega traducida ao portugués que viceversa, pois exportamos máis que importamos. Nun estudo recente, María Magdalena Vila Barbosa tamén destaca que o portugués ocupa o terceiro lugar: «A literatura galega traducida ten presenza en 34 comunidades lingüísticas, ocupando o portugués nos últimos dez anos o terceiro lugar como lingua de chegada desas traducións.» (Vila Barbosa 2012: 21). Hai que dicir que os datos mudan un pouco de ano en ano e se comparamos os datos tendo en conta unicamente o espazo extra estatal, constatamos que o portugués se atopa no segundo posto como lingua meta.



Gráfica 2. Importación e exportación a Portugal e Brasil (elaboración propia)

Na anterior gráfica resumimos os fluxos entre Galicia e as dúas comunidades culturais lusas con que maior número de traducións se intercambian (Portugal e Brasil), posto que só contamos cunha obra procedente de Mozambique, *Poemas, África lonxe*, de Eduardo Bettencourt. Quere isto dicir, por tanto, que importamos de Portugal menos do que exportamos e importamos máis do Brasil do que exportamos.

Se comparamos a relación de ida e volta con outras culturas constatamos que aínda que o panorama da tradución en Galicia mudou moito nos últimos anos, o que permite afirmar que xa contamos cunha porcentaxe bastante relevante de obras exportadas (máis dun 34% que sería impensable hai uns poucos anos), de momento a importación segue a superar a exportación. No entanto, no subtotal da anterior gráfica o conxunto de obras exportadas e importadas entre as culturas lusas e o galego está bastante equilibrado. A novela, como na maioría das culturas neste momento, é o xénero de maior difusión.

Xa comentamos anteriormente no caso da versión italiana de *Herba moura* a incidencia como reclamo do termo «romanzo» explicitado no título. Nos fluxos que se producen entre o galego e o portugués non hai cambios, a narrativa segue a ser a que goza de máis lectores, nomeadamente a literatura infantil e xuvenil que é a que encabeza o número de traducións publicadas.⁶ Pola súa relevancia e a súa función habería que dedicarlle un apartado específico á exportación e importación desta literatura, mais só nos limitaremos a lembrar que a súa función é fundamentalmente didáctica. Por outra parte, a alfabetización por lóxica e coherencia ten que facerse segundo as regras de xogo que se fixaron na comunidade cultural galega e non nunha variante reintegracionista, polo que a obra de lectura deberá ser en galego normativo. Que a literatura infantil e xuvenil sexa punta de lanza no mundo comercial do libro é grazas a empresas especializadas que venden calidade avalada por numerosos premios, como é o caso de OQO e Kalandraka, esta última con selo propio en Portugal e no Brasil e que tamén exporta tradución propia nas cinco linguas da península Ibérica. Así pois, en definitiva, a creación de literatura infantil e xuvenil é unha boa embaixadora de Galicia xa que se está a exportar de forma simultánea a países como Estados Unidos, Arxentina, Brasil, China, México, Italia e Portugal.

Ora ben, tampouco podemos obviar os éxitos dalgunhas traducións do portugués para persoas adultas como *O peregrino a Compostela*. *Diario dun mago*, *Veronika decide*

⁶ Aínda que non sempre resulta doado definir a fronteira entre as obras dirixidas ao público infantil e ás persoas adultas. Por exemplo, os libros ilustrados nestes momentos, segundo os propios creadores, están pensados tanto nos nenos como nos adultos porque son estes os que llelos len e explican.

morrer ou *O alquimista*, de Paulo Coelho (1998), así como *A república dos sonhos*, de Nélida Piñón (2004), da que un ano despois da súa primeira edición xa foi preciso editar unha segunda tiraxe. É ben certo que na obra de Paulo Coelho, Brasil non aparece nin como escenario ni como personaxe e, ademais, atopamos unha linguaxe neutra que facilita a lectura dos seus textos, o cal contrasta coa pintoresca linguaxe das obras de Jorge Amado onde cultiva a súa diferenza brasileira e nordestina. No entanto, non deixa de ser un autor brasileiro que escribe en portugués e que como tal foi lanzado ao mercado. Nos primeiros anos da década de 1990 Coelho conquistou o mercado estadounidense, o latinoamericano e, sobre todo, o francés. *O Alquimista*, que lanzou a editora Anne Carrière Editions en abril de 1994, axiña acadou un grande éxito; *O Monte Cinco* (La Cinquième montagne, tradución de Françoise Marchand-Sauvagnargues) publicouse en Francia no mes de maio de 1997 e en 38 países máis simultaneamente. A expectativa foi moi grande no país galo onde Coelho chegou a ofrecer unha entrevista de catro páxinas a *Paris Match* e outra de seis para a revista *Elle*. Grazas a este éxito foi coñecido e recoñecido como un autor de *best sellers* noutros países como España e Alemaña onde Paulo Coelho tardou cinco anos en conseguir editar as súas obras. Así pois, aínda que tardía, a boa acollida da versión galega é indiscutible posto que no ano 2009 vía a luz a cuarta edición d’*O alquimista*.

Canto a *A república dos sonhos* en Galicia tamén gozou dunha excelente recepción por parte dos lectores galegos. A boa acollida da versión galega d’*A república dos sonhos* cando xa existía unha versión en español (aínda que en Colombia) ten unha motivación dalgún xeito diferente, posto que a súa mensaxe sobre a emigración, especialmente a emigración a América é un asunto moi presente na vida de todos os galegos. Filla de galegos emigrados, Nélida Piñón sentiuse sempre moi vinculada a Galicia coa que foi estreitando lazos pouco a pouco (visitas ou recoñecementos caso da Medalla Castelao outorgada pola Xunta de Galicia no ano 1992 e o Premio Rosalía de Castro do Pen Club Galicia). O presidente da Xunta naquel momento, Manuel Fraga, ofreceulle a posibilidade de publicar a versión galega d’*A república dos sonhos*, pero ela desexaba unha edición máis comercial e aceptou a proposta de Víctor Freixanes para que finalmente Galaxia, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a sacara ao mercado no ano 2004 traducida por María Dolores Torres París. A editorial pronto quedou desbordada polo éxito de vendas.⁷ Cantos lectores terían lido a obra se fose publicada na súa versión portuguesa? De feito, a versión orixinal *Vozes do deserto*, publicada pola editorial galega Candeia de Santiago de Compostela no ano 2004, non tivo tanta sorte.

⁷ Pois os primeiros 1500 exemplares editados quedaron axiña esgotados (800 foron cedidos á Xunta que colaborou na súa edición). Fíxose unha nova tiraxe de 1500 que, ante a súa sorpresa, tamén se venderon.

En calquera caso a tradución favorece a promoción e pon en valor as autoras e os autores galegos no mercado das comunidades lusas, mentres que a tradución ao galego dos autores e autoras portuguesas os visibiliza no mercado galego que, aínda sendo un mercado pequeno, non deixa de ser atractivo para países como Brasil que lle pode servir de trampolín cara ao resto do país (España) e mesmo a Europa. A proba está na ponte que se está a afianzar entre Galicia e Brasil no ámbito da música de autor. Numerosos proxectos musicais dan fe desa interrelación entre a cultura musical galega e a brasileira. Lembremos, por exemplo, o proxecto de Carlos Núñez titulado *Albora-da do Brasil* (2009), quen foi ao Brasil para internacionalizar a súa música, ao tempo que Sergio Tannus veu a Galicia e aquí naceu o seu disco titulado *Son brasileiro*. Así mesmo, na base de datos de BITRAGA temos tamén o caso da obra de xénero poético *Cores do Atlántico*, con textos de Ria Lemaire e consistente nun proxecto musical en que colaboran, entre outras e outros, Uxía e Socorro Lira. Estes poemas musicados tamén buscan internacionalizar a cultura musical e a poesía galegas.

Xa no ámbito do teatro, e por nomear proxectos recentes, velaí está a adaptación teatral que Manuel Guede realizou d'*O profesional*, do autor serbio Kovacevic con versión en portugués para Portugal e en galego para Galicia. Concretamente a súa representación en versión portuguesa foi anunciada pola Axencia Galega das Industrias Culturais cunha nota de prensa titulada «A Consellería de Cultura e Educación difunde o teatro galego en Portugal con tres funcións de ‘O profesional’ en Coímbra e Braga» (7/11/2012)

3. Conclusión

O intercambio entre culturas ten que facerse de ida e volta e resulta necesaria para preservar e promover a diversidade de cada cultura. No ano 1979 Carlos Casares nunha das súas «Ledicias de ler», que semanalmente publicaba en *La Voz de Galicia*, manifestaba xa a necesidade de darmos a coñecer a literatura galega no exterior para saír do illamento e, sobre todo, para situarmos o galego no panorama mundial. Na do 26/08/1979, titulada «Saír do aillamento», escribe: «A ampliación das nosas fronteiras literarias penso que pasa por dous meridianos: unha aproximación a Portugal e Brasil e a introducción no mundo editorial de fala castelá a través das correspondentes traduccións».

A tradución é unha gran dinamizadora da cultura dun país e unha fonte de riqueza polo que non se pode descoidar. A circulación do libro traducido no mercado literario internacional permite como diría Bourdieu intensificar e mellorar a comunicación

entre as nacións (Bourdieu, 1998). O poder cultural vai parello co poder económico e político dunha comunidade e mellora as relacións internacionais entre os pobos por distintos motivos (educativos, laborais, profesionais, culturais ou turísticos), favorece o acceso a medios de comunicación e o desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Tres grandes tradutores e autores galegos exiliados (Lois Tobío, instalado no Uruguai; Florencio Delgado Gurriarán, en México e Plácido R. Castro, no Reino Unido) resumen a función da tradución literaria nunha frase que escriben no prólogo do libro *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949): «Os aires de fóra limpan, refrescan, renovan. A voz de Galicia ten que se ouvir no mundo e as do mundo en Galicia» (2004: 14). O portugués forma parte dese mundo. Anos máis tarde, Casares, outro gran promotor da tradución de obras galegas a outras linguas, tamén deixou reflectida a súa preocupación no proxecto *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega*, publicado polo Consello da Cultura Galega. Neste traballo, onde xa se comeza a constatar o cambio de rumbo do polisistema galego cun importante aumento de traducións nos anos anteriores, atopamos tamén mostras de obras galegas traducidas ao portugués. Na súa introdución queda patente a necesidade de traducir e de ser traducido:

Nas sociedades contemporáneas a vitalidade da súa cultura mídese pola súa visibilidade. Por como se relaciona coas outras. Na súa capacidade de contar e achegar ao concerto de todas o debate, a reflexión ou o entretemento. Un dos maiores indicadores de visibilidade é o interese pola traducción, polo transporte do pensamento e da creación intelectual para que sexa comprensible noutras culturas e por outra xente. Un dos mellores indicadores da saúde da nosa literatura e do interese que esperta no exterior é coñecer que autores, que obras e a que linguas foron traducidas. (Casares 2003).

Afortunadamente, se comparamos o número de traducións nos anos 1980 cos que temos rexistrados na actualidade en BITRAGA comprobamos efectivamente que a interacción, o diálogo entre a literatura galega e a creación literaria das comunidades lusas mudou moito e o interese e o coñecemento é ben superior ao que se tiña hai tres décadas. A tradución de calidade entre o galego e portugués tamén é necesaria e debe ser o resultado dun compromiso por parte de todos os actores e axentes que interveñen no proceso de creación do país.

Referencias bibliográficas

AGADIC (2012): «A Consellería de Cultura e Educación difunde o teatro galego en Portugal con tres funcións de ‘O profesional’ en Coimbra e Braga». Nota de prensa dispoñible en <<http://www.edu.xunta.es/web/node/7488>> [Última consulta: 18 de abril de 2013].

Bourdieu, P. (1998): *Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire* (Paris: Éditions du Seuil).

Carballa, X. (2007): «Entrevista Xosé María Álvarez Cáccamo. Meu pai era un curioso absoluto, un activista cultural», *El País*, 6 de xullo de 2007. Edición impresa e versión electrónica dispoñible en: <http://elpais.com/diario/2007/07/06/galicia/1183717110_850215.html> [Última consulta: 23 de novembro de 2012]

Casares Mouriño, C. (1979): «Sair do aillamento», *La Voz de Galicia*, 26 de agosto de 1979. Artigo, actualizado normativamente, dispoñible en <<http://www.fundacioncarloscasares.org/wp-content/uploads/2011/09/A-Ledicia-de-Ler-Sa%C3%ADr-do-illamento-790826.pdf>> [Última consulta: 23 de xaneiro de 2013]

Casares Mouriño, C. (dir.) (2003): *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega*. (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega). En: <http://www.culturagalega.org/especiais/aviles/catalogo_traducidas.pdf> [Última consulta: 13 de novembro de 2012].

Cabré, M.^a T., (2001): «La traducción en español. Presentación» II Congreso Internacional de la lengua española. Nuevas fronteras del español» Valladolid, en <http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/1_la_traducccion_en_espanol/cabre_m.htm> [Última consulta: 13 de novembro de 2012].

Coelho, P. (1998): *O alquimista* (Vigo: Ed. Galaxia, Col. Costa Oeste, nº 15)

Hurtado, A. (2001): *Traducción y Traductología. Introducción a la traductología* (Madrid: Cátedra).

Fernández del Riego, F. (1984): *Escritores de Portugal e do Brasil* [cuberta e il. Karawane] (A Coruña: Edicións do Castro).

Freixanes, V. (2008): «O regreso d'O Moucho. *El País* e Galaxia reeditan 22 títulos da colección popular ideada nos 60 por Xosé María Álvarez Blázquez», en *Luces. El País* <http://elpais.com/diario/2008/04/25/galicia/1209118708_850215.html> [Última consulta: 23 de novembro de 2012].

Galanes Santos, I. (2012): «La traducción literaria en Galicia, a partir del Catálogo BITRAGA», en Fernández Rodríguez, Áurea / Luna Alonso, Ana / Galanes Santos, Iolanda / Montero Küpper Silvia (eds): *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*: 87-108 (Series: Relaciones literarias en el Ámbito Hispánico – Vol. 7, Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, New York, Oxford, Wien: Peter Lang Verlag).

Luna Alonso, A. (2011): «Analysis Criteria for Editorial Translation Policies», en Luna Alonso, Ana / Montero Küpper, Silvia / Valado Fernández, Liliana (eds.): *Translation Quality Assessment Policies from Galicia/Traducción, calidad y políticas desde Galicia*: 217-233 (Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, New York, Oxford, Wien: Peter Lang Verlag).

Piñón, N. (2004): *A República dos sonhos*. (Vigo: Editorial Galaxia/Xunta de Galicia.).

Real Academia Española (2001²²): *Diccionario de la Real Academia Española* «Traducir» en: <<http://lema.rae.es/drae/?val=traducir>> [Última consulta: 23 de novembro de 2012].

Real Academia Galega (2012): *Dicionario da Real Academia Galega* «Traducir» <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#searchNoun.do?nounTitle=traducir> [Última consulta: 23 de novembro de 2012].

Vila Barbosa, M. (2012): «Primeira aproximación á tradución da literatura galega en Brasil e Portugal», *Tradução e Comunicação. Revista Brasileira de Tradutores*, 23: 21-57

Da *demanda* da difícil semellanza e da imposíbel identidade tradutora (a tradución do galego ao portugués e do portugués ao galego a debate)

CARLOS PAULO MARTÍNEZ PEREIRO

Universidade da Coruña

O tema que nos convoca non deixa de ser interesante, malia certamente terse deixado de lado desde hai un tempo. Vaia por diante que non comparezo aquí propiamente como un tradutor profesional, senón que, faltar de *auctoritas*, o meu saber sobre a tradución é fundamentalmente de usuario e non de enxeñeiro, aínda que son tradutor, ou se se quere «trasladador de cultura» dun xeito traballado e traballoso, do *Compendio de descomposición* (*Précis de décomposition*) do escéptico «maître à désespérer» Cioran –versión do compendio de que, xa hai algúns anos e nunha escolla significativa, publicitei só o fragmento intitulado «Supremématie de l’adjectif», onde o *doute* e a *grandeur* se harmonizan.

O agora referido dáme unha certa e pouca autoridade na medida en que este autor –lembremos–, suspiraba, nos seus *Syllogismes de l’amertume*, por un mundo onde unha vírgula levase á morte, isto é, o filósofo francés mantiña unha consideración paroxística dun estilo levado máis do que ao límite: «Soño un mundo onde se morra por unha vírgula» («Je rêve d’un monde où l’on mourrait pour une virgule»).

Comezarei cunha cita de Manuel Vázquez Montalbán, pertencente ao seu libro *El escriba sentado*, onde recolle unha serie de consideracións verbo da literatura, con que lembraba que cando caeu o muro de Berlín e, por extensión, desabou o que este representaba, Octavio Paz¹ indicara que algunhas respostas mostraran a súa inefica-

¹ Aproveito este propicio foro para recomendar vivamente un seu lúcido ensaio sobre a tradución, que leva por título «Lectura y contemplación» –recollido no volume recompilerio de 1983 *Sombras de obras* (*Arte e Literatura*)–, moitos de cuxos principios e presupostos subscribo afervoadamente.

cia, mais que ficaban as preguntas. Pois ben, o motivo desta cita é que, «*mutatis mutandis*» e «*toutes les proportions gardées*», aplicando o principio da realidade –espero que máis do que tomando o desexo por realidade– logo da caída da nosa *gélida* guerra e do noso muro particulares –léase a chegada dunha relativa *pax* por mor do acordo-reforma da ortografía de hai algúns anos e, indirectamente, tamén coa (neo)concepción da lingua–, son da opinión de que as preguntas a respecto das relacións entre galego e portugués continúan indemnes e na mesma. Outra cousa é que non aparezan nos debates...

A miña posición é moi clara e exemplificareina con dous exemplos. En primeiro lugar, dos máis de 70 libros que levamos publicado nas diferentes series da Biblioteca-Arquivo Teatral ‘Francisco Pillado Mayor’ da Universidade da Coruña –por decisión non só miña, como coordinador, senón tamén, claro está, do resto de colegas que nelas participan–, só dúas non son editadas na lingua orixinal (francés, grego, inglés, italiano, latín...) acompañada da súa versión galega, sendo integramente monolíngües: unha corresponde ás obras en lingua portuguesa (respectando a modalidade que for: africana, brasileira ou europea) e outra evidentemente ás obras en galego. En segundo lugar, xa no plano persoal, no ámbito galego teño publicado, de maneira indistinta, tanto en galego como en portugués.

Así pois, a miña posición é ben clara: é absolutamente antieconómico e innecesario traducir do portugués para o galego. Esta é a miña opinión e punto de partida con base na miña experiencia como lector a respecto de tradución e de literatura (incluíndo o ensaio), como profesor-intérprete-estudoso do literario ou, se se me permite, como «amador do literario», concretamente do que denomino «literatura esixente», sen que isto supoña evidentemente unha desconsideración apriorística cara á literatura de quiosco –o «roman du gare» e/ou «à l’eau de rose»– ou aos ‘coelhianos’ discursos de ‘autoaxuda’. Simplemente, obviando explicitar as diferentes necesidades, estratexias e tácticas necesarias para as moi diversas realidades de tradución posíbeis, o espazo por onde me movo e por onde me podo mover para opinar, en especial, estou a balizar sobre un traducir poético, que, para Octavio Paz, non busca a imposíbel identidade senón a difícil semellanza, e sobre a procura dun tradutor que, para Paul Valéry, desexa producir, con medios distintos, resultados parecidos.

A miña posición ten a ver coa permeabilidade interlingüística. Non se debe traducir, insisto, do portugués cara ao galego, nomeadamente aquilo que se destina á lectura e basicamente por unha cuestión de non necesidade e economía –non economicismo– como xa adiantei. A meu ver, a mediación sociocultural debe facerse por outras vías, incluída a aproximación lingüístico-formal cuxa demanda xa vén de lonxe –xa en

1980, xunto cos profesores Francisco Salinas Portugal e Manuel Ferreiro, era por nós proposta de maneira diversiforme no ‘Congreso Internacional do Portugués no Mundo’ celebrado en Lisboa—.

Por outro lado e por outra parte, acho que na tradución do galego para o portugués a actitude debería ser a mesma, habendo como hai outra situación que non solicita a correspondencia: somos nós quen nos podemos beneficiar do portugués. En todo caso, coido que na tradución do galego para o portugués se pensa e actúa con danos preconceptos ideolóxico-lingüísticos (‘isolacionistas’)—dígase tamén que, obviamente, tamén eu teño os meus—, ao tempo que funcionan outros parámetros de que non pretendo nin podería disertar agora aquí.

Cunha intención de significación analóxica, falarei tamén desde a paradoxal distancia-proximidade que supón, a respecto do galego, situarse dentro do propio portugués, o cal é menos frecuente e menos discutido: partindo da observación e da análise dos comportamentos en relación á duplicidade do portugués de Portugal e do Brasil (agora deixando fóra propositadamente Angola e Mozambique e demais territorios lusófonos) obtemos a derivada de que, «pour parler à la légère» e á maneira de Maurice Blanchot, portugueses e brasileiros nin se entenden nin se queren entender. En realidade funcionan os mesmos preconceptos presentes entre nós respecto de galego e portugués.

Así, alén de existiren e cada vez máis actuaren empresas de ‘tradución’ de portugués do Brasil para portugués de Portugal e viceversa, non é nada infrecuente escoitar os brasileiros a falaren desa lingua da RTP que din entender mal que ben, até o extremo de —sorprendente paradoxo!— non ser inusual que na televisión brasileira se subtitula un portugués cando fala e viceversa. De igual modo, non é estraño que os autores do Brasil sexan versionados para Portugal e viceversa. Até onde sei Saramago, seguramente por ser premio Nobel, e o (re)coñecido cantor Chico Buarque, este segundo parcialmente, constitúen as excepcións á norma, á regra do traslado supostamente facilitador. Lembro perfectamente como Buarque solicitaba na prensa portuguesa un trato para a súa obra equivalente ao que el lle tería dado a unha obra portuguesa no Brasil, isto é, empregar a sensatez de non trasladar para o portugués de Portugal o seu portugués do Brasil.

Insisto, non se entenden porque non se queren entender, xa que é obvio que un mínimo esforzo e un progresivo (e non maior) hábito é suficiente para garantir a interoceánica comprensibilidade mutua.

Engadirei máis tres exemplos concretos e escollidos *ad hoc*, partindo de textos orixinais da modalidade brasileira, por medio da súa ‘diversa’ tradución, respectivamente, para o inglés, para o portugués europeo e, no último caso, para modalidades do español americano e europeo:

a) Non hai moito tempo, a través de Alison Entrekin, profesional de orixe australiana e tradutora ao inglés británico da novela de Chico Buarque *Leite derramado*, souben que o editor da edición inglesa quixo alterar o texto, a pesar de a tradución estar feita en diálogo constante entre autor e tradutora. Esquemáticamente, o argumento da novela é a lembranza que un individuo, xa na súa senectude, fai do século pasado, de modo que no seu monólogo aparecen termos doutroa como «argolas no umbigo», «palácio do céu» ou «batido de limão» que o editor quixo abusivamente actualizar e trocar por «piercing», «arranhaceus» e «caipirinha». Este desvirtuamento da expresión lingüística do protagonista co apagamento da súa estrañeza ante o mundo, pode servir como exemplo das posibles consecuencias de non acceder directamente á obra caso de mediar (non sempre ten por que ser así) unha interpretación distorsionada.

b) No supervendas *O Xangô de Baker Street*, de Jô Soares, e que vén sendo unha das inúmeras versións que se levan realizado no mundo en diferentes linguas e culturas continuadoras das aventuras detectivescas de Sherlock Holmes, a acción está localizada en Rio de Janeiro onde se acha o futuro Jack o estripador, en canto «serial killer». Ao longo da obra prodúcese un proceso de «abrasileiramento» do investigador, mais a súa fala reflicte un perfecto lisboeta porque, segundo se explica, aprendeu portugués ao tempo que se formaba sobre velenos en Macau cun experto de orixe lisboeta. Cando a Editorial Presença elabora unha versión portuguesa todos os personaxes tenden a falar nun ‘perfecto lisboeta’, igualando os varios rexistros, co cal desaparece non só unha das claves humorísticas da obra, senón mesmo unha das claves fundamentais para que o lector podía resolver o enigma do «serial killer» dun Jack, «avant la lettre», o estripador, posibilidade que depende e está asociada ao xeito «portuga» de falar Sherlock Holmes.

c) O terceiro exemplo que achegarei provén do conxunto dunha obra, a de Guimarães Rosa, pola que sinto predilección, e, en especial, de *Grande Sertão: Veredas*: A meu ver unha das grandes obras da literatura universal consistente nun inmenso monólogo dun bandido de Minas Gerais que explica a súa vida retroactivamente mediante unha lingua que é absolutamente recreada até o extremo. Sirva de exemplo que só nesta novela se levantaron 8000 termos non dicionariados, os máis deles creados polo propio autor quen, teñamos en conta, á parte de diplomático era unha persoa cunha vasta formación lingüística xa desde a nenez. O resultado é que para un brasileiro común

resulta enormemente custoso e reparador acceder a esta novela. Curiosamente nas dúas traducións ao español existentes –unha de 1975 de Ángel Crespo e outra máis recente, do ano 2009 e na modalidade lingüística arxentina, dos profesores Florencia Garramuño e Gonzalo Aguilar–, aínda recoñecendo que supoñen un enorme exercicio de atrevemento e tentativa de trasladar o mundo novelado, coido que en ambas desaparecen a maior parte de valores que o texto achega e «a crítica normal» ou «normalizadora» reservou, retirou ou secundarizou da obra. É dicir, á marxe da visión da memoria, a violencia e demais tópicos con que se adoita adubar a literatura brasileira, elementos como unha sorte de pacto co diabo (un novo Fausto) en parámetros dunha ambigüidade persoal e sexual, así como a historia de amor entre Riovaldo e Diadorim, só se fan presentes de pasaxe nas novas textualidades resultantes, tendo para min que son fundamentais e constitúen unha das interpretacións posíbeis e probábeis de entre as diversificadas construídas polo autor.

De Guimarães Rosa lembrarei aquí algunhas das súas reflexivas e sentenciosas palabras: «somente renovando a língua é que se pode renovar o mundo» porque o seu lema era «a linguagem e a vida são uma coisa só», o cal levou sistematicamente até a súa morte na súa construción literaria. Tense cualificado a súa obra como «prosoemática» e que é fiel á súa intención de traducir «os novos territorios do sentir, do pensar e da expressividade», servíndose da súa creación lingüística, da súa neolingua, onde, por exemplo, asistimos a adxectivos como «abominoso», a creación de verbos con que «o vento aieuoava», a fraseoloxía do tipo «antenasal, de mim a palmo» (para referirse ‘a un palmo diante do nariz’), a un «ai, Zé, opa» que muda por inversión de lectura en «a pôeZia», ao uso de variantes como «Seo», «Seu», «Sor» e/por «Senhor» como índices e indicios da categoría sociocultural das personaxes, ou, xa na narrativa «Cara de bronze», á aparición desa nomeación significativa cun «Moimeichego» como amálgama do pronome de primeira persoa expreso en catro linguas diferentes («moi», «me», «icxh», «ego») ou o comentarista nas notas de rodapé Soares Guiamar como clara chave anagramática do propio nome do autor mineiro...

E será que, nas referidas versións en español, somos quen de acceder aos «novos territorios» que nos legou Rosa sen a impar construción e criación lingüística que os quixo e soubo traducir?

Coido que non.

En fin, para rematar, preferindo, co referido Cioran, estar xunto a Pirro que xunto a San Paulo –isto é, preferindo a dúbida a calquera certeza– e esperando non ter simplificado en exceso a cuestión –son spinozista e unha simplificación é para min peor do

que un erro—, reiterarei por todo o dito até aquí unha conclusión, primeira e primaria, en que, nos parámetros expostos e para nós (galegos e galegas), só vexo máis vantaxes que desvantaxes en non traducir e ás avesas, polos posíbeis inconvenientes, en traducir do portugués para o galego (e do galego para o portugués).

Tradução e Jogo de Tronos

—entre Culturas de Falares polissimétricos

CARLOS QUIROGA

Universidade de Santiago de Compostela

A pergunta proposta a debate desta mesa («Precisamos traduções de galego para português e de português para galego?») é aparentemente muito simples e poderia parecer que tem, para mim, uma resposta igual de singela. Refiro-me ao que se pode talvez deduzir da minha posição ideológica e pragmática a respeito do que se convencionou entender por ‘galego’, por ‘português’, por literatura nesta ou nestas variedades de Língua, e ainda das minhas experiências como escritor publicado nelas. Mas obviamente vou frustrar, pelo menos de início, qualquer réplica maniqueísta, até porque se as coisas complexas são inimigas de Deus não vejo motivos para deificar ou chamar a providência para um assunto tão mundano como este, que sem dúvida levanta muitas mais intrigas e interesses de um laicismo exclusivamente humano.

Deixando por agora a um lado matizes importantes como ‘traduzir para quem’ e ‘traduzir quê’, que naturalmente graduam muito qualquer argumentação, vou tomar ‘tradução literária’ como paradigma exemplar para a discussão, pois é o território onde mais em profundidade poderia entrar e dele podem ser derivados pareceres ou consequências a aplicar a outras áreas mediadas pela transferência linguística. Farei, no entanto, algumas considerações sobre o estatuto geral do ‘traduzir’, outras sobre língua mediadora ou de tradução (e portanto sobre o estatuto ‘galego’ e o estatuto ‘português’), darei conta de algumas experiências práticas como autor de obras literárias que se moveram nesta mediação, e finalmente poderei acometer uma resposta concreta à pergunta.

Traduzir

Não vale a pena chamar à linha sisudas invocações acadêmicas apesar do título ribombante que na última hora escolhi. O Estraviz eletrônico (Vid. www.estraviz.org) indica que «traduzir» [lat. *traducere*] é um verbo transitivo que tem uma primeira e clara aceção: ‘Escrever ou dizer numa língua aquilo que foi escrito ou dito noutra: *traduzir do russo para o galego*’. Outras aceções são extensivas e significam ‘Expressar, interpretar: *aquelas frases apaixonadas traduziam o seu estado de ânimo*’, podendo dar-se como sinónimos de ‘traduzir’ formas como *interpretar*, *transferir*, *trasladar*, *verter*, obviamente visando, até nos sentidos figurados, a passagem de uma realidade de conteúdos linguísticos e culturais para outra diferente com o máximo grau de equivalência e fidelidade. Uma necessidade que entre russo e galego, como indica o exemplo, é incontornável. É tão incontornável entre o que se entende por ‘galego’ e o que se entende por ‘português’...? O estatuto da *língua mediadora*, que depois abordo, é a todas as luzes o fulcro da questão, mas há ainda alguns detalhes relativos ao ‘traduzir’ que me interessa colocar por diante, e que inclusive interrogam a interrogação que hoje se nos coloca na mesa. A generalidade do dicionário bastaria para eu encerrar este assunto com um par de experiências e um *ex abrupto*, mas obviamente não farei por respeito ao convite para aqui estar.

Apesar de escolher a tradução literária como friso exemplar, não terei de ir muito longe na Sociologia para argumentar que a Literatura como instituição não se comporta de modo diferente de qualquer outra instituição socialmente estabelecida, seja no intercâmbio de mercadorias seja em qualquer outra organização do mercado, seja ainda nas relações com o campo do poder. Existem poderosas forças reguladoras que atuam num sentido de preservação de uma cultura face à sua dissolução. Sabemos que inclusivamente com essas forças há uma constante tensão dialética entre o novo e o velho, o alto e o baixo, de forma que os estratos não canonizados pugnam por um lugar no centro do sistema. Mas muito mais importante para o caso que nos ocupa é o papel de forças reguladoras simultâneas de culturas concorrentes que operam no mesmo espaço. Já não se coloca aqui o problema fundamental da teoria da tradução que dá voltas em torno à substituição de um ou vários elementos de uma língua por outros equivalentes do ponto de vista formal, semântico ou pragmático, e a maior ou menor fidelidade, a analogia, correspondência ou similitude entre esses elementos que uma distância intransponível para o destinatário justifica. Porque do que aqui se trata é que sendo a relação existente entre ambos absolutamente transponível (sem entrar de todo, como advertia, em matizes importantes como ‘traduzir para quem’ e ‘traduzir quê’, que obviamente provocam modulações desta testada generalidade, mas necessariamente considerando já a sombra destas questões), sendo a equivalência dos textos

pretensamente traduzidos uma relação de pura e sistemática correspondência ortográfica, o problema e a discussão colocam-se noutra patamar.

Certo que um tradutor como agente especializado nas normas culturais presentes no texto de partida e no de chegada, formado e informado ainda na interacção e até conflitos entre línguas e variedades com que trabalha, quando se fala nomeadamente de ‘galego’ e de ‘português’, tem vela neste enterro e poderá proporcionar nomeadamente à transferência que pratica uma compreensão que talvez falte ao destinatário do seu trabalho. Tal agente, por certo, costuma receber uma formação idónea para o desempenho de tal função só se mergulhada no conhecimento dos falares da Galiza –e a este respeito poderia referir desalentos de tradutoras portuguesas que realizaram ‘tradução’ de textos ditos de ‘galego’ como língua de partida, faltando tal mergulho e daí o desalento. Tal agente, ainda, para além da proximidade às normas culturais de partida ou às de chegada, para um desempenho óptimo do seu trabalho, experimentam um incremento de dificuldades nada habituais nem previstos no processo geral para que se formaram –e como traduzir de espanhol para português não tem essas dificuldades, para as desalentadas pessoas que me relatavam em Portugal a sua experiência, muitas editoras portuguesas só consideram traduzir um livro ‘galego’ se existe versão em castelhano. Dificuldades que, fazendo um paralelo legítimo, terá encontrado o especialista (este sim preparado) que realizara as legendas da fala de Saramago, por exemplo, num canal de televisão brasileiro. Dificuldades, no paralelo inverso, que vinham achando os adaptadores de livros brasileiros (também estes preparados) para publicação em Portugal. É isto tradução? Pode ser, mas aqui o ‘traduzir quê’ e ‘traduzir para quem’ ocupa todo o primeiro plano e desmonta a questão central. E nem em Portugal nem no Brasil, com especialistas preparados para a troca mútua, existe uma preparação específica para efectivá-la em relação ao galego-castelhano da Galiza.

Reparemos agora como trabalha um tradutor em geral. Ele é atingido e parte de considerar, antes de realizar as ‘operações tradutoras’ propriamente ditas, algumas normas preliminares onde dois fatores estão frequentemente interligados, como se fossem a casca que vai envolver o seu trabalho: a política de tradução (relativa aos fatores determinantes na seleção de textos para uma língua em particular) e a direção (*directness*) da tradução (tradução surgida directamente da língua de origem do texto ou através de uma língua intermediária). Só depois aplica as normas operacionais que se prendem com as decisões tomadas durante o ato tradutor, as que afetam a matriz do texto, assim como a forma textual e a formulação verbal. Nestas últimas, e para além de fenómenos de omissão ou recolocação de passagens, segmentação textual, adição de outras passagens ou notas de rodapé, aparecem normas texto-linguísticas que

regulam a seleção de material linguístico, campos lexicais, frases e efeitos estilísticos, e esta parte deve ser a mais complexa e morosa.

Mas todo esse processo central, complexo e moroso, para cuja realização profissional algumas pessoas se formam durante anos, é o que se aplica ao caso que temos sobre a mesa, ou no caso toda a exigência de atenção está demandada pelas normas e fatores preliminares, pela casca, o invólucro do trabalho propriamente dito...? Um exemplo elucidativo para abreviar: sabem como realiza *Google* a sua «tradução», como fabricou o seu dicionário de ‘galego’...? Ouviram a algum conhecido queixar-se de que o *Google* dava erros, por exemplo com a toponímia, aparecendo às vezes sugestões de nomes brasileiros...? A tradução automática é feita tomando, por um lado, um *córpus* de milhões de palavras da língua de partida e outro similar na de chegada, estabelecendo-se as correspondências. Quando se lhe pede a tradução de um texto novo, por exemplo de árabe para inglês, pega-se na língua do primeiro dos blocos e aplica-se a correspondência previamente estabelecida para ter a sua tradução num novo bloco. Quando se lhe pede a tradução para ‘galego’, fica em evidência qual foi a natureza das correspondências estabelecidas: não dispondo de *córpus* tradutivo entre árabe e ‘galego’, o *Google* deitou para o saco milhões de palavras do português aplicando apenas a correspondência gráfica à Norma galego-castelhana, operação simples de que ficam indícios nas alterações que as pessoas facilmente detetam quando aplicam. Conformidade de puro envoltório para a mesma Língua. Ausente a opacidades que os lusitanos colocam nos seus falares, tratando-se de pura escrita sem realização fonética, tanto o *Google* como qualquer habitante da Galiza pode realizar esta transferência de envoltórios –nem é necessário passar pelos ‘100 minutos de contacto com o português’ dos OPS da AGAL, bastaria a campanha «Aprende em 25 segundos a ler em português» que em 2007 lançou a Câmara Municipal de Compostela.

Sabemos perfeitamente que aprender qualquer dos (por enquanto) dois padrões internacionais do português, falado e escrito, é difícil, mas para uma «tradução» como a que pratica *Google* basta saber as correspondências ortográficas, é uma ‘tradução caligráfica’. É a mesma operação que realiza a barra de tradução integrada do *Google Chrome* e outros portais que vertem páginas Web completas. E é isso traduzir para ‘galego’ e do ‘galego’? Prova isso que é uma Língua diferente e a necessidade da tradução, à outra/da outra, de que se nos pede falar nesta mesa? Como se adverte na explicação de *Google* sobre a sua tradução automática, «não é tão precisa como a tradução realizada por uma pessoa» e «muito provavelmente não conseguirá ajudá-lo com poesia ou páginas que contenham gramática complexa ou vocabulário técnico», mas é uma funcionalidade que cumpre as necessidades básicas. Quando um brasileiro vê Saramago na TV necessita que um especialista tenha feito legendagem ou é capaz

de ver cobertas as suas necessidades básicas? E os livros brasileiros necessitam adaptação para ser lidos em Portugal? As edições de Harry Potter devem ser diferentes para a Inglaterra, EEUU ou Austrália? Tudo isto é discutível, sim, não, pode ser, mas segundo as respostas também a questão central da mesa se verá quanto a mim respondida.

Por outro lado, sendo a tradução um produto que demonstra permeabilidades a questões ideológicas por dentro, cuja omnipresença em termos sociais e humanos complica qualquer intenção de isenção ou mesmo independência, no caso que nos ocupa a permeabilidade que padece por fora pode ser ainda bem mais determinante. A tradução não escapa à máquina do poder, contribuindo para o estabelecimento de uma verdade, a cujo serviço está, igual que a pergunta colocada a esta mesa está ao serviço de estabelecer a diferença sobre a que somos interrogados. O ‘galego’ língua independente do ‘português’, por isso é necessária a tradução, que previamente, por princípio, se decidiu acometer. Certamente, os aparelhos políticos e económicos definiram e continuam a definir as políticas de tradução, assim como existe um conjunto de instituições que viabilizam ou não a credibilidade das traduções por dentro mas também por fora. Fazer ou não tradução entre galego e português é uma decisão do poder. Estas Jornadas em que estamos, o próprio tema desta mesa, definem a necessidade e credibilidade do que se discute, a transferência linguística entre ‘galego’ e ‘português’. Não contesto, olho, o ofício do transferidor ou tradutor, dependente de factores económicos impostos por editores e/ou leitores, por um lado, e sujeito como em qualquer outra actividade a fenómenos de pressão social, por outro: o tradutor é um indivíduo e a tradução um acto que não se esgota num exercício de poder de A para B. Embora permeável aos feixes de poder, a tradução em si não pode ser equacionada à linearidade de dominadores e dominados, e a questão pode ser muito relativizável em termos de estudos de tradução. Mas responder se deve haver tradução entre galego e português é uma decisão eminentemente política e de poder.

Língua, norma, fala, estatuto de ‘galego’

O estatuto da língua mediadora, como já advertia e se foi entrevendo, é para mim fulcral na questão desta mesa. E tendo escolhido a tradução literária como friso exemplar, gostaria de esclarecer antes de mais o que se entende por ‘Literatura’, e antes de mais pela etiqueta corrente de ‘Literatura(s) Lusófona(s)’. As definições variam entre ‘Literatura(s) em língua portuguesa’, ‘Literatura(s) lusógrafa(s)’, ou ainda –fórmula que tende ao desuso– ‘Literatura(s) de expressão portuguesa’. Literaturas que emergiram na esteira da expansão portuguesa no mundo e que, a dada altura, a

começar pela brasileira, se autonomizam nacionalmente. E tomando esta marca por divisa podemos ter, portanto, literatura portuguesa, literatura brasileira, literaturas dos países africanos de língua oficial portuguesa, e até de Goa e as reduzidas ou incipientes literaturas de Macau e Timor. Expressam contextos culturais e identitários (nacionais, regionais e locais) diferentes, mas têm em comum uma língua, a mesma, sistémica e saussurianamente falando. Enfim, o mesmo que pode acontecer confrontado as etiquetas ‘Literatura em inglês’ com as de *literatura inglesa*, *literatura estado-unidense*, *literatura australiana* etc.

Como joga no meio disto a chamada ‘literatura galega’...? Literatura galega foi desde bem cedo a escrita em galego, também língua como elemento definidor. Do ponto de vista sistémico e saussuriano o galego pertence ao mesmo conjunto anterior. Pode, portanto, a literatura galega ser inserida nas ‘Literatura(s) Lusófona(s)’...? Depende quem e depende para quem. Todos sabemos que a base ortográfica castelhana que maioritariamente adopta na sua ortografia a literatura galega atual e oficial funciona como força centrífuga desse conjunto. Os aparelhos ideológicos do estado (que diria Althusser), instrumentos ao serviço do poder para construir e consolidar a hegemonia, pretendem apresentar essa orientação centrífuga como quase única. Mas existe uma prática centrípeta na Galiza (que alguns sustentamos com a nossa escrita de resistência) a contrariar essa unicidade. Não existe hegemonia absoluta da ortografia castelhana, não existe hegemonia no sentido que dá Gramsci ao conceito –essa em que o poder ganha o consentimento de todos para se implementar sem violência, tornando-se mais eficiente. Hoje não existe absoluta unanimidade ortográfica na Galiza, por muito que o poder pretenda apresentar a prática castelhana como única, e use os seus aparelhos ideológicos nesse sentido.

Neste ponto eu poderia fechar a discussão dizendo que o problema que os organizadores colocam a esta mesa para mim não existe em termos genéricos, sem que tal resposta implique contestar a existência de profissionais intermediando nas transferências necessárias, dependendo, em termos particulares, de ‘quê transferir’ e ‘para quem’ transferir’. Igual que não contesto que no Brasil uma empresa achasse a bem legendar Saramago para o seu público, não contestarei que outra empresa aqui, por exemplo uma editora, empregue recursos para uma transferência de Saramago para o galego-castelhano, se é um assunto privado e tem público que demande e pague. Quando há dinheiro público, como contribuinte fiscal, tenho direito de ir além do comentário crítico e queixar-me em alto e sugerir outras prioridades, porque via subsídios para esta tarefa se tem pretendido fabricar uma demanda que por outra parte é ridícula. E o comentário e a queixa pacífica colocam-me de volta à discussão sobre o problema, por um lado porque seria estúpido por minha parte obviar a realidade em

volta, e por outro porque afinal é um problema que me toca e interessa enormemente. Porque me toca na pura identidade e me afeta no trabalho mais entranhado em que exprimo. As Literaturas Lusógrafas, na sua diversidade e especificidade enquanto lugar de encontro de escritas multivivenciais e universos literários multiculturais, inerentes a literaturas que se expressam numa língua comum disseminada em todos os continentes, acolhe-me a mim porque aceito a coincidência e a procuro na ortografia, mas não pode acolher a Literatura Galega que maioritária e socialmente se entende hoje na Galiza por tal –nem estou seguro de os produtores dessa Literatura quererem ser acolhidos, pois agem em sentido centrífugo, e ao contrário, olham com exclusão para mim–, o que justifica a existência de ‘tradução’ entre estas duas modalidades linguísticas, entre as quais na Galiza se insiste em abrir um abismo. Um problema que só repressivamente me afeta para existir como escritor no território chamado Galiza, mas certamente outro problema.

Portanto, eu que não me coloco longe da indesejável fenda, estou aqui hoje tratando este assunto com a máxima cordialidade como habitante deste território em que isto acontece. Que todos nós, mesmo os que teimam em converter a fenda em abismo intransponível, habitamos no ninho da Língua que pelo mundo corre com o nome de Portuguesa é uma evidência; que esta foi comunal veículo de uma das grandes literaturas do mundo medieval é afirmação trivial. E que a partir daí decorreu um desencontro de séculos, uma breve reactivação de décadas, uma intermitência crescente durante as ditaduras, e uma final premeditação de desencontro, impulsada pelos aparelhos ideológicos do Estado na Galiza nos últimos anos, uma realidade que até os cegos poderiam notar às apalpadelas. Inclusive o nacionalismo galego maioritário, que deve a sua consciência à da língua comum (não era antes *provincialismo*, logo *regionalismo*...?), empenhado em ‘asturianizar’ o galego, em realmente suicidar o galego, num mimetismo dos nacionalismos periféricos do Estado em resposta ao trauma comum causado pelo nacionalismo espanhol, inclusive esse nacionalismo, aplica nesta questão a sua síndrome de Estocolmo (*Stockholmsyndromet* em sueco), esse estado psicológico particular desenvolvido por pessoas que são vítimas de sequestro –algo por certo do que já avisava Carvalho Calero, lúcido neste assunto como em tantos afins.

Quando nos finais do século XIX começa a conhecer-se a tradição medieval, imediatamente se coloca num centro cada vez mais consciente o auxílio da lusitanidade. As Irmandades da Fala (1916), a revista *Nós* (1920), *A Nosa Terra*, reclamam esta atenção e até colaboração. Portugal era o que estava mais próximo e não havia internet. E no próximo descobrem a óbvia afinidade, para além da língua, em matéria antropológica, histórica, cultural, e até importam e adaptam correntes como o saudosismo, com contributos próprios. Castela, Risco, Vilar Ponte, marcam o caminho

da superação do ruralismo e evolução da língua e cultura galegas, rumo à unificação e purificação descastelhanizadora. Unificação. Eis a raiz da consciência nacionalista, que hoje mal nela se reconhece. Porque a ideia de unidade essencial de língua e cultura galego-portuguesas é fundacional no galeguismo, foi defendida nas primeiras décadas do século xx pela denominada Geração *Nós*, *improdutiva* na guerra e no imediato pós-guerra civil, mas recuperada e posta outra vez em valor depois pelo grupo Galáxia que se reivindica herdeiro da linha histórica do galeguismo. Também a primeira *Real Academia Gallega* (RAG) da altura está na mesma linha, depois da sua primeira fase cubana e depois de revitalizada pela entrada de vários membros de *Galaxia*, mas ambas as instituições recuam para conservar poder diante da irrupção do ILG com a sua proposta popular via ensino.

Pouco mais cabe dizer sobre a unidade linguístico-cultural galego-portuguesa como ideia força do galeguismo anterior à guerra civil (e da importância atribuída à língua como principal elemento identitário), que palavras de Vilar Ponte e outras figuras fundadoras do nacionalismo político poderiam ilustrar, nem mesmo da continuação desta na orientação pós-bélica. Foi precisamente no campo político e do poder onde tudo se frustrou, apesar de que ainda nos anos setenta se continuasse reforçando por parte de *Galaxia*, nas escassas plataformas institucionais do galeguismo de que se dispunha, com produtos e ideias que alimentassem um projeto cultural alicerçado na ideia vinda da origem do movimento galeguista no século XIX, a originária e essencial unidade linguístico-cultural da Galiza e Portugal. A *Ley General de Educación* do ministro franquista Villar Palasí, promulgada em 6 de Agosto de 1970, que autorizava o ensino das línguas ditas «nativas», os movimentos para a imposição de Normas ortográficas para este uso, com a tentativa enunciada como urgente e provisória (mas também controlada) de fixar e habilitar *progressivamente* o código linguístico para o ensino, com desencontro entre o grupo *Galaxia* / Academia e o Instituto (ILG), nascido em 14 de Maio de 1971 com a apresentação do seu método de aprendizagem *Gallego I*, e respaldado pelo capital simbólico da Universidade de Santiago, que optou por uma orientação claramente castelhanista foneticista e ignoradora do referente luso-brasileiro sim invocado nas *Normas* (*Galaxia*/RAG), na luta pela liderança no iminente pós-franquismo para determinar a natureza dos materiais com que configurar a identidade e a coesão social da comunidade galega. Tudo isto retrata a burla da dinâmica galeguista e a chegada a posições em que, para além de eu não reconhecer boa parte do nacionalismo, se revê a pergunta aqui a debate.

O grupo *Galaxia*/RAG escolhe a via da aproximação e o acordo institucional com o organismo universitário e rejeita a proposta reintegracionista de Rodrigues Lapa. O nacionalismo galego fica maioritariamente abduzido. Num mundo globalizado onde

muitas línguas morrem cada dia e no ninho daquela que leva pelo mundo o nome de Portuguesa perguntamo-nos se há que traduzir ou não traduzir entre o crioulo de portunhol consentido pelas instâncias do poder e a sua descendência evoluída no mundo, que misteriosamente lhe continua proibida na *mídia* apesar da coabitação na União Europeia, apesar de Bruxelas criar e dotar generosamente programas comunitários *Interreg* para favorecer a aproximação cultural entre vizinhos. A situação seria um bocado hilariante de não ser o lado dramático. Como dizia o engenheiro informático que me explicava o de *Google*, com experiência da sua empresa na fabricação de corretores gramaticais para o galego, é como se para um mundial de basquete tivéssemos montes de jogadores de 2 metros e o treinador no trono do seu poder se empenhasse em levar só os de 1,60. Ao engenheiro, também empresário que foi numa missão comercial com outros empresários ao Brasil, ninguém lhe discute que os falantes de galego eram os que melhor jogavam por que mais altos naquele jogo –nem que os falares se entendem com os galegos. Salvo que a partir dos falares de um dos cinco grandes idiomas do planeta se fabriquem línguas separadas. Claro que se pode, se isso é rendível ou prático é outro tema. Quanto a fazer ‘tradução’ entre esses Falares, pois claro que é possível, inclusive necessário, dependendo quê, dependendo para quê, e para quem.

Se acreditam que já adiantei alguma ou toda a opinião sobre a matéria em debate estão errados. Certo que o estatuto da língua mediadora me é central nesta questão, e que eu defendo e pratico, como o galeguismo histórico, a aproximação linguístico-cultural galego-portuguesa como reforço identitário e de sobrevivência da minha língua neste território chamado Galiza. Mas igualmente admito que a base ortográfica castelhana que adoptou institucionalmente para a sua Norma a minha língua neste território está aí, e eu não sou tão ingénuo como para não aceitar que ainda vai estar algum tempo. O Simpósio que o ILG convoca nos próximos dias para celebrar os 30 anos desta instituição leva por lema «Un galego común, fiel a si mesmo», a começar obviamente pela ortografia, e onde a única atenção dedicada à Lusofonia é bem esclarecedora: uma das duas conferências programadas tem como objetivo dar protagonismo a um conhecido opositor ao Acordo ortográfico, e por outro, no referente ao Brasil, à representação de demagógicas (mas rentáveis editorialmente) propostas de defender que português e brasileiro já são duas línguas diferentes e por aí fora. Com estes amigos e tal orientação desagregadora quanto à visão das relações entre Falares e Normas dentro do mesmo Sistema Linguístico (e recordo perfeitamente que noutro congresso do ILG algum dos seus máximos representantes terá afirmado que «nós somos também Lusofonia», mas desde a Norma ‘asturianizante’), com tudo isto que pretende levar o fracasso de uma escolha às suas máximas consequências suicidas, não se pode ser ingénuos como para não admitir que a situação ainda vai

durar, e que portanto vale a pena sentar-se a falar da realidade desse ‘galego’ com a melhor disposição, e dar mesmo opinião construtiva sobre o ‘problema’ de traduzir ou não entre estas variantes. Portanto ainda me reservo o parecer final, depois de invocar algumas experiências.

Experiências como tradutor e autor

Já aludi ao conhecimento do trabalho de profissionais que realizaram transposição de textos literários em galego dito oficial para português, nomeadamente para a Deriva Edições, um selo lusitano que se especializou em autores da Galiza. As suas confessas dificuldades são muito específicas, para além de ver-se no meio de uma discussão que mal entendem. Muitas editoras portuguesas só ‘traduzem’ esses livros numa direcção (*directness*) muito concreta e não surgindo a tradução directamente do texto original mas através de uma língua intermediária: se não existir versão castelhana não aceitam. Isto lembra-me a história de Carlos Casares e Almeida Faria, que também preferia que lhe enviasse a versão do seu romance em espanhol porque na que tinha recebido não conseguia avançar. Mas, enfim, voltemos às práticas tradutivas em que também tenho experiências pessoais.

Tenho feito tradução por obrigação, devoção e até casualidade. Por obrigação quando como primeiro professor de português numa EOI na Galiza, nesta mesma cidade, me via forçado a atender os pedidos dos tribunais de Justiça, na maior parte dos casos relativos a Comissões rogatórias, partidas de nascimento ou óbito, delitos etc., sempre entre espanhol e português. A devoção e casualidade referem-se mais a catálogos de arte e textos literários, mas de todas estas experiências não poderia tirar lições de proveito para a mesa, quanto ao relacionamento tradutor específico que se coloca, salvo testar o conhecimento da realidade e dificuldade do ofício, por certo nem muito considerado nem melhor pago em correspondência com as exigências que tem.

Sim poderei tirar maiores ensinamentos de proveito para a mesa das experiências como autor «traduzido» e participante direto na transferência. Menos obviamente dos casos pontuais de ser traduzido para alemão, italiano ou espanhol, salvo testar novamente que não tenha existido dificuldade alguma em a minha norma de galego não ser a castelhana, antes ao contrário. A peça de teatro que se editou unicamente na Itália em edição bilingue de galego, norma AGAL, e italiano, foi traduzida por uma especialista no português do Brasil. Os meus 7 livros até agora editados foram escritos todos em galego dito reintegrado ou português, colocando nos primeiros que usavam o padrão galego (antes do Acordo Brasil e Portugal consagravam um afastamento

gráfico que, como sabem, era levado até à internet e aos produtos editoriais), uma nota parecida a esta que figura em *O Regresso a Arder* de 2000: «As *disgrafias* singulares, que o leitor português poderia achar neste texto, correspondem à Norma Ortográfica de aproximação da escrita na Galiza, que elaborou a Associação Galega da Língua».

Naturalmente estas *disgrafias* singulares perturbam o relutante leitor-médio luso, que sempre teimou na adaptação dos textos brasileiros e que continua contestando de maneira importante o actual Acordo, mas tal não impediu que por exemplo *A Espera Crepuscular* de 2002 estivesse entre as obras finalistas para o prémio das Correntes d'Escritas como mais um livro editado em português, por ter sido coedição de Quasi Edições e da Laiovento galega. *Venezianas* foi editado em 2007 só em Portugal, mas para o caso serão muito mais esclarecedores os exemplos de livros que se editaram primeiro na Galiza em galego reintegrado e depois em Portugal ou no Brasil. Tanto *Periferias* de 1999, prémio Carvalho Calero de narrativa, editado no Brasil em 2006 pela Editora Horizonte, como *Inxalá*, de novo prémio Carvalho Calero em 2006 e editado em Portugal como *Inxalá –espero por ti na Abissínia* em 2008, foram «adaptados» por mim e «revisados» cada um deles por uma especialista proposta por cada uma das editoras, que foram consultando comigo detalhadamente todas as propostas de alteração. Isto acontece ou acontecia regularmente com autores bem mais consagrados que entre Portugal ou o Brasil dão ou davam o salto editorial, e eu achei absolutamente normal, até porque no terreno narrativo existe menos margem de tolerância a singularidades do que noutros géneros, e mais concessão ao mercado a que se destinam os livros. A este respeito devo confessar a perplexidade do pedido de duas notas de rodapé para a edição brasileira de *Periferias*, uma referida a uma marca de motos portuguesa e outra ao nome de um peixe amazónico, nada relativo ao universo cultural ou social galego...

Quanto à edição portuguesa de *Inxalá*, a revisão do texto por parte de Maria do Rosário Pedreira (ela mesma poeta e isto terá sido determinante) foi bastante agressiva, com bastantes mudanças que não deixaram de chamar a atenção de por exemplo o Professor Fernando Venâncio desde Amsterdão num comentário, «O galego pasteurizado», com que concordo em linhas gerais –o português pode-se tornar também uma máquina eficaz de matar o galego. Noutro trabalho, o Professor Fernando Venâncio mostrou ainda como «em edições portuguesas de literatura galega, as exclusividades lexicais de Além-Minho acabam, sistematicamente, traduzidas para um léxico compartilhado com o espanhol», e nas edições portuguesas, que respeitam peculiaridades brasileiras, angolanas, timorenses, as galegas acabam implacavelmente trucidadas. Estas apreciações foram utilizadas por uma das máximas autoridades do ILG para preten-

der provar o fracasso da proposta reintegracionista, pois segundo ela a nossa prática não estaria habilitada para a saída internacional que pretendia. Essa pessoa desconhece completamente o processo editorial do livro, os matizes de relação entre as variantes ortográficas do Brasil e de Portugal antes e depois do Acordo, e muitas das coisas que nesta mesa já se abordaram. Desconhece ou pretende que o seu público desconheça. O livro a que se referia foi publicado de novo em Portugal com o mesmo título, *Inxalá –espero por ti na Abissínia*, em 2010, numa coleção de clássicos universais distribuída com jornais portugueses (Biblioteca de Verão do *Diário de Notícias* e *Jornal de notícias*, ao lado de Conrad, Poe, Eça ou Borges), com uma tiragem entre 100 mil e 120 mil exemplares. Que eu não tenha visto um euro derivado desta operação comercial, nem ainda da outra, porque a editora portuguesa entrou numa fase de falência, é o outro tipo de fracasso, mas não o que se pretendia a respeito da prática ou estratégia reintegracionistas.

Não muito mais poderia dizer a respeito da tradução ou transferência ou adaptação entre galego e português, e estas experiências não servem certamente para resolver o problema doutros autores, utentes da norma castelhana para escrever a nossa língua, que é o que se coloca na mesa, salvo tirar a lição de que usar uma norma internacional para ela é uma vantagem e elimina o problema. Como hoje não se discutem as políticas institucionais a que o detalhe concreto em discussão se sujeita, passarei a dar o meu final parecer.

Uma resposta concreta

Aceitando, pois, que o galego de base ortográfica castelhana está aí e vai durar um tempo, e que portanto vale a pena sentar-se e abordar construtivamente o seu ‘problema’ de opacidade a respeito das variantes lusógrafas, a minha opinião é que ‘traduzir’ Torga, como já se tem feito, é um dispêndio de recursos intolerável. Mas mesmo autores e obras mais distantes. Que Portugal o fazia a respeito do Brasil? Que o Brasil o fazia a respeito de Portugal? Depende quê, onde e para quem, não como prática geral, chamando-lhe adaptação e só com força antes do Acordo Ortográfico. Não entrarei aqui na vertente de ‘interpretação’ e nas dificuldades que a nível de fonética lusitana se levantam, para brasileiros inclusive maiores que perante uma fonética galega, mesmo com todas as interferências crioulistas do espanhol –um brasileiro entende de regra melhor um galego que um lusitano. Fico-me pelo nível da ‘tradução’, não ‘interpretação’, e aí mesmo sendo menos otimistas que os de Google creio que de Camões a Rubem Fonseca qualquer galego ou galega pode beber no original sem que os nossos recursos se gastem nesse atentado ecológico e intelectual. Algo que estão a

demonstrar dúzias de pessoas agora mesmo nos Clubes de Leitura na Galiza, conferados no Pega no Livro.

Mas na direção contrária estou completamente de acordo, e até a língua comum pode aprender e receber contributos galegos, como tem feito o Dicionário Priberam da Língua Portuguesa, inserindo lotes léxicos que não existiam nos dicionários de português. Se esse galego de base ortográfica castelhana está aí e pretende durar, lógico que se verta ou pretenda verter para uma das cinco línguas mais usadas no planeta. Outra coisa é se seria mais ecológico (e intelectualmente inteligente) ensiná-la nas nossas escolas e usá-la em origem. A estas alturas do campeonato creio que deveríamos ser mais sensatos: aceitar o galego de base ortográfica castelhana neste território é compatível com tornar oficial o português, se querem, como língua distinta da galega, mas dando maiores oportunidades a esta sociedade. Porque ‘O Galego é uma oportunidade’, como diz o oportuno título do livro de J. Ramon Pichel e Valentim Rodrigues, um empresário da informática e um professor de línguas, porque a língua é a nossa vantagem competitiva como galegos e galegas, porque até a nossa sociedade espanholizada ou até a organização Galicia Bilingüe poderiam aceitar com entusiasmo que «el gallego es una oportunidad», como verificam os empresários da missão comercial no Brasil. Porque somos a ponte, o lugar onde o mundo lusófono e hispanófono se encontram, onde nasceu a língua conhecida internacionalmente como português, onde (por causa da nossa emigração) há uma profunda relação com o mundo hispano-americano que se expressa em espanhol. Por isso, sim, se o galego apêndice ortográfico do castelhano quer estar que esteja, e seja traduzido a outras línguas, inclusive à sua própria variedade internacional, mas uma porção qualitativamente significativa da cidadania galega, claramente in crescendo, já está descobrindo que pode consumir e inclusive produzir diretamente nesta. Reclamar a oficialidade do português na Galiza ao lado da outra, perante as instituições europeias, a Junta etc. pode ter sentido. Até o governo francês teve que encaixar as TV alemãs na Alsácia e mais o alemão na educação. A força desta inclinação é muito superior do que pensa o poder e a realidade económica está empurrando neste sentido. O que falta é a colaboração ou, quando menos, a convivência de todo o galeguismo. Isto inclui RAG e ILG. Por isso cumpre tender pontes e deixar o confronto. O que não supõe qualquer tipo de renúncia. Bem pelo contrário, é a estratégia mais rápida e efectiva para ganharmos todos sem verter sangue e dinheiro.

Tradución e literatura galega (I)*

MOISÉS BARCIA

Rinoceronte Editora / Pulp Books

Tentarei nas seguintes liñas presentar o que supón para Rinoceronte Editora o ámbito da tradución á lingua galega e como se insire nel. O primeiro trazo que desexaría salientar é o feito de que, a diferenza doutras editoriais, nós unicamente importamos, isto é, facemos unicamente tradución ao galego co desexo expreso de cubrir ámbitos lingüísticos nada ou escasamente atendidos. Hai sete anos cando se fundou Rinoceronte –tempos previos á crise– falábase algo así como dun ano espectacular para a edición ao galego dentro, claro está, das sempre modestas cifras en que nos manexamos. Daquela é certo que había unha aposta visible por ofrecer obras traducidas ao galego a partir do inglés, francés ou italiano, mais na nosa opinión era unha mágoa que habendo outros países pertencentes tamén á Unión Europea, caso de Finlandia ou Hungría por exemplo, cada vez máis preto nunca se fixeran traducións desde as súas respectivas linguas. De aí que en moitos casos Rinoceronte publicara a primeira tradución ao galego desde o islandés, finlandés ou o húngaro por citar tres exemplos. A idea consistía e consiste, pois, en proporlle ao lectorado galego unha ollada a novos textos, autores e xéneros e facelo desde a lingua galega.

Tal proposta comportaba a dificultade intrínseca de atopar profesionais da tradución desas linguas. É certo que é fácil atopar alumnado Erasmus deses países entre nós ou á inversa (alumnado galego neses países), mais unha cousa é ter uns coñecementos máis ou menos amplos dun idioma e outra ben distinta afrontar a tradución dunha novela coa calidade e sensibilidade literaria precisas. Por tanto, en moitos casos houbo

* Nota do editor: Texto elaborado con base na gravación da mesa redonda e que conta co visto e prace do relator.

que realizar un importante traballo de procura e exploración de xente que polos motivos que foren dispuxese dos coñecementos necesarios, o cal non está exento de dificultades ou peculiaridades. Por exemplo, o proxecto do primeiro libro que publicamos, *A casa das belas adormentadas*, logo de obtermos os dereitos sobre ela, estivo arrombado durante meses até que máis que atopar alguén que o traducise, foi Mona Imai, a primeira tradutora do xaponés ao galego, quen nos atopou a nós.

Por tanto, a vontade de Rinoceronte Editora tal e como dicimos na nosa páxina web é verter ao galego a mellor literatura do mundo (sáibase ver o xogo de palabras que tal afirmación agocha). Ora ben, Rinoceronte é a primeira, mais non é a única iniciativa en que está presente a tradución e o par lingüístico galego-outra lingua. Logo da experiencia da colección Inversa, cuxo funcionamento non foi todo o bo que desexáramos, potenciamos a idea coa creación do selo Pulp Books (www.pulpbooks.es) consistente en traducir obras xa publicadas en galego en distintas editoriais e que obtiveron o recoñecemento do público e/ou da crítica.

É certo que se traduce algo de literatura galega contemporánea, fundamentalmente ao castelán, mais é sempre por iniciativa dos editores foráneos, de modo que nos parecía interesante propor unha especie de canon da literatura galega moderna cara a outros ámbitos lingüísticos e culturais. Xogamos, ademais, coa literatura de consumo, rápida ou lixeira, por así dicir, e rachar dalgún xeito con esa imaxe de literatura galega como unha literatura saudosa ou moi vinculada á imaxe de Rosalía. Alén do castelán, algúns títulos saíran a outras linguas caso do catalán, o italiano, o xaponés ou o alemán. Serán obras que xa saíron no seu momento en castelán, polo que cabe apuntar a este respecto que levamos observando que ao tentar colocar autores galegos noutros dominios lingüísticos o feito de non haber tradución ao castelán provoca certa desconfianza.

Así pois, a cerna do noso traballo son as traducións desde ou cara á lingua galega. Neste segundo caso comentarei brevemente que traballamos con anticipos, mesmo antes de saber cales van ser as vendas, o cal constitúe un xeito de implicar o editor galego na promoción da obra. A maiores abóase o traballo de tradución para o cal sempre é posible poder optar a axudas a tradución (tanto galegas como de organismos estranxeiros) e, finalmente, cabe apuntar que unha vez feito todos estes pasos e co libro xa impreso, atopámonos co hándicap que supón a imposibilidade de non termos o autor en Galicia para contar coa súa presenza na presentación da obra, nin tan sequera amizades ou persoas do seu contorno que fagan bo ese contacto humano que ás veces é tan importante na promoción e venda dun libro.

Para o caso de Pulp Books en ocasións acontece algo semellante, mais tense dado o caso de haber xente que pense que somos un selo subsidiario de Xerais, por mor da esmagadora presenza de autores desta editorial, ou hai quen nos di que estamos a facer o labor promocional a outros selos, circunstancia que en absoluto nos importa. Vemos como algo positivo que se poidan establecer retroalimentacións e asemade xerar un beneficio mutuo. O que nos interesa en última instancia é a promoción da literatura do país, da súa lingua e da imaxe que destas se teña fóra de Galicia. Velaí a nosa aposta como empresa cultural galega.

Tradución e literatura galega (II)

MANUEL BRAGADO
Edicións Xerais de Galicia

1. Datos da tradución en galego

Sobre o contexto do panorama do conxunto da edición, coido que pode ser máis doado entender os datos da situación da edición en galego de obras traducidas doutras linguas. Vaíamos, primeiro con eles: desde 1991 a 2011 publicáronse 5804 títulos traducidos en galego, o que supuxo o 21,75% dos editados neste período (26 678), e que estimamos equivalentes a uns 5200 traballos de tradución. En 2011, último ano de que dispoñemos datos, foron 577 as traducións (a segunda maior cifra da historia da nosa edición, só superada polos 608 de 2010), dato que case quintuplica o de 1991, supoñendo a maior porcentaxe de traducións da historia da nosa edición (27,10%) con respecto á obra orixinal en galego. Ao longo destes vinte anos as traducións poucas veces chegaron a superar o 20% da obra editada, porcentaxe acadada xa en 1991. Ou noutras palabras, o número de traducións en galego, coa excepción dos dous últimos anos, aumentou mais non o fixo ao mesmo ritmo que o resto da edición.

Esta porcentaxe superior ao 20% debemos comparala coas da tradución en éuscaro, catalán e no conxunto do sector editorial en España, o que nos axudará a valorar máis acaidamente a saúde da nosa tradución. Así, en catalán (contabilizando, tamén, a edición feita en catalán de Valencia) no ano 2005, a porcentaxe de traducións foi do 18,6%, case idéntica á nosa, aínda que cuantitativamente daquela nos quintuplica (1757 títulos traducidos). Caso diferente é o de éuscaro, en que a porcentaxe das súas 474 traducións é dun 27,4%, o cal incrementa o 26,8% de 2004 e o 25,7% de 2003. Porcentaxe semellante ao do conxunto da edición española que nos últimos vinte anos tamén vén xirando arredor deste 25%. Dato que supoñería que de cada catro libros publicados en España, un sería traducido. Utilizando este criterio, a edición en galego

só chegou a unha porcentaxe semellante no último ano, o que aparentemente supoñería un certo nivel de normalización.

Mais non podemos quedarnos neses datos xerais sen afondar nos proporcionados polas linguas de orixe traducidas e pola tipoloxía temática das obras traducidas. No primeiro caso, convén salientar que en 2011 o 68,46% das nosas obras traducidas o foron desde o castelán, lingua que non é opaca en ningún caso para os lectores e lectoras en Galicia, e porcentaxe que é semellante no éuscaro, mais que case duplica a realizada no sector en catalán.

Outros dous datos significativos son os seguintes: a porcentaxe, moi próxima ao 50%, das obras traducidas do inglés no conxunto do sector español (en concreto no ano 2011 foi do 46,7%), que no caso galego, a pesar de acadar o 11,61% é, tamén, para nós a lingua estranxeira máis traducida (67 títulos), seguida do francés co 6,24% (36 títulos); e o fenómeno da tradución entre as linguas oficiais españolas, especialmente o catalán da que en 2011 se traduciron 1049 obras e do galego 118, das que 90 o foron ao castelán, 25 ao catalán e 3 ao éuscaro.

Con respecto á tipoloxía temática das obras traducidas, tanto en galego como en éuscaro, máis do 60% das traducións son libros de texto e de literatura infantil, o que é coherente coas características xerais do noso sector, alicerzadas sobre esta edición de carácter paraescolar. Tamén é salientable que a tradución de libros de ciencias sociais e humanidades supuxera en 2011 o 41,2%, o que deixa a tradución literaria por baixo do 20%, inferior ao 23,7% catalán e, sobre todo, do conxunto do sector editorial español, onde supón o 38%.

Chegados a este punto podemos concluír que o estado cuantitativo da tradución en galego é, a pesar dos avances dos últimos anos, carencial respecto do conxunto da edición en galego. Malia o crecemento experimentado nos últimos vinte anos, a porcentaxe de obras traducidas non acada os estándares doutros sistemas editoriais próximos, co importante condicionante de pivotar arredor da edición paraescolar, razón que explica que sexa o castelán a lingua máis traducida.

2. A tradución en galego, unha análise cualitativa

Desde as primeiras traducións realizadas polos membros da Xeración Nós na súa revista, o nivel de tradución para o galego sinalou a aspiración de modernización e normalización do noso sector editorial. Co renacemento da nosa edición moderna a

principios dos anos cincuenta, co funcionamento das coleccións Benito Soto de poesía e das edicións Monterrey e Galaxia, a tradución volveu recuperar este papel dinamizador. A malograda tradución d' *A musa alemá*, preparada por Celso Emilio Ferreiro ou as traducións-versións do teatro clásico de Cunqueiro cumpriron esta función.

Porén, foron as traducións das obras infantís catalás de Galaxia, editadas pola Galera a finais da década dos sesenta e promovidas por don Francisco Fernández del Riego, cando apenas existían títulos orixinais en galego (sete títulos, entre eles *Memorias dun neno labrego* e *A galiña azul*), as primeiras que podemos considerar como traducións comerciais. Esta colaboración catalá consolidábase na edición dos primeiros métodos para o ensino da lingua galega, realizados por Casals, en que se adaptaron métodos cataláns.

Con todo, teremos que agardar á renovación editorial que supuxo en 1979 a fundación de Edicións Xerais de Galicia, para contarmos coas primeiras coleccións galegas de literatura traducida. Foron, concretamente, tres series de literatura infantil: a dos álbums de Stevenson, os 20 títulos do Rato Pérez (contos clásicos traducidos desde versións en francés) e, sobre todo, a colección Xabarán de clásicos de literatura xuvenil, na que desde 1981 se levan publicados 71 títulos.

Durante case unha década, Xabarán foi o referente tanto da tradución en galego como da literatura infantil e xuvenil galega, que daquela aínda non contaba coas coleccións de lecturas graduadas como Árbore de Galaxia ou Merlín de Xerais. A colección xuvenil de Edicións do Cumio (onde se publicaron un par de obras de Roald Dahl) supuxo outro impulso para a nosa tradución de títulos dirixidos aos lectores mozos. A edición destas traducións, realizadas por tradutores non profesionalizados (a maior parte ou escritores ou profesores de lingua), cumpriu durante a década dos oitenta, pois, unha función substitutoria da creación orixinal galega.

A comezos dos noventa apareceron as primeiras coleccións de tradución literaria como Grandes do Noso Tempo de Xerais e a de Clásicos, coeditada pola Xunta de Galicia e a editorial Galaxia, ao tempo que se foron incorporando títulos traducidos con carácter ocasional ás coleccións de narrativa Medusa (Sotelo Blanco Edicións) e Narrativa (Xerais). Experiencias todas elas cun éxito moi discreto de lectores, salvo dúas excepcións: *O vixía no centeo* de Salinger e *Coma unha novela* de Daniel Pennac, ambas as dúas publicadas por Xerais. Ademais, a aparición das coleccións xuvenís Fóra de Xogo de Xerais, Costa Oeste de Galaxia e Periscopio de Edebé permitiron a publicación estable de traducións de textos contemporáneos.

Durante esta mesma década dos noventa, porén, produciuse a profesionalización da tradución para o galego, sobre todo a partir de 1991, co inicio da reforma educativa LOXSE e do decreto do uso do galego como lingua vehicular no ensino non universitario, que supuxo a tradución de numerosos manuais escolares das áreas de Coñecemento do Medio de primaria e de Xeografía e Historia e Ciencias da Natureza en secundaria, amais do comezo da publicación de obras de literatura infantil traducidas por parte dos selos galegos ou das delegacións de editoras radicadas fóra de Galicia.

Co novo século, coa profesionalización do sector da tradución (desde a consolidación da Asociación de Tradutores de Galicia até o funcionamento da Facultade de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo), a edición da tradución galega camiña cara á súa definitiva normalización. Novas coleccións específicas de tradución, como a serie De-liberacións de Xerais dirixida por Xulián Maure (en que se publicaron 10 títulos de clásicos do pensamento universal, onde hai enormes carencias), As-Literatas, tamén de Xerais, dirixida pola escritora María Xosé Queizán (con 15 títulos, a maior parte contemporáneos e todos eles escritos por mulleres) precederon a aparición en 2005 de Rinoceronte Editora, a primeira editora galega especializada en tradución. Cun catálogo, até agora de 68 títulos, organizados en sete coleccións (Contemporánea, Clásica, Vétera, Poesía, Bagaxe de Peto, Novela Gráfica e Audiolibros), Rinoceronte é un proxecto moi consolidado, ademais dun revulsivo constante para o conxunto do sector.

Así tamén o entendeu a Editorial Galaxia que desde 2005 vén realizando un importantísimo esforzo para incluír dentro da súa colección Literaria títulos de autores contemporáneos da importancia de Paul Auster, Anna Gavalda, Murakami ou Truman Capote, incluíndo cada ano máis dunha decena de traducións no seu catálogo; así o entende, tamén, Xerais, a editora que máis títulos ten publicados en galego até hoxe (máis de 300), que continúa incluíndo traducións nas súas diferentes coleccións literarias (Merlín, Sopa de Libros, Fóra de Xogo, Biblioteca Dramática Galega, Narrativa, As Literatas e Narrativa).

Particular importancia no desenvolvemento da publicación da nosa tradución tivo a colección Biblioteca Galega de Clásicos Universais, corenta títulos coeditados en 2005 por *La Voz de Galicia* e sete editoras galegas xunto coa Biblioteca Virtual Galega (experiencia pioneira na edición dixital), que permitiu edicións cunha tiraxe media de dez mil exemplares.

Máis recentemente apareceron outros proxectos editoriais especializados en tradución, tal é o caso da editora Hugin e Munin que no seu primeiro ano leva publicados oito títulos de carácter literario. Nacida coa intención de achegar ao mercado galego oito

títulos anuais de literatura estranxeira de prestixio, empregando un modelo de distribución semellante aos dos clubs de lectores. Bukowski, Twain, Arthur C. Clark, Morand ou Russel son os primeiros autores dun proxecto editorial moi prometedor.

No eido do ensaio nas ciencias sociais, Editora 2.0, desde 2009 vén ampliando a oferta de traducións para o galego, así como Netbiblo, que foi a editora galega que máis títulos publicou en 2011.

3. Problemas e retos da tradución en galego

Tras todo o expresado e a xeito de conclusión, propoño para animar o debate as seguintes conclusións:

– A tradución en galego presenta carencias cuantitativas con respecto ao conxunto da edición en galego, xa que está alicerzada en exceso sobre o libro de texto, a literatura infantil e xuvenil e os textos publicados orixinalmente en castelán. Cumpriría publicar máis traducións literarias (tanto de textos clásicos como contemporáneos), ensaísticas e divulgativas dunha maior diversidade de linguas de orixe.

– O reducido das nosas tiraxes medias de títulos literarios (entre 1000 e 1500 exemplares nos de narrativa) dificulta as posibilidades do editor á hora de realizar negociacións viables de adiantos internacionais.

– As axudas para o pagamento das traducións, proporcionadas pola Consellaría de Cultura, que poden chegar a cubrir até o 70% do seu custo, son xa insuficientes para o número de títulos traducidos publicados nos dous últimos anos.

– A tradución de textos literarios en galego, que se incrementa de forma importante nos cinco últimos anos, debe vencer o prexuízo aínda existente entre lectores, libreiros e mediadores (crítica, bibliotecarios e profesorado) sobre a existencia de textos traducidos suficientes na nosa lingua.

– A calidade actual das traducións e da súa edición é homologable á dos sistemas literarios do noso contorno.

– Contamos, por vez primeira na nosa historia, cun cadro de tradutores e tradutoras moi ben formado que abrangue unha ampla diversidade de linguas. Recentes primeiras traducións de textos traducidos desde o serbo-croata, o xaponés, o noruegués ou o finés así o demostran.

OQO editora: un camiño de ida e volta

EVA MEJUTO

OQO editora

Os contos acompañan o ser humano desde que ten palabra. Transmitíronse de xeración en xeración para dar sentido á existencia. Axudaban a explicar o mundo, a combater o frío e o medo, a coñecer outros mundos e, así, entender o propio. Foron canle de transmisión de valores, de lingua, de cultura. Viaxaron polo mundo, mudando e transformándose segundo os lugares e as épocas, as ideoloxías... mais sempre satisfacendo a necesidade de sermos acubillados coa compañía dunha boa historia.

O nacemento de OQO hai sete anos (sete, un dos números de maior carga simbólica nos contos) aposta por recuperar este espírito, por seguir crendo e creando CONTOS DE NUNCA ACABAR.

Desde a recuperación da tradición oral de distintos países, ata a creación contemporánea nos eidos literario e plástico, en OQO procuramos que os contos, en forma de álbum ilustrado, sexan un punto de encontro de distintas culturas. Así, contos, autores e autoras, ilustradores e ilustradoras de cinco continentes conviven e conflúen nun espazo de creación que parte, á súa vez, de Pontevedra cara a boa parte do mundo.

Partindo do galego, en edición simultánea co castelán, os álbums de OQO teñen un primeiro percorrido en Galiza, no Estado español e en países castelanfalantes (principalmente México, Arxentina, Chile, Colombia e os EUA). A nivel de tradución, esta situación presenta xa un grao de dificultade engadida, que é a convivencia en distintos espazos xeográficos con diferentes variantes lingüísticas. Aínda que o criterio de tradución sexa a do Estado español, sempre procuramos andar con tino e evitar léxico e expresións excesivamente locais, que poidan ser dificilmente entendibles por crian-

zas doutros países ou mesmo ofensivas. Ler ou escoitar «culo» ou «culito» nun conto infantil resulta habitual para o público español mais altamente ofensivo, por exemplo, para o mexicano. Non reparar nisto nalgunhas das nosas obras provocou que algúns dos títulos do catálogo de OQO quedasen directamente excluídos das canles de comercialización dalgún país. Sen chegar a eses extremos, outro exemplo na mesma liña é que traducir o substantivo «cagainas» do orixinal galego (da obra *A bruxa regañadentes*) por «caguetas», fixo que distribuidores de México considerasen a obra non apta para o mercado escolar mexicano, por contar cun léxico alleo ás crianzas do país. Cando os gobernos de Colombia, Chile, Arxentina ou México mercan os nosos libros para as escolas do país, piden sempre faceren unha edición propia, adaptando o léxico.

As dificultades de chegar a outros mercados non só radican no texto e na variante lingüística escollida senón tamén en aspectos das ilustracións, xa non no estilo, técnica, grao de figuración, cores..., que tamén, senón na propia representación dos personaxes. Un mercado tan conservador coma o dos EUA censura a entrada de imaxes en que se vexan dúas persoas bicándose (e máis se son do mesmo sexo), fumando (malia ser a pipa dun vello mariñeiro) ou unha crianza espida (que pode ser considerada pornográfica, obviamente segundo os mediadores que seleccionan que é ou non axeitado para o público infantil). Temas como a morte, o sexo, a homosexualidade tampouco son vistas con moi bos ollos dentro dos libros para os máis pequenos nalgúns espazos xeográficos mais, obviamente, isto non condiciona a nosa escolla de temáticas e estéticas para os álbums ilustrados. Se entendemos que o conto é unha das formas que teñen as crianzas para entender o mundo, non ten sentido eludirmos temáticas tan importantes como as citadas.




Ilustración da obra Titiritesa.

Edición propia noutras linguas


O segundo percorrido dos nosos libros pasa por unha tradución ao francés, portugués e inglés, que se fai desde o equipo de edición de OQO, para distribuírmos directamente en Portugal, Francia e países de fala inglesa. Esta vía pode ser explorada por unha particularidade que en moitas ocasións pasa desapercibida polo público xeral e mesmo polo propio sector, que é a edición propia. Unha editora pode ou ben traducir contidos publicados previamente noutras linguas, que é o máis habitual nos álbums ilustrados (máis do 80% dos que vemos nas librarías), ou ben facer o traballo desde o inicio: seleccionar e acompañar o texto e a imaxe en todo o seu proceso. Esta segunda opción implica máis traballo e un custo maior, mais realmente é a que nos permite termos unha liña editorial ben definida e apostar polos temas e estilos literarios e plásticos nos que cremos. Tamén permite a posibilidade de crear un «produto cultural exportable», por levalo a termos comerciais, isto é, traducilos nós directamente ou ben coeditálos ou vender os dereitos para outros países. Deste modo, decidimos publicar directamente en portugués para o mercado lusófono. Nun primeiro momento pensamos que coa mesma edición e unha tradución única podíamos abranguer Portugal e Brasil, despois da nova normativa, mais a realidade manifestou que non era posible (ou polo menos non era doado). Os distribuidores de Brasil non aceptaban os nosos álbums se non contaban con tradución propia para o país, e optamos por coeditar cunha editora brasileira (Editora Positivo) que partiu directamente da lingua de orixe para a tradución propia.

Un caso semellante acontece co inglés, aínda que non de modo tan rotundo. O noso tradutor é dos EUA, mais sempre procura que o seu traballo sexa o máis neutro posible para que non resulte estraño ás crianzas de Australia ou Reino Unido, por exemplo.

No caso do francés, traballamos regulamente con varias tradutoras, todas elas francesas e moitas delas viven en Francia. Este matiz é importante porque a chegada ao mercado francés (un dos máis importantes do mundo no eido do álbum ilustrado) dunha editora galega que decide traducir ao francés directamente as súas obras foi vista polo sector, no inicio, como unha ousadía. O sector libreiro, bibliotecario, docente e da crítica miraban con lupa o traballo que estabamos a facer, especialmente no que ten a ver coa tradución, na procura de erros ou imprecisións. Superada a proba inicial da edición e as susceptibilidades primeiras, os álbums de OQO conviven en harmonía cos de produción francesa, mesmo gañando premios do público (docentes e crianzas) e da crítica.

Coedicións e venda de dereitos

Nun terceiro camiño, a tradución do catálogo de OQO a outras linguas prodúcese a través das coedicións. Nestas viaxes polo mundo, levando e traendo contos, imos atopando compañía de editoras con que compartimos un mesmo modo de entender e amar os álbums ilustrados. Nestes casos, en vez de editar directamente nunha lingua, xuntámonos cunha editora local que asume no seu catálogo o noso traballo de edición. Nesta liña de colaboración, en Pontevedra asumimos a edición, e desde as editoras estranxeiras a tradución e comercialización (a primeira sorpresa sempre é descubrir que hai traballo editorial no Estado español fóra de Madrid e Barcelona). Así, os nosos álbums falan polaco na editora Tako, neerlandés en Tectum, éuscaro en Txalaparta, italiano con Logos e portugués de Brasil con Positivo.



Portada das distintas versións de Cocorico, con textos de Marisa Núñez, e ilustracións de Helga Bansch, a partir dun conto tradicional birmano.

A estas coedicións habería que sumar cando lles vendemos os dereitos de edición e tradución a editoras de países como China, Xapón, Corea, Turquía ou Rusia. Neste caso son as propias empresas as que traducen, publican e comercializan as nosas obras.

Neste mar de linguas danse ás veces casos ben particulares, como o de termos un conto tradicional portugués adaptado en galego na primeira edición, traducido posteriormente ao portugués e editado, a través da venda de dereitos, en Xapón, o que o converte no primeiro conto tradicional portugués editado en xaponés (e por unha editora galega!)

Un dos casos máis curiosos deuse co *Gran libro dos retratos de animais* do croata Svjetlan Junakovic, que primeiro foi editado en galego (as editoras de Croacia non confiaron, de inicio, na obra, que consideraban moi arriscada) e só despois de gañar o Premio da Feira de Boloña coa edición galega de OQO, os editores do seu país decidiron apostar por unha edición na súa propia lingua.

Ás veces, nun álbum dialoga unha historia tradicional africana, con adaptación literaria dunha galega, e ilustración dunha iraniana, e posteriormente tradúcese a máis de dez idiomas distintos. Para nós, ese é o verdadeiro espírito do conto, a maxia que permite que unha mesma historia sexa gozada, que transmita e emocione de igual modo a crianzas que viven tan afastadas mais que, no fondo, comparten a mesma necesidade de acubillo, de coñecer e entenderen o mundo lendo, escoitando, imaxinado...



Portada das distintas versións de *Corre corre cabaciña*, con textos de Eva Mejuto, e ilustracións de André Letria, a partir dun conto popular portugués.

A interpretación de conferencias e a planificación de linguas en situacións de diglosia

ROBERT NEAL BAXTER

Universidade de Vigo

1. Introducción

Existe desde xa hai certo tempo un interese por parte de quen investiga no campo da tradutoloxía polas diferentes maneiras en que a tradución funciona como fenómeno social e o seu potencial como ferramenta de normalización lingüística para linguas en situacións de desigualdade. Pouco se leva escrito, no entanto, polas razóns que veremos a continuación, sobre o correspondente papel da interpretación, que se pode considerar un tipo de tradución oral con características propias que a tornan especialmente propicia para o realce simbólico do status.

Desde o punto de vista puramente teórico, resultaría talvez preferíbel falar no caso que nos ocupa de «planificación do prestixio» segundo Haarmann (1990) para ligar o proceso directamente coa situación diglósica en que se achan linguas subordinadas como o galego. Optamos, porén, por manter o termo máis familiar de «planificación de status» fronte á «planificación de corpus» (Kloss 1969; Haugen 1983: 275) ao resultar máis familiar, sen alterar substancialmente o marco teórico xeral.

Este artigo analiza principalmente o potencial da interpretación, especialmente na modalidade específica de interpretación de conferencias, nos procesos de planificación do status («normalización»), mais tamén repasa o papel que desempeña a interpretación como un factor que axuda a garantir o pleno exercicio dos dereitos lingüísticos.

2. Definicións preliminares

Antes de máis, resulta útil esclarecermos unha serie de conceptos chave, nomeadamente a terminoloxía referida ás linguas habitualmente denominadas como «minoritarias» e as súas implicacións e unha definición da interpretación, sobre todo a respecto da tradución, e un breve percorrido polos seus diferentes tipos e modalidades.

2.1. Linguas «minoritarias»

Cómpre apuntar que o termo habitual «lingua minoritaria» reviste unha certa complexidade espazo-temporal (Cronin 1995: 86-87), non exenta de ambigüidades e mesmo usos contraditorios, xa que se pode usar tanto para describir linguas endóxeas minorizadas (por exemplo, o galego) como o caso moi disimilar das linguas faladas por minorías procedentes da inmigración, por exemplo, o árabe magrebí na Francia. Ademais, descartamos o epíteto «minoritario» para describir casos como o galego, por non ser esta unha lingua numericamente minoritaria dentro do seu propio territorio ao se contabilizaren tanto @s falantes activ@s como @s pasiv@s. Para evitar tales equívocos, desde hai varios anos no ámbito galego se encontra habitualmente o termo «minorizada» (Fernández Rei e Santamarina Fernández 1999) para recalcar o feito de se tratar dun proceso do que é obxecto a lingua en cuestión, máis do que un simple trazo matemático.

Tamén no campo da investigación tradutolóxica se acuñaron varias alternativas para resaltaren aspectos concretos das linguas en cuestión, por exemplo «linguas menos traducidas» (Branchadell e West 2004). Unha vez máis, no entanto, trátase dun termo que se pode aplicar a casos como o galego, mais tamén a casos moi disimilares de linguas nacionais plenamente normalizadas que se traducen con menos frecuencia, en contraste coas linguas internacionalmente dominantes (sobre todo o inglés). Pasa algo similar cos termos «linguas menos estendidas» ou «menos faladas» que poden ser aplicados a linguas cun número reducido de falantes sen proxección como lingua de uso internacional, mais nunha situación sociolingüística interna estábel, tal é o caso do húngaro (Tóth 1991: 121).

Nós achamos preferíbeis os termos «linguas subordinadas» ou «dominadas» (Baxter 2006) para tornar patente a relación eminentemente ideolóxica que existe entre elas e as súas respectivas «linguas dominantes».

Existe unha gran variabilidade canto á situación legal das linguas subordinadas dentro do ámbito europeo. O marco xurídico mesmo pode mudar para unha mesma lingua

dun Estado para un outro, desde un certo amparo legal dentro dun determinado territorio (galego, vasco, catalán no Estado español), até unha falta total de recoñecemento de calquera tipo de (co)oficialidade (vasco, catalán ou bretón no Estado francés), chegando, en casos extremos, a unha actitude belixerante. Tomaremos, pois, como definición de partida a que recolle o artigo 1 da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias:

pola expresión «linguas rexionais ou minoritarias» entenderanse as linguas: i) faladas tradicionalmente nun territorio dun Estado por nacionais dese Estado que constitúen un grupo numericamente inferior ao resto da poboación do Estado, e ii) diferentes da(s) lingua(s) oficial(is) do Estado; non inclúe os dialectos da(s) lingua(s) oficial(is) do Estado nin as linguas dos inmigrantes. (Consello de Europa: 1992)

Polo seu potencial nos procesos de normalización de status, interésannos máis especialmente aquí casos como o do galego, onde existe unha clara situación diglósica (Ferguson 1959), isto é, un desequilibrio entre os ámbitos de uso formais reservados para as linguas de alto prestixio (o español) fronte ás de prestixio baixo (o galego). Cabe recalcar, alén diso, que a existencia dun recente uso ritualizado do galego en determinados ámbitos formais tradicionalmente circunscritos ás linguas de prestixio non altera a situación sociolingüística de prestixio no seu conxunto, senón que esta fica en termos globais dentro da definición da diglosia, aínda sen se conformar exactamente ao modelo tradición *stricto sensu* (Loureiro-Rodríguez 2007).

É importante sinalar que esta asimetría sociolingüística fica consagrada na máxima lei do Estado, onde o artigo 3 da Constitución española¹ establece unha distinción legal fundamental entre o dereito a seren usadas as linguas cooficiais nos seus respectivos territorios e o deber de toda a cidadanía de coñecer o español. Isto implica que tod@s @s cidadá(n)s galeg@s, vasc@s, catalá(n)s e valenciá(n)s son –cando menos en teoría ante a lei– funcionalmente bilingües, mentres que o resto da cidadanía do Estado só coñece o español, paradoxo que ten a ver coa propia concepción do Estado-nación: «The notion that the inability of minority language speakers to communicate adequately in the majority language is a «problem», while the inability of majority-language speakers to express themselves in a minority language is not a «problem» also reflects a recent nation-state conceptualisation» (Joseph 2006: 292).

¹ Texto completo dispoñíbel en liña: <http://www.tribunalconstitucional.es/es/constitucion/Paginas/ConstitucionGallego.aspx>

Na práctica, isto significa que optar por incluír o galego como lingua de traballo nun contexto onde se conta con interpretación simultánea sempre é froito dunha decisión política dentro do marco da planificación lingüística, ao existir unha «lingua común» *de iure*. Á súa vez, este factor tamén explica os avatares da presenza do galego en tales situacións conforme coas mudanzas na Xunta o cal se analiza máis detalladamente a continuación.

2.2. Interpretación oral vs. tradución escrita

Este artigo céntrase exclusivamente na interpretación de linguas, aínda que a definición que establecemos tamén sería aplicábel *mutis mutandis* á interpretación de signos: trátase dun proceso onde unha terceira persoa allea á situación comunicativa de partida intervéñ para facilitar a comprensión entre dúas partes que, *a priori*, non partillan a mesma lingua.

No entanto, volvendo ao que se dixo anteriormente, tamén é certo que ás veces algunha das partes si entende a lingua da outra, e non só nas situacións de bilingüismo forzoso como o galego, mais tamén no caso de linguas «internacionais» como o inglés. Así pois, cabe matizar desde o principio ao remarcar que a posta en escena dunha situación de interpretación non responde necesariamente a problemas de incomprensión relacionados coa capacidade lingüística das partes implicadas, senón tamén coas súas preferencias e o respecto dos seus dereitos lingüísticos.

Existe unha serie de diferenzas importantes entre a tradución e a interpretación a varios niveis (Alonso Bacigalupe 2009: 16-18), desde a función comunicativa do texto orixinal (TO) fronte ao texto traducido (TT), a resolución *ad hoc* de problemas e a situación en que se desenvolve a actividade, até a propia oralidade ausente no caso da tradución escrita etc.

Ora ben, para os obxectivos que nos marcamos neste traballo, pódese considerar a interpretación como un tipo específico de tradución oral con trazos propios: «Interpreting is regarded here as translational activity, as a special form of Translation (the capital initial is used to indicate that the word appears in its generic, hyperonymic sense)» (Pöchhacker 2004: 9).

Existen, porén, varias modalidades de interpretación que cómpre coñecer para entender mellor a posición que ocupa a interpretación de conferencias e o potencial papel específico que esta pode desempeñar nos procesos de normalización lingüística para linguas en situacións de diglosia. Aquí adaptamos a tipoloxía de Pöchhacker (2004: 13-21):

a. O contexto social en que se desenvolve:

- Interpretación de negocios
- Interpretación legal (para os tribunais etc.)
- Interpretación para os medios de comunicación (radio e televisión)
- Interpretación médica
- Interpretación para os servizos públicos

b. O tipo de interacción:

- Interpretación bilateral (entre dúas partes)
- Interpretación de conferencias (incluídas as institucións internacionais)
- Interpretación parlamentaria

c. Técnica:

- Interpretación consecutiva
- Interpretación simultánea
- Interpretación murmurada (*chuchotage*)
- Híbridos (consecutiva simultánea e simultánea consecutiva)

d. Dirección lingüística:²

- Directa (B→A)
- Inversa (A→B)
- *Relay* (lingua Ø→(B)→A)

Tende a existir un certo grao de coincidencia entre varios destes factores. Por exemplo, a interpretación para os servizos públicos adoita facerse no modo bilateral e de xeito ambidireccional (A-B e B-A), mentres que a interpretación de conferencias vai asociada case sempre á técnica de simultánea, traballando sempre cara á lingua A no caso das institucións internacionais mais tamén de xeito ambidireccional no mercado *freelance*. Este artigo céntrase na interpretación de conferencias, non por ser intrinse-

² Lingua A: Principal lingua de traballo, habitualmente –mais non necesariamente– a ‘lingua materna’ (no noso caso, o galego e/ou o español); Lingua B: principal lingua estranxeira; Lingua C: outra linguaestranxeira, habitualmente só de uso pasivo. Cada intérprete pode ter varias linguas A, B e/ou C. Relay: Trátase de interpretar desde unha lingua que se descoñece utilizando a interpretación desde esa lingua para unha lingua coñecida como lingua ponte. Por exemplo un/intérprete que non coñece o húngaro mais si o inglés pode interpretar desde o húngaro para o galego mediante a interpretación húngaro-inglés.

camente un tipo de interpretación máis difícil que calquera outro, senón polo feito de se empregar en contextos de alto prestixio (congresos, conferencias internacionais etc.) que, xunto con outros elementos simbólicos como o uso dun equipamento técnico especial (cabinas, consolas, auriculares...), outorga a este tipo de interpretación unha relevancia destacada como ferramenta potencial para o realce do status de linguas de baixo prestixio como o galego dentro do marco global dos procesos de normalización lingüística.

3. Mudanzas políticas e interpretación en lingua galega

Tal e como indica Joseph (2006: 40), os avatares do mercado da tradución e da interpretación reflicten as sucesivas mudanzas políticas e cambios de goberno. Esta observación fica aínda patente no caso de linguas que contan con sistemas de planificación de arriba-abaixo (Kaplan 1989), como por exemplo o galego (Baxter 2004), onde a Xunta ten unha responsabilidade legal directa na planificación lingüística a través da Secretaría *Xeral de Política Lingüística* (SXPL). Resulta, pois, interesante comprobarmos até que punto as mudanzas de goberno na Galiza afectan o mercado da tradución e da interpretación en lingua galega.

3.1 O contexto histórico-político

Os altibaixos do mercado da tradución/interpretación en lingua galega, entendido como un sector en que inciden directamente polas políticas lingüísticas institucionais, véñse afectados en función da orientación de cada goberno da Xunta en canto á promoción do galego.

Pódense distinguir tres fases principais na historia recente máis sobranceira no que se refire á política lingüística dentro do marco institucional do sistema autonómico: o período presidido por Manuel Fraga Iribarne (1989-2005); o goberno bipartito formado polo BNG e o PSOE (2005-2009); e o actual goberno coa renovada maioría absoluta do Partido Popular, liderado por Alberto Núñez Feijóo (2009-presente).

Malia avances importantes a respecto do período anterior da ditadura española (García Negro 1991: 235-347), sobre todo coa aprobación da Lei de normalización lingüística de Galicia do 15 de xuño de 1983,³ o primeiro período caracterizouse pola política de

³ Texto completo dispoñíbel en liña: <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.xral-2.pdf>

laissez-faire coñecida como «bilingüismo harmónico» que non fixo outra cousa, na práctica, que consolidar a situación diglósica xa existente, ao non perseguir unha promoción activa da lingua galega, e incumprindo sistematicamente o *Plan xeral de normalización da lingua galega*. As consecuencias son as que recolle o *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*: perda substancial de persoas que declaran ter o galego como primeira lingua de uso (caída de 51,3% a 20,6% entre 1992-2004) fronte ao aumento do español (suba de 13,6% a 36,2%) nas persoas máis novas (entre 15 e 24 anos). Asemade, o uso do galego foi diminuindo claramente nos centros urbanos (40% de falantes monolingües do español en 2004), mais tamén recuando no seu tradicional bastión das zonas rurais (González González 2007). En definitiva, a política lingüística seguida neste período non serviu para frear ou «inverter o declive lingüístico» (Fishman 1991; 2001), senón para exacerbar a situación provocada polo desequilibrio de prestixio entre o español e o galego (diglosia).

O goberno bipartito esforzouse (sobre todo desde a parte que correspondía ao BNG) por pór en marcha políticas dirixidas a promoveren a lingua galega en todos os ámbitos, cunha énfase moi especial no ámbito educativo pola importancia que reviste para a recuperación da lingua (Joseph 2006: 38), sobre todo coa aprobación do Decreto 124/2007, do 28 de xuño⁴ que establecía a paridade entre o galego e o español na etapa da educación obrigatoria e a creación da rede pública de centros infantís (Galescolas). Para alén de máis, ao longo do ano 2007, varios departamentos da Xunta vincularon a concesión de axudas públicas ao uso do galego (Galicia Bilingüe 2008).⁵ A política do goberno bipartito tamén incluía liñas de axuda específicas para a tradución escrita en lingua galega e tamén, desde os departamentos do BNG, se apostou por incluír o galego como lingua de traballo principal en eventos de alto prestixio como, por exemplo, a visita do cineasta Ken Loach (20/06/2007) ou o político palestino Mustafa Barghouti (26/05/2008) a Compostela, invitados pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Cabe recalcar que a inexistencia dunha política específica relacionada coa interpretación non é inusual e está relacionada co feito de a tradución escrita se ligar habitualmente ao campo da produción literaria como ilustra a influencia da teoría dos polisistemas comentada máis adiante, de modo que se inclúe habitualmente o sector da edición na planificación lingüística.

A campaña electoral de 2009 foi marcada de xeito notorio pola cuestión da lingua, ao xurdir neste momento con máis forza a alegación de o goberno bipartito tentar «impor»

⁴ Texto completo dispoñíbel en liña: http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.ED_5.pdf

⁵ A referencia remite a un artigo publicado na prensa.

o galego. O novo período, con Anxo Lorenzo Suárez á cabeza da SXPL, indicou unha mudanza de rumbo importante a respecto do interludio do bipartito, anunciando unha política baseada no «bilingüismo cordial» que, lonxe de recuperar sen máis a tradición do primeiro período do Partido Popular, supuxo unha reacción importante en materia lingüística, co desmantelamento da rede de Galescolas e a derogación case inmediata do decreto sobre a paridade lingüística no sistema educativo. A pesar da oposición masiva da cidadanía e de organismos representativos, a Xunta seguía adiante coa imposición do denominado Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia,⁶ que restrinxe o uso do galego e prohíbe o ensino de determinadas materias de alto prestixio, p.e. as matemáticas, en lingua galega. Como é lóxico supor, o ámbito da tradución non ía ficar alleo a todas estas mudanzas relativas á promoción e normalización da lingua galega.

3.2. Repercusións cuantitativas

Ao se trataren de dúas actividades intimamente ligadas, aínda que non existiron subvencións directas para a interpretación en galego, pódense tomar as cifras relativas ás axudas para a tradución escrita como indicativas da evolución da situación:

En 2007, o goberno bipartito adxudicou 95 700 € á tradución en lingua galega, cantidade que subiu a 104 300 € o ano seguinte, o que representa un aumento anual de 8,98%. No entanto, lonxe de seguir aumentando ou mesmo de experimentar un estancamento ou lixeiro descenso, esta liña de axuda desapareceu totalmente no primeiro ano do novo goberno do Partido Popular. Após unha serie de protestas, sobre todo desde o sector do libro, anunciáronse novos paquetes para 2010 (15 000 €), 2011 (20 000 €) e 2012 (84 000 €), reservando 54 000 € de xeito provisional para o vindeiro 2013.

Non sería razoábel agardar que a cantidade de diñeiro destinada á tradución en lingua galega seguise a crecer de xeito exponencial *ad infinitum* ano tras ano. Mais, aínda así, o seguinte gráfico (fig. 1) indica até que punto as axudas seguen a caer moi por debaixo da tendencia inicial marcada polo anterior goberno bipartito dun xeito que non se explica pola actual crise económica e as políticas de «austeridade» que se plasman en recortes institucionais en todo o que sexa de interese público.

⁶ Texto completo dispoñíbel en liña: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100525/Anuncio196D2_gl.pdf




Fig. 1. Evolución das axudas económicas para a tradución en lingua galega.

Do mesmo xeito, os apoios gobernamentais para a interpretación en lingua galega minguanon substancialmente até o punto de se tornaren case inexistentes. É relativamente fácil, aínda que laborioso, cuantificar de xeito aproximado os fluxos tradutivos para un período determinado mediante a contabilización do número de obras traducidas publicadas. Grazas aos traballos deste tipo da man de Constenla Bergueiro e Luna Alonso (véxase a bibliografía) sabemos como foi evolucionando este sector entre 1998 e 2008.

Resulta, porén, máis complexo achar datos cuantificábeis no ámbito da interpretación. Esta dificultade responde a varios factores: en primeiro lugar, a diferenza da tradución escrita, a interpretación, pola súa propia natureza, non deixa un rastro permanente de xeito sistemático como non sexa a existencia puntual de gravacións de moi difícil acceso; en segundo lugar, non existen cifras oficiais relativas ás linguas empregadas en eventos organizados, patrocinados ou financiados polos organismos públicos, nin axudas directas, tal e como xa apuntamos; finalmente, tanto as axencias e outros intermediarios como as propias persoas que se dedican profesionalmente á interpretación son moi reticentes a permitiren que se acceda aos seus datos.

No entanto, a xeito indicativo, foi posíbel analizar as facturas correspondentes a dous intérpretes profesionais cualificados para traballaren tanto co galego como co español para o período 2002-2011, abarcando, por tanto, os tres períodos chave antes descritos. Cómpre esclarecer que, aínda que os datos recollidos só corresponden a dous intérpretes profesionais e, por tanto, non son estatisticamente relevantes en termos absolutos, cabe contrapor o tamaño reducido da mostra coa dificultade que entraña acceder a este tipo de datos (de feito, non existe ningún estudo publicado ao respecto) e tamén contrastando co facto de a Asociación Galega de Profesionais da Tradución (AGPTI), única asociación profesional no seu xénero na Galiza, recoller un total de

tan só 19 intérpretes que nas súas listaxes indican o galego como lingua de traballo, algúns e algunhas cunha experiencia profesional menos extensa que os tres períodos que nos interesan aquí. En todo o caso, a imaxe que se tira desta análise fica corroborada pola miña experiencia persoal como intérprete profesional, aínda que os meus datos ficaron fóra da análise para evitar distorsións, ao non contar co español como lingua activa de traballo.

Unha primeira apreciación dos datos relativos ao número total de horas traballadas por ano (fig. 2) e as porcentaxes anuais é reveladora do que Díaz Fouces (2005: 8) caracteriza como «unplanned planning» («[política de] planificación non planificada»). Neste respecto, tamén se debe ter en conta que o único centro que dispensa unha formación en interpretación en lingua galega é a Universidade de Vigo, coa primeira promoción en 1996, polo que o mercado padecía unha falta de profesionalización até este punto (Alonso Bacigalupe 2010; Alonso Bacigalupe / Cruces Colado / Mascuñán Tolón 2004: 25). A formación específica que proporciona a Universidade de Vigo neste ámbito axudou de xeito directo a profesionalizar o mercado grazas á creación en 2001 da AGPTI por un grupo de antig@s alumn@s (Pegenaute 2005). Esta asociación tamén marca entre os seus obxectivos estatutarios: «Promover o uso da lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos».⁷ Hoxe por hoxe, pois, non existe ningunha razón ou pretexto referido á capacidade profesional d@s intérpretes que traballan co galego para vetar a presenza desta lingua en calquera evento que contar cun servizo de interpretación.

Cabe remarcar que, aínda sendo errática a presenza do galego, varias organizacións ligadas ao nacionalismo e á promoción do idioma utilizaron a lingua de xeito sistemático nos seus eventos internacionais durante o primeiro período (1989-2005), tanto en sentido directo como inverso co fin de evitar que as persoas galegofalantes mudasen ao español como lingua franca para se dirixiren a participantes de países hispanofalantes (Baxter 2008).

Os datos indican unha melloría global da situación durante o período do goberno bipartito (2005-2009), seguida dunha tendencia claramente á baixa coa entrada no novo goberno do Partido Popular en 2009.

En termos xerais, o galego representa algo máis dun terzo (36,3%) do volume total de traballo calculado con base no número de horas traballadas no período analizado.

⁷ Texto completo dispoñíbel en liña: http://www.agpti.org/web/uploads/documentos/arquivo/4f965f423ba6c-agpti_estatutos_2012pdf.pdf




Fig. 2. Horas totais




Fig. 3. Porcentaxes anuais relativas

No entanto, a tendencia á baixa a partir de 2009 tórnase moito máis clara ao comparar o número de eventos en que se utilizou o galego (fig. 4), onde o galego representa só un cuarto (24%) do total para o mesmo período. Neste caso, ambas as linguas demostran unha curva similar á baixa, indicativa dos recortes globais dentro da política de «austeridade», mais, en termos absolutos, a tendencia afecta o galego de xeito máis agudo que ao español, ao contar cun punto de partida máis baixo.




Fig. 4. Número de eventos

Segundo revelan as facturas analizadas, a caída rexistrada na presenza do galego explícase principalmente polo feito de seren os principais clientes que optan por usaren o galego case en exclusiva os sindicatos nacionalistas (SLG e CIG), organizacións nacionalistas (BNG, Fundación Galiza Sempre, concellos con maioría nacionalista), para alén de determinadas institucións públicas ou entidades que dependen do financiamento público, todas elas afectadas polos recentes recortes económicos.

Por outra banda, a presenza do galego como lingua de traballo en eventos que contan cun servizo de interpretación é case nula no mercado privado, con tan só 1 evento rexistrado no decenio analizado.

A tipoloxía da clientela que recorre ao galego como lingua de traballo, predominantemente quer o sector público directamente, quer asociacións e outros organismos que dependen en maior ou menor medida de axudas públicas para financiaren eventos internacionais, inevitabelmente condiciona a temática que se adoita interpretar en galego, coa súa exclusión total en determinados ámbitos de alto prestixio como, por exemplo, a medicina (Currais Arcay 2010: 132), indicativo, máis unha vez, da situación diglósica.

En definitiva, aínda sendo moi cativa a mostra da análise cuantitativa realizada, os datos tenden a confirmar o que, de xeito intuitivo, expresan informalmente entre si as persoas que se dedican profesionalmente á interpretación de conferencias na Galiza e en galego, non só @s propi@s intérpretes, mais tamén as axencias e outras partes implicadas, isto é: tras un primeiro período de uso errático nun mercado carente de profesionalización, o uso do galego pasou por un breve período de promoción cun notábel aumento do seu uso nos eventos internacionais durante o goberno bipartito, para logo volver decaer a niveis estrepitosamente baixos coa primeira lexislatura do novo goberno do Partido Popular. Para alén de máis, ao longo deste período o uso do galego ficou –e fica– restrinxido a eventos dunha serie de temáticas determinadas (lingua, agricultura, pesca, sindical...) e excluído doutros ámbitos de maior prestixio (ciencias de todo tipo).

Cómpre engadir que, hoxe por hoxe, se está a marcar unha nova tendencia canto ao uso do galego, limitándose cada vez máis a discursos protocolarios de presentación, abertura e clausura desde o galego para as linguas de traballo do evento en cuestión, sen ningunha provisión para a interpretación de calquera outra lingua cara ao galego, aproveitando a situación do español como «lingua común».

4. Interpretación e planificación lingüística

Aínda que se acuñaron noutro contexto diferente, os termos «sociotradución» (Gambier 2006) ou «socioloxía da tradución» (Wolf & Fukari 2007) ambos serven para definir o marco interdisciplinario en que nos movemos neste traballo, tratando de entender o fenómeno da tradución e da interpretación desde unha perspectiva sociopolítica.

Xurdiu un interese polos vencellos entre a tradución e as linguas «minoritarias» xa desde mediados dos anos 1980 dentro do marco da teoría dos polisistemas, cun artigo de Toury (1985: 3) onde se describen as linguas «minoritarias» como «sistemas débiles». Máis adiante, Cruces (1993) aplicou este modelo de análise ao caso do galego e desde hai varios anos tamén foron aparecendo análises de corte xa máis lingüístico, por exemplo Zabaleta (2002).

O feito de a Universidade de Vigo ofrecer a súa docencia integramente en galego a par do español dentro da carreira de Tradución e Interpretación xerou un importante fluxo de traballos de investigación e divulgación de todo tipo –tanto cualitativos como cuantitativos– centrados especificamente na tradución en lingua galega, por exemplo Baxter 2002; Cruces 1993; Constenla Bergueiro 2008; García González 2002; Garrido 2002; Luna Alonso 2006a; Millán-Varela 2000 etc. Ao longo dos anos tamén se foi centrando a atención no papel que desempeña a tradución na planificación de corpus e de status para unha variedade de linguas subordinadas ou «minorizadas», desde o vasco (Mendiguren Bereziartu 2002) e o catalán (García Porres 2002; Xirinachs 1997), até o bretón (Baxter 2006) e o flamengo (Meylaerts 2009), pasando polo gaélico irlandés (Cronin 1995), etc. As conclusións a que chegan estes traballos apuntan que a tradución ten un gran potencial para a «revitalización lingüística» (*‘language revival’*, Fishman 1991; 2001).

Por outra banda, aínda que non foi obxecto dunha investigación tan extensa, é importante salientar que a interpretación tamén se realiza de xeito habitual nunha gran variedade de linguas minorizadas, desde o vasco (Urkia 2009) e o galés (Kaufmann 2009), até o sami (Simpson 2010; Anti 2007), o groenlandés (Baaring 2001: 91-92) e varias linguas aborixes de Australia (Joseph 2006: 56), en moitas ocasións suxeita a regulamentacións oficiais.⁸

⁸ Por exemplo: o groenlandés (<http://www.kanukoka.gl/da-dk/media/430/regulativ%20for%20free-lance%20tolknig.pdf>) e o maorí (http://www.tetaurawhiri.govt.nz/english/services_e/interpreterscertification.shtml).

Desde o ano 1976 (Diriker 2008: 56) xa se comezou a investigar a interpretación desde unha perspectiva sociolóxica. No entanto, os traballos neste ámbito céntranse en aspectos socioculturais, tales como as normas éticas e o código deontolóxico das persoas que realizan as interpretacións a respecto de cuestións de ideoloxía, poder e neutralidade (Barsky 1996 e Cao 2006). Porén, pouco se ten investigado sobre a interpretación como fenómeno en si e o impacto que pode ter en suxeitos «débeiles» como son as linguas subordinadas ou minorizadas. Aínda así, agás unha serie de excepcións illadas (Baxter 2008; Garmendia 2007; Kaufmann 2009; Urkia 2009), non existe ningún corpus de investigación substancial que trate a cuestión da relación entre a interpretación e as linguas subordinadas ou minorizadas, fronte ao enorme e crecente volume de traballos acerca da tradución no mesmo ámbito. En parte, esta disparidade pode explicarse polo peso da teoría dos polisistemas que asimila a produción traducida á produción literaria, da cal fica excluída a interpretación oral, xunto co feito de a interpretación non deixar por norma ningún rastro físico facilmente accesíbel e analizábel tal e como se apuntou antes.

Aínda que moitas das conclusións xerais que se poden extraer a respecto do papel que desempeña a tradución nos procesos de normalización do status das linguas subordinadas ou minorizadas (Diaz Fouces 2004: 99) tamén son igualmente válidas ao se trasladaren ao campo próximo da interpretación, existe unha característica chave que distingue a interpretación da tradución, isto é, a súa «inmediatez» (Pöchhacker 2004: 10). Na práctica, isto implica que, mentres un/ha tradutor/a pode conxelar a produción do seu texto traducido (TT) no tempo na procura de solucións, aproveitando o lapso de tempo que existe entre a produción do TT e a súa recepción por parte de quen o lea (o que tamén lle permite acrecentar explicacións e notas a rodapé se couberen xa que o público receptor pode ler e reler o texto), unha persoa que interpreta debe garantir que a súa primeira versión, que non se pode volver retocar e paralizar no tempo antes de chegar ao seu público, sexa suficientemente clara sen lle deixar tempo para aclaracións e explicacións a maiores:

[...] there is one important macroscopic difference and this is the spatio-temporal unity within which the text or speech is delivered and the simultaneous interpreting performed, compared to a written translation which is always carried out after a temporal delay and in a different environment from the one which produced the source text. Even though the two tasks are comparable in their objectives, the information-processing load is greater and the possibility of corrections is reduced in the simultaneous mode. [...] The strategies used in translation and interpreting will thus differ in this specific respect. (Riccardi 1996: 213)

Así, mentres un/ha tradutor/a pode optar por estratexias que tenden a unha maior «adecuación» (fidelidade cara ao produtor do TO) fronte a unha maior «aceptabilidade» (funcionalidade cara aos receptores do TT) do texto traducido segundo a distinción establecida por Toury (1995: 56-57), un/ha intérprete, pola contra, sempre vai esforzarse por producir un texto onde destaque a súa funcionalidade inmediata, empregando en todo o momento estratexias tendentes a satisfaceren as expectativas e necesidades do público receptor (Baxter 2012) sen, por outra banda, deixar de transmitir con fidelidade os contidos, o estilo e as intencións do texto orixinal.

Tal e como ocorre no caso de «linguas de limitada difusión e sen rexistros técnicos desenvolvidos» como o zulú e o pedi (Wallmach 2000), a necesidade de garantir que a mensaxe transmitida polo/a intérprete sexa inmediatamente accesíbel e comprensíbel para o público receptor supón un reto permanente para persoas que interpretan cara a linguas minorizadas como o galego que padecen notorias interferencias («castripización») provenientes das súas respectivas linguas dominantes (Díaz Fouces 2004: 96) debido a esta súa situación de subordinación. A isto súmanse niveis de inseguridade lingüística potencialmente moi altos por parte dun público receptor que pode non estar plenamente familiarizado co vocabulario técnico e/ou estilo culto dunha lingua sen presenza no sistema educativo formal até ben pouco e que agora tamén, grazas ao decreto do plurilingüismo, impide que a poboación, inicialmente galegofalante ou non, se familiarice co vocabulario técnico específico de ámbitos como as matemáticas ou as ciencias.

Pode parecer lóxico supor, a raíz do que se acaba de comentar, que a función principal da interpretación reside na transmisión de contidos, isto é, que serve para facilitar a comunicación entre linguas. Así, o destacado especialista na materia Franz Pöchhaker (2004: 10) indica que: «[...] interpreting is performed ‘here and now’ for the benefit of people who want to engage in communication across barriers of language and culture». Agora ben, aínda que esta afirmación é obviamente certa a respecto da relación que existe entre o texto de partida (TO) e o texto de chegada (TT), non toma en conta a posíbel variábel da natureza da situación sociolingüística en que se achan inseridas as posíbeis linguas de traballo, senón que fai táboa rasa e torna equivalentes no seu funcionamento linguas dominantes como o español, o francés ou o inglés fronte ao galego, o bretón ou o galés, por exemplo.

No entanto, a diferenza real é importante, pois explica, por exemplo, a situación que se dá no Senado onde, desde o 1 de xaneiro de 2011 (BOE 2010: 65531), existe a posibilidade de se expresar en galego, vasco ou catalán cun servizo de interpretación

proporcionado por un equipo de intérpretes especialmente seleccionados.⁹ Agora ben, a diferenza do español que se pode utilizar en todas as instancias, esta posibilidade fica relegada a unha serie de ocasións moi limitadas, o que indica que as linguas cooficiais nas respectivas comunidades autónomas fican excluídas como linguas de uso normalizado das funcións principais do Senado, isto é, os procesos lexislativos e o control do goberno.

Este tipo de irregularidades é típico dos servizos de interpretación con linguas minorizadas e moi infrecuente no caso de linguas dominantes. Existen, por exemplo, limitacións similares dentro da Unión Europea:

This systematized recognition, owing to its limited applicability and the limitations attached, does not constitute the attribution of a newly-coined institutional status next to those of official language and working language and language of the Treaties. (Milian-Massana 2008: 203)

O texto que regula o uso das linguas cooficiais nalgũa parte do territorio dun Estado membro sen status de lingua oficial en todo o Estado indica claramente que a provisión de servizos de interpretación para estas linguas constitúe un xesto puramente simbólico máis que de efectividade real (énfase do autor):

O Governo de um Estado-Membro poderá, se necessário, solicitar ao Conselho e, eventualmente, a outras Instituições ou órgãos (Parlamento Europeu ou Comité das Regiões) que lhe permita utilizar uma das línguas previstas no ponto 1 em intervenções orais (interpretação passiva) de um dos membros da Instituição ou do órgão em causa numa sessão. No que se refere ao Conselho, em princípio o pedido será deferido, **sob reserva de ser apresentado num prazo razoável antes da sessão e de se encontrarem disponíveis os meios necessários em termos de pessoal e de material**. (Jornal Oficial da UE 2005: 1)

Por outra banda, para alén de calquera limitación que se impoña á interpretación con linguas subordinadas ou minorizadas, calquera servizo de interpretación con este tipo de linguas debe cumprir coa función comunicativa interlingüística básica, inherente á actividade interpretativa. Do mesmo xeito que se argumenta que o español pode ser-

⁹ Véxanse o Xornal Oficial do Senado n.º 278 do 15/07/2005 (<http://www.senado.es/legis8/publicaciones/pdf/senado/bocg/10278.PDF>) e n.º 342 do 4/11/2005 (<http://www.senado.es/legis8/publicaciones/pdf/senado/bocg/10342.PDF>).

vir de lingua común, tamén cabe recoñecer que calquera galeg@, sexa ou non galego-falante habitual, é capaz de entender un discurso ou unha interpretación en galego, polo que tamén podería servir de lingua común en calquera evento onde non conflúen tamén españolfalantes de fóra da Galiza, como vén sendo habitual no mercado galego. Así, como ben indica Currais Arcay (2010: 132), é falso pretextar que a utilización do galego supoña necesariamente unha barreira comunicativa. Así, este tipo de argumento que se esgrime para non utilizar o galego como lingua de traballo non é máis que unha falacia que se basea en prexuizos lingüísticos, do mesmo xeito que o tamén falso argumento que se escuda nunha suposta carencia de profesionais adecuadamente preparad@s para interpretaren en galego.

Non é menos certo, por outra banda, que moitas das persoas falantes dunha lingua minorizada ou subordinada –se non todas– que participan en eventos onde existe un servizo de interpretación simultánea manexan plenamente a lingua dominante correspondente, polo que a interpretación na lingua subordinada nunca é estritamente «necesaria» desde o punto de vista puramente utilitario:

[...] we have to acknowledge that even as a communicative activity, translation is not always associated with a lack of understanding. When a given company makes the decision to have its advertisements or the labels of its products translated into the minority language of a state, such decision [*Sic.*] is not motivated by the inability of the recipients to understand the major language. (García González 2005: 107)

Se só se tomaren en conta consideracións exclusivamente prácticas desta orde, a interpretación en linguas subordinadas pasaría a ser considerada unha cuestión menor e un luxo superfluo do que se pode prescindir en tempos de crise. Este é un dos argumentos que serven de pretexto para excluír o galego como lingua de traballo en congresos internacionais: se todo o mundo presente que entende galego tamén entende español, non ten sentido utilizar o galego ademais ou en vez da «lingua común». De feito, esta é a liña de argumentación empregada no seu día –e aínda hoxe– nos medios ao criticaren a «dilandación absurda» de diñeiro público que supón a provisión de servizos de interpretación desde as linguas cooficiais da Galiza, Euskadi, Catalunya e Valencia no Senado, aducindo que todos os membros da cámara saben español e se poden expresar nesta lingua. É máis, volvendo ao que se dixo anteriormente, o coñecemento do español é un deber constitucional ao que non podería ficar alleo ningún cargo electo.

Mais non se trata só no caso da interpretación de garantir a comunicación entre persoas que non falan ou non entenden a mesma lingua, senón de garantir os dereitos

lingüísticos das persoas a se expresaren na lingua que estimaren oportuno. Non se debe obviar, pois, que a escolla dunha determinada lingua de traballo no contexto da interpretación é unha cuestión eminentemente política. Debido ao contexto de alto prestixio en que se desenvolven os eventos con servizos de interpretación simultánea, a seguinte observación a respecto da tradución escrita tórnase aínda máis pertinente no caso da interpretación de conferencias:

Communication is even less of an issue in these two instances because virtually none of the speakers of Scots and Romansch are monolingual. Thus, translation is not 'necessary', strictly speaking. [...] Instead, it is an activity with significant institutional, political and ideological implications, which can be highly instructive for our understanding of translational phenomena in general. (Woodsworth 1996: 213)

Do mesmo xeito que o uso do gaélico escocés no sistema educativo, o uso de linguas como o galego ou calquera outra que partille e compita por espazos de uso cunha outra lingua dominante onde a poboación é potencialmente bilingüe como lingua de traballo na interpretación de conferencias vai moito máis alá da simple funcionalidade comunicativa –con que, como antes apuntamos, tamén cómpre– revestindo unha importancia simbólica particular: «The [City of Edinburgh] Council also provides education in Gaelic [...]; for although Gaelic no longer has monolingual speakers, its value as a symbol of national identity remains high» (Joseph 2006: 56).

Así pois, optar por integrar unha lingua subordinada ou minorizada en vez de ou xunto coa correspondente lingua dominante depende dunha decisión política que ten a ver con cuestións de promoción de status e prestixio, ben como un afán por garantir os dereitos lingüísticos de falantes da lingua da súa propia comunidade para alén de calquera consideración de tipo comunicativo que resulta ser irrelevante no momento de escoller entre unha ou outra, ao existiren profesionais amplamente cualificad@s para realizaren interpretacións nestas linguas en moitos casos cunha formación académica específica como no caso do galego (Universidade de Vigo), o catalán (Universitat Autònoma de Barcelona e Universitat Jaume I), o vasco (Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea), o gaélico irlandés (National University of Ireland, Galway/Ollscoil na hÉireann, Gaillimh) ou o maorí (University of Waikato/Te Whare Wānanga o Waikato) etc.

A miúdo considérase a provisión de interpretación como un servizo custoso, sendo este un dos factores que engaden prestixio a calquera evento que conte con ela. As críticas a respecto da superfluidade da interpretación en linguas minorizadas como o galego, por exemplo o caso do Senado, tenden a apoiarse na carestía deste «luxo»

innecesario (sempre desde o punto de vista exclusivamente funcional). Dito sexa de paso que as mesmas voces que protestan en contra do caro que se supón que resultan os servizos de tradución e interpretación na Unión Europea nunca se alzan en contra do uso das linguas dominantes dos seus respectivos estados e non por motivos estritamente prácticos ou utilitarios, senón por ser un dereito dos membros de cada Estado se expresaren libremente en cada un/ha a «súa» lingua oficial. En todo o caso, para colocar as cousas na súa xusta medida, resulta útil botar unha ollada ao custo real que supón a interpretación simultánea na Galiza: a AGPTI recomenda unha tarifa de 450 € por xornada completa por intérprete, sabendo que sempre se conta con 2 intérpretes por cabina. Así, o custo total dunha cabina elévase a 1089 € (co 21% de IVE incluído), sen contar o custo do alugueiro de cabinas e auriculares, se fixeren falta, e os salarios do persoal técnico, xa que estes gastos ligados directamente á interpretación se teñen que cubrir independentemente de que se utilice unha lingua minorizada a maiores ou en vez da súa correspondente lingua dominante.

En termos absolutos, o valor dunha cabina para o galego pode parecer alto se se engade á existencia dunha cabina de español (no caso de se utilizar o galego en vez do español, o prezo é, obviamente, exactamente igual). Agora ben, hai que contratar estas cifras en función do custo total que supón a organización dun evento internacional do tipo onde se tende a contar con servizos de interpretación simultánea. Neste caso, o custo engadido dunha cabina específica para o galego é insignificante en termos relativos, comparado co alugueiro dun centro de conferencias, os servizos de restauración para as pausas, os honorarios das axencias de azafat@s, os gastos de desprazamento e aloxamento das persoas relatoras internacionais, convidad@s, o alugueiro de equipamentos de todo tipo etc. De feito, o custo diario dunha conexión á internet sen fíos (*wi-fi*) pode ser substancialmente máis elevado que o salario dun/ha intérprete. Citemos, a modo de exemplo, o Palacio de Congresos de Compostela, que sobe até aos 13 000 € por día, ou 8400 € para o Palexco da Coruña, onde o custo dunha conexión diaria á rede sen fíos ou o alugueiro dun equipamento audiovisual ascende a 530 € e 395 € respectivamente.¹⁰

Así e todo, a rendibilidade económica de investir en garantir unha maior visibilidade para linguas subordinadas como o galego en contextos de alto prestixio mediante a provisión de interpretación nestas linguas é potencialmente moito máis alta que cam-

¹⁰ Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Compostela): <http://www.palaciosantiago.com/?lang=gl>
Palacio de Exposicións e Congresos da Coruña (Palexco): http://www.palexco.com/archivos_web/File/ED2TARIFAS11Espa%C3%B1ol.pdf

pañs de promoción baseadas nas habituais cuñas televisivas ou radiofónicas que supoñen un custo igualmente elevado e posúen unha dubidosa eficacia real.

Como xa apuntamos, dado que a interpretación simultánea se tende a utilizar en eventos que dispoñen dun orzamento global alto, a consecuencia é que estes eventos se perciben como de alto prestixio e, por extensión, as linguas que se utilizan neles tamén se perciben como «linguas importantes». O potencial valor simbólico do status que isto implica para a utilización de linguas subordinadas ou minorizadas en tales contextos non se debe subestimar.

Ao nivel simbólico, dar visibilidade ás linguas subordinadas ou minorizadas mediante o seu uso como linguas de traballo na interpretación en eventos internacionais de alto prestixio ten como efecto automático aumentar a percepción do status/prestixio destas linguas. As situacións caracterizadas como diglósicas xeran por norma un alto grao de inseguridade lingüística e autoodio (Rodríguez 1991: 75) que se poden contrarrestar ou paliar mediante o uso de linguas como o galego en pé de igualdade con outras linguas percibidas como «importantes», «dignas de seren utilizadas en foros cultos» e «útiles», sobre todo fronte ao español. É máis, colocar linguas como o galego no mesmo nivel simbólico que unha lingua como o inglés que goza do máis alto prestixio no imaxinario popular mediante o seu uso como lingua principal de interpretación, expondo delegacións estranxeiras á lingua propia do país —que moi posibelmente ignoran por completo até a súa propia existencia— tamén axuda a despexar os prexuízos lingüísticos que rodean as linguas subordinadas. Obviamente, esta revalorización simbólica ten un enorme potencial como ferramenta na planificación do status, polo que a seguinte afirmación de Díaz Fouces a respecto da tradución escrita resulta aínda máis pertinente no caso da interpretación de conferencias:

Translation is an effective tool to change user's perception of the symbolic and practical value of their own language, as a language into which translations are made is considered a useful one. [...] an effective management of translation practices leads minorised languages to assume attributes of the languages of the upper level. (Díaz Fouces 2004: 102)

Resulta imprescindible, pois, aproveitar este potencial que trae consigo o uso sistemático do galego como lingua principal de interpretación de conferencias e foros internacionais de alto prestixio para despexar os actuais prexuízos lingüísticos que empecen calquera tentativa de normalización, lembrando que non se trata dunha cuestión pura ou mesmo fundamentalmente comunicativa, senón altamente ideolóxica:

«A precondition for success [...] is a favourable ‘ideological climate’ of enhancing the prestige of the minority language and the self-esteem of its speakers [...]». (Toury 1985: 4)

5. Interpretación e dereitos lingüísticos

A interpretación de conferencias non só resulta útil ao nivel simbólico para realzar o prestixio de linguas subordinadas ou minorizadas como o galego, senón que tamén serve de mecanismo que garante os dereitos lingüísticos, ao permitir ás persoas falantes destas linguas poderen utilizalas de xeito «normal», isto é, dentro do marco do proceso de normalización lingüística, promovendo unha presenza e o dereito de se expresaren na lingua propia do país en todos os ámbitos da sociedade, incluídos os ámbitos públicos de maior prestixio dos que fican excluídos estas linguas en situacións de diglosia fronte ás linguas dominantes correspondentes.

Existe un certo volume de literatura que ten analizada a interpretación nos servizos públicos como ferramenta para garantir a posibilidade de persoas pertencentes a minorías exóneas (tipicamente inmigrantes) exercerem os seus dereitos sociais en varias situacións típicas, desde o sistema legal até a saúde pública (Carr, Roberts, Dufour e Steyn 1997). A diferenza da interpretación de conferencias, en moitas ocasións, este tipo de interpretación realízana membros non cualificados da familia da persoa en cuestión, denominado como «intermediación lingüística» (*‘language brokering’*, Loyola 1996; Morales, A. *et al*: 2005), o que supón unha serie de implicacións deontolóxicas importantes ao respecto dos dereitos da persoa en cuestión a contar cun servizo que garanta a calidade da información recibida, tal e como ocorre no xuízo do caso do Prestige.¹¹ Por exemplo, Snelling (2002: ix) indica que este tipo de interpretación pode resultar esencial para empoderar falantes de «linguas comunitarias» (p.e. árabe, hindi ou urdú no Reino Unido), que non coñezan a lingua dominante do país onde se encontran, para así poderen acceder aos seus dereitos básicos e integrarse na sociedade de pleno dereito. Do mesmo xeito, no caso das linguas autóctonas, Akeeshoo (1993), Peter (1993) e Nevo & Fiola (2002) comentan o caso similar da interpretación para os servizos legais e sanitarios en lingua *inuktitut* no Canadá.

¹¹ Véxanse os documentos *AICE alerta de la importancia de una interpretación de calidad en el juicio del Prestige* (<http://www.aice-interpretres.com/noticias/pdfnoticias1814.pdf>) e *La interpretación no debe ser la nueva mancha negra del Prestige* (<http://www.aice-interpretres.com/noticias/pdfnoticias1824.pdf>) emitidos pola Asociación de Intérpretes de Conferencia de España (AICE).

Obviamente, cabe recoñecer que a comparación entre tales situacións e a interpretación de conferencias en galego non é completamente análoga por dúas razóns fundamentais: en primeiro lugar, as conferencias e outros eventos internacionais do mesmo tipo non implican a posibilidade de acceder a servizos e a exercer dereitos básicos (sanidade, educación, xustiza, axudas etc.); e, en segundo lugar, como xa vimos anteriormente, tod@s @s galegofalantes por lei teñen a obriga de coñeceren o español, polo que non ofrecer un servizo de interpretación cara ao galego ao existir un servizo similar en español non constitúe unha barreira de comunicación insuperábel.

No entanto, malia esta diferenza importante, a inclusión do galego como lingua principal de traballo integrada como tal en servizos de interpretación de conferencias alí onde os houber garante o dereito lingüístico das persoas falantes do galego a se expresaren e a recibiren a mesma información que se está a transmitir nas outras linguas do congreso, independentemente de seren capaces ou non de as entenderen, do mesmo xeito que as persoas hispanófonas ou francófonas poden exixir unha interpretación cara ás súas respectivas linguas mesmo se son capaces de entenderen un discurso pronunciado en inglés.

Volvemos máis unha vez ao mesmo: a interpretación non é só unha cuestión de funcionalidade comunicativa, senón de decisións políticas suxeitas a concepcións e prexuízos ideolóxicos subxacentes, mais non por isto menos presentes.

Aínda que, como xa vimos ao principio, non todas as linguas subordinadas ou minorizadas gozan de calquera tipo de recoñecemento e regulamentación legal, o galego si está amparado por unha serie de disposicións desde a Lei de normalización lingüística (1983) e o propio Estatuto da Comunidade Autónoma que recoñece os dereitos lingüísticos da lingua propia da Galiza, mesmo se non figura ningunha mención específica do dereito á tradución e/ou á interpretación para garantir o pleno exercicio destes dereitos teóricos. Existe, por outra banda, unha serie de declaracións internacionais que recoñecen estes mesmos dereitos lingüísticos, caso da Declaración sobre os dereitos das persoas pertencentes a minorías nacionais ou étnicas, relixiosas e lingüísticas (ONU 1992) e a Declaración universal de dereitos lingüísticos (UNESCO 1996). O dereito á interpretación si fica recollido, por exemplo, na Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (Consello de Europa 1992), plenamente vixente no Estado español desde 2001 (Castellà Surribas 2002: 10), que indica, no seu artigo 9, que a interpretación pode servir para garantir o pleno exercicio dos dereitos lingüísticos nos procesos xudiciais. No entanto, as provisións están acampanadas, como vén sendo habitual, por cláusulas aparentemente inocuas mais altamente restritivas na práctica (énfase do autor):

As partes comprométense, polo que se refire ás circunscricións das autoridades xudiciais en que o número de persoas que alí residan e falen as linguas rexionais ou minoritarias xustifique as medidas específicas seguintes, segundo sexa a situación de cada unha desas linguas e **a condición de que o xuíz non considere que a utilización das posibilidades ofrecidas por este parágrafo constitúe un obstáculo para a boa administración da xustiza** [...] redactar nesas linguas rexionais ou minoritarias, logo de solicitude, os documentos que atinxan a un procedemento xudicial, recorrendo, **se for necesario**, a intérpretes e a traducións sen gastos adicionais para os interesados. (Consello de Europa 1992: 10)

En definitiva, o «dereito» de poder contar cunha interpretación cara a unha lingua subordinada ou minorizada depende de dous factores: 1. a decisión depende do xuíz ou da xuíza e non da decisión lingüística da parte implicada a utilizar a lingua que libremente escolla; 2. no caso galego, ninguén que teña a nacionalidade española podería alegar ante a xustiza a «necesidade» de que se lle interprete cara ao galego, pois a propia Constitución española, máxima lexislación estatal, establece que é un deber coñecer o español, polo que resultaría difícil demostrar que a falta de interpretación para o galego constitúe un «obstáculo para a boa administración da xustiza». Volvemos ao paradoxo da argumentación da falta de «necesidade» comunicativa que se esgrime ao criticar as (limitadas) disposicións previstas para a interpretación desde as linguas cooficiais no Senado español cando do que realmente se trata é de garantir dereitos lingüísticos básicos para alén da estrita necesidade comunicativa.

En suma, calquera galegofalante debería poder ter o dereito de se expresar e recibir información no seu país na lingua propia deste, independentemente de calquera outro idioma que souber (incluído o español), polo que, en determinadas circunstancias, a integración do galego como unha das principais linguas de traballo de interpretacións de todo tipo, incluída a interpretación de congresos, resulta ser unha peza esencial (Joseph 2006: 252).

Para alén de máis, xunto co realce simbólico que supón dar visibilidade a linguas como o galego en contextos de alto prestixio (caso das conferencias internacionais), a inclusión do galego como unha das principais linguas de traballo tamén pode servir para animar persoas galegofalantes a utilizaren esta súa lingua nestes contextos no canto de mudaren automaticamente ao español segundo os reflexos lingüísticos propios de situacións diglósicas onde o español goza do rango de «lingua culta».

En definitiva, incluír linguas como o galego na oferta de linguas de traballo dun congreso internacional a través dos servizos de interpretación axuda a encher o baleiro que moitas veces existe entre as declaracións de principios que recoñecen os dereitos

lingüísticos d@s falantes na teoría e a posibilidade de os exercerem con normalidade en todas as situacións sociais na práctica.

6. Conclusións

Existe un crecente interese no papel que desempeña a tradución no marco de linguas subordinadas ou minorizadas, especialmente como ferramenta de planificación lingüística. En casos como o galego, onde existe unha lexislación específica de promoción en que o goberno ten a responsabilidade legal de apoiar os procesos de normalización lingüística, os datos indican claramente que os fluxos tradutivos están influenciados polas mudanzas políticas. Quitando unha serie de diferenzas técnicas, na práctica a interpretación pódese considerar un tipo específico de tradución oral, polo que non sorprenden os resultados dunha primeira mostra analizada neste traballo que confirma a mesma tendencia detectada na tradución no caso da interpretación.

A inclusión de linguas subordinadas ou minorizadas nos servizos de interpretación non resulta «necesaria» para as persoas galegofalantes que adoitan frecuentar eventos internacionais por seren todas elas funcionalmente bilingües e suficientemente competentes en español, polo que se argumenta que se trata dun luxo superfluo que se pode suprimir por razóns puramente pragmáticas en tempos de crise. Estas visións puramente utilitaristas non toman en consideración o enorme potencial da interpretación para romper cos esquemas diglósicos imperantes e promover a normalización lingüística dun xeito real e tanxíbel.

Para alén de cumprir coa función comunicativa a par de calquera outra lingua –grazas á existencia de profesionais cualificados–, debido ao alto prestixio dos contextos en que se desenvolve por norma a interpretación de conferencias, esta modalidade revisite unha importante función simbólica, cun alto potencial para realzar o status de linguas subordinadas ou minorizadas mediante a súa inclusión como unha das principais linguas de traballo. Así, investir neste tipo de servizos ten un rendemento social potencialmente maior e máis eficaz que outros tipos de campañas de promoción lingüística igualmente custosas.

Alén do seu valor simbólico para realzar o status de linguas como o galego, a provisión de servizos de interpretación nestas linguas garante que as persoas que desexaren falalas, ou que por razóns derivadas dos esquemas diglósicos imperantes mudan automaticamente á lingua dominante (o español) en situacións cultas ou formais, poidan expresarse e recibir información na lingua propia do país, tornando así efectivo o exercicio real dos dereitos lingüísticos que as amparan en teoría na lexislación vixente.

Bibliografía

Akeeshoo, A. (1993): «Legal Interpreting in Canada's Eastern Arctic», *Meta* 38(1): 35-37. Dispoñíbel en <<http://www.erudit.org/revue/meta/1993/v38/n1/001866ar.pdf>> [Última consulta: 28/02/2013].

Alonso Bacigalupe, L. (2009): *El procesamiento de la información durante la interpretación simultánea: un modelo en tres niveles* (Granada: Atrio).

Alonso Bacigalupe, L. (2010): «O mercado profesional da tradución e a interpretación: unha fiestra aberta a un mundo de posibilidades», en Alonso Bacigalupe, L. (ed.): *Inserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación*: 13- 25 (Granada: Atrio).

Alonso Bacigalupe, L. Cruces Colado, S. e Mascuñán Tolón, S. (2004): «A interpretación en Galicia: unha profesión emerxente», *Viceversa*, 9-10: 11-30.

Anti, T. A. (2007): «Sámi pasieanttaide nuvtá dulka/Gratis talking for samiske pasienter» [Interpretación gratuíta para falantes de sami], *Norgga Sámiid Riikkaservvin / Norske Samers Riksforbund*. Dispoñíbel en <<http://www.nsr.no/website.aspx?objectid=1&displayid=14983>> (sami) e <<http://www.nsr.no/website.aspx?displayid=14982>> (noruegués) [Última consulta: 28/02/2013].

Baaring, I. (2001): *Tolkning–hvor og hvordan?* (Frederiksberg: Samfundslitteratur).

Barsky, R. F. (1996): «The Interpreter as Intercultural Agent in Convention Refugee Hearings», *The Translator*, 2 (1): 45-63.

Baxter, R. N. (2002): «El paper de la traducci3n en la consolidaci3n de la percepci3n social del gallec como a Abstandsprache», *Quaderns. Revista de Traducci3n*, 7: 167-181.

Baxter, R. N. (2004) «Problemas originados por uma focagem terminol3gica incoerente no contexto de autoritarismo prescritivista da planifica33n de c3rpus de uma l3ngua n3o-normalizada: o caso da topon3mia estrangeira no galego secessionista», *Ag3lia*, 79/80: 109-137.

Baxter, R. N. (2006): «Translation for Public Consumption in Subordinated Language Communities: The Case of Breton», en Parada, A. / Diaz Fouces, 3. (eds.): *Sociology of Translation*: 11-36 (Vigo: Universidade de Vigo).

Baxter, R. N. (2008): «A interpretación simultánea e consecutiva e a normalización do galego», *Longa Lingua*, 12: 33-37.

Baxter, R. N. (2012): «A Simplified Multi-model Approach to Preparatory Training in Consecutive Interpreting», *Interpreter and Translator Trainer*, 6 (1): 21-43.

Boletín Oficial del Estado (2010): *Reforma do Regulamento do Senado sobre o uso das linguas oficiais nas Comunidades Autónomas na actividade da cámara*. Suplemento en lingua galega ao número 181. Dispoñíbel en <http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2010/07/27/pdfs/BOE-A-2010-12005-G.pdf> [Última consulta: 28/02/2013].

Branchadell, A. / West, L. W. (2004): *Less Translated Languages* (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Cao, D. (2006): «The Right to an Interpreter and the Right Interpreter», *Translation Watch Quarterly*, 2 (4): 8-28.

Carr, S. E, Roberts, R. P. / Dufour, A. / Steyn, D. (eds.) (1997): *The Critical Link: Interpreters in the Community* (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Castellà Surribas, S. (2002): *The Ratification of Spain of the European Charter for Regional or Minority Languages* (Ciemen, Barcelona). Dispoñíbel en <<http://www.ciemen.org/mercator/pdf/wp8-ang-def.pdf>> [Última consulta: 28/02/2013].

Consello de Europa (1992): *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias* (Estrasburgo: Consello de Europa). Dispoñíbel en <http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/textcharter/Charter/Charter_gal.pdf> [Última consulta: 28/02/2013].

Constenla Bergueiro, G. (1997): «Traducións, 1996», *Viceversa*, 3: 167-172.

Constenla Bergueiro, G. (1998): «Traduccións ó galego no ano 1997: un medre de cifras esguivias. *Viceversa*, 4: 219-227.

Constenla Bergueiro, G. (1999): «Traduccións para o galego 1998», *Viceversa*, 5: 181-188.

Constenla Bergueiro, G. (2001): «Traduccións para o galego en formato libro durante o ano 1999», *Viceversa*, 6: 321-328.

Constenla Bergueiro, G. (2003): «A tradución para o galego na entrada do milenio: relato dos libros traducidos nos anos 2000 e 2001», *Viceversa*, 7-8: 305-317.

Constenla Bergueiro, G. (2004): «Tradución ao galego en formato libro no bienio 2002/2003», *Viceversa*, 9-10: 301-309.

Constenla Bergueiro, G. (2005): «Traducións para o galego no ano 2004: unha boa colleita», *Viceversa*, 11: 301-309.

Constenla Bergueiro, G. (2008): «Panorámica general de la traducción literaria en gallego (1975-2005)», en Camps, A. e Zybatow, L. (eds.): *Traducción e interculturalidad. Actas de la Conferencia Internacional 'Traducción e Intercambio Cultural en la Época de la Globalización'*: 103-108 (Frankfurt am Main: Peter Lang).

Cronin, M. (1995): *Altered States: Translation and Minority Languages. TTR: traduction, terminologie, rédaction*, 8 (1): 85-103.

Cruces, S. (1993): «A posición da literatura traducida no sistema literario galego», *Boletín Galego de literatura*, 10: 59-65.

Currais Arcay, J. (2010): «Aproximación ao mercado da interpretación de conferencias en Galicia», en Alonso Bacigalupe, L. (ed.), *Inserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación*: 129-135 (Granada: Atrio).

Díaz Fouces, Ó. (2005): «Translation policy for minority languages in the European Union. Globalisation and resistance», en Branchadell, A. / West, L.W. (eds.): *Less Translated Languages*: 95-104 (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Díaz Fouces, Ó. (2005): «Políticas de traducción en Cataluña y Galicia», *Cinquième Colloque sur la traduction, la terminologie et l'interprétation à Cuba et au Canada (Décembre 2004)* (Ottawa, Ontario: Conseil des Traducteurs, Terminologues et Interprètes). Dispoñíbel en <http://www.cttic.org/ACTI/2004/papers/Oscar_Diaz_Fouces_Políticas_en_Cataluna_y_Galicia.pdf> [Última consulta: 28/02/2013].

Diriker, E. (2008): «Conference interpreting, sociocultural perspectives», en Baker, M e Saldanha, G. (eds.): *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*: 56-59 (Lonres e Nova York: Routledge).

Fernández Rei, F. / Santamarina Fernández, A. (eds.) (1999): *Estudios de sociolingüística románica. Lingüas e variedades minorizadas*. (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Ferguson, Charles A. (1959): «Diglossia», *Word*, 15: 325-340.

Fishman, J. A. (1991): *Reversing language Shift: Theory and Practice of Assistance to Threatened Languages* (Clevedon: Multilingual Matters).

Fishman, J. A. (ed.) (2001): *Can Threatened Languages Be Saved? Reversing Language Shift, Revisited: A 21st Century Perspective* (Clevedon: Multilingual Matters).

Galicia Bilingüe (2008): *La Xunta condicionó este año al uso del gallego cerca de 200 órdenes de subvención*. Disponible en <<http://galiciabilingue.es/gb/2008/12/09/la-xunta-condiciono-este-ano-al-uso-del-gallego-cerca-de-200-ordenes-de-subvencion/>> [Última consulta: 28/02/2013].

Gambier, Y. (2006): «Pour une socio-traduction», en Ferreira Duarte, J. / Assis Rosa, A. / Seruya, T. (eds.): *Translation Studies at the Interface of Disciplines*: 29-42 (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Garmendia, M. (2007): «Eskarmentuak erakutsi diguna. Interpretazioaz bi hitz» [consult. A interpretación: achegas baseadas na experiencia], *Senez*, 32: 217-224.

García González, M. (2002): «El paper de la traducció en la normalització de la llengua gallega», en Díaz Fouces, Ó. / García González, M. / Costa Carreras, J. (eds.): *Traducció i dinàmica sociolingüística*: 55-84 (Barcelona: LLibres de l'índex).

García González, M. (2005): «Translation of minority languages in bilingual and multilingual communities», en Branchadell, A. / West, L.W. (eds.): *Less Translated Languages*: 105-123 (Ámsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

García Negro, M.^a P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística* (Vigo: O Cumio).

García Porres, Y. (2002): «El paper de la traducció en el procés de normalització de la llengua catalana. Una perspectiva sociològica», en *Traducció i dinàmica sociolingüística*, Díaz Fouces, O. / García González, M. / Costa Carreras, J. (eds.): 19-54 (Barcelona: LLibres de l'índex).

Garrido, C. (2002): «L'eficàcia de la traducció de textos científicotècnics en la promoció d'una llengua socialment minoritzada (a propòsit del gallegoportuguès a Galícia)», en Diaz Fouces, Ó. / García González, M. / Costa Carreras, J. (eds.): *Traducció i dinàmica sociolingüística*: 151-173 (Barcelona: LLibres de l'index).

González González, M. (dir.). (2007): *Mapa sociolingüística de Galicia 2004. Vol. 1 Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega). Dispoñíbel en <<http://www.udc.es/snl/documentospdf/LinguaInicial.pdf>> [Última consulta: 28/02/2013].

Haarmann, H. (1990): «Language planning in the light of a general theory of language: a methodological framework», *International Journal of Sociology*, 86, 103-126.

Haugen, E. (1983): «The implementation of corpus planning: theory and practice», en Cobarrubias, J. / Fishman, J. A. (eds.): *Progress in language planning: international perspectives*: 269-289 (Berlín: Mouton de Gruyter).

Jornal Oficial da União Europeia (2005): *Conclusões do Conselho, de 13 de Junho de 2005, relativas à utilização oficial de línguas adicionais no Conselho e eventualmente em outras Instituições e órgãos da União Europeia, N° C 148 de 18/06/2005, 0001-0002*. Dispoñíbel en <<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CELEX:52005XG0618%2801%29:PT:HTML>> [Última consulta: 28/02/2013].

Joseph, J. E. (2006): *Language and Politics* (Edinburgo: Edinburgh University Press).

Kaplan, R. B. (1989): «Language planning vs. language planning», en Candlin, C. N. e McNamara, T. F. (eds.): *Language, learning and community*: 193-203 (Sydney: NCELTR, Macquarie University).

Kaufmann, J. (2009): *Cymdeithaseg cyfieithu. Dylanwad cyfieithu ar y pryd ar y defnydd o'r Gymraeg yng Ngwynedd* [Socioloxía da tradución. O impacto do uso da interpretación simultánea no uso do gales en Gwynedd]. Tese de doutoramento (MS). Ysgol y Gymraeg, Prifysgol Bangor/Bangor University. Dispoñíbel en <http://www.cyfieithwycymru.org.uk/content/uploads/TRAETHAW_%20Pd_Judith_Kaufmann.pdf> [Última consulta: 28/02/2013].

Kloss, H. (1969): *Research Possibilities on Group Bilingualism: A Report* (Quebec: International Center for Research on Bilingualism, Laval University).

Loureiro-Rodríguez, V. (2007): «Are Galicians bound to diglossia? An analysis of the nature, uses and values of standard Galician», en Potowski, K. / Cameron, R. (eds.): *Spanish in Contact: Policy, Social and Linguistic Inquiries*: 119-132 (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Loyola, L. T. (1996): «Language brokering in linguistic minority Communities: the case of Chinese-and Vietnamese-american students», *The bilingual research journal* 20 (3-4): 485-498. Disponible en <http://www.ncela.gwu.edu/files/rcd/BE022362/Language_Brokering.pdf> [Última consulta: 28/02/2013].

Luna Alonso, A. (2006a). «La traducción de las culturas minorizadas. El caso gallego», *Senez*, 30: 151-165.

Luna Alonso, A. (2006b). «Traducións ao galego no ano 2005», *Viceversa*, 12: 175-186.

Luna Alonso, A. (2007): «Traducións ao galego no ano 2006», *Viceversa*, 13: 335-346.

Luna Alonso, A. (2008): «Traducións ao galego no ano 2007», *Viceversa*, 14: 193-206.

Luna Alonso, A. (2009): «Traducións ao galego no ano 2008», *Viceversa*, 15: 205-223.

Mendiguren Bereziartu, X. (2002): «Développement de la traduction en langue basque», *Senez*, 24: 11-29.

Meylaerts, R. (2009): «Et pour les flamands, la même chose’: quelle politique de traduction pour quelles minorités linguistiques?», *Meta: Translator’s Journal*, 54 (1): 7-21.

Milian-Massana, A. (2008): «Languages that are official in part of the territory of the member States: Second-class languages or institutional recognition in EU law?», en Arzoz, X. (ed.): *Respecting Linguistic Diversity in the European Union*: 191-229 (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Millán-Varela, Carmen (2000): «Translation, Normalisation and Identity in Galicia(n)», *Target*, 12 (2): 267-282.

Morales, A. / Hanson, W. E. (2005): «Language Brokering: An Integrative Review of the Literature», *Hispanic Journal of Behavioral Sciences* 27 (4): 471-503.

Nevo, D. / Fiola, M. A. (2002): «Interprétation et traduction dans les territoires: hors de la polarité traditionnelle des langues officielles», *TTR : traduction, terminologie, rédaction* 15 (1): 203-221. Dispoñíbel en <<http://www.erudit.org/revue/ttr/2002/v15/n1/006806ar.pdf>> [Última consulta: 28/02/2013].

Organización das Nacións Unidas (1992): *Declaração sobre os Direitos das Pessoas Pertencentes a Minorias Nacionais ou Étnicas, Religiosas e Linguísticas*. Nova York: ONU. Dispoñíbel en <<http://www.oas.org/dil/port/992%20Declara%C3%A7%C3%A3o%20sobre%20os%20Direitos%20das%20Pessoas%20Pertencentes%20a%20Minorias%20Nacionais%20ou%20%C3%89nicas,%20Religiosas%20e%20Lingu%C3%ADsticas.pdf>> [Última consulta: 28/02/2013].

Pegenaute, L. (2005): «Asociacionismo (II): ámbito profesional a nivel autonómico», *El trujamán*. Dispoñíbel en <http://cvc.cervantes.es/trujaman/anteriores/diciembre_05/14122005.htm> [Última consulta: 28/02/2013].

Peter, J. (1993): «Medical Interpreting in Canada's North», *Meta* 38 (1): 42-44. Dispoñíbel en <<http://www.erudit.org/revue/meta/1993/v38/n1/003828ar.pdf>> [Última consulta: 28/02/2013].

Pöchhacker, F. (2004): *Introducing Interpreting Studies* (Londres/Nova York: Routledge).

Riccardi, A. (1996): «Language-specific strategies in simultaneous interpreting», en Dollerup, C. / Appel, V. (eds.): *Teaching Translation and Interpreting 3. New Horizons. Papers from the Third Language International Conference*: 213-222 (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Rodríguez, F. (1991³). *Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Simpson, J. (2010): «Small languages kinda flourishing», *Endangered Language and Cultures*. Dispoñíbel en <<http://www.paradisec.org.au/blog/2010/09/small-languages-kind-a-flourishing/>> [Última consulta: 28/02/2013].

Snelling, D.C. (2001): «Foreword», en Garzone, G & Viezzi, M. (eds.): *Interpreting in the 21st Century. Challenges and opportunities. Selected papers from the 1st Forli Conference on Interpreting Studies*, ix-x. (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Tóth, É. (1991): «La traducción literaria de lenguas minorizadas a lenguas de mayor difusión», *Senez*, 7 (2-3): 129-146.

Toury, G. (1985): Aspects of translating into minority languages from the point of view of translation studies. *Multilingua*, 4 (1): 3-10.

Toury, G. (1995): *Descriptive Translation Studies and Beyond* (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

UNESCO (1996): *Declaración universal de derechos lingüísticos* (UNESCO: París). Disponible en <<http://www.linguistic-declaration.org/versions/gallec.doc>> [Última consulta: 28/02/2013].

Urkia, J. (2009): «Interpretazioa. Nora goaz, norantz joan nahi dugu?» [A interpretación: A onde imos? A onde queremos ir?], *Senez*, 37: 183-196.

Wallmach, K. (2000): «Examining simultaneous interpreting norms and strategies in a South African legislative context: a pilot corpus analysis», *Language Matters: Studies in the Languages of Africa*, 31(1): 198-221.

Wolf, M. / Fukari, A. (eds.) (2007): *Constructing a Sociology of Translation*. (Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins).

Woodsworth, J. (1996): «Translation and the Promotion of National Identity», *Target*, 8 (2): 211-238.

Xirinachs, M. (1997): «La traducción como instrumento de normalización lingüística», *Senez*, 19: 25-40.

Zabaleta, J. M. (2002): «Traduction et normalisation linguistique», *Senez*, 24: 181-192.

A tradución exterior de obra galega. Normalización dunha cultura emerxente?

IOLANDA GALANES SANTOS

Universidade de Vigo

1. Introducción

A historia da cultura e da lingua vai xunguida ao desenvolvemento da súa literatura que é o obxecto privilexiado para a súa transmisión. Os abalos e devalos do sistema literario están fortemente vinculados ás condicións sociopolíticas da comunidade á que serve de expresión e a súa vizosidade depende tamén do recoñecemento interno e externo. De xeito parello, a relación entre as culturas produce situacións de intercambio cultural, que teñen a súa pegada na tradución literaria. Interpretamos esta como unha mostra dese recoñecemento.

Traducir vai máis aló de mudar o código lingüístico dunha obra ou dun texto; constitúe un exercicio de transmisión dunha obra literaria xerada nunha determinada cultura a outra coas modificacións que sexan pertinentes, de ser o caso. Como se faga ese intercambio, as condicións de partida da cultura de orixe e da cultura meta, a política institucional para a tradución que a favoreza (ou a súa ausencia) e a recepción que esta teña son determinantes para a saúde dese sistema literario. A incidencia no sistema de orixe cífrase en termos de prestixio, de modo que a tradución se constitúe en parámetro privilexiado de medición da saúde desta cultura, por iso, máis aló dunha análise obra a obra, parécenos importante analizar de modo global o papel da tradución, as súas condicións e características, no recente proceso de normalización lingüística e cultural de Galiza.

2. A tradución na transmisión de culturas

Para que unha tradución se produza ten que existir, cando menos, dúas culturas que por calquera motivo entren en relación, un/nha axente cultural que sirva de ponte entre ambas e as condicións mínimas para que esta relación cristalice. Pero, ademais, hai outros aspectos importantes que poden favorecer esa tradución e que van desde o circuíto que serve de medio, á política institucional que a favoreza e á recepción que esta teña etc. En definitiva, interveñen tamén na tradución, e en como esta se faga, outros factores de orde sociolóxica.

As achegas teóricas sobre a crítica literaria deitaron nas últimas décadas interesantes reflexións que nos presentan as literaturas en tanto que sistemas. Na produción de obra artística (neste caso literaria) e, sobre todo, na súa difusión interveñen factores socio-políticos e económicos. De xeito que Bourdieu (1992) distingue ademais do valor comercial, o valor literario intrínseco e o valor social, susceptíbeis de se converteren en valor simbólico do ben cultural. Este último posiciona a obra no panorama literario internacional.

Se trasladamos a reflexión aos sistemas literarios, aquel sistema (ou campo) que máis produza e que mellor posicione os seus bens culturais acumula máis valor simbólico e preséntase no panorama internacional como unha cultura forte, isto é, con máis autonomía, fronte a aquelas que actúan de modo subordinado ou subalterno con maior heteronomía (Figuerola 2002: 57).

A tradución, en tanto que relación entre culturas, prodúcese entre dous sistemas que poden ou non pertencer á mesma categoría. Este feito tamén condiciona o produto final, pois o desequilibrio entre ambos ha de se salvar a través de determinadas estratexias que pasan por veces pola «domesticación» da tradución, a través do axeitamento ás modas imperantes ou da apropiación por parte da cultura receptora. As comunidades máis fortes gozan de maior autonomía para realizar a adaptación de valores culturais foráneos e, asemade, as súas obras son máis autónomas e tenden a sufrir poucas adaptacións cando son traducidas (Venuti 1995).

A relación de forzas e a tensión entre autonomía e heteronomía no campo da tradución está presente na relación entre sistemas literarios en que a tradución pode exercer varias funcións, tanto na cultura de orixe como na de chegada. En primeiro lugar, é un indicador das relacións interculturais entre dúas comunidades. En segundo lugar, que se produza a tradución implica un recoñecemento do valor literario dunha cultura noutra, o ben cultural adquire capital simbólico tanto no exterior como dentro do seu

propio sistema. En terceiro lugar, a tradución implica a visibilidade exterior e constitúe, polo tanto, un factor de canonización da obra, autor/a, xénero ou cultura en cuestión. En cuarto lugar, o volume dos intercambios e a recepción que estes teñan contribuirán a posicionar a cultura de orixe no panorama internacional. E, en último lugar, a tradución evidenciará a relación de forzas entre sistemas e a súa análise as prácticas culturais que favorecen os intercambios.

3. Que significa a tradución para unha cultura minorizada?

As relacións intersistémicas a través da tradución foron tamén estudadas desde a perspectiva de culturas menos estendidas. Nese sentido son fundamentais as achegas de Itamar Even-Zohar e, para o caso galego, de González-Millán. Debemos previamente distinguir entre importación e exportación de bens culturais para ponderar o seu impacto. Unha cultura feble importará aquelas obras que lle sexan necesarias na configuración do seu sistema literario e cultural. Para tal configuración precisa introducir unha novidade que cubra unha lagoa de produción ou que reforce un determinado discurso (Even-Zohar 1999: 225).

A análise aplicada ás comunidades menos fortes é acaída para as comunidades minorizadas, xa que comparten a posición subordinada con respecto ao panorama internacional e tamén a necesidade de construíren ou reafirmaren o seu propio sistema cultural no plano internacional. Engádesse no caso das minorizadas, a circunstancia de concorreren desde a súa condición de cultura sen estado, o que implica que non contan cos mesmos medios de que goza unha cultura estatal (forte ou feble) en termos institucionais e comerciais para a produción, difusión e presentación dos seus bens culturais no exterior. Trátase, así pois, dunha posición dobremente menor.

Ademais, esta minorización presenta outro factor que non podemos perder de vista na nosa análise, como é o feito de que, paralelamente ao que acontece coa lingua, a cultura minorizada está ou estivo agochada por unha cultura formalizada que funciona como teito e que tende a se apropiar do seu capital simbólico. Máis aló de victimismos innecesarios, non podemos deixar de constatar que a situación descrita difire sensibelmente das descritas para as culturas estatais sexan estas fortes ou febles. Por iso, estas culturas precisan de incorporar outras estratexias para favorecer os intercambios e dar a coñecer no exterior a súa cultura.

En definitiva, as culturas minorizadas acumulan capital simbólico coa importación de obras literarias doutras comunidades ao demostrar que a súa lingua tamén é válida para esa expresión artística, outra cuestión distinta é cal é a súa actitude tradutora se

actúa con autonomía ou heteronomía na importación, e mesmo se reinterpreta e adecúa a función da obra en cuestión ás súas propias necesidades, que non teñen por que coincidir coas da cultura que xerou orixinalmente esa obra. Esas importacións contribúen igualmente a ampliar o catálogo de bens, engadindo novos rexistros e xéneros antes ignotos nesa cultura (pénsese por exemplo na recente publicación de obras de rotación rápida verquidas ao galego, ou na atención a modas como a publicación inmediata en galego de prestixiosos premios internacionais¹ etc.). Ao mesmo tempo, esta acumulación de capital e esta ampliación do catálogo contribúen poderosamente á inserción da cultura minorizada na «normalidade» en tanto que pode ofrecer ao seu público un repertorio actual capaz de competir con outras culturas que adoitan funcionar como mediadoras.

No tocante á exportación, o feito de autorías ou obras de culturas minorizadas seren obxecto de atención por parte doutras culturas implica un recoñecemento exterior que en culturas menos consolidadas funciona como elemento de canonización² desas producións tamén no interior deses sistemas de orixe. O efecto multiplicador das traducións débese ao feito de acumularen capital simbólico en dous planos, na relación co exterior e por oposición ao sistema que lle serve de teito, gañando o sistema en autonomía.

A tradución en culturas minorizadas e a súa aplicación ao caso galego foi estudada aplicando os presupostos da socioloxía da tradución, e os da teoría dos polisistemas, por Figueroa, González-Millán, Casas, Noia ou Lema, entre outros/as. De todos eles salientamos a perspectiva de González-Millán pois, máis aló de tratar determinadas obras e autorías, adopta unha posición heurística³ dado que pretende, a partir dun eclecticismo inicial, construír un marco teórico específico para o tratamento das culturas minorizadas. Formaliza a tensión entre autonomía-heteronomía da literatura como «tensión utópico-proxectiva» co que introduce o concepto de *construcción nacional* na configuración dos sistemas culturais (González-Millán 2000) que nos levan a un nacionalismo literario e/ou a unha literatura nacional en continua dialéctica (Figueroa 2002: 56). Nas súas propias palabras a tradución «constitúe un banco de probas privilexiado para detectar prácticas culturais e a relación de forzas intersistémicas».

¹ Nese sentido resultan significativas algunhas estratexias incorporadas recentemente. Por exemplo, a publicación de Paulo Coelho en galego en 1996, Orman Pamuk en 2007 ou Murakami 2009 en lingua galega da man da Editorial Galaxia.

² De feito, a tradución considérase un dos factores que contribúe á canonización tamén noutras culturas e noutras épocas (Aradra 2009).

³ Sobre o particular pode consultarse Casas (2002).

Pola nosa banda, para avanzarmos na construción da historia da tradución en Galiza cremos necesario en primeiro lugar cuantificar os fluxos de tradución co fin de podermos establecer referencias comparábeis en termos cuantitativos. Unha vez determinados estes, imponse unha análise cualitativa coas bases metodolóxicas acaídas,⁴ que sirva precisamente para identificar as vías e estratexias desas relacións de intercambio cultural. Entendemos que se trata dunha información crucial para futuras planificacións, pois se trata dunha «relación intercultural necesaria porque cada cultura necesita da relación coas demais para *existir*»⁵ (Figueroa 2002: 64).

4. Como medir os fluxos de tradución?

Unha análise rigorosa dos fluxos de tradución como a que pretendemos esixe poder establecer inicialmente unha panorámica baseada en datos. Dada a inexistencia dunha biblioteca nacional que recolla de modo discriminado e fiábel un catálogo de traducións galegas (a e desde o galego), desde o grupo BITRAGA⁶ da Universidade de Vigo deseñamos unha ferramenta informática específica, o *Catálogo da Tradución Galega*.⁷ Esta sérvenos para determinar o volume de traducións en ambos os sentidos, para cuantificarmos o ritmo do diálogo cultural literario, os xéneros das obras que se traducen, e para identificarmos os polos de atracción e mais os espazos de recepción. No catálogo recolleemos tres tipos de información de cada obra e tamén de cada unha das súas traducións.

- Dunha banda, figura a información puramente bibliográfica, onde incluímos en cadanseu campo as informacións: Título; Autor/a; Tradutor/ar; Ilustración; Xénero; Tipo de edición (monolingüe etc.); Lingua e espazo de edición; Lugar de edición, editora e colección; Formato, volume, fascículo e número de páxinas; Obra completa e antoloxía; Ano de edición; e Número de ISBN.

⁴ Sirvan de referencia os capítulos sobre metodoloxía de Fernández Rodríguez *et alii* (2012: 17-54).

⁵ A cursiva figura no propio orixinal da cita.

⁶ O grupo BITRAGA da Universidade de Vigo está dirixido por Ana Luna Alonso e neste momento está integrado tamén por Áurea Fernández, Silvia Montero e Iolanda Galanes.

⁷ En: <<http://www.bibliotraducion.uvigo.es>> [Consulta 18/12/2011]. A elaboración do catálogo é un dos proxectos do grupo BITRAGA (Biblioteca da Tradución Galega), que se beneficiou de axudas á investigación en convocatorias de ámbito institucional, o que nos permite ofrecer a base de datos en liña de acceso libre, así como a ampliación do catálogo a outros xéneros e soportes no futuro. Sobre as fontes de baleirado utilizadas na súa elaboración pode consultarse, Montero Küpper (2010a: 178-179). Os obxectivos do proxecto figuran en: Luna *et alii* (2010: 326-327).

- Doutra banda, consignamos información de localización bibliográfica á que se adscriben os campos Localización e Signatura (nas bibliotecas do Sistema Universitario Galego de modo prioritario ou, de ser o caso, noutras); Soporte e Fonte de información.
- E, por último, agregamos un terceiro bloque de datos sobre aspectos paratradutivos, isto é, peritradutivos e epitradutivos, que poidan fornecer informacións relevantes para futuros estudos sobre o proceso de edición e sobre a recepción das traducións. Os campos son: Introducción e notas; Textos críticos; Premio(s); Notas e Descrición.

Unha das características específicas do proxecto de investigación que elabora o catálogo é a posibilidade de ofrecer de modo conxunto os datos de tradución en ambas as direccións (traducións de e cara ao galego), como tamén fai o *Index Translationum*⁸ da Unesco (aínda que menos exhaustivo e actualizado que o Catálogo ao tratar un volume de linguas e espazos culturais moito máis elevado). No marco estatal existen outras ferramentas⁹ que nos presentan a información de modo parcial, ben por trataren outros espazos culturais, ben por centrárense nunha das direccións da tradución. Todas elas funcionaron como fonte de información para a elaboración do Catálogo.

Nesta ferramenta compilamos até o momento as referencias de tradución literaria de obras estranxeiras a galego ou a tradución exterior de obra galega, en formato monografía. Nun futuro próximo presentaremos tamén os rexistros traducidos que viron a luz en publicacións periódicas e a medio termo prevemos atinxir outros xéneros (non literarios) e soportes alternativos. Un dos nosos obxectivos finais é identificarmos as

⁸ http://portal.unesco.org/culture/fr/ev.php-RL_ID=7810&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html

⁹ Catálogo da Biblioteca Nacional [<http://catalogo.bne.es/uhtbin/webcat/>]

Base Instituto Ramon Llull [<http://www.llull.cat/llull/biblioteca/trac.jsp>]

Base de datos [<http://www.eizie.org/Tresnak/LitKatalogoa>]

Axencia Española do ISBN [<http://www.mcu.es/bases/spa/isbn/ISBN.html>]

Biblioteca de literatura infantil e xuvenil, Gálix-Biblioteca 33 [<http://www.filix.org/>]

Bibliotecas nacionais:

Rebiun, rede de bibliotecas universitarias españolas en: [<http://rebiun.crue.org/>]

Rede de bibliotecas de Galicia, [<http://www.rbgalicia.org/nodais/>]

Bibliotecas universitarias de Galicia [<http://www.csic.es/cbic/bugali.htm>]

Bibliotecas dos Centros Cervantes

Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Consello da Cultura Galega, [http://www.culturagalega.org/especiais/aviles/catalogo_traducidas.pdf]

traducións que acompañan o proceso de normalización da lingua para determinarmos no futuro o seu papel.

A singularidade do Catálogo derívase, alén da súa completitude e exhaustividade, do feito de presentar de modo vinculado a obra orixinal e a súa tradución ou traducións, de xeito que, a través de buscas avanzadas, é posíbel coñecer que obras dun mesmo autor/a galego foron traducidas, a que linguas e en que momento se realizaron. Ademais, incluímos o nome do/a tradutor/a, sempre que puidemos recuperalo (a través dos datos editoriais ou por información indirectas: conferencias, entrevistas etc.). Polo tanto, a través dunha busca podemos acceder aos datos expostos de todas as traducións dunha mesma autoría ou dun mesmo tradutor/a.

A partir deses datos podemos determinar para unha cultura minorizada como a galega que obras se traducen, quen o fai, o volume dos intercambios en ambas as direccións, o momento en que se traduce, para tentar coñecer por que e como se levaron a cabo esas traducións. Consignar datos paratradutivos permítenos, ademais, saber se hai unha lingua de mediación (aínda que non sempre é doado fixar ese dato), coñecer como se presentan tradución e tradutor/a, ou pescudar, a través dos premios e referencias críticas, se a tradución tivo unha recepción exitosa, un prologuista de prestixio etc.

Esta posibilidade de recuperar a información é fundamental para podermos identificar os mercados preferentes e en que época e que obras experimentaron esa difusión. A interpretación destes datos amosan como e en que obras se materializa a tensión entre a vía de difusión comercial e as vías alternativas, entre as obras máis vendidas e aquelas que simbolizan a diferenza e por iso foron traducidas. Tamén nos serve para visibilizar editoras e tradutoras, isto é, as axentes do incipiente proceso de internacionalización acometido recentemente.

5. A tradución literaria de obra galega: informacións previas e volume de intercambio

5.1. Algunhas notas previas

Para coñecermos as referencias concretas de tradución, pode consultarse a base de datos no *Catálogo da Tradución Galega* presente na rede. Un dos obxectivos na súa elaboración foi o de servir de ferramenta de base cuantitativa para outros traballos científicos, que deberan quedar libres de especulacións ou impresións persoais dos críticos/as. O espírito cuantitativo é só un medio para unha análise máis demorada

sobre a diálogo da cultura galega con outros espazos culturais.¹⁰ A súa consulta é unha referencia fiable do volume de tradución e do equilibrio ou do desfase das culturas en contacto. A partir destes datos podemos analizar os fluxos de tradución, as relacións *inter* e intrasistémicas da literatura galega.¹¹

Non faremos aquí un repaso exhaustivo da historia da tradución en Galiza (para o que podemos acudir, especialmente no caso da tradución cara a galego, a outros traballos),¹² senón que unicamente apuntaremos que a tradución está presente na nosa cultura desde as súas orixes aos nosos días. Así, do medievo chegan a nós traducións ou testemuños de procesos de mediación lingüística e cultural, por exemplo, da lírica trobadoresca medieval¹³ ou de documentos historiográficos ou lexislativos, e o certo é que a historia da tradución experimenta os mesmos avatares que a comunidade cultural de referencia en termos cuantitativos, de xeito que nos chamados Séculos Escuros a produción de traducións é sensibelmente inferior, por exemplo, ás do período das Irmandades da Fala ou da revista Nós e máis aínda se o comparamos co momento en que se inicia o proceso de normalización lingüística en Galiza.

O papel central ou periférico que se lle outorga á tradución e a función que se lle encomenda muda en cada un dos períodos. Se na época medieval a tradución contribuíu á difusión da lingua como vehículo de expresión poética, reforzando o seu status exterior, a partir de 1980 a tradución, que é maioritariamente importación, ten por obxectivo cubrir unha carencia do sistema ao dotar de lecturas en galego o sector educativo, mesmo aínda que, por veces, as obras orixinais non estaren orientadas nas súas culturas a un público xuvenil (por exemplo, Italo Calvino publícase en galego en coleccións de público LIX).

¹⁰ Publicamos recentemente unha análise cualitativa en profundidade, véxase Fernández Rodríguez, Á. *et alii* (2012).

¹¹ Sirvan de mostra outras publicacións como, por exemplo, Galanes (2010) para o espazo ibérico, para o italiano Galanes (2012a) ou Fernández Rodríguez, A., Galanes Santos, I., Luna Alonso, A. e Montero Küpper, S. (2011) para a relación coas comunidades anglófonas. Sobre a relación coas comunidades xermanófonas resulta de interese consultar a contribución de Montero Küpper (2010b).

¹² Unha visión global da importación, isto é, da tradución directa ou cara ao galego pódese consultar, entre outros, en Noia (1995, 1999). A análise máis detallada dalgunhas das obras vertidas en ambas as direccións (cara a e desde o galego) figura en varios artigos de publicacións especializadas, por exemplo, *Viceversa*. Outras publicacións periódicas de ámbito literario ou cultural tamén recollen traballos parciais sobre a tradución, aínda que ás veces de modo transversal.

¹³ «cualesquier decidores y trovadores de estas partes, ahora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa» Marqués de Santillana, ca.1284, Proemio y carta al condestable Don Pedro de Portugal.

Na historiografía da tradución, en aplicación das teorías da socioloxía da tradución, adoitan distinguirse varias etapas na constitución dos sistemas literarios segundo o papel que ocupa a tradución e a súa funcionalidade. Así, seguindo os presupostos de Casanova e, en último termo de Bourdieu, o editor Carlos Lema (2009) distingue tres períodos que denomina *fase filolóxica*, *fase comercial* e *fase autónoma*, malia non se poder establecer como períodos estancos, senón que nun mesmo momento poden coexistir traducións que pertencen a cada unha das fases.

- A fase filolóxica ou de acumulación de capital simbólico caracterízase por as importacións non atenderen a necesidades literarias ou de repertorio, senón que pretenden prestixiar a lingua como vehículo capaz de reproducir discursos literarios de alto capital simbólico. A importación de grandes clásicos grecolatinos, mesmo na actualidade, obras de autoría consagrada e formas literarias deficitarias no sistema galego ou as traducións das históricas publicacións *A Nosa Terra* ou *Nós* ou do suplemento *La Noche*¹⁴ responden a ese obxectivo dignificador.
- A fase comercial ou de aumento da produción xorde a partir da ampliación do mercado do libro galego como consecuencia da cooficialidade do idioma (1981). Impórtanse textos literarios, especialmente de literatura infantil e xuvenil, e obsérvase unha hexemonía da narrativa sobre calquera outro xénero.
- Por último, a fase autónoma, ou de importación e exportación, xurdiría como consecuencia da consolidación do campo literario como un campo con institucións, axentes e valores propios, capaz de xerar discurso literario e simbólico que atenda as súas necesidades. Caracterízase por un aumento do número de traducións en ambos os dous sentidos, unha maior integración do campo galego nos fluxos de troco simbólico e, por conseguinte, unha resituación da súa posición no campo mundial.

Para determinar o papel e a función da literatura en cada período cómpre analizarmos con detalle o volume e o contexto en que se produce e coñecermos as condicións da súa recepción. O proceso de normalización que se inicia en Galiza a partir das últimas décadas do pasado século é un período de interese, pois o aumento exponencial do volume de traducións experimentase en ambos os sentidos.

¹⁴ Nos 422 números d'*A Nosa Terra* publícanse fragmentos traducidos da obra de Tagore, Goethe, O. Wilde, D'Annunzio, Rimbaud, Verlaine, Rilke, Daudet, Gorki, Ganivet, Azorín, Benavente, Alas Clarín, Guerra Junqueiro, Teixeira de Pascoães etc. ou nos 144 números da revista *Nós* atopamos traducións de poesía irlandesa, catalá e bretoa, e mesmo fragmentos do Ulyses de Joyce (1926). En *La Noche* vemos traducidos, entre outros, autores como Porkony, Hölderlin, Rossetti, Walt Whitman, Rimbaud etc.

Se outros autores/as e traballos analizan o impacto da importación,¹⁵ a exportación de obra literaria galega é un fenómeno pouco coñecido e non sempre ben valorado. A prensa galega preséntanos moitas veces a tradución de obra galega no exterior de modo fragmentario e anecdótico e, no plano da crítica, non sempre se coñece a profundidade da relación como advirte Figueroa (1996:12):

As relacións coas grandes literaturas, aínda sendo case sempre relacións de sentido único (importamos pero non exportamos, traducimos pero non somos traducidos, lemos, pero non somos lidos), foron, e seguen sendo fundamentais no imaxinario da constitución e afirmación do sistema galego, aínda que as súas modalidades e as actitudes que se presupoñen teñan evolucionado moito.

Tal afirmación, enunciada hai máis dunha década, implica que a relación do noso sistema literario con outros é máis un monólogo que un diálogo, no entanto anuncia novas actitudes e modalidades que nos pareceu interesante explorar, Tamén cómpre comprobar se temos indicios da fase autónoma como indicador de consolidación do sistema literario galego, porque en palabras de Carlos Casares:

Nas sociedades contemporáneas a vitalidade da súa cultura mídese pola súa visibilidade. Por como se relaciona coas outras. Na súa capacidade de contar e achegar ao concerto de todas o debate, a reflexión ou o entretemento. Un dos maiores indicadores de visibilidade é o interese pola traducción, polo transporte do pensamento e da creación intelectual para que sexa comprensible noutras culturas e por outra xente. Un dos mellores indicadores da saúde da nosa literatura e do interese que esperta no exterior é coñecer que autores, que obras e a que linguas foron traducidas (Casares 2003: 2)

5.2. Volume e fluxos de tradución da literatura galega

A partir da cooficialidade da lingua a produción editorial medra exponencialmente como tamén o fai o volume de traducións. En Montero Küpper (2012a: 61-67) realízase un estudo sobre a evolución de ambas no período de referencia, do que entresacamos algúns datos sobre o sector editorial que poden resultar de interese para contextualizar a tradución exterior nese período.

¹⁵ Neste mesmo volume de actas ofrécese, da man de Ana Luna, a partir dos datos do *Catálogo* unha visión global da importación de obras literarias nas últimas décadas.

Mientras que en 1975 apenas se editaban 68 títulos, para el año 1980 ya se registran 187 publicaciones en gallego y 20 años más tarde contamos con aproximadamente 1.300 monografías (LUNA ALONSO 2006b: 36). Para el año 2005 el Ministerio de Cultura cita 1.951 títulos en lengua gallega (esto corresponde a un 2,3 % de las publicaciones en España), una cifra que en 2010 asciende a 2 544 (un 2,2 % del volumen publicado en el Estado español (MCU 2011: 112). Según los datos publicados por el Ministerio de Cultura (s.d. a) para los años 2006-2010, los libros publicados en lengua gallega ocupan el tercer puesto, precedidos por las publicaciones en español y en catalán.

Para poder contextualizar o que significa a tradución con respecto á edición no contexto español, acudimos ás palabras do responsábel dunha das maiores editoras galegas (Edicións Xerais de Galicia) que, a partir do estudo exhaustivo do *Comercio interior del libro en España* elaborado anualmente polo Ministerio de Cultura español, afirma que a produción anual en galego é duns 2200 títulos entre edición pública e privada, dos cales á tradución lle corresponden uns 400 rexistros. En Cataluña a porcentaxe é semellante pero publícanse uns 8000 títulos anuais e 1400 traducións, mentres que no caso do éuscaro, o volume é maior: unhas 500 traducións por ano. A lingua de orixe maioritariamente no caso do éuscaro é o castelán (70%), no caso do galego mingouo, indo do 60% ao 50% como tendencia positiva, lingua á que lle segue o inglés (Bragado 2011).¹⁶

De modo paralelo podemos ofrecer, con base no *Catálogo*, os datos globais de tradución en ambos os sentidos que elaboramos (Galanes 2012c: 88) para analizar os fluxos de tradución. Así, obsérvase que o volume de tradución tamén medra nestas tres últimas décadas e mais que o volume de exportación non é tan escaso como se adoita considerar. Concretamente na seguinte gráfica figuran os datos de obras traducidas ao galego (importación), de obra galega traducida (exportación), así como a porcentaxe de exportación sobre o conxunto total de traducións.

Os datos precedentes amosan cumpridamente que os camiños da creación e a tradución corren paralelos ao proceso de normalización lingüística, e xa que logo cultural, encetado en Galiza por volta da década de 1980. Do mesmo xeito, os fríos datos de monografías traducidas editadas (repárese en que agora falamos de monografías e non de traducións fragmentarias) presentan un saldo de obra traducida no exterior

¹⁶ Bragado baséase nos datos de ISBN (que inclúe outros xéneros, alén dos literarios, como é o libro de texto) o que distorsiona, como veremos, algunhas das súas conclusións que non son aplicábeis ao sistema literario, por exemplo, no referido ás linguas ou espazos de orixe das traducións.

	IMPORTACIÓN	EXPORTACIÓN	TOTAL TRADS.	% EXPORTACIÓN
Até 1980	67	72	139	51,79
1981-85	160	56	216	25,92
1986-90	350	86	436	19,72
1991-95	371	122	493	25,76
1996-2000	485	246	731	33,65
2001-2005	545	453	998	43,58
2006-2010	688	368	1056	34,84
SUBTOTAL	2666	1403	4069	33,61

Gráfica 1: Volume total de importación e exportación de obra literaria galega (monografías) e porcentaxe de exportación ata 2010 (elaboración propia).

non pequena e que en ningún caso pode ser obviada á hora de analizar a tradución nesta comunidade cultural.

Na análise en detalle dos datos podemos comprobar que a exportación é unha constante, aínda que case sempre en proporción inferior á importación de obras literarias. Os números absolutos de exportación van en escala crecente desde 1981 a 2005 (desbotamos da comparación o período anterior a 1981 por non ser temporalmente equiparábel aos outros). En todo caso, a porcentaxe de exportación con respecto ao total de traducións ten un limiar consolidado que expresamos a través da media de 33,61%. As porcentaxes máis baixas rexístranse entre 1981 e 1995, período en que a importación de obra literaria aumenta exponencialmente polas urxentes necesidades do sistema educativo que referimos anteriormente. Esta tendencia rómpese a partir de 1996 cando a exportación tamén avanza significativamente e comeza a duplicar rexistros.

Da relación de forzas entre exportación e importación podemos afirmar que 1981 é unha data importante que inicia un período de forte importación de obras literarias. Esta fase vai aproximadamente até 1995 en que podemos determinar que o sistema literario xa está maduro en termos de creación e, por dicilo así, acada unha certa normalidade. A partir desa data a exportación, isto é, a tradución de obra literaria galega no exterior, despega duplicando os rexistros de lustro en lustro, agás no último lustro analizado (2005-2010) en que experimenta un leve retroceso.

En definitiva, nunha historia recente da tradución literaria en Galiza e na historia da literatura galega deberan figurar dúas datas fundamentais no referido á tradución. A primeiras delas é 1981, cando comeza a importación masiva de obra literaria estranxeira que se traduce a galego, e a segunda é 1996, momento en que se inicia un forte desenvolvemento da tradución de obra galega no exterior. Entendemos que ambos os procesos están relacionados e analizaremos a seguir a que espazos exportamos e a que xéneros atinxe para tentarmos identificar que interesa da nosa literatura no exterior.


6. Que espazos culturais están interesados na literatura galega?

O tratamento da literatura galega no exterior comezou a ser estudada a partir aproximadamente de comezos deste século. Nese sentido resulta paradigmática a publicación do *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas* que dirixiu desde o Consello da Cultura Galega o escritor Carlos Casares e que foi publicado postumamente en 2003. Nel ofrécense en formato PDF as traducións fragmentarias e en formato monografía de obra galega no exterior. O catálogo organízase por linguas e por autorías.

Para unha análise polo miúdo de tal fenómeno entendemos que a tradución implica a comunicación non só entre linguas mais tamén entre espazos culturais, por iso o grupo de investigación BITRAGA, na elaboración do noso catálogo, consigna os espazos culturais (non só as linguas) que se interesan pola literatura galega, até o punto de propiciaren a tradución de obra galega.

Esta estratexia permítenos establecer con que comunidades culturais (ou lingüísticas) existe relación de intercambio, para alén dos ámbitos estatais e, igualmente, discriminar as comunidades lingüísticas en caso de países plurilingües (por ex. *de CH*, para o alemán en Suíza) ou, mesmo, para designarmos as linguas non oficiais nos respectivos estados (como o kurdo *kur*), as variantes diacrónicas (*el ant* para o grego antigo) ou tamén as linguas aterritoriais ou artificiais caso do esperanto (*epo*). Así, o sistema literario galego mantén relación, cando menos con 57 comunidades culturais, aínda que non sempre en reciprocidade e, para o que aquí interesa (as relacións de exportación), podemos afirmar que existe literatura galega traducida para 47 comunidades culturais, aínda que nun volume variábel. A análise cuantitativa deixa ver, cando menos, tres grupos de espazos segundo o número de traducións e a cronoloxía en que se produce o intercambio.

Na seguinte gráfica figuran as principais comunidades con que existe unha relación biunívoca de intercambio, é dicir, en que se traduce obra galega e viceversa.



Gráfica 2: Linguas (espazos) de tradución (importación e exportación) da literatura galega clasificadas por volume (elaboración propia).

O principal circuíto de intercambio prodúcese no ámbito ibérico, especialmente no que se refire á tradución de obra galega en español, catalán e éuscaro¹⁷ que xunto co portugués¹⁸ son os mercados preferentes da exportación (mesmo nalgúns casos é unha relación superior á de importación). Resulta igualmente significativa a presenza dunha lingua minorizada como o asturiano entre os mercados de exportación por diante de espazos europeos en que se falan as chamadas linguas de cultura como o francés, o alemán ou o ruso, o que abunda na tese da prevalencia do mercado ibérico, motivada por factores lingüísticos, históricos, políticos e sociolóxicos do momento en que se enceta o diálogo. Por iso identificamos como punto de interese no tratamento da exportación da literatura galega: a tradución das minorías.¹⁹

Os mercados de importación e de exportación difiren en canto ás comunidades que teñen como referencia, de exceptuarmos os casos español e catalán, de xeito que importamos en maior medida das «linguas de cultura», mesmo aínda que a nosa literatura non teña o mesmo eco nin cuantitativa nin cualitativamente nesas sociedades. Con

¹⁷ Sobre as relacións de tradución directa e inversa no ámbito ibérico pódese consultar Galanes (2010).

¹⁸ Unha análise máis detallada sobre a relación entre as comunidades galega e portuguesa figura neste mesmo volume de actas na colaboración de Áurea Fernández. Tamén está presente en Luna (2012b:157 e ss.) e en Barbosa (2011).

¹⁹ Que se trata por extenso en Galanes (2012b).

todo, nalgúns casos a situación comeza a mudar nos últimos tempos, tal e como agoiraba o profesor Figueroa.²⁰

Agora ben, o volume de exportación da literatura galega, por máis que experimentase un gran desenvolvemento nas últimas décadas, non ten cuantitativamente unha grande entidade en termos absolutos. Se no mercado ibérico se trata dunha práctica consolidada, a introdución da literatura galega noutros ámbitos presenta máis dificultades e resulta anecdótica. Do tempo e das políticas postas en marcha vai depender tamén que pasen de anécdota a realidade.

En definitiva, esta aproximación cuantitativa sérvenos para identificar cando menos tres tipos de mercados para a exportación de obra literaria galega que se foron desenvolvendo case consecutivamente no tempo. Xunto ao rico mercado ibérico en que incluímos a tradución ao portugués, detectamos posteriormente o mercado das chamadas linguas de cultura internacionais (que se expresa en inglés, francés, alemán, italiano etc.). A eles sucede un terceiro grupo constituído polas comunidades culturais que só moi recentemente descubren a literatura galega (por tanto son mercados emerxentes) e por comunidades minorizadas que teñen na nosa literatura unha referencia para a súa propia emerxencia (por exemplo o mercado kurdo).

7. Os xéneros que interesan

Resulta relevante coñecer outros datos como o xénero literario²¹ que nos dan unha visión máis global do proceso de normalización cultural. Da clasificación por xéneros obtemos, agora xa incluíndo os datos de 2011, o seguinte resultado:

	IMPORTACIÓN	EXPORTACIÓN	% EXPORTACIÓN
Cómic	93	8	7,92
Narrativa	2.267	1.205	34,70
Poesía	168	203	54,71
Teatro	152	26	14,60


Gráfica 3: Importación e exportación de literatura galega por xéneros até 2011 (elaboración propia).

²⁰ A propósito desta cuestión pódese consultar o artigo en que analizamos as relacións cos mercados anglófonos: Fernández, Galanes, Luna e Montero (2011).

²¹ A notación de xénero literario responde ás etiquetas: Poesía, Teatro, Cómic e Narrativa. Este último apartado engloba: Relato/s, Conto e Novela. Tamén se inclúe a marca LIX en caso de que o rexistro estea orientado a este público para cada unha das etiquetas anteriores.

Salienta a narrativa en todas as súas modalidades como o xénero que máis éxito ten fóra das nosas fronteiras en termos absolutos. Agora ben, se reparamos nos datos relativos, isto é, na porcentaxe de exportación fronte á importación, resulta significativo que a máis elevada sexa a de poesía, máis aínda sabendo que se trata dun xénero minoritario, sobre todo, en formato monografía. Da revisión dos rexistros de poesía da nosa base, observamos que boa parte deles, especialmente os máis recentes, se deben á literatura feminina.²²

Para o xénero maioritario, a narrativa, resulta relevante consignar o público a que van dirixidas as obras que son obxecto de tradución, das que unha boa parte está orientada ao público infantil e xuvenil. Anteriormente aludiamos a 1981 como o momento en que se desenvolve en maior medida a tradución literaria en Galiza en ambos os sentidos e, sobre todo, nun marco, o das nacentes comunidades autónomas da democracia. A posíbel causa que apuntabamos era a necesidade de materiais paraescolares non só en galego senón tamén noutras linguas como o catalán ou o éuscara. Tamén contribúe a iso o profundo cambio sociolóxico experimentado polo sector educativo neste período no conxunto do Estado, coa introdución de novos métodos educativos, o que xustifica que sexa tamén o español (ibérico) a lingua á que máis traduciu. Pois ben, a xulgar polos datos de exportación, sabemos que non se trata dun feito unidireccional. Tal é así que se nos aventuramos a desagregar por décadas os datos de exportación de narrativa para público adulto, dunha banda, e infantil e xuvenil, da outra, poderemos caracterizar e datar de mellor maneira esa retroalimentación.



Gráfica 4: Evolución da exportación de literatura galega: narrativa para adultos e LIX (elaboración propia).

²² Véxase sobre esta cuestión Fernández Rodríguez (2012: 180).

Resulta notorio que a retroalimentación atinxa fundamentalmente ao subxénero do relato, que se produce a partir da década de 1990 e que o seu aumento supón multiplicar case por dez a produción que se rexistraba nesa data inicial. A tendencia vai en aumento e pensamos que boa parte deste desenvolvemento se debe á irrupción no mercado de dúas novas casas editoriais (Kalandraka e OQO). Estas editoras están consagradas á literatura infantil e xuvenil (LIX) e acadan con innovadoras estratexias comerciais multiculturais uns resultados certamente senlleiros, mesmo se non esteamos certas de que algunhas das obras publicadas en lingua estranxeira, por exemplo en inglés, estean realmente dirixidas a un mercado foráneo. Acontece que algúns destes materiais publicados en inglés están orientados á aprendizaxe de tal lingua en Galiza ou en España, polo que non poderíamos falar de exportación, senón de consumo interno noutra lingua.

Esta retroalimentación converte a LIX no motor comercial da tradución galega, nomeadamente se falamos da exportación. Por tanto, identificamos este ámbito como unha importante veta que tamén estudamos na nosa monografía (Luna 2012a), así como noutras iniciativas que documentan a nosa investigación.²³

8. Fases e circuítos da exportación. Autores e mercados emerxentes

O feito de que un libro galego sexa traducido no exterior non implica en por si que se estea a internacionalizar a literatura galega, pois para que esta teña lugar cómpre que a obra cause algún impacto na cultura de recepción. Entran en xogo, xa que logo, algúns factores que van máis aló da simple publicación. Pode acontecer que se publique unha obra galega noutra lingua mais que esa tradución non teña unha adecuada recepción na cultura meta, quer sexa por unha distribución deficiente, quer sexa porque a tradución se faga a través dunha lingua mediada, que no caso galego adoita ser o español.

Unha tradución pode ter funcións ben diferentes como apuntabamos no comezo deste capítulo, estas van desde a dignificación da lingua (fase filolóxica), ao feito de cubrir unha necesidade do sistema literario (fase comercial), ou á internacionalización (fase autónoma) que supón unha maior autonomía da literatura en cuestión. Para acadala, é necesario que este intercambio sexa bidireccional e que se produza en volume abondo para que exista equilibrio na relación con outros sistemas. Se tivermos que cualificar

²³ Na páxina de Uvigo-TV pódese consultar o serial completo das xornadas «A proxección da literatura galega a través da tradución. Grupo BITRAGA»: <http://tv.uvigo.es/gl/serial/1050.html>

a fase en que se atopa o noso sistema literario, á vista dos datos expostos, entendemos que a partir de 1980 se iniciou a fase comercial e que a partir de fins da década de 1990, co maior desenvolvemento da exportación de literatura galega, a nosa literatura está no limiar da fase autónoma. Situámolo no limiar porque sabemos que parte do aumento de produción tamén se debe á demanda puntual doutras nacionalidades históricas do Estado español.

Para alén da tradución de LIX, que cómpre ter en conta, da tradución de clásicos contemporáneos (Curros Enríquez, Rosalía Castro, Castelao, Cunqueiro, Blanco-Amor, Otero Pedrayo, Neira Vilas etc.) ou da edición de traducións en antoloxías cunha visión un tanto folclorizante da nosa cultura, detectamos na historia recente dúas obras de público adulto que funcionan como carta de presentación da nosa cultura no exterior e que simbolizan a apertura de novos mercados aínda que de xeito e en tempos distintos. Referímonos a *Memorias dun neno labrego* (1961) de Xosé Neira Vilas e *O lapis do carpinteiro* (1998) de Manuel Rivas, que se poden ler cada unha delas en máis de vinte espazos culturais. O camiño internacional da tradución de ambas as obras prodúcese por vías diferentes, como diferentes son as súas temáticas e os motivos do seu éxito.²⁴

No primeiro caso, estamos a falar da obra máis vendida da literatura galega que nas súas 33 edicións e na vintena de traducións puxo en circulación máis de 600 000 exemplares e que foi a iniciadora da relación con sistemas literarios tan distantes nas décadas de 1960 e 1970 como o chinés, o checo, o ruso, o ucraíno ou o maia. As traducións de maior tiraxe foron, sen dúbida, as cubanas (a primeira de 70 000 e a segunda de 55 000 exemplares), que posibelmente serviron de porta de saída a outras culturas situadas naquela altura na órbita socialista. Agora ben, tamén a vía académica foi un rendíbel camiño para a difusión, pois foi traducida e estudada, cando menos, en Grenoble, Leipzig, Roma, Moscova, Borgoña, Fortaleza ou Bos Aires.

Pola súa banda, a obra de Manuel Rivas vendeu en Galiza máis de 80 000 exemplares en 24 edicións e as súas traducións, na última década, foron pioneiras na apertura a novos espazos como o árabe, o turco, o hebreo, alén de estar traducido a linguas minorizadas coma o sardo, o aranés, o catalán ou o asturiano.²⁵ O seu éxito supuxo a

²⁴ Sobre a difusión internacional de *Memorias* véxase Galanes (2012d).

²⁵ Aínda que en moitas delas non figura a mención de que o seu orixinal é un texto en lingua galega, contrariamente ao que acontece coas traducións de *Memorias* que por esixencia do autor si fan explícito este dato.

entrada de Rivas no panorama literario universal (ou na República Mundial das Letras, por empregar a terminoloxía de Casanova) e a súa obra goza hoxe de bastante recoñecemento no exterior como nos indica Luna (2012b: 168):

Fuera del ámbito universitario, el autor coruñés está presente en el catálogo de editoriales de referencia, caso de la prestigiosa Feltrinelli en Italia (trad. Pino Cacucci y Danilo Manera), reeditado en rústica por Gallimard en Francia, publicado por Dom Quixote en Portugal y lectura aconsejada en Waterstone's (una de las principales cadenas de librerías de Londres), gracias al interés de Harvill Press-Random House en el Reino Unido y de Overlook en Nueva York. Su libro de relatos *Que me quieres amor?* ha sido traducido al chino por la editorial Xangai 99.

Xunto a estas dúas obras de referencia podemos citar outras autorías recoñecíbeis no exterior como Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre, Suso de Toro, Carlos Casares, Alfredo Conde, Luísa Castro, Teresa Moure, Úrsula Heinze, Miguel Anxo Fernán-Vello ou, máis recentemente, Domingo Villar.²⁶ Estas, entre outras, son protagonistas do moi incipiente proceso de internacionalización da literatura galega e a moitas delas debemos tamén a apertura de novos espazos que consideramos mercados emerxentes para a literatura galega, a cal, á súa vez, é tamén unha literatura emerxente no panorama literario internacional. Sirvan de mostra as traducións pioneiras que inauguran espazo de difusión e que a modo de cala elaboramos a partir dos datos do *Catálogo* entre os anos 1992 e a actualidade.

Que se elabore e publique a tradución dunha obra literaria galega no exterior non é un feito casual, senón que responde a algún motivo concreto que pode ir desde o interese académico ou literario ao rendemento comercial, pasando por unha política de subvencións eficaz etc.²⁷ Doutra banda, convén non esquecer que se trata da relación entre dúas comunidades e se até o momento puxemos o foco de atención na comunidade galega en tanto que exportadora, non se deberan deixar de lado no futuro a análise da situación e o desenvolvemento da cultura meta desa tradución, que será determinante para coñecermos a función desa tradución,²⁸ nin as vías de introdución nelas.

²⁶ Para ampliar referencias, alén de consultar o *Catálogo*, véxanse Montero Küpper (2012b) e Luna (2012b).

²⁷ Pódese consultar o relativo ás axudas institucionais á tradución Montero Küpper (2012a), así como na contribución desta autora ao presente volume.

²⁸ Como fixemos coas traducións turca e kurda de *Made in Galiza* de Séchu Sende (Galanes, 2012b).

Espazo Meta	Ano	Autorías
Grego	1992	De Toro/Rivas/Cortizas
Romanés	1995	Neira Vilas/U. Heinze/Rivas
Inglés (Canadá)	1996	Chus Pato (3)/Neira Vilas/poesía medieval
Aragonés	1999	Alexandre/Mosteiro/Casalderrey
Español (Arxentina)	1999	Longhini
Macedonio	1999	Antoloxía: Graña/Fernán Vello
Árabe	2000	Cunqueiro/Rivas/Fdez. Paz/ Casalderrey
Xaponés	2000	Rosalía (3)/Rivas/Heras
Finlandés	2001	Rivas
Serbio	2001	Rivas/Moure
Turco	2001	Rivas (2)/Sende
Húngaro	2002	Rivas
Polaco	2002	Rivas
Portugués (Brasil)	2002	Neira Vilas/Fernández Paz/Casalderrey
Noruegués	2003	Rivas
Coreano	2004	Fernández Paz (2)/ Neira Cruz
Alemán (Suíza)	2005	Luísa Castro
Hebreo	2005	Rivas
Esloveno	2006	Rivas (3)
Kurdo	2010	Sende
Sueco	2011	Domingo Villar

Gráfica 5: Espazos emerxentes para a literatura galega: datas e autorías (elaboración propia).

No momento de modelizar as vías de difusión desas traducións, concordamos con Luna (2011: 229) en que no mundo actual conviven dous modelos de tradución en clave de centro e periferia, que no campo editorial están representados polas grandes editoras e polos editores independentes. Estas segundas opcións trazan camiños alternativos nos fluxos literarios, contra unha lóxica puramente comercial que pretende a asimilación cultural e contra a que cómpre reaccionar.

Na recente historia da tradución en Galiza contamos con exemplos de ambas as lóxicas. Á primeira delas circunscribíase as citadas edicións da obra de Manuel Rivas (nas prestixiosas Gallimard ou Harvill-Press Random House) ou de Domingo Villar. Á segunda delas podemos atribuír as traducións de Alfonso R. Castelao, de Xosé Luís

Méndez Ferrín ou de Carlos Casares en inglés o en francés, publicadas en tiraxes reducidas por pequenas editoras como a galesa Planet (trad. de Kirsty Hooper, Isabel Mancebo Portela, Craig Patterson e Manuel Puga Moruxa//Rosa Rutherford para Casares); a canadense Aliquando Press, fundada por William Rueter, tradutor e editor das *Cantigas de amigo de Martim Codax* (1996); ou como a francesa Le Passeur (trad. François Gauthier Lapiere e Emma Lázare) que edita traducido a Ferrín ou a pequena Small Station Press que publica a Rivas en búlgaro. Isto é, pequenas editoras que recollen as suxestións de tradución do ámbito académico, editoras independentes, editoras institucionais ou entidades e comunidades que, fóra da lóxica exclusivamente comercial, alargan o seu repertorio por afinidade ideolóxica co contexto que xera as obras orixinais e que fixan a súa atención no valor simbólico e cultural da obra galega.

9. Conclusións e cabo

A tradución cumpriu en cada momento da nosa historia unha función importante para a consolidación da cultura galega. Se nun primeiro momento e desde o Rexurdimento incorporou valor simbólico, noutros momentos contribuíu poderosamente a ampliar o repertorio da literatura galega, de xeito que este puidese responder a unha forte demanda que se inicia coa cooficialidade da lingua. Na actualidade non se pode afirmar que o sistema literario galego manteña co resto dos sistemas unha relación de sentido único, nin que a importación se producise sempre en esmagador volume superior á exportación. Existe literatura galega traducida a 47 comunidades culturais en 37 linguas e máis de 1400 monografías traducidas.²⁹ O seu desenvolvemento recente está fortemente vinculado ao proceso de normalización lingüística, que funcionou como motor para a normalización cultural e mais para o inicio da internacionalización.

O sistema literario galego encetou recentemente os primeirísimos pasos da fase autónoma a través da tradución e ten como datas relevantes o ano 1981 no referido á importación, principalmente de LIX e no círculo ibérico, e a década 1990-2000 para a exportación no círculo comercial estatal e internacional coa LIX como pica de lanza e con Manuel Rivas e Neira Vilas como embaixadores da literatura galega (algúns títulos versionáronse en máis de 20 linguas). Outros autores como Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro e Suso de Toro suman máis de 20 publicacións de textos literarios e algunhas obras de Fernández Paz contan máis de 20 edicións noutras linguas (*Car-*

²⁹ Outra cuestión é se en todas elas se recoñece a pegada galega.

tas de inverno en catalán, por exemplo). Hoxe pódense ler en formato monografía a Rosalía Castro en xaponés; a Álvaro Cunqueiro en árabe; a Xavier Queipo en portugués e francés; a Teresa Moure en italiano, holandés e serbio; a Suso de Toro en checo, grego e búlgaro; a Alfredo Conde en inglés de Australia ou en ruso; a Carlos Casares en sardo e ucraino; a Xosé Luís Méndez Ferrín en inglés británico; a Séchu Sendé en kurdo e turco; a Úrsula Heinze, en romanés; a Bernardino Graña e Miguel Anxo Fernán-Vello, en macedonio; a Domingo Villar, en sueco e polaco, que inicia a literatura galega de rotación rápida. Todas elas son pequenas mostras da autonomía do sistema, por iso sostemos que a tradución funciona xa, xunto cos premios e a crítica, como un factor de canonización de obras e autorías da literatura galega dentro do propio sistema.

Neste punto é conveniente preguntarse se realmente se está a internacionalizar a literatura galega e se este proceso nace con vocación de continuidade. De ollarmos os datos, é claro que o fluxo de tradución se presenta de modo equilibrado no que respecta á interacción cos sistemas literarios do Estado español. Pero, é internacionalización o intercambio no seo dun mesmo estado? Os datos do *Catálogo* que elabora o grupo BITRAGA e os exemplos que incluímos neste traballo son, ao noso ver, indicios de que a literatura galega é hoxe emerxente en determinados espazos. Máis aló da vía puramente comercial existe espazo para outras iniciativas que inciden no valor cultural e no simbólico da literatura galega e que, malia a política de promoción non ser sempre acaída, procuran as vías e entidades para materializar a través da tradución ese intercambio. Por todo iso, débese ver a tradución exterior como un proceso e non como unha anécdota.

Estes indicios de internacionalización han de ser profusamente estudados co fin de realizar a planificación cultural necesaria para que esa cultura sobreviva. Os puntos que poden suscitar máis interese son a recepción das traducións nas culturas meta, as entidades implicadas no intercambio, os espazos receptivos á nosa cultura, as autorías e os xéneros que mellor responden ás necesidades da(s) comunidade(s) que importa(n) etc. Ese estudo debe entenderse en termos simbólicos e culturais e desde a perspectiva do outro pois, de acordo coa escritora María do Cebreiro Rábade (2011).

Se algo me parece detestable é a tradución retórica. En xeral hai pouca escoita entre nós. Percibo que hai moito interese en sermos traducidos, en que nos lean fóra, pero ao mellor sabemos menos acerca de como somos recibidos realmente no exterior. Interésanos como impactamos fóra polo destino que ese impacto ten dentro. Necesitamos a consagración exterior como indicio de que valemos, o cal é unha posición acomplexada. Eu o que quero saber en todo caso é o que pensan de min e o que eu

penso deles, e dicírnolo. Iso desvelaríanos que as relacións culturais nunca son simétricas nin pacíficas nin fermosas, senón de violencia. Tradúcese como unha forma de propaganda, e propaganda interior ademais. Aí hai un mecanismo viciado que colectivamente deberíamos repensar. E por último, unha cousa. Nos anos 70 e 80, menos nos noventa, había interese polas literaturas pequenas, como a nosa. Iso está a desaparecer. Non hai periferia, só unha infinita multiplicación do centro en todas partes mundial.

Referencias bibliográficas

Aradra Sánchez, R. (2009): «Los procesos de formación del cánón. Reflexiones metodológicas sobre el cánón literario español de los siglos XVIII y XIX», *Signa*, 18: 21-44.

Barbosa, Magdalena Vila (2011): «Primeira aproximación á tradución da literatura galega en Brasil e Portugal». *Tradução e Comunicação. Revista Brasileira de Tradutores*, 23: 21-57.

Bourdieu, P. (1992^{1a}, 1998): *Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire*. [Trad. ao español de Thomas Kauf: Las reglas del arte. Génesis y estructura del campo literario. Barcelona: Anagrama, 1995] (París: Éditions du Seuil).

Bragado, M. (2011): «Saídas laborais para Tradución e Interpretación». *Primeiro foro de Tradución, Interpretación e Emprego*, realizado na Universidade de Vigo coincidindo co Día Internacional da Tradución 2011 'Ponte entre culturas'. Recurso audiovisual dispoñíbel en: <http://tv.uvigo.es/video/43871> [Último acceso: 22 de abril de 2013].

Casanova, P. (1999): *La République mondiale des Lettres*. [Tradución ao español de Jaime Zulaika Goicoechea, *La República mundial de las Letras*. Barcelona: Anagrama, 2001] (París: Seuil).

Casares Mouriño, C. (dir.) (2003): *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega). Dispoñíbel desde: http://www.culturagalega.org/especiais/aviles/catalogo_traducidas.pdf [Último acceso: 22 de abril de 2013].

Casas, A. (2002): «A teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais. (Para ler González-Millán)», *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 29-38.

Castro, Salvador; Harguindey / Henrique; Martínez, Xosé / Rocamonde, Ramón (2011): *Urbi et Orbi. Dende o galego para o mundo*. (Pontevedra: Idea gráfica profesional).

Even-Zohar, I. (1999): «La posición de la literatura traducida en el polisistema literario». [Trad. de Montserrat Iglesias Santos revisada polo autor. *Teoría de los Polisistemas. Estudio introductorio, compilación de textos y bibliografía por Montserrat Iglesias Santos*. Bibliotheca Philologica, Serie Lecturas] Madrid: Arco: 223-231. Dispoñíbel en: <<http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/EZ-Posicion-Traduccion.pdf>> [Último acceso: 22 de abril de 2013].

Fernández Rodríguez, Á (2012): «La voz femenina traducida. Literatura feminista versus literatura de mujeres» en Fernández Rodríguez, A. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S. (eds.): *Traducción de una cultura emergente*: 171-193 (Berna: Peter Lang).

Fernández Rodríguez, Á.; Galanes Santos, I.; Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S. (2011): «A literatura galega en inglés. Unha realidade emerxente», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 191, T XLIX: 104-115.

Fernández Rodríguez, Á.; Galanes Santos, I.; Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S.(eds.) (2012): *Traducción de una cultura emergente* (Berna: Peter Lang).

Figuerola, A. (1996): *Lecturas alleas: sobre das relacións con outras literaturas* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Figuerola, A. (2002): «Literaturas minoritarias: autonomía e relacións interliterarias» en *Anuario de Estudos Galegos*: 55-67.

Galanes Santos, I. (2010): «Panorama da literatura traducida en Galicia (1980-2008): fluxos literarios peninsulares» en Gallén, E; Lafarga, F. e Pegenaute, L. (eds.): *Traducción y autotraducción en las literaturas ibéricas*. Series Relaciones literarias en el Ámbito Hispánico: 109-124 (Berna, Peter Lang).

Galanes Santos, I. (2012a): «Apuntes sobre las relaciones literarias entre Galicia e Italia (1980-2010)» en Camps, A. (ed.): *La traducción en las relaciones italo-españolas: lengua, literatura y cultura*: 365-378 (Barcelona: Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona).

Galanes Santos, I. (2012b): «Minorías y mercados emergentes para la traducción de obra gallega» en Fernández Rodríguez, A. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S. (eds.): *Traducción de una cultura emergente*: 195-218 (Berna: Peter Lang).

Galanes Santos, I. (2012c): «La traducción literaria en Galicia a partir del Catálogo BITRAGA» en Fernández Rodríguez, A. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S. (eds.): *Traducción de una cultura emergente*: 81-101 (Berna: Peter Lang).

Galanes Santos, I. (2012d): «La literatura de la emigración gallega en América: impacto cultural y traducción. Xosé Neira Vilas y Memorias dun neno labrego» en Lafarga, Francisco / Luis Pegenaute (eds.): *Lengua, cultura y política en la historia de la traducción en Hispanoamérica*, volume 2: 83-92 (Vigo: Academia del Hispanismo).

González-Millán, X. (2000): *Resistencia cultural e diferenca histórica: A experiencia da subalternidade* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Lema, C. (2009): «Importación e exportación de textos literarios. Unha crítica á noción de literatura mundial como paradigma», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 182, T. XLVII: 120-135.

Luna Alonso, A. *et alii* (2010): «A Biblioteca Dixital da Tradución (1980-2005)» en Baltrusch, Burghard *et alii* (eds.): *Soldando sal*: 323-340 (Múnic: Martin Beidenbauer).

Luna Alonso, A. *et alii* (2011): «Analysis Criteria for Editorial Translation Policies» en Luna Alonso, Ana / Montero Küpper, Silvia / Valado Fernández, Liliana (eds.): *Translation Quality Assessment Policies from Galicia / Traducción, calidad y políticas desde Galicia*: 217-233 (Bern, etc.: Peter Lang).

Luna Alonso, A. *et alii* (2012a): «La proyección de la literatura infantil y juvenil gallega a través de la traducción» en Fernández Rodríguez, A. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S. (eds.): *Traducción de una cultura emergente*: 123-142 (Berna: Peter Lang).

Luna Alonso, A. *et alii* (2012b): «Traducir en nombre propio. De la Academia a la plaza pública» en Fernández Rodríguez, A. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S. (eds.): *Traducción de una cultura emergente*: 143-169 (Berna: Peter Lang).

Montero Küpper, S. (2010a): «Parámetros e funcionalidade do Catálogo de Tradución Galega», en Pegenaute, Luis / E. Gallén / F. Lafarga (eds.): *Relaciones entre las literaturas ibéricas y las literaturas extranjera*: 175-192 (Berna: Peter Lang).

Montero Küpper, S. (2010b): «Paratranslatorische Aspekte der deutsch-galicischen Übertragungen seit 1983" en Jarillot Rodal, C. (ed.): *Bestandsaufnahme der Germanistik in Spanien. Kulturtransfer und methodologische Erneuerung*: 801-813 (Berna: Peter Lang).

Montero Küpper, S. (2012a): «Contextualización histórico-cultural y apuntes sobre el sector editorial gallego» en Fernández Rodríguez, A. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S. (eds.): *Traducción de una cultura emergente*: 55-80 (Berna: Peter Lang).

Montero Küpper, S. (2012b): «De la literatura gallega a la literatura mundial. Las obras literarias gallegas traducidas después de 1980» en Fernández Rodríguez, A. / Galanes Santos, I. / Luna Alonso, A. / Montero Küpper, S. (eds.): *Traducción de una cultura emergente*: 103-121 (Berna: Peter Lang).

Noia, C. (1995): «Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea», *Viceversa*, 4: 59-75.

Noia, C. (1999): «Historia de la traducción al gallego», en Lafarga, F. e Pegenaute, L. (coords.): *Historia de la traducción en España*: 721-790 (Salamanca: Colegio de España).

Rábade Villar, M.^a do C. (2011): «María do Cebreiro: 'Tradúcese como unha forma de propaganda'». Entrevista realizada por Iago Martínez. *Xornal de Galicia* (24/07/2011). Disponible en: <<http://www.disimulen.com/2011/maria-do-cebreiro-traducese-como-unha-forma-de-propaganda>> [Consulta 20-1-2013].

Venuti, L. (1995¹, 2008²): *The Translator's Invisibility: A History of Translation* (Londres & Nova York: Routledge).

